



PARLAMENTO  
DE GALICIA



## DIARIO DE SESIÓNS DO **PARLAMENTO DE GALICIA**

---

X lexislatura  
Serie Pleno  
Número 25

**Sesión Plenaria**  
25 de abril de 2017

Presidencia do Excmo. Sr. D. Miguel Ángel Santalices Vieira



## **ORDE DO DÍA**

---

### **Punto 1. Informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2016**

#### **7066 (10/IVAL-000001)**

Publicación do Informe anual, BOPG nº 92, do 29.03.2017

### **Punto 2. Comparecencia**

#### **7924 (10/CPP-000018)**

Da Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda, por petición propia, para informar das liñas e programas en materia de rehabilitación de vivendas que vai impulsar a Xunta de Galicia ao longo da presente lexislatura

Publicación da iniciativa, BOPG nº 100, do 19.04.2017

### **Punto 3. Mocións**

#### **3.1 7774 (10/MOC-000026)**

##### **Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego**

##### **Prado Cores, María Montserrat**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co servizo de transporte sanitario terrestre. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 6747, publicada no BOPG nº 88, do 23.03.2017, e debatida na sesión plenaria do 04.04.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 100, do 19.04.2017

#### **3.2 7775 (10/MOC-000027)**

##### **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**

##### **Vilán Lorenzo, Patricia**

Sobre a inmatriculación no Rexistro da Propiedade de bens inmobles da Igrexa católica. (Moción a consecuencia da Interpelación nº 6362, publicada no BOPG nº 84, do 16.03.2017, e debatida na sesión plenaria do 04.04.2017)

Publicación da iniciativa, BOPG nº 100, do 19.04.2017

### **Punto 4. Proposicións non de lei**

#### **4.1 2516 (10/PNP-000238)**

##### **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**

##### **Puy Fraga, Pedro, e sete deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego destinadas a apoiar os centros de FP e os CIFP como impulsores da innovación do sector empresarial galego

Publicación da iniciativa pola vía de urxencia, BOPG nº 36, do 28.12.2016

#### **4.2 4560 (10/PNP-000388)**

##### **Grupo Parlamentario de En Marea**

**Villares Naveira, Luis, e trece deputados/as máis**

Sobre a ampliación polo Goberno galego a nove meses da duración dos contratos do persoal de reforzo para a campaña do verán do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 67, do 16.02.2017

**4.3 5673 (10/PNP-000480)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel, e dous deputados/as máis**

Sobre a aprobación polo Goberno galego dun plan antifraude na contratación pública autonómica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 79, do 08.03.2017

**4.4 6310 (10/PNP-000548)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Pierres López, María Luisa, e tres deputados/as máis**

Sobre a realización polo Goberno galego dun informe do estado de cumprimento da normativa autonómica en materia de igualdade establecida no artigo 67 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, nos organismos autónomos, nas sociedades públicas, nas fundacións do sector público galego, nas entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Comunidade Autónoma e nos organismos con dotación diferenciada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma

Publicación da iniciativa, BOPG nº 83, do 15.03.2017

**4.5 6339 (10/PNP-000561)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Fernández Prado, Martín, e nove deputados/as máis**

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do impulso da modernización da conexión ferroviaria entre A Coruña e Ferrol, así como dunha planificación estratéxica ao respecto

Publicación da iniciativa, BOPG nº 83, do 15.03.2017

**4.6 7081 (10/PNP-000634)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla, e cinco deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa Orde do 14 de marzo de 2017 pola que se ditan as normas para a aplicación do réxime de concertos educativos con centros docentes privados para o curso académico 2017-2018 e seguintes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 05.04.2017

**4.7 7202 (10/PNP-000650)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa, e cinco deputados/as máis**

Sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central dunha regularización legal en materia de tributación das pensións dos emigrantes retornados

Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 05.04.2017

**4.8 7366 (10/PNP-000664)****Grupo Parlamentario de En Marea****Chao Pérez, Luca, e Cuña Bóveda, María de los Ángeles**

Sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa recuperación dos dereitos laborais do persoal docente

Publicación da iniciativa, BOPG nº 96, do 05.04.2017

**Punto 5. Interpelacións****5.1 3907 (10/INT-000136)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel, e Vilán Lorenzo, Patricia**

Sobre a política do Goberno galego en relación coa transparencia e bo goberno na súa xestión

Publicación da iniciativa, BOPG nº 57, do 01.02.2017

**5.2 4107 (10/INT-000150)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis, e trece deputados/as máis**

Sobre as actuacións que debe realizar o Goberno Galego para recuperar o emprego no sector da automoción e dos seus compoñentes

Publicación da iniciativa, BOPG nº 57, do 01.02.2017

**5.3 6212 (10/INT-000251)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Rodríguez Rumbo, Matilde Begoña, e dous deputados/as máis**

Sobre a política do Goberno galego en relación coas subvencións e axudas destinadas ás entidades locais

Publicación da iniciativa, BOPG nº 84, do 16.03.2017

**Punto 6. Preguntas para resposta oral do presidente da Xunta****6.1 7984 (10/POPX-000028)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pontón Mondelo, Ana Belén**

Sobre o balance que realiza o Goberno galego do resultado da súa estratexia de negociación co Estado en temas clave para Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 20.04.2017

**6.2 8002 (10/POPX-000029)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Fernández Leiceaga, Xoaquín María**

Sobre o cumprimento con dilixencia polo Goberno galego das obrigas derivadas da lexislación autonómica

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 20.04.2017

**6.3 8004 (10/POPX-000030)****Grupo Parlamentario de En Marea**

**Villares Naveira, Luis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da situación do emprego e do mercado laboral de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 20.04.2017

**Punto 7. Preguntas ao Goberno****7.1 4538 (10/POP-000568)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Romero Fernández, Cristina Isabel, e cinco deputados/as máis**

Sobre os certames de promoción e comercialización do sector turístico nos que vai participar Galicia desde febreiro ata finais de 2017

Publicación da iniciativa, BOPG nº 67, do 16.02.2017

**7.2 6802 (10/POP-000876)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis, e trece deputados/as máis**

Sobre a exclusión das pemes galegas debida á redacción dos pregos de condicións do concurso para a adxudicación do servizo de limpeza dos edificios administrativos dependentes da Xunta de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92, do 29.03.2017

**7.3 7029 (10/POP-000908)****Grupo Parlamentario de En Marea****Solla Fernández, Eva**

Sobre as actuacións previstas polo Goberno galego en relación cos problemas xerados nas condicións laborais do persoal e na atención prestada, como consecuencia do traslado á Estrada dos servizos 061 e 112 de atención das urxencias médicas e das emerxencias

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92, do 29.03.2017

**7.4 8001 (10/PUP-000077)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Villoslada, Juan Manuel, e Vilán Lorenzo, Patricia**

Sobre as medidas adoptadas polo Goberno galego para garantir o traslado do persoal adscrito ao Servizo de Atención de Emerxencias de Galicia 112 ás novas dependencias na Estrada nas mellores condicións

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 20.04.2017

**7.5 6618 (10/POP-000858)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Moreira Ferro, Jacobo, e sete deputados/as máis**

Sobre a valoración da Xunta de Galicia en relación coa primeira convocatoria de oposicións reservada de xeito exclusivo a persoas con discapacidade intelectual que terá lugar o día 8 de abril de 2017 en Santiago de Compostela

Publicación da iniciativa, BOPG nº 87, do 22.03.2017

**7.6 7287 (10/POP-000951)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Prado Cores, María Montserrat, e cinco deputados/as máis**

Sobre a valoración do Goberno galego respecto da evolución do número de persoas activas e da taxa de actividade en Galicia nos últimos anos

Publicación da iniciativa, BOPG nº 97, do 06.04.2017

**7.7 8000 (10/PUP-000076)****Grupo Parlamentario de En Marea****Villares Naveira, Luis, e dous deputados/as máis**

Sobre as previsións da Xunta de Galicia respecto da autorización da venda das concesións hidroeléctricas adxudicadas a Ferroatlántica nos ríos Xallas e Grande

Publicación da iniciativa, BOPG nº 101, do 20.04.2017

**7.8 7185 (10/POP-000937)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Quiroga Díaz, José Antonio, e cinco deputados/as máis**

Sobre a situación en que se atopa o procedemento de declaración pola Unesco da Ribeira Sacra como patrimonio da humanidade

Publicación da iniciativa, BOPG nº 97, do 06.04.2017

**7.9 5099 (10/POP-000657)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Núñez Centeno, Aurelio Alfonso, e seis deputados/as máis**

Sobre as principais funcionalidades e utilidades da nova aplicación do 061 para dispositivos móbiles, Urgencias Sanitarias de Galicia

Publicación da iniciativa, BOPG nº 71, do 22.02.2017

**7.10 6893 (10/POP-000885)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa, e cinco deputados/as máis**

Sobre as medidas previstas polo Goberno galego ante o aumento dos incendios durante o inverno de 2016-2017 na provincia de Ourense

Publicación da iniciativa, BOPG nº 92, do 29.03.2017

## SUMARIO

---

*Ábrese a sesión ás dez da mañá.*

*O señor presidente comunica a inasistencia xustificada da Sra. Quintana Carballo (P), do Sr. Rey Varela (P), da Sra. Barahona Martín (EM) e da Sra. Vázquez Verao (EM). (Páx. 11.)*

**Informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2016.** (Punto primeiro da orde do día.)

*O señor presidente explica o procedemento deste debate, conforme as normas reguladoras das relacións entre o Parlamento e o Valedor do Pobo, aprobadas pola Mesa o 28 de maio de 1991. (Páx. 11.)*

*Exposición da valedora do pobo: Sra. Otero Parga. (Páx. 11.)*

*Rolda dos grupos parlamentarios para fixar posicións: Sr. Rivas Cruz (BNG) (Páx. 20.), Sr. Fernández Fernández (S) (Páx. 23.), Sr. Villares Naveira (EM) (Páx. 26.) e Sra. Prado del Río (P) (Páx. 31.)*

**Comparecencia da Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda, por petición propia, para informar das liñas e programas en materia de rehabilitación de vivendas que vai impulsar a Xunta de Galicia ao longo da presente lexislatura.** (Punto segundo da orde do día.)

*Intervención do Goberno: Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle). (Páx. 34.)*

*Rolda dos grupos parlamentarios: Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 41.), Sra. Pierres López (S) (Páx. 44.), Sr. Sánchez García (EM) (Páx. 47.) e Sr. Castiñeira Broz (P) (Páx. 50.)*

*Réplica do Goberno: Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle). (Páx. 53.)*

*O señor presidente abre unha rolda especial de aclaracións, con dúplica do Goberno (Páx. 57.). Nesta rolda interveñen o señor Bará Torres (BNG) (Páx. 57.), a señora Pierres López (S) (Páx. 59.), o señor Sánchez García (EM) (Páx. 61.), o señor Castiñeira Broz (P) (Páx. 64.) e a señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda (Vázquez Mourelle) (Páx. 66.)*

### ***Declaración institucional***

*O señor presidente le e somete á aprobación da Cámara unha declaración institucional, por proposta dos grupos parlamentarios, sobre o cumprimento da sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea sobre o Sáhara Occidental. Esta declaración apróbase por asentimento. (Páx. 68.)*

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co servizo de transporte sanitario terrestre. (Punto terceiro da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 70.)*

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Prado Cores (BNG). (Páx. 70.)*

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Torrado Quintela (S). (Páx. 72.)*

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Solla Fernández (EM) (Páx. 74.) e Sr. Núñez Centeno (P) (Páx. 76.)*

*A señora Prado Cores (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx.78.)*

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo, sobre a inmatriculación no Rexistro da Propiedade de bens inmobles da Igrexa católica. (Punto terceiro da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas á moción. (Páx. 79.)*

Intervención do grupo autor da moción: *Sra. Vilán Lorenzo (S). (Páx. 80.)*

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG) (Páx. 82.) e Sra. Santos Queiruga (EM). (Páx. 84.)*

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Pazos Couñago (P). (Páx. 86.)*

*A señora Vilán Lorenzo (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 88.)*

***Votación das mocións***

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co servizo de transporte sanitario terrestre: *rexeitado por 32 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención. (Páx. 89.)*

Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo, sobre a inmatriculación no Rexistro da Propiedade de bens inmobles da Igrexa católica: *rexeitado por 32 votos a favor, 37 en contra e ningunha abstención. (Páx. 90.)*

*Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e catro minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e un minutos da tarde.*

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego destinadas a apoiar os centros de FP e os CIFP como impulsores da innovación do sector empresarial galego. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 90.)*



Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Fernández Gil (P)*. (Páx. 91.)  
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Rodil Fernández (BNG)* (Páx. 94.),  
*Sr. Álvarez Martínez (S)* (Páx. 96.) e *Sra. Cuña Bóveda (EM)* (Páx. 97.).

*O señor Fernández Gil (P) intervén para posicionarse respecto das emendas.* (Páx. 99.)

**Proposición non de lei do G. P. En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, sobre a ampliación polo Goberno galego a nove meses de duración dos contratos do persoal de reforzo para a campaña do verán do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 101.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Rodríguez Estévez (EM)*. (Páx. 101.)  
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Quiroga Díaz (S)*. (Páx. 105.)  
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Rivas Cruz (BNG)* (Páx. 107.) e  
*Sr. Balseiros Guinarte (P)* (Páx. 108.)

*O señor Rodríguez Estévez (EM) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 110.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e dous deputados/as máis, sobre a aprobación polo Goberno galego dun plan antifraude na contratación pública autonómica.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 112.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Díaz Villoslada (S)*. (Páx. 112.)  
Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Prado del Río (P)*. (Páx. 115.)  
Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sr. Bará Torres (BNG)* (Páx. 117.) e  
*Sra. Santos Queiruga (EM)* (Páx. 118.)

*O señor Díaz Villoslada (S) intervén para posicionarse respecto da emenda.* (Páx. 120.)

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López e tres deputados/as máis, sobre a realización polo Goberno galego dun informe do estado de cumprimento da normativa autonómica en materia de igualdade establecida no artigo 67 do Decreto legislativo 2/2015, do 12 de febreiro, nos organismos autónomos, nas sociedades públicas, nas fundacións do sector público galego, nas entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Comunidade Autónoma e nos organismos con dotación diferenciada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma.** (Punto cuarto da orde do día.)

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei.* (Páx. 122.)

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Pierres López (S)*. (Páx. 122.)

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sra. Presas Bergantiños (BNG) (Páx. 125.) e Sra. García Míguez (P) (Páx. 127.)*

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Quintero Araújo (EM) (Páx. 129.)*

*A señora Pierres López (S) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 130.)*

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e nove deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do impulso da modernización da conexión ferroviaria entre A Coruña e Ferrol, así como dunha planificación estratéxica ao respecto. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente (Calvo Pouso) comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 131.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sr. Fernández Prado (P). (Páx. 132.)*

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Rivas Cruz (BNG) (Páx. 136.), Sr. Pérez Seco (S) (Páx. 137.) e Sr. Sánchez García (EM) (Páx. 138.)*

*O señor Fernández Prado (P) intervén para posicionarse respecto das emendas. (Páx. 140.)*

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Olaia Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa Orde do 14 de marzo de 2017 pola que se ditan as normas para a aplicación do réxime de concertos educativos con centros docentes privados para o curso académico 2017-2018 e seguintes. (Punto cuarto da orde do día.)**

*O señor presidente comunica as emendas presentadas a esta proposición non de lei. (Páx. 142.)*

Intervención do grupo autor da proposición non de lei: *Sra. Rodil Fernández (BNG). (Páx. 142.)*

Intervención dos grupos parlamentarios emendantes: *Sr. Álvarez Martínez (S). (Páx. 145.)*

Intervención dos grupos parlamentarios non emendantes: *Sra. Chao Pérez (EM) (Páx. 147.) e Sr. Fernández Gil (P) (Páx. 148.).*

*A señora Rodil Fernández (BNG) intervén para posicionarse respecto da emenda. (Páx. 150.)*

*Suspéndese a sesión ás sete e corenta e cinco minutos da tarde.*

*Ábrese a sesión ás dez da mañá.*

**O señor PRESIDENTE:** Bos días.

Ábrese a sesión.

A orde do día está publicada no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*, polo que non procedemos á súa lectura.

Xustificaron a inasistencia a este Pleno os deputados e deputadas dona Rosa Quintana, don José Manuel Rey Varela, dona Magdalena Barahona e dona Paula Vázquez Verao.

Entramos xa na orde do día. Como punto primeiro, Informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2016.

### **Informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2016**

**O señor PRESIDENTE:** En aplicación das normas reguladoras das relacións entre o Parlamento e o Valedor do Pobo, aprobadas pola Mesa o 28 de maio de 1991, o debate do Pleno do Informe anual axustarase ao seguinte procedemento.

A valedora do pobo exporá un resumo do Informe, debatido ante a Comisión de Peticións o 3 de abril de 2017. Ao seu remate abandonará o salón de sesións e as deputadas e deputados iniciarán a súas deliberacións.

Segundo. Seguindo a orde de actuación prevista no artigo 80.1 do Regulamento, as ou os representantes de cada grupo parlamentario poderán intervir, por un tempo máximo de dez minutos cada un, para fixar a súa posición respecto do informe presentado.

Terceiro. Con motivo deste tema, non poderán presentarse propostas de resolución dado o seu carácter informativo, sen prexuízo das posteriores iniciativas regulamentarias.

Polo tanto, e para dar comezo á intervención, rógolle ao señor vicepresidente primeiro que acompañe a señora valedora do pobo ata a tribuna de oradores para que efectúe a súa intervención.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

Ten a palabra a valedora do pobo, dona Milagros Otero Parga.

**A señora VALEDORA DO POBO (Otero Parga):** Señor presidente do Parlamento de Galicia.

Señoras e señores membros da Mesa do Parlamento, portavoces dos grupos parlamentarios, señoras e señores deputados, señoras e señores.

Señorías, comparezo hoxe ante vostedes para render Informe sobre a actividade da institución do Valedor do Pobo durante o ano 2016. A institución do Valedor do Pobo traballou ar-

duamente este ano, atendeu moitas máis persoas, moitas máis organizacións e entidades, e preocupouse por moitos máis problemas. Tamén asumiu e puxo en marcha a Comisión da transparencia e o Comisionado de Galicia.

Non quixera aburriros con números nin porcentaxes. Nesta institución preocupánnos máis as persoas que as cifras, pois para nós calquera problema é importante. Son consciente, non obstante, de que é preciso chegar algunhas cifras indicativas, e por iso permítanme, brevemente, trasladárllelas, polo que poidan ter de exemplificadoras.

No ano 2016, a institución atendeu as queixas dun total de 64.937 persoas; isto é, 25.528 expedientes máis que o ano pasado. Este incremento —significativo, sen dúbida— responde nalgunha medida a algunhas queixas colectivas, pero indica que a institución do Valedor do Pobo é cada vez máis coñecida polo pobo galego e que cada vez son máis as persoas que confían nela para resolver os seus problemas.

Somos unha institución eficaz e necesaria. Traballamos con dedicación para atender as demandas dunha forma áxil, clara, gratuíta e imparcial. A sociedade sábeo e por iso acode a nós, consciente de que non imos xulgar, senón unicamente escoitar e axudar no que poidamos e no que estea nas nosas mans.

No conxunto de queixas presentadas e das que dei conta, foron admitidas 64.554, é dicir, o 99,41 %. A máis significativa, que incrementa notablemente o número de queixas na área, sitúase en sanidade. Asinárona médicos e traballadores do Hospital Meixoeiro, así como unha boa parte da poboación viguesa, que temían que ese hospital quedase sen funcións coa posta en funcionamento do novo Hospital Álvaro Cunqueiro, de Vigo. E outra queixa colectiva, de 11.238 asinantes, que se queixaban polo traslado dos traballadores do 112 e o 061 desde o municipio de Santiago de Compostela ao da Estrada.

Con respecto á cantidade, a seguinte área que presenta un número moi elevado de queixas é a de emprego público e interior, cun total de 11.584 reclamacións. Despois está a educación —máis afastada—, cun total de 788; e corporacións locais, servizos municipais e protección civil, con 448.

Do total das 64.554 queixas tramitadas este ano, concluíronse 63.419; é dicir, o 98,24 %. E quedan aínda pendentes 1.135; é dicir, un 1,76 %.

No informe extenso —que está á disposición das súas señorías e é de público coñecemento— están recollidas as queixas, desagregadas por temas e por áreas, cun coidado estudo de tendencias e porcentaxes.

Non me deterei máis desagregando cifras, interésame agora reflexionar con vostedes sobre aquelas situacións que estimo que non quedaron ben resoltas, pois non estamos satisfeitos cos resultados obtidos.

Para a institución do Valedor do Pobo calquera problema que afecte ao normal exercicio dos dereitos da cidadanía galega é igual de importante, pero nalgúns casos resulta máis doloroso,

por referirse aos dereitos das persoas máis desprotexidas, como son as mulleres vítimas de violencia de xénero, as familias monoparentais, as persoas desempregadas, as persoas enfermas ou con discapacidade, as persoas novas e as maiores e as persoas LGTBI. Cando o problema afecta a algún deles o dano adoita ser maior, porque a estas persoas resúltalles máis difícil defenderse, converténdose así, moitas veces, en presa fácil para os depredadores de dereitos.

Esta valedora considera un fracaso todas e cada unha das veces que non foi quen de axudar ao recoñecemento ou restablecemento dos dereitos dos galegos, así como se congratula daquelas outras ocasións nas que si puido facelo.

Neste sentido, denuncio o incremento significativo de queixas relacionadas con actuacións de entidades bancarias. É urxente evitar as prácticas abusivas como as que se refiren á cesión de créditos ás sociedades xestoras de fondos, chamados coloquialmente «fondos voitre», sen cumprir os requisitos de notificación fidedigna, clara e completa ao debedor, que lle permita realmente exercer o dereito de retracto que a lei lle confire, así como o restablecemento de dereitos perdidos coas cláusulas chan e coas preferentes.

Outra problemática que afecta ás entidades bancarias no trato cos seus clientes refírese á amplísima marxe de mellora nos desafiuzamentos e lanzamentos de vivenda por falta de pago de cotas hipotecarias. Conscientes da gravidade desta situación, que en moitos casos precisa de solución inmediata, abrimos investigacións de oficio poñéndonos en contacto directo con bancos e outras entidades de crédito. O asunto non é sinxelo, posto que, ao non tratarse dunha Administración pública, as ditas entidades non están suxeitas á nosa supervisión. Con todo, conscientes da situación de extrema vulnerabilidade de moitas das persoas afectadas por estes problemas, formulamos peticións de colaboración que debo dicir que foron ben recibidas en moitas ocasións, o cal agradezo sinceramente, pois destas relacións xurdiron moitas melloras para os cidadáns.

Froito desta colaboración, varios bancos e entidades bancarias adquiriron o compromiso de non desaloxar das súas vivendas por falta de pago a ningún dos seus debedores, así como de renegociar débedas e informar de forma máis clara dos seus produtos aos seus clientes. Tamén conseguimos o compromiso de non-cesión de créditos litixiosos a «fondos voitre», e de proporcionar toda a información previa e necesaria aos seus clientes.

Non obstante estes avances, seguen existindo situacións de abuso inxustificadas. Por este motivo, desde a institución do Valedor seguiremos insistindo, de acordo coa xurisprudencia do Tribunal Europeo, en que as cláusulas abusivas non vinculan a ningún efecto, e que poderían considerarse así aquelas que non son debidamente explicadas ou comprendidas polo cliente, xunto con aquelas outras que non son negociadas individualmente.

Tampouco conseguimos solucionar moitos dos problemas que afectan ao sistema de transportes de Galicia, especialmente no relativo á ausencia de liñas de traslado ou no que se refire á supresión ou ao incumprimento de horarios e servizos. Esperamos que a Lei 10/2016, de medidas urxentes para a actualización do sistema de transporte público de Galicia, mellore esta situación, creando un novo mapa de servizos máis axustado ás necesidades reais dos usuarios. Estaremos vixiantes de que así sexa.

Outra tarefa pendente refírese á falta inustificada de información sobre o estado de tramitación dos proxectos de obra pública, así como á escasa ou nula toma en consideración das alegacións dos cidadáns que se ven afectados. O pago dos procedementos expropiatorios adoita presentar, igualmente, unha demora que non é compatible cos dereitos da cidadanía, e que nós denunciámos.

Tampouco quedaron resoltos este ano moitos dos conflitos de ruídos que denuncian os cidadáns. Despois da nosa intervención, a situación mellorou na maior parte dos concellos afectados, aínda que queda moito traballo por realizar.

O problema das persoas sen teito abordouse dunha forma reiterada en Santiago de Compostela. O Concello de Santiago parece ter adoptado finalmente as medidas recomendadas dende esta institución.

Polo que ao ámbito de xustiza se refire, a nosa intervención adoita ir en relación con supostas denegacións de xustiza gratuíta, negligencias na actividade do avogado designado, denegación de cambio de avogado ou solicitude do mesmo letrado nos casos de violencia de xénero.

Igualmente preocupa a esta institución a tradicional resistencia dalgúns concellos para facilitar aos membros da oposición o acceso á información municipal imprescindible para poder realizar cabalmente o seu traballo. Entendemos —e nese sentido resolvemos as 19 queixas que chegaron ata nós— que é imprescindible facilitar o labor dos concelleiros nas corporacións municipais, pois doutro xeito dificultaríase moito a tarefa de control e fiscalización dos órganos de goberno local, facendo case imposible a boa saúde democrática. Entendemos tamén que, para que este labor se cumpra con pleno rendemento, é precisa unha concienciación democrática que evite os abusos que ás veces entorpecen a actividade normal do Goberno e da Administración local.

Desde esta institución queremos chamar a atención para que se produzan melloras en materia de urbanismo, intensificando as funcións de inspección urbanística, pois isto non só suporía un importante aforro nos custos burocráticos ao paralizar unha obra ilegal nunha etapa inicial, senón que tamén facilitaría o restablecemento da orde urbanística, que agora mesmo está bastante magoada.

Noutra orde de cousas, entendemos que a sanidade debe enfrontar un importante reto, que se concreta na necesidade de conxugar a oferta dunha sanidade pública de calidade coa sustentabilidade ou o equilibrio financeiro dos recursos económicos, preservando un sistema de saúde eficaz, equitativo e solvente.

Somos conscientes de que na actual situación de Galicia existen outros problemas engadidos que dificultan este proceso, como o incremento notable do gasto sanitario debido a factores externos ao propio sistema; como o envellecemento da poboación, o aumento da esperanza de vida e a aparición de novas patoloxías, moitas veces asociadas a estas circunstancias. A pesar de todos estes elementos, esta valedora considera imprescindible o mantemento duns servizos compatibles coa dignidade da persoa. É necesario preservar as prestacións básicas dos cidadáns, e se iso non é posible coas actuais formulacións, urximos a implantación rápida



das reformas que sexan precisas. Os cidadáns non son culpables de ningunha destas circunstancias sobrevidas, e por iso non debe repercutirse sobre eles as consecuencias negativas delas.

Tamén suscita preocupación a esta institución a necesaria humanización da atención sanitaria. É preciso que se extremen os coidados humanos, e non só profesionais, pois o ser humano doente, a persoa enferma, é moito máis vulnerable que a que non o está e, polo mesmo, debe ser máis protexida. Igualmente, os enfermos deben poñer especial coidado en non maltratar de forma verbal ou mesmo física o persoal sanitario, para que non se produzan as agresións que tamén son denunciadas ante esta institución.

Lamento ter que informar as súas señorías de que tampouco se atenderon as propostas de mellora da xestión das listas de espera que a esta valedora lle gustaría poder comunicar.

Defendemos, unha vez máis, que estas listas deberían organizarse utilizando criterios de priorización claros e transparentes. É urxente que os cidadáns sexan informados adecuadamente do criterio que se segue en canto ao establecemento das listas de espera, e, no caso de que rexeiten a alternativa que se lles ofrece para ser atendidos en centros derivados e prefiran seguir esperando para ser atendidos nos seus centros de orixe, coñezan perfectamente a orde que se seguirá na nova designación, de modo que, aínda que teñan que esperar en función da dispoñibilidade daqueles lugares elixidos, esa espera sexa dun prazo razoable, no canto de ser aprazada nalgúns casos *sine die*.

Recomendamos igualmente extremar o coidado en canto á reorganización na xestión de centros e servizos sanitarios, espazos físicos e recursos materiais, sen perder de vista o feito de que as persoas e os seus dereitos son o elemento primordial a protexer.

Existen tamén problemas derivados do emprego público, que se concretan tanto en termos de acceso como no que incumbe ás condicións laborais dos traballadores que prestan servizos na Administración pública. Chamamos a atención sobre a necesidade de que a Administración cumpra con todos os compromisos que adquiriu cos traballadores na medida en que se consolide o proceso de recuperación económica. E convén que todo este proceso culmine máis pronto que tarde.

Tampouco podemos estar de acordo co que consideramos excesivo amparo da Administración pública na figura do silencio administrativo. A Administración pública debe estar ao servizo dos cidadáns e, polo mesmo, debe contestar ao que estes requiren con celeridade, claridade, xustiza e responsabilidade. O silencio administrativo debe ser a excepción e nunca a regra.

Tamén preocupan a esta institución os problemas das persoas en exclusión ou risco de exclusión social. En relación coa dependencia, obsérvanse atrasos no pago, que, con todo, melloraron notablemente nestes últimos tempos. O mesmo sucede coa atención integral dos dereitos das persoas con algún tipo de discapacidade.

En sentido similar, consideramos un gran problema o que se refire á pobreza enerxética. É indigno e contrario ao adecuado exercicio dos dereitos humanos que as persoas non teñan

cobertas as súas necesidades mínimas neste ámbito. E resulta especialmente grave se as persoas que carecen desta cobertura pertencen a grupos especialmente vulnerables, como anciáns, discapacitados ou nenos.

Tamén nos preocupa en gran medida a escaseza de prazas residenciais para maiores, especialmente en centros urbanos, así como os problemas de accesibilidade.

Mención á parte merecen os problemas derivados da falta de pago de pensións de traballadores que cotizaron no estranxeiro. Este problema faise especialmente sanguento en dous casos: os pensionistas de Noruega e os de Venezuela. Non debemos deixar de traballar polo respecto pleno dos dereitos por eles adquiridos, pero, en previsión de que estes poidan tardar en cumprirse, é preciso prover os medios necesarios para asegurar ás persoas afectadas por este problema unha vida digna.

Tamén nos gustaría poder aliviar os graves problemas que sofren os refuxiados que precisaron abandonar as súas casas fuxindo da guerra, da tortura ou do asasinato. É inxusta e moi dolorosa a situación destas persoas que carecen do máis elemental para subsistir. Instamos os poderes públicos da autonomía para que realicen unha política máis activa e eficaz que permita abordar a chegada das persoas solicitantes de asilo e refuxio, pois só deste xeito estarán a salvo a súa dignidade e os seus dereitos.

Hai outro grupo de persoas que me preocupan moito. Son os menores, pois son persoas especialmente vulnerables física e emocionalmente. É necesario urxir ao mellor funcionamento dos centros de protección, corrixir as disfuncións dos informes psicosociais do Imelga, acadar maior apoio económico nos acollementos en familia extensa e solucionar os múltiples problemas derivados da garda, custodia e réxime de visitas en rupturas traumáticas entre os proxenitores.

Informada a Consellería desta disfuncións, comunicounos que está a traballar para lograr unha solución satisfactoria que permita adoptar medidas que axuden a arranxar estes problemas. A tal fin, a propia Administración galega elevou ao ministerio competente na materia a necesidade de asegurar a compatibilidade da remuneración dos acollementos en familia extensa coas pensións mínimas de supervivencia. Desde esta institución insistimos en que deben estudarse todas as medidas necesarias para equiparar os distintos tipos de acollementos, entendendo que as prestacións económicas deben ir vinculadas aos menores tutelados e non deben depender das rendas familiares nin de se existen ou non vínculos de parentesco entre os acolletores e os menores.

Tampouco funcionan ben os puntos de encontro familiar, que, ademais, son poucos —sete en toda a comunidade autónoma—. É preciso asegurar a protección das familias numerosas, evitando que se exclúa un dos proxenitores do correspondente título en caso de separación ou divorcio.

Tamén me gustaría facer conscientes ás súas señorías do grave problema da inxestión descontrolada de bebidas alcohólicas por menores ou mesmo por maiores de idade novos, no que se coñece coloquialmente co nome de «botellón». Entendemos, desde esta institución,



que o feito de alcanzar a maioría de idade non implica que a sociedade deba permanecer pasiva ante o patrón de práctica de consumo masivo de alcohol, porque a xeneralidade que alcanzou e a falta de prevención real da mocidade sobre as graves consecuencias desta práctica fan que resulte imprescindible que a sociedade protexa os seus mozos, axudándoos a recuperar a dignidade que perden cando fan un uso descontrolado de bebidas alcohólicas ou de drogas.

Igualmente, xerou alarma nun centro escolar a retirada en período lectivo das placas que contiñan amianto. O problema, afortunadamente, solucionouse ao constatar que en realidade nunca existiu perigo real para os nenos, pero foi lóxica e comprensible a preocupación dos pais. Por iso instamos a Consellería a seguir coa retirada dos materiais que conteñan amianto en períodos non lectivos.

Outro problema que preocupa grandemente a institución do Valedor é o referido ao acoso escolar. Debemos seguir traballando para erradicalo, protexendo especialmente os nenos con personalidade tímida ou reservada. Entendemos que é prioritario prestar especial atención para combater as condutas homófobas, así como os ataques aos menores transexuais, que, desgraciadamente, non desapareceron.

Tamén avogamos por conseguir mellor acceso aos recursos educativos complementarios, como o transporte escolar e os comedores escolares.

Polo que se refire á educación universitaria, esta institución iniciou de oficio unha queixa pola situación na que se atopan os profesores acreditados a catedráticos e titulares de universidade no ámbito do sistema universitario galego. A complexidade do problema que se expón fixo necesario abrir un informe especial para analizar todos os pormenores desta situación, que limita, dunha forma inaceptable, os lexítimos dereitos dos profesores universitarios e trunca a posibilidade da Universidade galega de crecer e facerse máis competitiva nos ránkings das institucións educativas.

Ata aquí, señorías, narrei algunhas das actuacións que realizou esta institución, poñendo o acento naquelas cousas que non conseguimos mellorar e, por tanto, temos que seguir tentando; como ven, son moitas. E, por iso, esta institución é útil, porque hai moitas situacións que mellorar e moitos dereitos que poñer en valor.

Non obstante o devandito, creo que hai outras actuacións do Valedor que xa conseguiron a día de hoxe paliar situacións de inxustiza, e por iso síntome especialmente satisfeita de poder relatar algunhas delas hoxe ante vostedes.

A miña satisfacción non é falta de modestia, xa que o logro se debe a todo o equipo da oficina do Valedor, a quen agradezo moito o seu traballo e a súa dedicación.

Síntome satisfeita coa posta en marcha da Comisión da Transparencia de Galicia. A sociedade actual busca claridade, quere saber, quere que a informen, quere entender, quere poder formar unha opinión e quere, sobre todo, poder exercer os seus dereitos. De aí xorde o dereito á transparencia.

Para apoiar as funcións de control da transparencia e bo goberno, o artigo 32 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia de Galicia, creou o Comisionado da Transparencia, cuxas funcións se atribúen ao Valedor do Pobo. O Valedor, en consecuencia, acrecenta as súas responsabilidades fronte á sociedade galega no seu conxunto. Por unha banda, mantén as funcións que xa tiña, dirixidas a asegurar o efectivo respecto dos dereitos dos cidadáns por parte da Administración, e, por outra, debe realizar as tarefas de control do cumprimento das obrigacións de transparencia. Ambas as funcións son diferentes, pero non se entorpecen, senón que se coordinan.

A Comisión da Transparencia de Galicia está integrada pola valedora do pobo, presidenta; o adxunto ao valedor, vicepresidente; e unha persoa representante de cada un dos seguintes órganos ou entidades: Comisión Interdepartamental de Información e Avaliación da Xunta de Galicia, Consello Consultivo e Consello de Contas de Galicia e Federación Galega de Municipios e Provincias.

Esta comisión constituíuse na Comunidade Autónoma de Galicia o 10 de maio de 2016 e comezou a funcionar desde ese momento, aprobando o seu regulamento interno o 14 de xuño dese ano. Desde que a comisión iniciou a súa actividade —ofrézolle datos deste momento— presentáronse 92 recursos, dos cales se resolveron 57, quedando pendentes 35. Deles, en 29 casos conseguimos que se entregase a información solicitada.

Creo que o traballo en prol da transparencia se iniciou e está a mostrar bos froitos, pero resta moito por facer. É necesario romper moldes, é preciso convencer os cidadáns e os poderes públicos da importancia da transparencia, a fin de que esta se converta nunha forma de vida, nunha cultura identificativa de todo un pobo, do noso pobo, de Galicia. Creo que o estamos a facer moderadamente ben, pois a procura da excelencia tamén neste ámbito fixo merecedora á institución do Valedor do Pobo da concesión do premio da organización Transparencia Pública como a defensoría española máis transparente.

Tamén me sinto moderadamente satisfeita do labor da institución tendente a dar a coñecer a mesma aos cidadáns. Para ese efecto realizamos visitas en diversos concellos de Galicia, nas cales explicamos a función do Valedor.

Considero especialmente satisfactorias as actuacións desta institución nas que conseguimos mellorar substancialmente os dereitos das persoas especialmente desprotexidas. Neste ámbito inclúese a protección da diversidade sexual, cuxa vixilancia ten especialmente encomendada o Valedor.

En relación con este dereito, implementáronse distintas accións de divulgación, especialmente en colexios, que culminaron coa colaboración na edición dun libro titulado *En familia*, que explica as realidades das familias actuais.

Pero quizais a acción que considero máis importante foi o acompañamento dunha persoa transexual que non tiña facilidades para operarse e que está agora xa operada e desenvolvendo a súa vida normal, tendo para todos os efectos o sexo que sempre sentiu como propio.

Como xa indiquei, os menores son tamén unhas persoas cuxa protección preocupa especialmente a esta valedora. En relación con eles, e por mor da nosa intervención, a Consellería de Política Social aceptou unha recomendación para manter aberta unha escola infantil por localidade, con independencia do número mínimo de usuarios, durante os días laborables dos períodos vacacionais de Nadal e Semana Santa. Deste xeito, facilítase aos pais e nais de nenos menores de 3 anos a posibilidade de conciliar a vida familiar e laboral. Esta é, ao noso xuízo, unha medida imprescindible para a dinamización demográfica.

Igualmente, conseguimos melloras para os nosos maiores, facendo visible a súa necesidade de dispoñer de residencias, especialmente no ámbito urbano, que non os afasten das súas casas e lles permitan estar xuntos en caso de formar parella.

Nun ámbito similar sitúase a resposta expositiva da Consellería de Política Social ao aceptar a nosa recomendación para axudar persoas con discapacidade auditiva instalando os bucles magnéticos en moitos lugares públicos. Tamén aceptou a Consellería a recomendación de habilitar unha tarxeta de discapacidade para facilitar a acreditación dos seus usuarios.

Do mesmo xeito, as universidades galegas mostráronse receptivas a modificar a cota de acceso para persoas con discapacidade en másters e doutoramentos.

Tamén nos alegra que as queixas en materia de dependencia, aínda que seguen referindo atrasos, estes son en menor medida que noutros momentos e refírense a problemas de copagos, diminución de libranzas ou listas de espera para servizos e non a concesións en si mesmas.

A nosa intervención foi igualmente moi positiva no que se refire á protección do consumidor en materia de subministración de enerxía eléctrica, no establecemento de dereitos básicos dos usuarios finais de teléfonos e servizos de comunicación electrónica e na ampliación do bono social e do ticket electrónico social para persoas físicas economicamente vulnerables.

Sentímonos satisfeitos das accións realizadas en prol de persoas con datas de lanzamento xa sinaladas, ás cales, grazas á sensibilidade da Consellería de Vivenda e ao IGVS, puidemos recoller ou ofrecer algunha solución habitacional. O mesmo sucede coas accións que implementamos en relación cos bancos e algunhas das prácticas abusivas que viñan realizando.

Síntome tamén contenta coas mediacións feitas desde esta institución que posibilitaron arranxos en situacións nas que era difícil chegar a un acordo. Entre elas, recordo con especial afecto as que posibilitaron o libre acceso aos cinemas dos nenos diabéticos e dos enfermos con colostomía, que necesitaban introducir nas salas de proxección pequenas bolsas con material hixiénico e alimentario que precisaban para o seu coidado.

En materia de política lingüística apreciamos un esforzo no sector privado por respectar o dereito dos cidadáns para empregar en todos os ámbitos da súa actividade a lingua oficial da súa elección, procurando ofrecer os seus produtos e servizos en galego e adaptando os seus procedementos de xestión á súa actividade comercial.

Pola súa banda, as administracións públicas trataron de corrixir as disfuncións detectadas no respecto aos dereitos lingüísticos dos cidadáns. Percibimos unha conciencia cada vez maior de que existen dereitos lingüísticos individuais e colectivos e que, con pleno respecto á liberdade de todos os falantes nunha comunidade na que o galego é lingua cooficial, debe garantirse o dereito de todas as persoas a vivir na lingua de Galicia.

Señorías, non quero cansalos máis. Deilles mostra do que facemos no Valedor do Pobo. Son consciente de que hai moitas situacións que mellorar, cousas que cambiar e accións que emprender. Estas deficiencias, xunto cos acertos obtidos na defensa dos dereitos dos galegos, determinan a utilidade e a eficacia da institución, así como a necesidade de seguir traballando.

Nese traballo reivindico a colaboración das institucións, pois a falta de sintonía entre estas e unha institución de control como o Valedor redonda en prexuízo da boa saúde democrática. Os poderes públicos non deben entender que o Valedor do Pobo é un inimigo. Todas as administracións reciben numerosas recomendacións ou valoracións, que moitas veces non comparten. Porén, considéranas de forma construtiva en beneficio da cidadanía, o que, como mostra de lealdade institucional, implica que cadaquén respecte a función do outro. Por iso non resulta aceptable responder ás valoracións achegadas con ataques de intención desleixitadora das institucións, práctica na que esta valedora do pobo non caerá.

Comprometo o meu esforzo persoal e o de todo o equipo da oficina do Valedor do Pobo na defensa dos dereitos dos galegos. Somos conscientes da responsabilidade que implica o noso traballo e das expectativas que o pobo galego ten postas en nós. Asumímolos con humildade e con entrega e seguiremos traballando para ser merecedores delas.

Nada máis, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, valedora. Acompañaa o vicepresidente.

*(A señora valedora do pobo abandona o salón de sesións acompañada do vicepresidente primeiro do Parlamento.)*

Grazas á valedora.

Rolda de grupos parlamentarios para fixar posicións.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Bos días a todos e a todas.

Permítanme saudar desde aquí a apertura dunha esperanza de liberdade acontecida hai corenta e tres anos ao son dunha canción, todo un símbolo e todo un amencer para os que viviamos na noite do nacional-fascismo e sentimos como propia a asunción da liberdade.

Señora Otero, o seu informe —xa llo dixemos na Comisión de Peticións— reafírmanos nas nosas críticas ás políticas deste goberno. É unha radiografía que mostra a perda acelerada de dereitos fundamentais, consecuencia da política de brutais recortes levada a cabo por este goberno. Diagnostica dun xeito descarnado a deterioración dos servizos públicos xunto a fallos e carencias que se repiten ano tras ano e que non hai intención ningunha en remedialos. A súa institución non pode ser un reparador de buratos cando estes son o resultado de políticas conscientes que serven só a uns poucos.

¿Que armas ten e que estratexias usa esta institución que vostede preside cando as peticións colectivas, xustas e razoadas, apuntan directamente a accións de goberno premeditadas? As queixas numerosas en sanidade —50.000 dun total de 69.937— non responden a fallos puntuais ou a erros humanos illados. Son fallos do sistema motivados por unha acción de goberno que penaliza a sanidade pública e deriva os recursos públicos á sanidade privada, ou responden tamén a chapuzas e operacións encubertas de transvasamento de medios públicos que deberían seguir sendo públicos e van para onde van. Isto en si mesmo é unha perversión.

Fálolle desas queixas colectivas que aluden ás agullas da insulina, aos usuarios de residencias públicas, aos escándalos do Álvaro Cunqueiro, de Vigo, e á permanencia de servizos no Meixoeiro, a familiares e pacientes oncolóxicos. Isto da sanidade ten un longo etcétera, demasiado longo.

As queixas polos abusos dos bancos non son casos illados. Responden a un latrocinio programado conscientemente que burla as máis elementais normas da ética e da xustiza. Non vemos unha acción desde esa institución que lle saque as cores nin á banca nin ao Goberno, que permite esas prácticas abusivas. É a primeira vez, nos meus abundantes anos xa, que vexo na rúa defendendo con tesón e enerxía xente maior burlada polas preferentes, sós contra os xigantes, e vostedes afirmando que son muíños: fondos voitre, cláusulas chan...

Os pensionistas do estranxeiro, burlados tamén despois de toda unha vida de traballo, e uns gobernos que van a remolque en vez de actuar nos foros internacionais con enerxía, defendendo a razón e os intereses dos seus administrados.

¿Non pode a señora valedora instar, presionar coa razón que a asiste? ¿Por que non o fai? Claro que xa lle oímos que non quere nin debe meterse en política, mais o non facer queixas xerais colectivas fai que a súa institución actúe politicamente por omisión e consinta. Porque os datos que vostede manexa son humanos, teñen a carraxe e a dor, en diferentes doses, que as fan reais.

Non hai moitos días na Comisión de Peticións pregunteille polo dereito das miñas netas a seren escolarizadas, xunto cos seus compañeiros e compañeiras, na lingua do país dos gallegos. Non nos respondeu; nin se dignou acusar recibo da pregunta. Hoxe aludiu á liberdade.

A lei e o proceder da Consellería de Educación e Cultura e a Dirección Xeral de Política Lingüística agriden o dereito básico elemental dos habitantes deste país a coñecer e utilizar o seu idioma na-tu-ral, ese que falan os grilos, os salgueiros, as troitas e os humanos solida-

rios. Dereito e deber de solidariedade «do» e «co» pobo do galego, dereito e deber de ser normal nun país normal.

Porque este goberno do PP rachou unilateralmente con esa normalidade incipiente. Rachou con ese acordo de poñer fin a tantos anos de ignominia lingüística, e decidiron acabar con el utilizando a mentira como a propaganda, para desprestixiar toda posibilidade de normalización e rexeneración dese dereito —e deber— que nos asiste por sermos parte dun xeito orixinal e enriquecedor de ver o cosmos.

Falo polas miñas netas, pero tamén polos meus ex-alumnos e ex-alumnas, normalizados na escola e na casa e que hoxe en día, mercé ao decreto de trilingüismo, xa non son de aquí e pasan a ser membros dun limbo inexistente, da nube da globalización uniformante, do universo do consumo e dunha deshumanización preocupante. Fálenos tamén deses dereitos. Eles tampouco lle escriben.

A miña pregunta, que formularei varias veces: e os que non saben, non queren ou non cren na utilidade da institución e non lle escriben nin a chaman, ¿onde están?

A queixa do 061 e do 112 polo traslado fíxose patente o outro día cando se colapsou e estivo sen poder responder ata as dúas e media da madrugada o servizo de emerxencias, con lumes e vento case furacanado por todo o norte do país.

Colectivos que presentan queixas e non están sendo atendidos, porque por veces soluciónanse cuestións puntuais que engrosan os logros, pero estas queixas colectivas que son de máis calado precisan de solucións políticas de conxunto. Por veces — máis das desexables—, a explicación que vén dando é a que lle proporciona a Administración.

Cómpre, pois, un papel amortiguador, cando, visto o informe, debería ter unhas conclusións que mostrasen as carencias serias que ten o Goberno na súa xestión.

O medio rural non ten peticións e vostede non ten explicación lóxica. No 2016 pecharon máis de 600 explotacións leiteiras, sobre 9.000 do total, e no que vai de ano van aló máis de 40. O número de cabezas concéntrase en macrogranxas e parte do rural está despoboado. Visite a parte oriental de Galicia, da vertical de Compostela para o oriente. Os novos vanse, a poboación está envellecida e os eucaliptos medran ás portas das casas. Vese xente á mañanciña e á noitiña con chalecos reflectantes facendo a ruta do colesterol. As unitarias pecharon, o comercio vai a menos, as liñas de transporte de viaxeiros cérranse, os servizos velaí, nin residencias de anciáns suficientes. Pero non lle escriben, e saben facelo, pero perderon a fe. Parafraseando a Castelao nunha adaptación demasiado libre: a xente do rural non protesta, emigra. Pero emigra cando ten idade e forza para facelo, non é o caso deste sector da poboación da que estaba falando.

Non diga quen é e visítenos, únase á ruta do colesterol, fale coa xente e verá, leve papel e lapis para tomar notas, e leve ben del.

Volvo á pregunta que reiteramos ao longo desta exposición desde o BNG: ¿que tipo de presión política pode ou debera facer a señora valedora, escolleita por este Parlamento e persoa in-



dependente —en teoría—, cando detecta a conculcación reiterada dalgúns dereitos cidadáns individuais ou colectivos? Porque este é o miolo da súa institución. ¿É unha valedoría de individuos ou entra dentro das súas funcións a detección e denuncia dos fallos das políticas ou prácticas administrativas dun goberno ou dun sistema?

E cando se trata deses colectivos ou bolsas marxinais de poboación que non protestan pero sufriron e sofren a crise con máis dureza que ningún outro, eses tampouco lle escriben, pero existen, saben ben deles as traballadoras e traballadores sociais dos concellos: desempregados, inmigrantes, parados de longa duración, estafados polas pensións no estranxeiro.

E os refuxiados. O esquecemento que facemos institucionalmente deles dáunos arrepíos. Xente que busca unha saída á súa fame, xente que busca un lugar onde protexerse, unha pequena casa onde protexerse da tortura, das violacións, da morte, da destrución. E nós, calados, quietos, cun cento, dous centos, tres centos de prazas. Pobreza enerxética e mil compartimentos máis que conforman un armario que noutrora chamabamos pobreza e que hoxe eufemizamos, se cadra, para que non doa tanto, pero está aí, e eu creo que debemos tratala como tal: desafiuzamentos, xente antonte con salario e coche e hoxe rebuscando restos de comida e enseres nos contenedores do lixo.

Creo que vostede sabe que a miseria cheira e dá nos ollos. Nós tamén. Só aqueles que teñen constipado social crónico, ou que tapan os ollos con gafas de sol opacas, non se queren enterar desta realidade.

En definitiva, saudamos, como non podía ser doutra maneira, a resolución dos casos particulares que a súa institución xestionou ou axudou a xestionar, pero non saudamos así a falta de valentía para a denuncia cando se detectaron fallos estruturais, abusos permitidos pola autoridade ou pola maquinaria da Administración, resultado de accións, leis ou medidas políticas. E é aí onde a súa, nosa, institución debería afirmarse efectiva, e ao noso xuízo non o fixo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario Socialista, señor Fernández Fernández.

**O señor FERNÁNDEZ FERNÁNDEZ:** Grazas, señor presidente.

Señoras deputadas, señores deputados, bos días a todos e a todas.

Señora valedora, bos días e benvida a esta sesión plenaria do Parlamento galego, a vostede e ás persoas que a acompañan situadas na tribuna.

Señorías, estamos a debater o informe anual do Valedor do Pobo correspondente ao ano 2016; un informe voluminoso, con abundantes datos que reflicten a insatisfacción de moitos cidadáns respecto do tratamento dos seus dereitos en diferentes institucións.

Dende o Grupo Socialista queremos abordar a globalización do informe dende o respecto ás institucións. Non queremos minimizar o seu valor, circunscibindo as situacións puntuais que se deben clarear no ámbito interno das institucións.

A señora valedora, na comparecencia en comisión, manifestou: «Para a institución do Valedor do Pobo, calquera problema que afecte ao normal exercicio dos dereitos da cidadanía de Galicia é igual de importante, pero algúns casos resultan máis dolorosos por referirse aos dereitos das persoas máis desprotexidas, aquelas ás que lles resulta máis difícil defenderse e que son presa fácil para os depredadores de dereitos».

Compartimos esa reflexión, e mesmo promovemos unha forma de actuación acorde con ela. O esforzo diario da institución debe ser coherente con ese compromiso: atención obxectiva de todas as queixas e priorización das demandas que afecten as persoas máis vulnerables.

Por certo, demandas de cidadáns e cidadás que non chegarían nas cantidades reflectidas a esta institución do Valedor do Pobo se os dereitos foran admitidos ou recoñecidos, nese mesmo ámbito, unha vez reclamados; no ámbito no que están as competencias. Cando eses dereitos non son admitidos nin recoñecidos, algúns deles canalízanse, individual ou colectivamente, en forma de queixas ou reclamacións á institución do Valedor do Pobo. Outros, nin admitidos nin recoñecidos, rematan o seu percorrido neses actos, sen que as persoas e os colectivos —habitualmente os máis débiles— os recuperen nunha. Por iso queremos poñer en valor o seu relevante papel e a sensibilidade que se necesita na institución para afrontar con determinación os asuntos que tramita.

Señorías, queremos facer unha valoración global do informe, incidindo naquelas cuestións que nos parecen máis relevantes. E, visto o informe, parécennos relevantes polo menos tres cuestións, que —non o oculto— son motivo de preocupación para o Grupo Socialista.

Un aumento do 65 % de cidadáns que recorren ao valedor a través de queixas ou reclamacións; un aumento do 3 % de asuntos motivo de queixa, e a porcentaxe mínima de queixas e reclamacións, o 0,1 %, que proveñen do ámbito rural.

Parece conveniente profundar nas tres cuestións que acabo de relatar. A primeira delas ten a súa razón na insatisfacción amosada pola cidadanía ao Valedor en forma de reclamacións que non foron satisfeitas no ámbito competencial propio. O informe revela que no ano 2015 se presentaron 39.409 queixas, e no ano 2016, 64.937; un incremento substancial de 25.528, equivalentes a un 65 % máis. Non por esperadas, minimizan a súa importancia.

A segunda cuestión ten que ver co aumento de asuntos plantexados. No ano 2015 plantexáronse 2.287 asuntos, e no ano 2016, 2.356, 69 asuntos máis, equivalentes a un 3 % de aumento.

O informe revela con claridade meridiana que as reclamacións se concentran en dúas áreas: sanidade e emprego público e interior. Sanidade foi motivo de 50.368 queixas, o 77,56 % do total das queixas. O emprego público e interior absorbeu 11.642 queixas, o 17,93 % da totalidade. Non queremos restar importancia ás demais reclamacións nin ás demais áreas motivo



de reclamacións, pero é ben certo que dúas áreas acumulan 62.010 reclamacións cidadáns, o 95,49 % do total.

A terceira área motivo de reclamación é educación. Estes datos son relevantes e tamén esclarecedores. Relevantes porque son áreas moi sensibles, de máxima preocupación para os cidadáns, e esclarecedoras porque as tres áreas, sanidade, emprego público e educación, son competencias da Comunidade Autónoma e xestionadas nos últimos oito anos por gobernos do Partido Popular; gobernos do Partido Popular implacables coa aplicación de políticas de recortes, de privatizacións e de precariedade.

Señorías, as consecuencias estatísticas desas políticas eran coñecidas e sufridas polos profesionais e usuarios. O informe só as constata. Foron e son os profesionais sanitarios, os empregados públicos e a comunidade educativa os que co seu esforzo, dedicación e profesionalidade mantiveron e manteñen os servizos nas referidas áreas que antes indiquei. Recortes de persoal e medios que condenan á precariedade, e precariedade que tamén se manifesta na insolvenza das queixas dos cidadáns nos ámbitos que lles son propios —consellerías correspondentes—, e que obrigan aos reclamantes a dirixirse ao Valedor do Pobo para acadar respostas.

Quédame unha terceira cuestión que plantexar, tal como sinteticei ao principio da miña intervención. Xa falamos do aumento de reclamacións, xa falamos do aumento de asuntos motivo de reclamación, e a terceira cuestión que plantexei ten que ver co medio no que viven os reclamantes.

Segundo o informe do Valedor do Pobo, no ano 2016 proceden do medio urbano o 99,9 % das reclamacións, e do medio rural proceden o 0,1 % das reclamacións. Estou seguro de que o informe recolle con veracidade o número de reclamacións e queixas presentadas con orixe no medio rural. Como tamén estou seguro de que todos somos conscientes de que a realidade do rural, en dereitos, dá para moitos máis reclamantes e asuntos que ese 0,1 %; en ningún caso parece reflectir o 90 % do territorio galego e o 40 % da poboación que nel vive.

Razóns e argumentos hai dabondo, simplemente de forma xenérica. Aos veciños do rural aféctanlles exactamente os mesmos problemas plantexados no medio urbano, e incluso máis. Pero é que, ademais, os veciños do rural teñen os seus propios, singulares e específicos asuntos, sen dereitos a eles na práctica diaria.

Dende o Grupo Socialista cremos que é necesario reflexionar sobre esta realidade que nos amosa o informe e promover accións, nese ámbito, que propicien a oportunidade real de manifestar as súas queixas e reclamacións, non admitidas nin recoñecidas nos ámbitos que lles son propios, diante do valedor. Existe unha desconexión real entre o rural e o urbano, entre o rural e as administracións non locais, entre o rural e o Valedor do Pobo; unha desconexión que produce desigualdade de territorio e de persoas.

Vou rematando.

A señora valedora amosou preocupación por cuestións non resoltas, sobre todo as que afectan as persoas máis desprotexidas porque son as máis vulnerables: dependentes, persoas con minusvalía, indixentes, nenos, nenas, maiores, enfermos, refuxiados...

Compartimos esa preocupación como compartimos a súa apelación a que hai moito que mellorar, a que hai moitos dereitos que protexer, a que hai moitos dereitos que recuperar e a que hai moitos dereitos que outorgar.

Con ese obxectivo pedímoslle sensibilidade, xenerosidade e flexibilidade na aceptación de reclamacións e queixas; decisión e perseveranza na tramitación das mesmas; e firmeza e contundencia coas institucións para preservar os dereitos das galegas e dos galegos.

Nese camiño vai atopar ao Grupo Socialista. E non esqueza, señora valedora, que o Valedor do Pobo é esa institución ponte que permite aos cidadáns recuperar dereitos fronte á necesidade de pagar por eles.

Máis nada e moitas grazas.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Bos días, señor presidente.

Señoras e señores deputados.

Señora valedora do pobo, quixera comezar cunha declaración evidente, e é a defensa que fai En Marea da institución da Valedoría do Pobo.

Entendemos o papel fundamental que, fronte aos abusos do poder, establecen outras institucións de control democrático do propio poder, exercido tanto polo Parlamento como polo seu Executivo, de tal maneira que para nós é fundamental que nunha democracia madura, nunha democracia avanzada, exista unha institución que teña por finalidade o control dos outros poderes que, con outro tipo de potestades, están exercendo as súas funcións en defensa, precisamente, dos dereitos fundamentais, das liberdades públicas e dos dereitos sociais básicos.

Polo tanto, para nós é evidente que esta institución debe existir, debe funcionar e debe funcionar ben, e debe ser crítica coa actuación dos poderes públicos cando teña que selo. Por iso, precisamente, é polo que no seu día, e hoxe de forma solemne nesta Cámara, pedimos a renuncia da valedora do pobo e pedimos que a Cámara así o reprobe.

E entendemos que isto é necesario porque é necesario para facer valer a dignidade da propia institución na súa defensa dos dereitos fundamentais, das liberdades públicas e dos dereitos de carácter social, algo que vén recollido no artigo 6 da súa propia institución, da súa propia regulación do estatuto orgánico, a defensa deses dereitos e desas liberdades públicas, e o carácter social que debe ter en relación con esa defensa que non se está articulando.

Vemos e vimos neste amplo informe presentado unha *laudatio* xeneralizada das actuacións da Administración pública, a pesar de que practicamente o 98 % das queixas tramitadas —esas 64.000 das que parece que se minusvaloran aquelas que teñen carácter colectivo por non representar supostamente lesión aos dereitos fundamentais e ás liberdades públicas ou aos dereitos sociais— se teñen producido no último ano, e nas que, dende logo, a Administración pública autonómica ten un papel fundamental, do que non se dá conta.

Critícanse as institucións, critícanse as medidas e critícanse as queixas, ou faise referencia a elas, coma se se tratase moitas veces de fenómenos atmosféricos que non tivesen relación de causalidade, cando o certo é que a causa está ben clara. Porque moitas veces, todas as veces, as relacións de desigualdade teñen causa social e teñen causa política; e, polo tanto, é posible incidir politicamente para que as causas da desigualdade se palíen e se remate con elas. Polo tanto, é función dunha institución de control a denuncia desas actuacións de desigualdade e non simplemente —no mellor dos casos— a súa descrición.

Moitas destas queixas que entraron recoñécese que tiveron lugar como consecuencia dos recortes. E así se anuncia nalgúns casos e así se describe, sen facer unha crítica política de cal foi o sentido deses recortes; recortes que tiveron por misión única e exclusiva someter os dereitos fundamentais, as liberdades públicas e os dereitos de carácter social, aos intereses de carácter económico, impostos por razóns alleas á propia defensa da cidadanía.

Por consellerías, e dando conta en termos xerais, as queixas máis numerosas son as que se refiren á Consellería de Sanidade e á Consellería de Política Social, co 27 % e co 19 %. Non é casual nun contexto de crise que foi realmente unha estafa, unha estafa na que un sistema económico perverteu a defensa dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas e da que non se dá conta aquí, nin de cal foi a actuación do poder político en relación con esa situación. Non se dá conta de ningunha desas situacións, non se explica a situación. A renda da poboación galega está case 21 puntos por debaixo da media da Unión Europea malia o crecemento do PIB. Porque, iso si, varias veces no informe dise, e aléntase, que xa estamos superando a crise económica, que xa estamos en recuperación, pero non se fai referencia aos datos sociais que evidencian que, malia a recuperación do PIB, non se está producindo unha recuperación de dereitos sociais, como se leva producido nos últimos anos neste país.

As queixas de oficio tamén teñen unha significación absolutamente ridícula en relación co montante das actuacións de investigación. ¿Onde vai a voz dos sen voz desde a institución da Valedoría do Pobo? ¿Onde vai a voz dos sen voz nos recursos para as familias en situación de pobreza e exclusión, a voz dos sen voz no caso da protección laboral, a voz dos sen voz na desprotección social, no dereito á vivenda, no ensino, na sanidade? ¿Onde vai a voz das sen voz na protección das persoas autónomas, a voz das sen voz na protección da legalidade por sentenzas gañadas e non executadas deliberadamente polo poder público?

As actuacións concretas no ámbito da pobreza enerxética producen sonroxo absoluto, despois de recoñecer a existencia de 700.000 persoas en risco de pobreza ou exclusión social no noso país e darse por satisfeita, como institución, pola atención única e exclusivamente de 900 casos en 2016, despois de destinar a Xunta 600.000 euros e apenas gastar 200.000, dedicando o resto do diñeiro a iluminar o Gaiás; cartos destinados a paliar a pobreza enerxética

que foron destinados a iluminar o mausoleo da Cidade da Cultura, cando podían ter sido destinados a paliar a pobreza enerxética.

Temos un presidente da Xunta que di que probablemente non había esa dificultade de pobreza enerxética que inicialmente tiñamos prevista. ¡Ai, non! ¿E logo as 700.000 persoas están atendidas? ¿Que fai a institución da Valedoría do Pobo para facer valer os dereitos desa xente sen voz, desa xente que non foi pedir as axudas porque había que pedilas por medios telemáticos e non tiñan medios telemáticos nas súas casas?

Para poder atender manifestacións de pobreza era necesario ter manifestacións de riqueza nas casas. O establecemento de condicións administrativas que impiden o acceso ás prestacións é unha actuación política deliberada por parte do poder público que ten que ser denunciada pola institución da Valedoría do Pobo, porque se poñen condicións que son imposibles de cumprir, porque a xente que está nesa situación obxectiva de exclusión —e, sobre todo, a xente que se ve en situacións de privación material severa— non teñen acceso a eses medios, seguramente nin coñeza que existen. E para iso é necesario que existan medios para suplir esa imposibilidade de acceso, da que teñen que dar conta as administracións públicas, e da que a Valedoría ten que dar conta da denuncia. Porque non é unha situación casual, é unha situación deliberadamente buscada pola Administración para non gastar eses cartos para despois utilízalos para iluminar o Gaiás, que fai moita máis falta que atender os fogares con pobreza enerxética.

En relación coas axudas sociais sucede outro tanto do mesmo. Recoñécese que non se dan máis axudas porque non está desenvolta regulamentariamente a Lei 10/2013. Non está desenvolta regulamentariamente e por iso a prestación non é efectiva. ¿Por que non é efectiva? Porque non está desenvolta. ¿E a quen lle corresponde desenvolvela? Ao Executivo, que ten a potestade regulamentaria. ¿Onde está no informe a denuncia desa ausencia? Porque non é de agora, vén do ano 2013 e estamos en 2017. Anúnciase que si, ¡ah!, que é inminente, xa nos dixeron que se vai producir o desenvolvemento de xeito inminente... ¿Onde está a inminencia catro anos despois, recoñecendo que isto supón a privación de dereitos á xente que máis o necesita?

¿Dirixiuse á Consellería de Política Social para que se garanta a percepción da Risga nestes casos de persoas...? ¿E en relación coas sentenzas que se están gañando en relación coas persoas conviventes ás que a propia estruturación da norma impide o acceso? ¿Estase facendo algo? Tampouco.

A escaseza de medios persoais tamén é unha constante, unha constante á que non se deu tampouco atención.

En materia de menores, ¿ten previsto a Valedora actualizar o informe sobre desprotección de menores do 2007 ou ben requirir o informe pormenorizado á Consellería de Política Social?

En prisións, nas queixas sobre a Administración penitenciaria non aporta solucións, como reprender as autoridades, ou pedirllas que aumenten o persoal, nin sequera dirixirse á administración competente para que se dirixa a outra con correspondencia.

En saúde mental, a valedora minimiza a grave situación da saúde mental no noso país. Como lle sinala o Movemento Galego de Defensa de Saúde Mental, vostede xa é coñecedora dunha das nosas máis importantes preocupacións: as inxerencias pola situación na que se atopan as persoas que foron externalizadas, que despois moitas delas, por non poder ser atendidas convenientemente ao ser externalizadas, dan lugar a desenlaces trágicos, como o caso de Mondoñedo. ¿Onde estaba a denuncia política da Valedoría do Pobo ante estas situacións?

E lamentable é a actuación e as declaracións da valedora do pobo no caso das persoas sen fogar de Santiago de Compostela, nas que se refería á necesidade de incapacitalos e sometelos a un tratamento, como se a acción civil de declaración de incapacidade fose a conveniencia para a solución dun problema social. E se así o fose, ¿fixo a Administración ou a Valedoría as xestións necesarias para proceder á incapacitación, por exemplo instando o Ministerio Fiscal? Non se fixo nin unha cousa nin a outra.

Falou dos dereitos dos LGTBI, pero non a escoitamos queixarse en relación coa campaña publicitaria de rexeitamento ao recoñecemento da diversidade de xénero, que se producía dentro dos centros. E dicía que non se podía facer unha queixa porque estaba esperando o informe da propia Administración en relación con isto. ¿Fai falta un informe para saber que a información ou que a apoloxía da transfobia, igual que da homofobia, dentro dos centros de educación públicos non é admisible constitucionalmente? ¿Fai falta un informe da Consellería de Educación —por certo, é a que menos colabora coa Valedoría do Pobo, no cal estamos de acordo, é a parte do informe no que máis estamos de acordo; pero botamos en falta que se exercite o artigo 22 da propia institución para reprender polo carácter hostil da propia consellería—? Non.

En emprego público e interior, incremento do 22 % das reclamacións neste sentido, e sen que se faga en ningún momento unha valoración das causas dese incremento, e o desvalemento por silencio da Administración pública, que é un recurso que, efectivamente, debe ser limitado e acoutado completamente, pero faltan medios moitas veces persoais para atender iso en prazo, á parte de instrucións que poida dar a Administración para resolver por silencio administrativo. ¿Onde vai a denuncia política desa situación?

Área de vivenda e desafuzamentos: «Lamentablemente —di o informe— a economía dalgúns fogares segue resentíndose polo impacto da crise económica, aínda que se aprecia —a xulgar polas cifras rexistradas durante o presente exercicio— certa recuperación. Nestes últimos anos viñemos observando que a Administración autonómica exerceu con plenitude a súa función de garante dos dereitos da cidadanía».

Consello Xeral do Poder Xudicial —ano 2016, datos oficiais—: 2.432 lanzamentos; 7 familias ao día perderon a súa vivenda en Galicia en 2016. ¿Isto é o completo e bo exercicio das funcións por parte do poder público autonómico? Se se fai referencia aos últimos anos, no 2015 houbo 2.519 lanzamentos. ¿Isto é unha protección plenamente satisfactoria dos dereitos da cidadanía? Isto é vergoñento como valoración política do informe da Valedoría do Pobo sobre a situación que viven moitas familias desesperadas e que perden o fogar, as súas casas, no noso país. Non é aceptable. (*Aplausos.*)

E non é certo que a valedora non poida facer nada en relación cos bancos, non é certo, porque os bancos obedecen unhas determinadas regulacións de carácter legal e pódese instar a modificación das normas.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Pódese instar a modificación da situación da lei. A lei non vale nada fóra dos dereitos fundamentais, é necesario que a lei respecte os dereitos fundamentais, é necesario que a lei persiga os dereitos fundamentais, é necesario que os reais decretos persigan a realización dos dereitos básicos da cidadanía. Non o digo eu, xa o dicía Krüger, como vostede lembra.

E a ineficacia dos convenios, a ineficacia dos desenvolvementos regulamentarios, a ineficacia dos desenvolvementos administrativos sen diñeiro... ¿Onde vai todo iso? ¿Cantas veces se alude aquí a unha ponderación entre os dereitos fundamentais e o axuste económico e o equilibrio financeiro? Esa é a trampa, a modificación do artigo 135 da Constitución, que establece un principio de ponderación á hora dos bens constitucionais...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ...equiparando o pago da débeda á realización de dereitos fundamentais que comprometen nalgúns casos incluso a vida das persoas. ¡Como podemos equiparar como bens, como bens valiosos, como principios axiolóxicos, idénticos, o artigo 135 e o artigo 15 da Constitución, o dereito á vida e o pago da débeda!

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** ¡Como podemos subordinar os dereitos das persoas ao pago da débeda!

Vou rematando.

**O señor PRESIDENTE:** Non, rematou o seu tempo xa.

Mire o reloxo, mire o reloxo, por favor.

Remate xa, terminou o seu tempo, señor Villares.

Grazas.

**O señor VILLARES NAVEIRA:** Remato o meu tempo denunciando unicamente, no ámbito de sanidade, a total desatención dos dereitos fundamentais derivados do dereito á sanidade, que comprometen o dereito á vida, que comprometen a posibilidade das persoas de recibir medicación única e exclusivamente por razóns económicas, comprometendo a súa saúde e a súa vida. *(Aplausos.)*



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Villares. Rematou o seu tempo.

*(O señor Villares Naveira pronuncia palabras que non se perciben.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular, a señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

En primeiro lugar, quero darlle a benvida á señora valedora do pobo e ao seu equipo, que hoxe a acompaña, e agradecerlle a súa comparecencia e a explicación do intenso traballo que leva desenvolvido a institución que representa no ano 2016. Como xa lle temos manifestado na súa comparecencia na Comisión de Peticións, queremos agradecer especialmente que se centrase nas persoas máis que nas cifras que representan as queixas ou reclamacións, porque certamente detrás de cada estatística hai persoas, persoas que sofren, persoas que teñen un problema que lles causa desazón. Entre todos temos que conseguir solventar estas eivas do sistema e acadar servizos de calidade que repercutan na cidadanía, porque só así avanzaremos, se damos respostas ás necesidades da sociedade.

Representa vostede, señora valedora, unha institución de control que en Galicia reforzamos en época de crise. Mentres noutras comunidades autónomas prescindían de órganos de control institucional, en Galicia decidimos mudar a Lei do Consello de Contas, a Lei do Consello Consultivo e a do Valedor do Pobo, para reforzalos e darlles máis capacidade de control. Proba do desenvolvemento desta normativa é a posta en marcha do Comisionado de Transparencia de Galicia, como vostede nos acaba de informar. E para nós incrementar os recursos de transparencia é fundamental, xa que é un mecanismo que mellora a calidade da democracia, na que cremos e respecto da que nos sentimos comprometidos co seu mantemento, respectamos profundamente os valores que representa.

E grazas a iso hoxe asistimos a unha comparecencia na que se pon de manifesto que a nosa sociedade confía nesta institución e acode a ela cando ten a percepción de que outra institución non está cumprindo coas súas obrigas ou vulnerando algún dereito.

Dende o Grupo Parlamentario Popular coincidimos con vostede, señora valedora, en que a preocupación polos asuntos veña determinada pola desprotección das persoas afectadas máis que polo número de persoas afectadas. Aí podemos falar da preocupación que sentiu a poboación de Vigo ante o traslado do Hospital Meixoeiro ao Álvaro Cunqueiro, que foi o que máis queixas suscitou no ano 2016 —concretamente 50.042—. E debemos puntualizar, señorías, que non foron nin polos recortes nin polo mal funcionamento da sanidade pública, como teñen manifestado algúns malintencionadamente. Decía o señor Rivas que as queixas colectivas non obteñen solucións. Pois ben, dígolle que no caso do Hospital Meixoeiro, este segue funcionando como complexo hospitalario, a diferenza do que sucedeu noutras épocas. Por exemplo, en Santiago temos o hospital de Galeras, que a día de hoxe aínda está en ruínas. Esa é a conclusión que temos que sacar, a de que as recomendacións, as queixas e a mobilización da cidadanía fai reaccionar os gobernos serios e democráticos.

E no que se refire a outras administracións —porque aquí só se fala da autonómica—, tamén hai recomendacións e queixas que se recibiron do ámbito local. Por exemplo, o concello que máis queixas recibiu foi o Concello de Vigo, con 216 queixas. E, entre as deputacións, está a Deputación de Pontevedra, con 44 queixas; fronte ás 13 da da Coruña, 5 da de Lugo e 9 da de Ourense. E tamén o Concello de Pontevedra recibiu 22 queixas. Polo que podemos comprobar, señorías, hai un abano de cores políticas nas administracións sobre as que se tramitou queixas e ás que lles fixo recomendacións por parte da Institución. Pero se a que máis queixas recibiu foi a Administración autonómica, gobernada polo Partido Popular, na lóxica do populismo ¿teríamos que ter pedido a dimisión da valedora? Non, señorías, nós confiamos na democracia, e a democracia é máis pura se mantemos os órganos de control, aínda que non nos guste o que nos digan. Iso deixámosllo a outros: sacar de en medio todo o que molesta, o que lles din e que non queren escoitar, o que lles din que fan mal e o que teñen que corrixir.

E tamén, no marco das queixas que a Institución non puido resolver por algún dos tres motivos que xeran un resultado negativo —por falta de competencia, porque a Administración requirida non aceptase as súas recomendacións ou, aceptándoas, non se corrixise a situación—, nós queremos facer unha reflexión. Resulta sorprendente comprobar que, a pesar de non ter competencia para intervir nun asunto no que se producen prácticas abusivas por parte dunha entidade bancaria, esta responda á institución de control e acepte as súas recomendacións a pesar de non estar obrigada a responder e moito menos a aceptar as súas recomendacións, e, sen embargo, unha administración, como é un concello, faga caso omiso á Institución, como é o caso do Concello de Santiago. E falo do Concello de Santiago porque lidera o ránking de veces que foi requirido pola valedora para prestar axuda e colaboración coa Institución, nin máis nin menos que 19 veces, por non atender aos requirimentos; seguido do Concello de Vigo, 18 veces. Os seguintes concellos aos que se lles reitera a petición de colaboración están entre 4 e 2 veces. A diferenza, cando menos, é significativa.

Por tanto, existe un deber de colaboración das administracións co Valedor nas súas actuacións. E foron varias as administracións ás que se lles realizaron numerosos recordatorios de deberes legais e advertencias, exixindo o respecto á legalidade, tanto á Administración autonómica como a diferentes concellos de diferente cor política. Pero só un saíu aos medios coa pataleta e o berrinche do neno pequeno: o alcalde de Santiago —secundado por vostede, señor Villares, o carteiro de Noriega—. Agardabamos de vostede un pouco máis de altura política, tendo en conta a súa procedencia institucional, e que non rebaixara tanto o seu nivel, como acabamos de ver na súa intervención. (*Aplausos.*) Cando alguén é crítico con vostedes —sexa un periodista, sexa un político, sexa unha institución independente— vostedes responden cun ataque persoal. Parece mentira, señor Villares, que veña dun xuíz que representa a xustiza democrática.

Mire, como lle gusta ler artigos, eu voulle ler o artigo 1 da Institución, e di: «O Valedor do Pobo é o alto comisionado do Parlamento de Galicia para a defensa, no ámbito territorial da Comunidade Autónoma, dos dereitos fundamentais e das liberdades públicas recoñecidos na Constitución e para o exercicio das demais funcións que esta lei lle atribúe». Non para facer crítica política, que ese é o noso labor, o dos grupos parlamentarios, non o da Institución. Se vostede pretende que as institucións de control fagan política, esa é a súa forma de



facer política. Nós non queremos que as institucións de control fagan política, queremos que sigan sendo independentes, como o son ata o de agora. *(Aplausos.) (Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio!

**A señora PRADO DEL RÍO:** Señorías, esta é a nova política, a que di que as leis que non lles gustan non as van cumprir, a que di que van arranxar as pontes para mellorar a dignidade dos que viven debaixo delas, a que retira as subvencións ás entidades do terceiro sector, que tan bo traballo levan facendo durante anos axudando a quen máis o necesita, alí onde a Administración non pode chegar, a que di que os xuíces son árbitros comprados cando eles son os investigados, a que incrementa o prezo dos comedores escolares, a que incrementa os impostos sen importar se afecta a ricos ou pobres, a que non admite críticas porque eles naceron para criticar e non para ser criticados.

Consideramos, señorías, que hai determinadas cuestións coas que non se pode facer política. E así, se a Xunta ten un programa de vivendas baleiras para eses que non teñen voz, para atender as persoas que teñen dificultades para atopar unha vivenda, non hai ningunha razón para que ningún concello negue a súa adhesión ao dito programa. O interese xeral sempre debe primar sobre o interese partidista. Igual que na atención á dependencia, que non pode ser que a Xunta poña á disposición dos concellos milleiros de horas de atención e de axuda no fogar e que, por culpa da mala xestión dos concellos, esas horas queden sen prestar aos cidadáns. Non pode ser que a cabezonería dun alcalde impida aos cidadáns dunha cidade poder beneficiarse das vantaxes do transporte metropolitano. Non pode ser que a Xunta estea en disposición de levar a cabo... *(O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.)* Pero, mire, señor..., se vostede quere ser o portavoz, xa teñen nomeado un portavoz. Pelexen entre vostedes pero non me interrompa. *(Aplausos.) ¡Non me interrompa! (Aplausos.) (Murmurios.)* A verdade é que o respecto e a dignidade aos que apelan algúns... *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Ten razón a señora Prado. Perdoe, señora Prado.

É que ten razón. Está vostede interrompendo sempre, señor Sánchez. E non procede isto.

Grazas.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Claro, non lles gusta, pero hai que escoitar.

Non pode ser que haxa partidos políticos que defendan as políticas de gobernantes como o de Venezuela mentres hai galegos e galegas que non poden cobrar a súa pensión e están ao bordo da pobreza, *(Aplausos.)* xa que non poden percibir ningunha outra axuda. *(Aplausos.)*

Agardamos tamén, señora valedora, que consiga sensibilizar os concellos para que poñan en marcha as medidas correctoras oportunas en materia de ruídos, xa que temos que ser capaces de conciliar o ocio nocturno e o descanso dos veciños. E tamén en áreas tan sensibles como sanidade e educación agardamos que acepten as súas recomendacións, xa que en España en xeral —e en Galicia, en particular— desfrutamos dun sistema sanitario envexable,

de primeiro nivel, e as queixas non poden empañar un magnífico servizo público sanitario como o galego.

Falaba o señor López do número de queixas. E unha cousa é o número de queixas e outra cousa é o número de persoas que reclaman, xa que coincide que unha mesma queixa pode supoñer unha multitude de reclamantes, como sucedeu coa do Hospital Meixoeiro, ou coa do traslado do 112. Vostede dixo que hai 69 queixas máis que o ano anterior —69—. Pero se miramos un pouco atrás, son 46 máis que no 2014 e 390 queixas menos que no ano 2013. É unha cuestión puntual, señor López. Se falamos de reclamantes, claro, hai 50.000 persoas que reclamaron —remato, señor presidente—.

**O señor PRESIDENTE:** Señora Prado, é que é Fernández, non López.

**A señora PRADO DEL RÍO:** ¡Ah!, perdón, señor Fernández.

Remato, señoría.

Quedémonos con que a institución do Valedor do Pobo é unha institución útil, necesaria e cuxa actuación xera unha mellora na prestación dos servizos públicos e na defensa dos dereitos dos galegos e das galegas. Dende o Grupo Parlamentario Popular queremos felicitar a señora valedora pola posta en marcha do Comisionado de Transparencia de Galicia, polos logros obtidos, polos cambios conseguidos grazas ás recomendacións dadas dende a institución que vostede representa e que fai que hoxe a Administración autonómica preste uns servizos de mellor calidade á cidadanía, que é, en definitiva, o que todos buscamos e que todos esperamos. E, cómo non, señora valedora, non perda folgos ante aquelas situacións que aínda hoxe non foron arranxadas e que, coa insistencia e seguimento axeitados, poidamos velas corrixidas o antes posible.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Continuamos co punto 2 da orde do día, que se corresponde co de comparecencias.

**Comparecencia da Sra. conselleira de Infraestruturas e Vivenda, por petición propia, para informar das liñas e programas en materia de rehabilitación de vivendas que vai impulsar a Xunta de Galicia ao longo da presente lexislatura**

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a comparecencia ten a palabra a conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidente.

Comparezo por petición propia hoxe para expoñer as principais liñas de actuación en materia de rehabilitación que imos impulsar nesta lexislatura por parte da Xunta de Galicia, cons-

cientes de que a rehabilitación e a renovación urbana supoñen unha menor ocupación do territorio, un menor consumo dos recursos naturais e un maior aproveitamento tamén do parque de vivendas existentes. Convencidos de que esa é a nova forma que teñen as familias de entender a súa economía e da necesaria racionalización da ocupación do territorio, isto demanda que a rehabilitación ocupe un lugar moi destacado nas políticas públicas da Xunta de Galicia en materia de vivenda.

Así o entendemos no Goberno galego xa na lexislatura anterior e por iso aprobamos o Plan RehaVita 2015-2020, un plan que tiven a oportunidade e expoñer aquí unha vez aprobado na Xunta de Galicia e no que fixamos como gran obxectivo facilitar o acceso á vivenda apostando de maneira decidida pola conservación e a recuperación do patrimonio construído. No Plan RehaVita quixemos darlle especial protagonismo á rehabilitación, e por iso dous dos seus catro eixes están destinados á rehabilitación de vivenda e á renovación urbana, incluíndo programas concretos de rehabilitación illada, de rehabilitación directa por parte da Xunta de Galicia, e tamén unha das máis significativas e relevantes figuras, que son as «áreas de rehabilitación integral».

As liñas deste Plan RehaVita están en execución na súa totalidade practicamente. Eu podo confirmar que hai un éxito notable, tendo en conta as cifras de investimentos e os beneficiarios destas medidas e deste plan.

Se falamos da incidencia e da importancia nos programas de rehabilitación no ano 2016, dende logo, permítanme que empece, en primeiro lugar, polas áreas de rehabilitación integral, ás que lles estamos dando un gran impulso, un especial impulso. Dende o ano 2009 foron declaradas 25 novas áreas de rehabilitación integral, e, entre elas, a Área de Rehabilitación dos Camiños de Santiago, que engloba 107 municipios. E, polo tanto, a día de hoxe Galicia dispón de 70 áreas de rehabilitación declaradas.

Como saben, señorías, este é un programa de axudas para facilitar aos propietarios, ás familias que teñen vivenda, a rehabilitación da súa vivenda e para que os concellos tamén realicen actuacións de urbanización e humanización na súa contorna. No ano 2016 foron 7,5 millóns de euros os que destinamos para as áreas de rehabilitación integral, e, polo tanto, fomos quen de permitirnos actuar en preto de 1.000 vivendas. Só no relativo ao programa de vivendas do Camiño —que son as áreas destinadas ao Camiño de Santiago— concedemos 360 axudas de rehabilitación no ano 2016. E no ano 2016 tamén dedicamos 5 millóns de euros a financiar rehabilitación de vivendas no medio rural e nos conxuntos históricos, e permitiunos actuar en practicamente 1.000 vivendas —e, polo tanto, axudar a 1.000 familias—. Outro millón de euros foi en axudas ás comunidades de propietarios, que nos permitiu actuar en 620 vivendas. Houbo outras 200 familias que se beneficiaron de diferentes axudas de rehabilitación de edificios e vivendas, tamén dos programas de reparación de infravivendas no rural. E tamén, por suposto, no ámbito da vivenda pública foron 900 familias practicamente —que residen en vivenda pública en réxime de alugueiro— as que viron que a Xunta actuaba para as reparacións nesas vivendas e, polo tanto, que viron que se actuaba en materia de rehabilitación. A Xunta destinou para estas vivendas 1,2 millóns de euros —para estas 900 vivendas públicas, para axudar a 900 familias—. E, dende logo, ese esforzo que realizamos o ano pasado dende o Goberno galego supuxo en materia de vivenda pública unha

especial actuación, porque actuamos en 1 de cada 3 vivendas do parque público de vivenda en alugueiro.

Polo tanto, con estas cifras na man eu creo que podo afirmar que os balances de todos os programas de rehabilitación de vivenda o ano pasado tiveron un resultado altamente satisfactorio. No ano 2016 a Xunta destinou axudas de actuación directa en materia de rehabilitación que supuxeron 17 millóns de euros e que, polo tanto, permitiron axudar a preto de 3.700 familias, xerando tamén un investimento inducido de preto de 40 millóns de euros. Datos que supoñen, dende logo, un revulsivo para seguir avanzando, que nos animan a seguir traballando nesta liña e continuar afondando e impulsando medidas de rehabilitación e, por suposto, creando novas medidas e novas iniciativas en materia de rehabilitación.

Apostamos por redobrar esforzos. Como dicía, as rehabilitacións consideramos que son unha solución eficiente, sustentable e de futuro. E, polo tanto, estamos apostando pola rehabilitación para crear vivendas para as familias e tamén minorar o impacto no noso territorio.

Coñecemos tamén a súa incidencia directa na mellora da calidade de vida dos galegos que viven nos barrios e nas áreas onde se levan a cabo as actuacións de rexeneración urbana. E tamén sabemos que a rehabilitación actúa tamén como un importante factor dinamizador da actividade e tamén do emprego, porque, como saben, a rehabilitación é a actividade que máis emprego xera por euro investido.

Somos tamén conscientes de que a conservación e a recuperación do patrimonio construído, máis alá de abrir novas oportunidades de acceso á vivenda, proporcionar aos cidadáns contornos máis axeitados e tamén contribuír á reactivación económica, teñen un alcance moito máis extenso: revitalizar vilas, revitalizar cidades, darlles vida a barrios emblemáticos e, polo tanto, atraer máis turistas e tamén poñer en valor ese patrimonio arquitectónico que temos, que realmente é a identidade cultural de Galicia. De aí que nesta lexislatura teñamos formulado a Estratexia global de rehabilitación, que xa ten o seu reflexo nos orzamentos do ano 2017.

Señorías, o certo é que nos orzamentos deste ano, do ano 2017, da Consellería, lle damos un forte pulo á vivenda, que acumula xa catro anos consecutivos de incrementos, pero neste ano 2017 supuxo un incremento do 8 %, se nos centramos en capítulos de investimento; (*Aplausos.*) unhas partidas que sitúan en lugar destacado a rehabilitación — máis de 29 millóns de euros—, o que supón un incremento, en materia de rehabilitación, do 19 % con respecto ao ano anterior. E ao que hai que engadir os 10 millóns de euros que destinamos ao Fondo de Cooperación, que, pola súa singularidade, non está no crédito inicial dos orzamentos, pero que, por suposto, é un crédito xerado nos orzamentos deste ano.

Polo tanto, 40 millóns de euros, practicamente, para destinar este ano 2017 á rehabilitación, e non só para continuar cos novos programas que confirmaron a súa efectividade, senón para crear novos programas, cos que temos previsto para chegar, dende logo —que é ese o noso obxectivo—, a máis familias para facilitar o acceso á vivenda.

Deste xeito, como dicía, as áreas de rehabilitación integral —pioneira Galicia nesta materia, e segue a ser un referente— seguirán sendo unha ferramenta clave nesta lexislatura e neste

ano 2017. Neste ano, 12 millóns de euros, e, polo tanto, un 30 % máis para esas áreas de rehabilitación integral con respecto ao ano anterior, que, como dicía, Galicia dispón actualmente de 70 áreas, dúas, por certo, declaradas, a poucos meses de iniciar xa esta nova lexislatura, a de Recimil, en Ferrol, e a de Caldas de Reis. O noso obxectivo é seguir promovendo declaración de áreas de rehabilitación integral e por iso a máis emblemática, na que estamos traballando de forma intensa, é a do Parque Natural das Illas Atlánticas, co obxectivo de facilitar as actuacións de rehabilitación nas vivendas existentes en Ons. *(Aplausos.)*

En canto a programas de rehabilitación de vivendas de promoción pública neste ano 2017, temos destinados para actuacións directas do Instituto Galego de Vivenda e Solo 1,4 millóns de euros, e tamén axudas ás comunidades de propietarios de vivendas de promoción pública, ás que destinaremos un millón de euros.

Cómpre salientar, por exemplo, que hai unha semana, o 18 de abril, ao abeiro deste programa, xa licitamos as obras de reparación de novas vivendas en Ferrol, de promoción pública, —142.000 euros—, e o pasado 10 de abril tamén licitamos as obras de reparación de 8 vivendas do Novo Mesoiro, na Coruña.

En canto ao eido de rehabilitación edificatoria neste ano 2017, 2,7 millóns de euros son os que temos destinados a subvencións de edificios residenciais colectivos, xerando, polo tanto, un investimento inducido de 8 millóns de euros, cuxa convocatoria publicaremos nas vindeiras semanas.

Tamén nos próximos días, máis convocatorias; imos convocar as axudas do Programa específico para vivendas no medio rural en conxuntos históricos, para o remate de fachadas e de cubertas, 1,5 millóns de euros; nos próximos días licitaremos esta convocatoria. Para a liña de subvencións de rehabilitación en infravivendas rurais, medio millón de euros, que se publicará nos próximos días esta convocatoria. E tamén axudas aos propietarios da obtención do informe de avaliación do edificio, 800.000 euros; un informe necesario e indispensable para acceder a estas axudas públicas.

Permítanme tamén falar do programa Rexurbe, un programa que aglutina as obras de rehabilitación directa por parte da Xunta de Galicia, ás que destinaremos neste ano 3,5 millóns de euros, polo tanto, catro veces máis que o previsto no ano 2016. Iso por suposto que nos permitirá dar un novo impulso a actuacións de rehabilitación en zonas históricas, en zonas emblemáticas como Betanzos, Ourense, Mondoñedo e tamén na Tinería, en Lugo. *(Aplausos.)*

En Betanzos estamos a punto de adxudicar novas actuacións de rehabilitación no casco histórico. En Ourense, a semana pasada, iniciamos as obras de rehabilitación de dúas vivendas na calle Villar, e proximamente —en calquera caso, antes do verán— licitaremos dúas vivendas máis para seguir rehabilitando no casco histórico. En Mondoñedo, mañá mesmo licitaremos e iniciaremos a contratación de dúas vivendas na praza dos Muíños. E na Tinería, en Lugo, tamén mañá mesmo licitaremos as actuacións correspondentes a cinco actuacións de rehabilitación cun importe superior aos 800.000 euros. Ademais, para promover e facilitar todas estas actuacións, imos poñer en marcha os centros Rexurbe, oficinas para o impulso

da rehabilitación e rexeneración urbana que teñen un carácter especialmente social e tamén dinamizador.

Por suposto que non me podo esquecer do casco vello de Vigo, no que o 90 % da participación é da Xunta de Galicia, onde continuaremos con actuacións de rehabilitación, e este ano, no ano 2017, dous millóns de euros para continuar recuperando inmobles e tamén apostando pola rehabilitación no casco vello de Vigo.

Señoría, en canto aos novos programas, cómpre subliñar que xa están activadas axudas para a mellora da eficiencia enerxética; novos programas que iniciamos este ano 2017 e unha nova liña de traballo que permite aos concellos realizar actuacións en vivenda da súa propiedade e facilitar a intervención directa do Instituto Galego de Vivenda e Solo nas vivendas de promoción pública. No primeiro caso, as axudas a concellos foron activadas o pasado 25 de xaneiro con 500.000 euros. Acabou o prazo de presentación de solicitudes o pasado 26 de marzo, e estamos avaliando as peticións para dar esas subvencións, que nos permitirán outorgar ata o 80 % do orzamento protexible.

Por outra banda, tamén no marco deste programa, dende o Instituto Galego de Vivenda e Solo acometeremos actuacións directas de rehabilitación en materia de eficiencia enerxética en vivendas de promoción pública construídas por este organismo e, polo momento, xa se licitaron e adjudicaron actuacións de mellora da eficiencia enerxética en tres grupos de vivendas en Santiago. En total, actuamos en 116 vivendas: 70 en Belvís, 21 nas Cancelas-Mallou e 25 en Ponte Pereda. Tamén a semana pasada, como estamos continuando e iniciando contratacións este ano, melloras de eficiencia enerxética en vivendas de promoción pública en Melide, tamén en vivendas de promoción pública en Méndez Pelayo, en Vigo e en 45 vivendas tamén en Becerreá. E ao longo dos vindeiros meses licitaremos tamén actuacións, para sumar ás xa licitadas, en Melide, en Cerdido e en Pontevedra, concretamente en Monteporreiro.

Por outra banda, tamén queremos impulsar a rehabilitación das antigas casas dos mestres; casas e vivendas existentes en moitas zonas de Galicia, principalmente no rural, porque, dende logo, prestaremos e estamos prestando especial atención ao rural. No segundo semestre deste ano, imos activar estas axudas para que os concellos poidan acceder a elas e poder rehabilitar estas antigas vivendas dos mestres con fin de recuperar ese patrimonio construído en desuso. Son 400.000 euros que destinaremos a rehabilitar as antigas vivendas dos mestres.

E, señorías, tamén temos unha nova medida, unha nova medida social, que é o ReHaluga, un novo programa da Xunta de Galicia. Son axudas para a rehabilitación das vivendas con destino a alugueiro social. O obxectivo é incentivar o programa de vivendas baleiras. (*Aplausos.*) A cambio desta axuda o propietario comprométese a incorporar a súa vivenda ao programa de vivendas baleiras, é dicir, a crear unha bolsa de vivendas sociais a partir dun conxunto de vivendas desocupadas. Como saben, xa hai 41 concellos incorporados, e queremos incentivar este programa de vivendas baleiras. Este novo programa ReHaluga permitiranos reducir o número de vivendas en mal estado e, por suposto, o máis importante, dar resposta ás necesidades das familias que se atopan en situación de dificultade en materia de vivenda.



A convocatoria de axudas será publicada tamén proximamente, nos próximos días, e estará dotada de 200.000 euros, tamén con novas medidas e novas iniciativas. Temos avanzando no Programa de concesións de préstamos sen intereses a particulares, intereses tamén bonificados, o que permitirá realizar actuacións de renovación das vivendas a particulares. O pasado 3 de marzo —avanzando nesta última liña que acabo de comentar— asinamos con catro entidades financeiras un convenio de colaboración para incentivar a concesión de financiamento para a actuación de rehabilitación de edificios de vivendas; un convenio no que a Xunta pon á disposición por primeira vez préstamos a interese cero a particulares para aquelas familias con ingresos de ata catro veces o IPREM. Polo tanto, un fogar con tres membros, cuxos ingresos sexan inferiores a 37.400 euros ao ano, contará con préstamos sen intereses. É, polo tanto, unha nova medida social en materia de rehabilitación.

Na convocatoria deste ano, prevista para o vindeiro mes de maio, destinaremos a esta nova medida 500.000 euros, que estimamos que xerará un investimento inducido para este ano de 9 millóns de euros, e para o período 2017-2020 as axudas acadarán os 10 millóns de euros, co que prevemos un volume total de préstamos de arredor de 180 millóns de euros. Polo tanto, estimamos que poderemos chegar a beneficiar a máis de 6.000 familias galegas.

Tamén nas próximas semanas activaremos unha nova convocatoria, o Fondo de Cooperación cos Concellos, un programa destinado a eses concellos de menos de 50.000 habitantes; préstamos aos concellos a interese cero co obxectivo de recuperar esas edificacións dos seus cascos históricos ou de realizar outras intervencións en materia de rehabilitación.

Con cargo ao Fondo de Cooperación —tamén unha medida novidosa en materia de rehabilitación— poderanse financiar actuacións promovidas polos concellos no desenvolvemento das súas competencias que lles atribúe a propia lexislación urbanística, obras de rehabilitación e rexeneración urbana realizadas polo Concello dentro das súas propias políticas municipais ou tamén a adquisición de inmobles para a súa posterior rehabilitación. Con este fondo, que está dotado de 10 millóns de euros, as contías serán devoltas polos concellos para volver formar parte deste fondo de cooperación.

En total, señorías, e por resumir toda esta batería de iniciativas, estímase que o conxunto de axudas e programas da Xunta de Galicia a destinar no ano 2017 supón un investimento total de 40 millóns de euros, que beneficiará a 6.300 familias, e que xerará un investimento inducido no ano 2017 de 58 millóns de euros. Polo tanto, un paquete de medidas cuantioso, un paquete de medidas ambicioso para chegar a moitas máis familias, con novas iniciativas e co reforzo das medidas xa existentes na pasada lexislatura.

E unha estratexia de rehabilitación galega, na que temos avanzado xa camiño. En poucas semanas estará en pleno desenvolvemento esta estratexia de rehabilitación, ao terse publicado a maioría das ordes de axudas e ao ter licitadas moitas iniciativas, gran parte delas previstas neste ano 2017; unha estratexia de rehabilitación que se verá enriquecida con outros instrumentos, outras ferramentas tamén novidasas, como o XIS de eficiencia enerxética, para facilitar e mellorar as actuacións de rehabilitación en materia enerxética, e tamén con outra ferramenta importante, que é o Observatorio da Vivenda, que crearemos este ano, para facilitar o acceso á información e ao coñecemento en materia de vivenda e para que sirva de

apoio á toma de decisións no ámbito público e tamén no referido á rehabilitación; un observatorio que facilitará o coñecemento do mercado inmobiliario residencial de Galicia e das necesidades e actuacións de rehabilitación por parte das administracións públicas, por parte dos axentes sociais e por parte de todos os cidadáns.

E quizais o máis importante é que crearemos un novo instrumento normativo, que é a Lei de rehabilitación de Galicia, na que estamos xa a traballar conxuntamente coa Dirección Xeral de Patrimonio desde o primeiro día e o primeiro minuto en que formamos goberno, cuxo principal cometido é impulsar e axilizar as actuacións en materia de rehabilitación e renovación urbana, con especial atención aos cascos históricos. Facilitar as intervencións dos particulares e coordinar as políticas públicas son o noso obxectivo.

Trátase de habilitar un instrumento normativo que permita dar resposta ás necesidades de actuación en vivendas e locais, mellorando os servizos de infraestruturas, atendendo ás demandas de mobilidade e fomentando a eficiencia e o uso de enerxías renovables. Esta lei prevé a realización de plans de viabilidade e diagnose e medidas de coordinación, simplificación administrativa e tamén de financiamento.

Coido, señorías, que a aposta deste goberno galego pola rehabilitación é clara. Faremos un esforzo importante en materia de rehabilitación, con inxentes recursos, impulsando novas medidas, novas liñas de traballo, novos programas tamén de financiamento que favorezan e faciliten a rehabilitación en Galicia, tanto por parte da Xunta de Galicia como por parte das outras administracións como de promotores privados e tamén de propietarios dos inmobles. Con esa estratexia de rehabilitación buscamos maximizar os beneficios dos cidadáns con actuacións nas súas vivendas que redunden nunha mellora da calidade de vida.

Tamén para o conxunto da comunidade apostamos pola recuperación de barrios e conxuntos históricos das nosas vilas, das nosas cidades, que contribúan a darlles vida e tamén que contribúan á súa dinamización social e tamén económica, e ademais, co máximo respecto ao contorno, coa racionalización da ocupación do territorio e tamén coa recuperación do patrimonio construído. Unha aposta pola rehabilitación que é unha forma de construír Galicia, de traballar para unha mellor Galicia, recuperando zonas emblemáticas das nosas cidades e rehabilitando núcleos rurais para crear identidade en Galicia.

Nesta primeira intervención tratei de contar cales son os eixos principais da Consellería nesta lexislatura en materia de rehabilitación, os principais programas de actuación e as previsións que temos. En todo caso, eu tratarei nas seguintes intervencións de afondar nalgún caso máis ou nalgúns puntos concretos que vostedes consideren. Polo tanto, á súa disposición para clarear, para completar calquera cuestión ou calquera proposta que fagan; dende logo, prestarei a máxima atención ás suxestións e ás propostas que fagan todos vostedes.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora conselleira.

Comezamos agora a rolda dos grupos parlamentarios.

Por parte do Grupo Parlamentario do BNG ten a palabra o señor Bará Torres.

**O señor BARÁ TORRES:** Moi bo día.

A verdade, señora conselleira, que foi un pouco decepcionante a súa intervención, porque non fixo, en realidade, ningún anuncio novo, ou moi poucos. A maior parte da súa intervención limitouse a repetir cuestións que xa tratou na súa comparecencia dos orzamentos e tamén na comparecencia que fixo aquí no Pleno; polo tanto, hai poucas novidades. E a proba de que hai poucas novidades e pouco entusiasmo é que tampouco espertou moito entusiasmo na bancada popular, incluso con eses aplausos un tanto descoordinados e forzados. A verdade é que non houbo moi boa conexión pola súa parte ou, polo menos, non houbo moita resposta por parte dos seus compañeiros e compañeiras.

Eu quedo, como principal anuncio da súa intervención, coa rehabilitación das antigas casas de mestres no rural, que se van convocar no segundo semestre, cunha contía de 400.000 euros. Non digo que non sexa unha cuestión relevante a recuperación destas vivendas, pero paréceme unha cuestión pouco ambiciosa e pouco novidosa, porque a maior parte do resto das cuestións das que falou vostede foron —xa digo— repetición ou explicación de liñas que na súa maioría xa se viñan desenvolvendo.

Pero, ben, eu creo que, neste caso e neste tema, sería bo facer un pouco de memoria, un pouco de historia; a historia nunca vén mal. Non sei vostede onde estaba no ano 1997, non sei se xa era militante do Partido Popular daquela ou o foi máis tarde. Supoño que sería... (A señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda, Vázquez Mourelle, pronuncia palabras que non se perciben.) ¿Eh? Estaba estudando na... (A señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda, Vázquez Mourelle, pronuncia palabras que non se perciben.) ¿Xa acabara a carreira? Moi ben. (Murmurios.) Pois, no ano 1997, aprobáronse —non sei se recorda— as medidas liberalizadoras en materia de solo, gobernando o Partido Popular do famoso presidente señor Aznar. ¿Recordan os señores do Partido Popular, non? Pois ben, a partir daquel momento, veu o *boom* e a burbulla inmobiliaria, que tivo despois as consecuencias que xa sabemos, co agravamento da crise bancaria. ¿Non lles gusta a historia, non? Ben, pois a realidade é que ese fenómeno —non me refiro ao señor Aznar nin ao señor Rato, do que falaremos despois— provocou... (Murmurios.) Non, non é para... Xa o dicía Castealo: «Non vos riades, que o conto é triste». Efectivamente, o conto é triste porque levou a un auténtico drama social, a centos de miles de persoas que perderon a vivenda, que perderon os salarios, que perderon os dereitos. Esa é a historia recente deste Estado e deste país que hai que recordar aquí, e que levou, ademais, a un rescate multimillonario, con miles de millóns de euros da banca a custa de todo ese sufrimento, de toda esa traxedia social.

¿E saben quen foi o artífice de todas esas políticas expansivas e de...? Un tal señor Rodrigo Rato, do que dixo Emilio Botín: «Rato, el mejor ministro de la democracia». E do que dixo a señora Cospedal: «Solo tengo elogios para Rato». E do que dixo o señor Aznar: «Rodrigo Rato ha sido, de largo, el mejor ministro de Economía y Hacienda de la democracia española». E tamén o señor Rajoy, loxicamente, falou do señor Rato: «Voy a hacer una política» —isto díxoo no 2004— *económica como la que hizo Rodrigo Rato en España durante ocho años*. E despois dixo máis adiante: «Creo que Rodrigo Rato sería un extraordinario presidente de Caja Madrid,» —un

home visionario, ¿non?— «y si alguien no lo cree, que lo diga, porque a ver quién puede ponerle una pega a una persona con la trayectoria en el ámbito económico como la que tiene el señor Rato».

Ben, xa sabemos que pasou con aqueles gobernos do señor Aznar dos anos 1996–2000 e 2000–2004, os récords que teñen de imputacións, de procesamentos e de condenas, onde están algúns deses ministros neste momento e sabemos tamén o que lle está pasando ao Partido Popular nos últimos tempos con respecto a estas cuestións. E tamén chegan aquí as consecuencias porque aumentan as amizades perigosas do señor Feijóo, que comparte ou compartiu, ao longo destes anos, asento no comité executivo do Partido Popular con toda esta retahíla de destacados dirixentes e gobernantes que están sendo imputados e procesados polas súas políticas corruptas. E tamén está o caso de Villar Mir, que nos toca aquí, que non acaba máis de empezar, con esas relacións tan íntimas e tan intensas co Partido Popular en materia de financiamento e que está pendente de decisións transcendentais da Xunta de Galicia. Estaremos atentos a todas esas cuestións.

Ben, a realidade é que «de aquellos polvos, estos lodos», ou, máis que lodos, o cheiro pestilente da corrupción que rodea e que medra arredor e dentro do Partido Popular.

Eu supoño que, no fondo, sentirán vergoña de todas estas cuestións, porque o outro día un deputado do Partido Popular dicía que estaba moi feliz de todas as noticias que estaban saíndo de imputacións e detencións. Eu supoño que, no fondo, no fondo do seu corazón, señora conselleira, sentirán vergoña por toda esta realidade.

E todo isto ten moito que ver coa vivenda, efectivamente, ten que ver moito coa política de vivenda, coa política económica, coa política social; coa política de vivenda que se veu facendo nas últimas décadas e que levou a esa situación. E agora, efectivamente, fálannos de rehabilitación, pero temos que falar e contextualizar a política de rehabilitación nun contexto máis global de falta de política integral de vivenda. Vostedes o que fan son medidas parciais, medidas limitadas, medidas illadas, medidas inconexas e que en moitos casos son nada máis e nada menos que unha resposta a situacións de emerxencia, a situacións concretas, á presión social, pero non van de verdade á raíz do problema, a garantir o dereito á vivenda, a resolver a situación dramática que teñen centos de miles de persoas no noso país e que está causada por un modelo económico baseado na especulación, un modelo esencialmente inxusto e corrupto que levou ao empobrecemento, ao espolio e ao roubo de renda e de dereitos de moitísima xente, e cun alto prezo; prezo de custos humanos, de custos sociais e de custos económicos, porque entre outras cuestións lle custou ao erario público máis de 60.000 millóns de euros de axudas á banca. Iso levou tamén a un incremento desmesurado do déficit público, ao endebedamento das administracións públicas e, polo tanto, a dispoñer de menos recursos para poder destinalos a políticas sociais, entre elas, a políticas de vivenda.

E, claro, vostede fálanos aquí do Plan galego de vivenda 2015–2020 e do Plan RehaVita cun triunfalismo claro nas súas manifestacións, e a realidade é que o balance non é para tanto triunfalismo, porque estamos vendo como hai un retraso, unha baixa execución das medidas propostas e dos orzamentos e, polo tanto, non é para tanto triunfalismo. Hai un incumprimento, como tamén hai incumprimento no Plan estatal de vivenda 2013–2016. Non lle vou recordar aquí cando se asinaron os convenios, cando se puxeron en marcha as convocatorias e

por que o Goberno do Estado tivo que ampliar o prazo para o 2017 cando moitas das actuacións previstas aí aínda non están executadas. Tívoise que prorrogar o plan un ano máis. Estamos pendentes de saber aínda cal vai ser o novo plan de vivenda estatal para os anos 2017-2020.

Polo tanto, nós o que lle pedimos aquí é un plan, un verdadeiro plan de choque, con medidas estruturais, que leven a cambiar o marco normativo para garantir a vivenda como dereito e para promover a intervención pública no mercado da vivenda. Temos aí unha ferramenta que pode ser eficaz como, por exemplo, todo o parque público da vivenda que é propiedade da Sareb; esas vivendas poderíanse mobilizar. Son centos de miles de vivendas que se poderían mobilizar para o alugueiro tamén en Galiza e evitar que a Sareb funcione como unha inmobiliaria pública que especule con vivendas que foron espoliadas á xente que perdeu o seu posto de traballo por unha mala política económica.

Está claro tamén que hai que apoiar a rehabilitación, pero, claro, vostede aquí o que fixo foi anuncios de medidas que xa se viñan facendo, e moi poucas medidas novidosas, por iso non entendo moi ben a razón desta comparecencia. Non sei se é unha especie de orde que lle deron ou rutina pola que teñen que vir aquí contar cousas, pero, para contar cousas que xa nos contaron dúas veces, pois a verdade é que non lle vemos moito sentido.

Con respecto á rehabilitación, falounos vostede, por exemplo, do Plan Rexurbe, e a verdade é que nos fala aquí de que van facer rehabilitacións en tres ou catro concellos, para todas as necesidades que hai no país e para todas as promesas que fixeron, porque, claro, o Plan Rexurbe, polo que eu entendo das explicacións que deron vostedes nos seus anuncios públicos, supón a compra dos edificios e a súa rehabilitación con fondos públicos. E a min non me dan as contas porque, claro, con 3,5 millóns de euros por ano non sei como pensan chegar vostedes, porque o anuncio que fixeron foi de 500 edificios, 1.500 vivendas e 350 locais comerciais. ¿Como van dar feito isto nunha lexislatura mercando e rehabilitando todos eses edificios? Iso por non falar dos criterios que seguen, por exemplo, vostedes para decidir que concellos forman parte do Plan Rexurbe, porque vemos tamén aí certo sesgo... O outro día saía na prensa que o alcalde de Noia —o famoso alcalde de Noia— falara co director do IGVS para facer tamén alí un plan Rexurbe. É dicir, non sei cal é o criterio. Non sei se vostede despois nos pode explicar cal vai ser o criterio para decidir que concellos se van acoller ao Plan Rexurbe.

E, claro, falou vostede de Betanzos, e Betanzos non é, precisamente, un bo exemplo da boa xestión da súa consellería. Vostede non estivo todo este tempo, pero resulta que en Betanzos a Xunta mercou no ano 2011 nove edificios e están aínda sen rehabilitar, e agora anuncian que van rehabilitar para o ano, entre este ano e o 2017, 3 deses 9 edificios que compraron no ano 2011. A verdade é que os resultados son bastantes pobres, jeh!, e Betanzos non é moi bo exemplo do que vostedes levan feito...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** Si, remato.

En todo caso, nós, se queren, podemoslle dar tamén bos exemplos de como se rehabilita, de como se recuperan os cascos urbanos. Podemoslles falar de Allariz, podemoslles falar de Pon-



tevedra. Hai moitos bos exemplos, moitas boas prácticas —non só de gobernos do BNG—, por certo, que son exemplos de esforzos que están facendo os concellos para rehabilitar, para recuperar, para gañar poboación, para dinamizar os centros históricos.

E despois vostedes sorpréndennos tamén con cambios de denominación. Señora conselleira, na anterior comparecencia falábanos de que ía facer unha lei de cascos históricos; agora xa se chama Lei de rehabilitación de Galiza; non sei como se vai chamar finalmente, pero gustaríame que mo aclarase.

Polo tanto, para rematar, o que lle pedimos é menos propaganda, menos botafumeiro, máis realidades, máis feitos e máis dereitos, e dicímosllo hoxe, sobre todo, que é 25 de abril: máis dereitos para o pobo, que é quen máis ordena.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Grazas, señor presidente.

Bos días a todas e a todos.

Quero comezar celebrando a presenza da señora conselleira e a súa iniciativa de dar traslado hoxe aquí das liñas xerais de actuación para esta legislatura en materia de rehabilitación. E penso que é moi acaído que o faga, dado que, señora conselleira —vostede sábeo ben—, o pasado ano non foi precisamente o seu mellor ano.

Dos 15,2 millóns orzados para o fomento de rehabilitación executáronse apenas 2,15, isto é, un 15,8 % do orzamento previsto; e non o digo eu, está aquí nos datos de execución do orzamento do pasado ano. (*Aplausos.*) Algo, sen dúbida, fallou —e de xeito estrepitoso— na súa política de rehabilitación. Por iso permítame que lle diga que —inxenua de min— pensei que viña hoxe vostede aquí explicar este pésimo resultado. E, tras a súa intervención, quedame claro que non, que vostede debe incluso pensar que foi todo un éxito.

A pesar de que aumentaron o orzamento para este ano —e é certo—, en detrimento da política de acceso á vivenda, nada hai da experiencia do pasado ano, señora conselleira, que nos faga pensar que o nivel de execución deste ano vai ser mellor, e menos aínda que o fagan retirando fondos e orzamento de programas que, curiosamente, si tiñan un nivel de execución por riba do 90 %. Permítanos, polo tanto, que desconfiemos profundamente do éxito deste novo rumbo, que nós vemos totalmente desnortado.

E, por outro lado, en relación co que nos expuxo agora na súa intervención, o dos resultados de execución do pasado 2016, teño que dicirlle que non nos colle por sorpresa. Nunha Galicia acostumada á choiva, a súa política é como o orballo: nin molla nin cala; iso si, sérvelle de escusa para vender paraugas. Os galegos, señora conselleira, en termos de vivenda, estamos



desexando que chovan solucións, e que vostedes, sobre todo vostedes, se mollen. Pero orballar ou poallar plans cun nivel tan baixo de execución non son estratexias que permitan que nada xermine e medre con forza. Porque os programas de rehabilitación da súa Consellería demostraron no 2016 ser iso: pequenas gotas de auga nunha seca tremenda, que, por tímidas, evapóranse antes de chegar ao chan.

Díxenllo xa recentemente, señora Vázquez: non é que vexamos mal a existencia dos plans que están en vigor nin os que hoxe presentou e anunciou, pero sexamos claros: as cifras que os preceden, o éxito da súa execución, condénaos á insignificancia. Estamos a falar dunha política que non supón máis que un 0,024 % do total do orzamento da Xunta de Galicia. Eu, que lle son de ciencias e entendo ben os números, 0,024 % é o mesmo que tendencia ao cero, e para os de letras, tendencia ao cero é igual a nada. (*Aplausos.*)

Esa é a importancia deste goberno polas políticas de rehabilitación, a demostración de que os titulares que ofrecen aos galegos son iso: titulares, pero non se traducen en nada, señora conselleira, en nada.

Para entender isto, analicemos os precedentes dalgúns destes plans. No programa de rehabilitación no rural e vivendas no Camiño de Santiago, as partidas previstas para ambos os ámbitos dentro do programa 451.A son menores ás orzadas o pasado ano, un 80 % menos no caso das vivendas no rural e un 60 % menos nas do ámbito do Camiño de Santiago. Supoño que xa se deron conta, polo éxito obtido, de que non son plans que poidan dar moito máis de si.

E, analizando estes plans, pódese constatar que son axudas de resistencia. E ¿que quero dicir con isto? Pois que están deseñadas para que unhas axudas que deberían ser un incentivo e un impulso á rehabilitación se convertan nun proceso difícil de superar, de pura resistencia. Vexamos como funcionan.

Primeiro solicítase o informe de cualificación provisional; isto leva dous meses. Logo complétase a redacción do proxecto, solicítanse os permisos, as licenzas; o tempo medio de tramitación en Galicia de xestión dunha licenza menor —imos poñer o caso máis áxil— é duns dous meses. Iníciase a obra; poñamos outro mes. Rematan as obras, solicitan a cualificación definitiva e agardan a resolución, nun prazo de dous meses. Ben, por agora levamos sete meses coa tramitación dun expediente. E, unha vez obtida a resolución da cualificación definitiva, hai que agardar á publicación no *Diario Oficial de Galicia* da próxima convocatoria das axudas e presentar a solicitude de acordo co modelo normalizado que se publique xunto coa convocatoria. Poñamos o caso de que isto ocorre ao mes seguinte de rematar as obras e da cualificación definitiva; tramítana e logo agárdase á confirmación de fondos e concesión da mesma, nun prazo de tres meses.

Resumindo, estamos a falar de que, no caso dunha obra menor, que pode ser un simple arreglo de fachada, once meses, case un ano, é o tempo de agardar para optar a unha subvención, no caso —repito— dunha obra menor, e no mellor dos casos. Porque, se nos pomos nos tempos de tramitación dunha obra maior, teña claro que os tempos irán a máis de dous anos, probablemente tres.

Por tanto, o que aquí lle expoño é a realidade da rúa, o que está a acontecer aos galegos e galegas que deciden emprender unha rehabilitación e se plantexan obter algunha axuda.

E digo eu: con este panorama, ¿cre de verdade que este plan de axudas cumpre a función de incentivar a alguén a emprender unha rehabilitación que non tiña pensado emprender? Eu non sei vostedes, pero as axudas, das que un ten que ter claro dende un principio que non pode depender delas, pois iso, serán axudas extraordinarias, premios á paciencia, pero nunca incentivos á promoción.

Penso que este é un tema no que deberían reflexionar e que deberían abordar, máis aínda cando se demostra, polas cifras do pasado ano, que non se chegou a executar —repito— máis que un 15,8 % do previsto, o que fala da alta susceptibilidade de mellora dos plans actuais e dos seus enfoques.

Apuntar tamén, en referencia ás axudas e á consideración dos feitos subvencionables, como seguen a existir lagoas ou baleiros que aínda están por encher no eido das axudas. Refírome ao caso daquelas arquitecturas singulares de Galicia que, a pesar de estar nos catálogos de proteccións de plans municipais, non poden acceder a axudas por non estar incluídos en ningunha área de rehabilitación específica ou tampouco estar considerados como BIC. Polo tanto, os seus propietarios contan con construcións que, na realidade, teñen sobre si todas as proteccións e restricións, pero sen opción a axudas que favorezan e incentiven a súa correcta conservación.

E, voltando ao eido do fomento da rehabilitación daquelas vivendas que se atopan no Camiño de Santiago, no Grupo Socialista interésannos ambas as dúas vertentes da rehabilitación: a que vela pola conservación do patrimonio e a que pon o acento na mellora das condicións de vida dos galegos e das galegas.

E ¿por que comento isto? Porque se o fin é a mellora da paisaxe dos diferentes tramos do Camiño de Santiago, ¿que teñen pensado facer, señora Vázquez, coa porcentaxe de vivendas que están baleiras e que non entran nestas axudas por non ter potencial para seren postas en alugueiro? ¿Que tipo de medidas de recuperación destas vivendas teñen pensado abordar? Non se pode obviar que en moitas destas poboacións a perda da mesma é un feito constatable, o que dificulta a súa oferta como vivendas de alugueiro. Doulle cifras: só no Camiño Francés ao redor dun 40 % do patrimonio residencial construído son vivendas non principais, unhas 31.900, e destas, a metade, sobre 16.000, están baleiras.

Cifras similares se repiten nos concellos polos que pasa o resto dos seis trazados do Camiño. A isto lle temos que sumar o feito de que en Galicia son preto de 51.500 as vivendas non principais en concellos de menos de 2.000 habitantes e preto dun 40 % tamén destas, unhas 21.000, están baleiras.

As axudas, polo tanto, deixan fóra preto dun 40 % das vivendas do ámbito do rural e entre un 30 % e un 40 % das situadas no ámbito dos camiños de Santiago. E as baleiras, que forman o 20 % do total, son as que de verdade deberían preocupalos.

Evidentemente, non precisan de axudas, senón de políticas que, tendo en conta todo este patrimonio construído, consigan atraer poboación a estas áreas, que claramente a están perdendo ano tras ano, o que provoca unha perigosa exposición á degradación patrimonial.

E dígame, señora conselleira: ¿que aportan vostedes para reactivar ese rural, ademais de agardar a que a xente xurda da nada, para alugar ou para ocupar esas vivendas? Vostedes prometeron infraestruturas, servizos de transporte máis eficientes, con mellores conexións cos grandes núcleos galegos, melloras das comunicacións de redes, máis oportunidades de traballo, pero ¿para cando? ¿Son conscientes de que cada ano de abandono no rural multiplica as posibilidades de perda de patrimonio? Non hai mellor medida para a conservación do patrimonio que dotalo de uso, posto que é o uso o que favorece o mantemento natural dos bens patrimoniais. O resto é caer en musealizaciones e cidades de cartón pedra.

Chegados a este punto, permítame abordar lixeiramente, antes de rematar, o tema dos cascos históricos. É ben sabido que existen serias dificultades para abordar a rehabilitación eficaz nestas áreas. A conservación intacta do patrimonio estase a priorizar moitas veces por enriba do uso racional e da propia funcionalidade. É preciso, por tanto, trazar esa nova liña de entendemento —espero que a Lei de cascos históricos vaia nesta liña— que permita flexibilizar e incentivar a rehabilitación, con directrices autonómicas para todos os cascos históricos, que permitan logo aos planeamentos aportar as singularidades locais en cada un deles.

É primordial abordar o tema naqueles concellos carentes de planeamentos actualizados, que dificulta moito a execución dos proxectos. A falta de adaptación dos planeamentos dificulta o cumprimento de novas solucións construtivas ou funcionais, requiridas incluso polo código técnico das normas de habitabilidade galega; vivendas que, polo seu carácter particular, precisan de informes de excepcionalidade, pero que non sempre se conseguen.

Déixoo aquí. Polo momento, nada máis.

Grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pierres.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Bos días a todos e a todas.

Señor presidente, prometo cinguirme á cuestión.

Hai moitas veces que, por non acometer a rehabilitación a tempo, hai que proceder a demoler. Cando hai demasiado tempo no que as estruturas se corrompen, chega un momento en que xa non é posible a rehabilitación, moito máis se as estruturas que se construíron non estaban feitas para ser habitables, senón que xa estaban mal feitas.

O Partido Popular non está a tempo de rehabilitación, hai que demoler, porque non son casos illados, señores do Partido Popular. É un instrumento político o seu partido para servir aos

poderes económicos e vostedes como partido viven das migallas que lles dan estes poderes económicos. *(Aplausos.)*

O espectáculo, entre bochornoso e indignante, ao que estamos asistindo estes días, señoras e señores do Partido Popular, non é máis que a imaxe de moitos anos dun partido traballando en conexión con eses poderes económicos para darlles favores e para saquear o país. É para o que vostedes traballaron durante todos estes anos. Non son casos illados. Son ministros, son persoas relevantes...,

**O señor PRESIDENTE:** Á cuestión.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...son presidentes de determinadas comunidades autónomas, etc., etc.

**O señor PRESIDENTE:** Á cuestión, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Non son casos illados. Non é posible a rehabilitación, hai que demoler, señores do Partido Popular. Están a tempo de vir aquí e pedir desculpas tamén vostedes.

**O señor PRESIDENTE:** Á cuestión.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Señora conselleira, eu ía comezar, como o señor Bará, dicindo que fora decepcionante, pero sería mentira; decepcionante sería se esperáramos outra cousa máis que xeneralidades e que literatura.

Claro, ¿que habería que facer para non vir aquí soltar xeneralidades e literatura? Pois comezar por que nos dixese datos de como vai a aplicación do programa de apoio á implantación do informe de avaliación de edificios, implementado no Plan estatal de vivenda 2013-2016, que vostedes asinaron en outubro de 2014 e tiveron operativo en 2015. Ese programa ¿para que é fundamental, señora conselleira? Para coñecer o estado real e fiable do parque de vivendas, para ter —como vostede dixo— datos onde apoiar as políticas.

Vostede recoñeceu que están facendo políticas sen ter datos en que apoialas. Se vostede vén aquí dicir algo, diga como vai ese programa, que resultados deu ese programa, señora conselleira, ou que resultados ou que cuestións vostedes van observar para ver o impacto dos programas que vostede veu aquí explicar. Vostede ten que ter indicadores de como resultan estes programas. Tampouco veu dicir nada diso.

Temos un país determinado, que ten unhas características do parque de vivendas determinadas, que ten que ter políticas específicas, e vostede veu aquí anunciar cuestións básicas de política de vivenda. Estamos no ano cero da política de rehabilitación de vivenda practicamente, porque vostede veu anunciar un Observatorio da Vivenda para ter datos para apoiarse, para tomar decisións, cuestión básica para empezar a traballar. ¿Que estiveron facendo dende o ano 2009, por non retrotraernos máis atrás? E unha Lei de rehabilitación, no ano 2017, cando vostede veu aquí vender literatura de que apostaban pola rehabilitación e a

rexeneración. Estamos comezando polas cuestións máis básicas. E non parte dun convencemento do Goberno da Xunta de Galicia; parte dunha directiva europea que se traspón á directiva estatal, do Goberno do Estado, para dar os fondos ás comunidades autónomas, e as comunidades autónomas teñen que enfocar as súas políticas cara ao lado; non parte do seu convencemento.

De feito, no Plan estatal firmado en outubro de 2014, e posto en operativo no 2015, cando é un plan de 2013-2016 —xa se ve o seu interese na vivenda—, vostedes non poñían un peso como Xunta de Galicia para rehabilitación, todo eran fondos estatais —nin un peso—. E podo poñerlle exemplos da maioría das comunidades autónomas como complementaban con diñeiro das comunidades autónomas para as políticas de rehabilitación; vostedes, nin un euro.

Pero é que vostedes non priorizan a política de rehabilitación, porque para dicir iso terían que ter unha política integral, como ben lle explicou a portavoz do Partido Socialista —e moi ben—. Terían que ter unha política integral, e nós xa lles fixemos unha crítica á súa Lei do solo aprobada en 2016, onde non se regula o dereito de realoxo ás vivendas baleiras, o Programa de rexeneración urbana, o dereito de tanteo e retracto e outras cuestións fundamentais para a rexeneración urbana; non o regula.

E se vemos a Lei de vivenda, oito artigos bastante pobres nese senso; non a teñen regulada, non teñen unha aposta; ao contrario, a Lei do solo segue insistindo na expansión urbanística e nas facilidades para a reclasificación do solo. E, polo tanto, se os promotores económicos poden sacar máis beneficios da reclasificación de solo barato, non van actuar no xa construído. Iso é unha cuestión fundamental, que non é cuestión de ordes de axuda, é unha cuestión de enfoque. Se non hai restrición a esa expansión, que, ademais, destrúe solos con aptitudes agronómicas, paisaxísticas e ambientais, non se vai fomentar a recuperación do xa construído. E así están os cascos históricos. Vostede fala de Betanzos. Como xa lle dixeron aquí, gran labor o seu no casco histórico de Betanzos.

E non é unha prioridade, nin nos orzamentos, que vostedes reduciron dende que chegaron no ano 2009, nin —como se lle dixo aquí— na execución dos orzamentos. Eu trouxen aquí o estado de execución a 31 de decembro, cuarto trimestre —xa llo dixo a portavoz socialista—; había créditos definitivos, 13 millóns de euros; autorizacións, 2 millóns de euros, aproximadamente; saldo dispoñible a 31 de decembro de 2016, 11 millóns de euros. Creo que iso é un 15 % de execución. Ou na Conta xeral, programa 451A, de fomento da rehabilitación: créditos definitivos, 23 millóns; obrigas recoñecidas netas, 11 millóns; un 48 % de execución.

Sistematicamente, nestes anos de Goberno Feijóo os orzamentos de vivenda presentan os indicadores de menor execución ano tras ano, sistematicamente non se executan. E vostede vén aquí facer autobombo e nada máis.

Falouse tamén aquí do rural, e vostede vén aquí falar das axudas ao Camiño de Santiago, das axudas das ARI, etc. Mire, están moi ben como complemento esas axudas. É certo que —como xa se dixo aquí— se necesita menos burocracia, máis apoio técnico e moito máis apoio económico; está moi ben. Pero, unha vez máis, necesitamos unha política integral.

Porque a principal política de rehabilitación e conservación do patrimonio construído é que a xente viva no rural e que viva dignamente e que teña capacidade económica para afrontar a rehabilitación das vivendas. E así pasa o que pasa, co abandono e envellecemento do rural, que caen as casas, caen as aldeas enteiras. Polo tanto, non veñan dicir aquí que prevén a rehabilitación, teñen que ter un plan integral do país, que vostedes non teñen.

Polo tanto, ¿que tiña que haber para que houbera propiamente unha política que priorizase realmente a rehabilitación? Teríamos que empezar polo básico: ter datos fiables, ter unha política transversal, que todas as consellerías tivesen en conta que a rehabilitación e rexeneración é unha prioridade. Por todas esas cuestións que vostede dixo, que é como o do libro gordo de Petete, cuestións básicas: é máis sostible, loita contra o cambio climático, créase moito máis emprego; un 70 % do orzamento das obras de rehabilitación é para emprego, mentres que é á inversa cando é obra nova, etc., etc. Si, a literatura está moi ben, pero temos que ter unha política integral que faga que cando fagamos unha Lei do solo teña en conta e priorice as políticas de rexeneración, e non se esqueza, como na súa Lei do solo aprobada hai ben pouco. Temos que ter menos burocracia; a xente desiste de pedir as axudas polo exceso de burocracia, apoio técnico e apoio económico.

E despois un aparte, señora conselleira. No seu esforzo en non dicir ningún dato, a vostede esquecéuselle un dos problemas máis graves que ten este país: este país é a segunda comunidade autónoma con maior nivel de pobreza enerxética; e vostede aquí non dixo nada, non dixo nin o estado actual nin como era a evolución, pero é a segunda, despois de Valencia. Afectados case 200.000 fogares galegos por pobreza enerxética; despois de Valencia, a de maior nivel.

E iso ten que ver moito coa rehabilitación, que, dende que vostedes chegaron, non deixa de descender. Cando vostedes chegaron —segundo datos do IGE— había 938 obras de rehabilitación; en 2015 —os últimos datos—, 331. En cambio, os datos de demolición descenden, moito menos aceleradamente; multiplicouse a proporción de demolicións sobre rehabilitación, multiplicouse incluso a obra nova —que tamén tivo un descenso— sobre a rehabilitación. A rehabilitación —segundo o IGE— foi quen máis sufriu a crise económica. Será que non fixeron moitas políticas económicas, será que estiveron varios anos practicamente en branco.

E, polo tanto, non cremos esa aposta, señora conselleira. Aínda estamos a tempo de escoitar eses datos que lle pedimos para que nos demostre que verdadeiramente van en serio coa rehabilitación e que non nos veñen, unha vez máis, contar contos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Castiñeira.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Grazas, señor presidente.

Bos días, señorías.



Señor Sánchez, vou empezar por vostede, porque me fixo moita graza coa súa parodia da demolición. E vostede é da brigada e o piquete número 1 demoledor; desa brigada de demolición vostede é o número 1. Primeiro, intentaron demoler o BNG, case o conseguiron, está rexurdindo das cinzas —por así dicilo—; agora, está a demoler En Marea-Podemos, agora está a demolela, (*Murmurios.*) si, si. Pero —xa sabe— cando unha obra non conta con profesionais adecuados, director ou directora de obra, pois soe saír o edificio ruinoso ou torcido. E é o que lles está pasando neste caso a vostedes. (*Aplausos.*) É así de sinxelo. E, mire, en canto ao Partido Popular, non se preocupe, porque os resultados de outubro foron demoledores, pero para a oposición. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Á cuestión, señor Castiñeira.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Estamos falando —señor presidente, ten vostede razón— de demolicións e de rehabilitación, que, efectivamente, é o que hai.

**O señor PRESIDENTE:** Si, xa, pero eu tamén o entendo. Vamos á cuestión.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** É o que hai. (*Murmurios.*) Porque parece que a algúns lles interesan máis outras cuestións que realmente o problema de vivenda e a rehabilitación, que ten Galicia igual que outras comunidades autónomas. (*Murmurios.*) Igual.

E vou empezar agora polo señor Bará, que tamén falou..., si, si, non, fíxolle ata pouca graza, e eu creo que a un compañeiro seu non lle houbo de gustar moito cando falou das vivendas dos mestres, porque estou convencido de que el quere que se recuperen as vivendas dos mestres. E parece que a vostede lle parece pouco. Pero é que a vida ás veces faise con pequenos detalles, aínda que ese sexa un detalle. Porque hai outros detalles importantes que si a conselleira expuxo aquí.

E mire, hai dous anos —foi cando se aprobou o Plan RehaVita 2015-2020, houbo unha com-  
parencia para expoñelo— dicía o seu antecesor que era fume, propaganda e que non cría en ningunha medida. Hoxe díxose aquí que as medidas parecían ben, aínda que non suficientes. Aporten ideas, estanse aportando novas propostas.

E, claro, vostede falou tamén —eu diría que aproveitando que o Lérez pasa por Pontevedra— de Madrid, de Rato... É unha pena que non falara do río que pasa pola Habana cando vostede era director xeral e gastaron daquela 1.300.000 euros na Habana, entre eles, parte deles en mojitos. É unha pena que non falara daquilo (*Aplausos.*) e que non o recordara. (*Murmurios.*) ¡É moito máis recente! (*Aplausos.*) ¡Oia, é moito máis recente que aquilo, é moito máis recente! (*Murmurios.*), pero, bueno, podemos falalo.

E mire, a Lei do solo do ano 1997 —porque sempre se fala diso— dígame a que concellos de Galicia, a cales —se é que hai algún—, aos que realmente aplicou esa normativa e que afectou a expansión urbanística que se fixo nalgúns concellos ou o crecemento, ou a burbulla foi debida a esa lei. ¡Dígame cales, dígame! Porque a maioría seguen tendo, desgraciadamente, planeamentos moitos deles aínda sen adaptar á Lei 9/2002 e, por suposto, menos á nova lei, á do 2016. Entón, ¡home!, ¿en que os afectou? Mire, empezando polo de Pontevedra,

que creo que é do ano 1990. Ou sexa, que lle vai sendo hora, despois de vinte e sete anos, de intentar adaptar á lexislación actual o Plan xeral. Pero, bueno, diso saberá vostede moito, que para iso é de alí.

Mire, cando se presentou o Plan RehaVita 2015-2020 falábase dunha aposta clara, falábase de varios eixes que contiñan ese Plan RehaVita, que ía mobilizar 307 millóns de euros da Consellería e levaría aparelado un movemento de arredor de 600 —porque, loxicamente, por cada millón de euros que se aportan de financiamento público móvese unha serie de recursos doutros estamentos ou de entidades privadas—, falábase de 152.000 persoas que podían saír beneficiadas, de 26.000 empregos. E a realidade é que están en marcha eses programas, están en marcha.

Catro eixes de actuación fundamentais. Un, que era o acceso á vivenda a familias máis desfavorecidas; aí están medidas concretas, entre elas, parte das medidas dirixidas —esas doce medidas con temas para evitar desafiuzamentos—, 107 millóns de euros neses seis anos; 134 en rehabilitación —que é do que estamos a falar—. Pois deses 134 había a maiores outros 64 para o tema de exclusión residencial e cobertura doutras situacións de especial vulnerabilidade. Deses 134 hoxe —se facemos balance do que se leva feito— non me cadran as contas, señora Pierres, de como pode ser que se hai presupostados 15 millóns de euros, se executan 17 millóns de euros e vostede di que é o 15,8 %; as contas non me dan; eu tamén son de números, eu tamén son de ciencias, pero entón non me cadra, estamos falando de rehabilitación, non me cadra.

E se vai a presupostos de atrás, ao mellor o que non lle cadra —que era a cantilena que dicía o señor Bugallo— era a política que tivo o señor Zapatero —si, o señor Zapatero—, que para xustificar os investimentos da Consellería aquela que creara de Vivenda, si, e do Ministerio, si —do Ministerio de Vivenda, perdón—, para xustificar aquilo resulta que traslada ás comunidades autónomas no Plan de vivenda os investimentos, que eran inexecutables, e loxicamente iso había que devolveo. Polo tanto, eran partidas que figuraban nos orzamentos continuamente e que non eran executables, e por iso o baixo nivel de execución. Explicóuselle —e figura nas actas recollido— en innumerables ocasións ao seu antecesor, o señor Bugallo. O que pasa é que, cando un quere facer demagogia, é moito máis fácil. (*Murmurios.*)

E mire, aí está. E, se o orzamento eran os 15 millóns que dicía vostede —que non é así, pero bueno—, dificilmente se pode xustificar cando hai 17 millóns de euros investidos no ano 2016. Aí están, 68 ARI, agora son 2 máis, xa hai 70, 7,5 millóns de euros, 984 actuacións, 360 delas no ámbito dos camiños de Santiago, 128 concellos que están incluídos nesas áreas de rehabilitación; rehabilitación rural e cascos históricos, 5 millóns de euros investidos, 952 actuacións; rehabilitación e fomento do alugueiro, 2,6 millóns de euros; rehabilitación e mellora de vivendas de promoción pública, 1,2 millóns de euros, 895 vivendas nas que se actuou; total, 3.644 actuacións.

¿Os orzamentos deste ano? Aí están. Previsión: ata 38 millóns de euros, 29 millóns máis, 10 millóns de euros que están para o fondo de cooperación cos concellos. ¿Que queremos máis? ¡Por suposto! Pero a mágoa —e hai que dicilo— é a política que fixo o Bipartito. Recorde que había unha consellería específica de vivenda. ¿Sabe cal era o programa que fixeron de vi-

venda, sabe cal era? Si, un plan de vivenda que custou 3 millóns de euros que cobraron algúns arquitectos e algúns técnicos que se encargaron de elaboralo —3 millóns de euros—, e que os propios alcaldes do BNG se sublevaron porque era inexecutable. É dicir, cero. Viviron da rehabilitación iniciada no mandato anterior do Goberno do Partido Popular. Como na Tinería, que van vendendo alí o que non fixeron eles.

E cando fala vostede... (*Murmurios.*) E ten razón en que hai que obviar tramitación, hai que simplificar tramitacións. (*Murmurios.*) Ten razón. E espero que informe vostede os concellos gobernados polo Partido Socialista —en moitos casos, como o de Lugo, co apoio de Lugo Novo, é dicir, de En Marea-Podemos e o BNG— de como se tramitan as licenzas. Porque para unha licenza na Tinería tardaron un ano, e hai outras pendentes desde hai meses e meses sen contestar. E non é Lugo unha illa, é que curiosamente está pasando en moitos outros concellos.

E non se olvide de como deixaron vostedes a Consellería de Vivenda. Xa sei que a levaba o BNG, pero ¡como a deixaron na época do Bipartito! Porque só con sanear as xestures, 263 millóns de euros; iso equivale a 3.000 vivendas, señora Pierres e señores da oposición; 263 millóns de euros. Eses son os números e están aí tamén, están aí. 40 millóns continuamente que houbo que facer.

Señora conselleira, eu felicitoa polas novas aportacións que fai, polo traballo feito nos programas que veñen. E, desde logo, paréceme un tema importantísimo o programa ReHaluga. Paréceme un tema importante, e eu invitaría —dado que agora que vai contar con axudas para converter ou facer habitables esas vivendas que se poidan poñer aí, axudas que incluso chegan ata o 100 % do gasto que se pode investir para facer habitables esas vivendas que se incorporen a ese plan— a que sexa un aliciente para que por fin concellos como o da Coruña ou o de Vigo —onde máis problemas de vivenda hai en Galicia— se sumen e colaboren; e non só falen de palabra nos programas electorais que lles serviron para as municipais, senón que realmente colaboren e participen, que dean ese paso adiante e, entre todos, fagamos realmente unha política de vivenda dirixida aos galegos e ás galegas que neste momento teñen problemas habitacionais.

Esperemos que si. Sei que a Consellería está a traballar nese camiño. Siga traballando nese camiño porque, desde logo, da oposición, desgraciadamente, moi pouco se pode esperar.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Castiñeira.

Réplica, señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidente.

Señorías, antes de entrar nas consideracións que comentaron cada un de vostedes, permítanme que concrete e que lembre que foi este goberno o primeiro goberno que aprobou o

primeiro Plan de vivenda de Galicia, a pesar de que foi o Goberno bipartito quen creou unha consellería específica en materia de vivenda que non vou volver lembrar que deixaron en absoluta quebra e, polo tanto, que ningún plan de vivenda aprobado tiveron.

Un plan de vivenda, o Plan RehaVIta 2015–2020, que se caracteriza pola sensibilidade do Goberno en facilitar o acceso á vivenda; por apostar polo futuro, por un futuro racional e sustentable; e por impulsar ese sector estratéxico que é a rehabilitación, que xera actividade económica e tamén emprego, porque —como dixeran na miña primeira intervención— é a actividade que máis emprego xera por euro investido.

E unha estratexia de rehabilitación que ten unha tripla dimensión: territorial, económica e social. Territorial, porque o impulso á recuperación do xa construído é determinante para o modelo de país que buscamos e que queremos. E racionalizar a ocupación do territorio é o noso modelo de país. Vertente económica, para xerar actividade e emprego. E ante todo vertente social, por suposto, impulsando actuacións de rehabilitación, reducindo o número de vivendas en mal estado. Polo tanto, estamos a abrir unha porta máis para atender o dereito constitucional a unha vivenda, facilitar aos galegos o acceso a unha vivenda, dar resposta ás necesidades en materia de vivenda. E, señorías, a estratexia de rehabilitación, polo tanto, vai máis alá dun conxunto de medidas ou dun conxunto de novas iniciativas, é un potente mecanismo de cohesión social.

Dito isto, señor Bará, eu vexo que ou pouca información ou atendeu pouco, e poucas ideas en materia de rehabilitación, porque non destacou máis que as axudas á rehabilitación das vivendas dos mestres, investiu máis da metade do seu tempo noutras cuestións que non teñen nada que ver coa rehabilitación.

E do endebedamento das administracións públicas vostedes saben moito. Volvo insistir na quebra das xestures que deixaron vostedes, que está hipotecando as medidas sociais que esta consellería, dende logo, quere impulsar e está a impulsar.

Crearon unha consellería específica en materia de vivenda pero deixárona na quebra coas xestures, comprando solo en calquera lugar a calquera prezo, sen planificación e sen marxe de manobra nos anos seguintes para poder resolver iniciativas sociais en materia de vivenda como estamos facendo hoxe.

Señora Pierres, volvo insistir —tamén o dixo o deputado Castiñeira—: o Concello de Lugo tardou un ano en dar a licenza para as obras de rehabilitación na Tinería. Polo tanto, que nos dea leccións ao resto das administracións en materia de tramitación... ¡un ano para dar unha licenza!

¿E para que serven as axudas? Eu trasládollo ao resto das señorías. Pregúntenllelo ás 3.600 familias ás que lles outorgamos esas axudas. Seguro que saben ben para que serven esas axudas.

Señor Sánchez, fala vostede de que eu digo xeneralidades. Dende logo, eu falo co *Diario Oficial de Galicia*. Outros concellos ao mellor non, porque non publican as súas licitacións e non exe-

cutan o orzamento. Nós falamos co *Diario Oficial de Galicia* licitando, adxudicando, concedendo axudas. Hai 3.600 familias con axudas. (*Aplausos.*) ¿Que indicador mellor que as 3.600 familias ás que lles outorgamos as axudas?

Sorpréndeme que non saiba vostede que Galicia é un referente en rehabilitación, sábeo todo o Estado. Polo tanto, sorpréndeme que non saiba vostede que Galicia é un referente en materia de rehabilitación.

Os gastos comprometidos son máis do 70 %. Fala vostede de apoio técnico e económico, e eu engadiría social. Polo tanto, alégrome de que aposte polas áreas Rexurbe porque nesa liña van as áreas Rexurbe.

E, por certo, eu creo que o Concello da Coruña non aposta pola rehabilitación e tampouco dá licenzas para as obras de rehabilitación. Ademais, algún investimento menor destinado a rehabilitación, que é menor que en anos anteriores, nin tan sequera o executan.

Tamén é o modelo do Concello da Coruña, ou dalgún outro, paralizar os investimentos da Xunta en materia de vivenda protexida e vivenda pública. Levamos dende o mes de decembro pendentes da licenza para a construción de vivendas no Ofimático. Polo tanto, un, dous, tres, catro meses, e aínda esperando para que outorguen a licenza para facer vivenda pública no parque Ofimático da Coruña.

E sen esquecer esa vertente social, señor Bará —vostede unicamente se centrou nas vivendas dos mestres—, permítame centrarme outra vez e volver lembrar esta nova medida social, pioneira, que é o programa ReHaluga, que conxuga a actividade económica e tamén axudar as familias a acceder a unha vivenda. Ese é o programa ReHaluga que quixera destacar, que pasou por alto por vostedes.

Falaba o señor Sánchez de vivendas baleiras. Eu agardo que este programa ReHaluga sirva para incentivar a incorporación de diferentes concellos, porque estamos a falar dunha axuda para subvencionar a fondo perdido esas vivendas que se incorporen ao Programa de vivendas baleiras. Algo importante é que os propietarios se decidan a incluír eses inmobles, e financiaremos as obras de reforma, mantemento e rehabilitación para que cumpran as condicións de habitabilidade.

E tamén hai un programa que financiará a dotación dos electrodomésticos indispensables para garantir as condicións de vida e as condicións de habitabilidade nunha nova vivenda. Polo tanto, incrementar esa bolsa de vivendas sociais para a xente en dificultades.

Nos próximos días publicaremos esta convocatoria, o ReHaluga, con 200.000 euros. Como dicía, unha nova medida social que tamén pasou desapercibida é o Programa Rexurbe, que conxuga a vertente económica e a vertente social para facilitar o acceso á vivenda.

En materia de rural, señor Sánchez, sabe que veño do rural, e, polo tanto, non creo nunha Galicia próspera sen un rural vivo e activo —eu dígollo sempre—. Polo tanto, insistindo no rural, ese tamén é o factor social desta estratexia de rehabilitación á que agardo propostas

concretas. Estamos a ter en conta os veciños do rural, apostando con programas de recuperación do patrimonio construído e mellora das vivendas. Aí están as áreas de rehabilitación integral, que incrementamos o orzamento este ano, das que se poden beneficiar 128 concellos. No ano 2016 puidéronse beneficiar 1.000 familias.

Outro indicador importante: rehabilitación de vivendas situadas no medio rural e nos conxuntos históricos, 950 familias. Outro indicador importante: infravivendas no rural, esa liña á que neste ano destinamos 500.000 euros. Polo tanto, convocatorias e axudas publicadas e a publicar co obxectivo de axudar as familias a illar a súa vivenda da humidade, a mellorar a seguridade, mellorar a mobilidade, facer a vivenda máis accesible, porque todo isto é calidade de vida para facer máis accesibles tamén as vivendas ás familias.

Novos programas, polo tanto, con especial incidencia —insisto— no rural, nos pequenos núcleos de poboación. De aí a liña das vivendas dos mestres. Ademais da medida —que tamén pasou desapercibida para vostedes— para fixar poboación no rural, que é o programa de impostos cero na compra de vivenda habitual; un programa que impulsou a Consellería de Facenda, que acredita que estamos coordinados e que temos unha política transversal en materia de vivenda, que engloba o 94 % do territorio —máis de 3.400 parroquias—, e que beneficiará os mozos, as familias numerosas e as persoas con discapacidade para mercar esa vivenda habitual e non teñan que pagar nin o imposto de transmisións patrimoniais nin os actos xurídicos.

Dende logo, o noso obxectivo por suposto que é lograr un rural vivo, con novas medidas e con novas ferramentas, e tamén apostando polas medidas que acreditamos que foron efectivas.

O Observatorio da Vivenda tamén unha iniciativa importante que pasou desapercibida para vostedes. Creo que é unha iniciativa importante para dispoñer de máis información e máis coñecemento en materia de vivenda, para que sirva de apoio á toma de decisións. Saben que o pasado 12 de abril xa licitamos o estudo para traballar nese Observatorio da Vivenda e poñelo en marcha. Contará cun portal web para publicar as informacións; publicaremos boletíns electrónicos mensuais. Estableceremos unha canle participativa na web para que poidan intervir nos debates e opinar. Polo tanto, total transparencia e total participación neste Observatorio da Vivenda, con estudos específicos e información estatística.

¿As previsións neste Observatorio da Vivenda? Traballar na súa elaboración e no seu deseño ata outubro. Unha vez realizada esa fase, eu agardo que convoquemos a primeira reunión da Comisión Permanente do Observatorio da Vivenda, que agardo que sexa no terceiro trimestre deste ano.

O instrumento máis ambicioso en materia de vivenda e en materia de rehabilitación nesta lexislatura é —como comentei— a Lei de rehabilitación de Galicia, na que estamos traballando con especial dedicación, e con especial atención, por suposto, aos cascos históricos. O obxectivo da lei é revitalizar e dinamizar Galicia cun rural vivo e, por suposto, áreas metropolitanas tamén activas; e, en conxunto, dende logo, apostar por unha Galicia máis próspera. Facilitar e favorecer as actuacións de rehabilitación co obxectivo de garantir a calidade de vida.



Estamos a falar da primeira Lei de rehabilitación galega, e o que pretendemos é poñer en valor ese patrimonio que temos construído e, polo tanto, crear identidade en Galicia. Nese novo marco normativo, con especial énfase nos conxuntos históricos, o obxectivo é normas e criterios para a sustentabilidade, dinamización, pero esencialmente e principalmente simplificación administrativa, coordinación administrativa e novos instrumentos de financiamento, porque o que buscamos é facilitar a rehabilitación, respectar o patrimonio construído, mellorar a calidade de vida e suprimir as trabas, as dificultades, que se están a ter. O que queremos é animar a xente a que rehabilite, non desanimar. Animar os veciños a que rehabiliten, e que cada vez máis xente aposte por rehabilitar.

Polo tanto, resumindo, con esta lei o que queremos é fomentar a cultura da rehabilitación; que cada vez a xente sexa máis consciente da rehabilitación, de que é unha necesidade persoal e colectiva e que ten importantes retornos á sociedade: incremento do benestar, posta en valor da nosa paisaxe, da nosa contorna, da nosa arquitectura, revitalización das vilas, das cidades; dinamismo e desenvolvemento económico; e tamén potenciar o noso turismo aquí en Galicia. Polo tanto, crear identidade; un instrumento de cara ao futuro; recuperar o pasado para cimentar o futuro, apostando pola nosa arquitectura.

Eu —insisto— agardo as seguintes intervencións para que fagan apostas construtivas e, dende logo, propostas para poder estudalas e, por suposto, para poder incorporalas, se son construtivas, á nosa estratexia de rehabilitación de Galicia.

Pola miña parte, nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

Rolda especial de aclaracións.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Falaban o señor Castiñeira e a señora conselleira da quebra da Consellería de Vivenda e da política de vivenda do BNG na Xunta de Galicia. O que levou á quebra foi a política económica de saqueo das contas públicas que levaron a cabo vostedes. Iso foi o que levou á quebra (*Aplausos.*), o saqueo das contas públicas, por non falar de todos os exemplos que estamos vendo de como están metendo a man na caixa das contas públicas. Iso é o que leva á quebra das contas públicas e tamén á quebra da confianza de moita xente, que ve o mal exemplo que dan vostedes.

Señor Castiñeira, non sei, eu non falei da Lei do solo de 1997, falei das medidas liberalizadoras en materia de solo, aprobadas polo Partido Popular do señor Aznar e do señor Rato, que levaron a ese crecemento desmesurado da construción coas consecuencias que todos coñecemos.

Non se preocupe vostede polo plan de Pontevedra porque Pontevedra está ben. Pontevedra é unha cidade dinámica, ten un centro histórico vivo, ten un centro histórico que eu creo que é un exemplo de dinamismo e vitalidade tamén, de rexeneración e de recuperación. Polo

tanto, se queren propostas, conselleira, ¡veñan a Pontevedra!, ¡vaiamos a Allariz!, porque ademais son exemplos de distinto tamaño de concellos onde se poden facer políticas apostando polo propio, apostando polos recursos, apostando pola rexeneración, pola rehabilitación, pola confianza nas posibilidades que ten o país. Tamaño grande, tamaño medio, tamaño pequeno, o que queiran. Podémoslles dar propostas para actuar, para reverter esa situación que está tendo o rural, ademais, de declive, de perda de pulso, de perda de poboación e de perda de expectativas de futuro. E, desde logo, vostedes levan gobernando oito anos e non se ven eses resultados porque, efectivamente, non teñen unha política integral para o rural.

Despois vostedes critican o Goberno do BNG na Xunta de Galicia pero están vivindo de rendas, porque ¿quen creou o Consorcio do Casco Vello de Vigo? O BNG na Xunta de Galiza, e mais no goberno municipal de Vigo, impulsou ese plan de recuperación, de rexeneración e rehabilitación de vivendas no casco vello de Vigo. E vostedes están entregando agora chaves do Plan de recuperación do casco vello de Lugo que impulsou no seu día o BNG.

O seu exemplo, o exemplo que nos dan vostedes, é, en todo caso, o de Betanzos, que xa lle dixen que mercaron nove edificios no ano 2011 e están en ruínas. ¿Que balance fan vostedes? Agora resulta que anuncian que van rehabilitar tres deses edificios, pero realmente eu creo que é o exemplo claro do modelo do Partido Popular. Betanzos: o resultado destes seis anos é absolutamente cero.

Vostede tampouco me explicou como van facer ese programa de rehabilitación urbana que se chama plan Rexurbe, no que falan de 1.500 vivendas, 500 edificios, 350 locais comerciais e, incluíndo o Fondo de cooperación, eu teño entendido que van ser 3.000 vivendas. Veremos o balance, porque, como lle dixen, vostedes están anunciando que van mercar e rehabilitar eses edificios e, desde logo, cos datos que temos para o ano 2017, non dan as contas de que nesta lexislatura vaian conseguir nin sequera un 20 % do que anuncian aquí. Por non falar do que dixo o señor Feijóo na campaña electoral, que anunciou a rehabilitación de 10.000 vivendas nos cascos históricos do rural. Eses son os seus anuncios.

Pois ben, o Observatorio da Vivenda é un anuncio que chega, desde logo, moi tarde. En todo caso, nós o que propoñemos é que sexa un organismo independente; un organismo autónomo do Goberno para estudar, para analizar, para avaliar e para facer propostas de políticas públicas de vivenda. Pero os anuncios que temos de momento non son moi alentadores porque van por un modelo que aposta máis pola privatización dese organismo.

E, claro, o señor Castiñeiras acordouse de Cuba. Pois ben, xa lle dixen aquí unha vez —e volveillo repetir todas as veces que faga falta— que nós, desde logo, apostamos e cremos —e así o fixemos cando estivemos no Goberno— nun modelo de promoción exterior da cultura galega que contou, ademais, co apoio e coa participación de todos os sectores relacionados coa cultura galega, co mundo do libro, (*Aplausos.*) que se implicaron, creron e apostaron por ese modelo. E ademais sentímonos orgullosos do potencial que ten a cultura galega, das potencialidades que ten, para levala polo mundo con orgullo, con dignidade, crendo nas nosas posibilidades e sen pedirlle permiso a ninguén.

Desde logo, que me digan aquí que o problema é que se gastaron 1.500 euros nun cóctel —ademais de mojitos, ¡claro!, alí non beben viño do ribeiro—, e que mo digan vostedes, que facían papatorias de 5.000 persoas, de churrascadas, en Bos Aires, en Montevideo e na Habana... ¿Que exemplo nos queren dar vostedes de despilfarro, de dispendio? *(Aplausos.)* ¿A que veñen aquí darnos exemplo, se o señor Fraga percorreu toda Latinoamérica facendo papatorias para 5.000 persoas? *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* *(Murmurios.)*

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor BARÁ TORRES:** Desde logo, quedamos con ese tipo de aposta pola cultura galega e non pola demolición da cultura galega, non pola destrución da cultura galega, que empezou con vostedes no ano 2009. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario Socialista, señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Grazas, señor presidente.

Señor Castiñeira, eu por máis que leo os números que teño aquí da execución do orzamento... Voullos ler, porque ao mellor equivoqueime de ano ou de orzamento, non sei. Crédito inicial do Programa 451A, 15.224.000 euros; obrigas recoñecidas, 2.158.000; índice de execución, 15,8 %. Non sei, se vostede manexa outro, fágamo chegar a min e a todos os galegos. *(Aplausos.)*

E, por outro lado, señora conselleira, eu teño a sensación de que vin aquí cun espírito construtivo, que aportei algún tipo de iniciativa ou de recomendación, e levei colleja como todos.

Eu non dou leccións de nada, iso para empezar. Sinalo cuestións que non están a funcionar. Se quere, miramos todos para outro lado e deixamos que isto vaia á deriva. Eu, pola miña parte, non o penso facer. Permítame que fale do que hai que falar, que é a nosa obriga. *(Aplausos.)*

Non sei se é que botan en falta, polo menos no meu discurso, que fale da Gürtel, da Púnica, ou do Lezo, eu non vou por aí. Céntrome, estaba a falar dos cascos históricos, do esforzo de flexibilización que hai que facer para axilizar e fomentar os proxectos de rehabilitación. Polo tanto, hai que asumir o problema —si, dicíao vostede— que está a supoñer a demora na consecución das licenzas. A demora na tramitación dos expedientes dos casos históricos vén principalmente motivada pola intervención de organismos alleos aos concellos, e principalmente pola intervención do Servizo de Patrimonio da Xunta, no caso dos cascos históricos.

Os proxectos de cascos históricos precisan habitualmente de proxectos ou estudos arqueolóxicos que requiren de informes previos nos concellos. Unha vez informados, precisan doutro informe, novamente, do Servizo de Patrimonio da Xunta, que fará referencia ás actuacións a levar a cabo na edificación. Procesos todos estes previos á licenza e que nalgúns servizos provinciais poden durar arredor dun ano —no mellor dos casos—, ano e medio de tramitación e incluso dous; e non estou a falar de algo que non coñeza con bastante detalle.

¿A que se deben esas demoras na emisión dos informes? Por un lado á falla de persoal, é evidente; e, principalmente, á falla de criterios claros na interpretación das intervencións permitidas en cada caso por parte dos técnicos e da propia comisión.

Son múltiples os casos de expedientes nos que se denega, por parte da Comisión de Patrimonio, unha proposta de solución nunha edificación que si se autoriza, curiosamente, nun edificio lindeiro, o que, como é de entender, provoca o desconcerto dos promotores e dos técnicos implicados. Situacións que acaban atascando os expedientes, que levan aos técnicos da Administración a valoracións de tipo persoal, e provocan o hastío e abandono daqueles que pretenden rehabilitar, que é o máis grave. E quen perde con toda esta situación non é soamente o promotor ou os técnicos implicados, senón todos os galegos e galegas, que ven como a falta de incentivos, de celeridade e de flexibilidade provoca a perda dun patrimonio que é común.

Vexamos tamén o que está a acontecer coas oficinas das áreas de rehabilitación integral, das ARI. En Galicia hai hoxe en día en total unhas 69 ARI, considerándose recentemente —vos tede tamén o comentou— a inclusión da Illa de Ons como unha nova a engadir. E cando falamos de dotacións, queremos falar da realidade destas ARI. O acontecido con elas nos últimos anos fala por si mesmo.

O último plan que financiaba e dotaba as ARI no período 2013-2016 foi un plan aprobado en abril de 2013. En febreiro de 2014 déronse as pautas básicas pola Xunta de Galicia. E en novembro de 2014 foi a resolución do convenio de colaboración entre Estado e Xunta para pór en marcha o plan estatal. Foi aínda a finais de outubro de 2015 cando se realizaron os convenios cos concellos, que foron os que realmente poñían en marcha todas as oficinas.

E, ¿cal foi o resultado de toda esta tortuosa posta en marcha? Que as oficinas tiveron un só ano efectivo, un só ano, para aproveitar todas as axudas, perdendo os fondos dos anos anteriores. E agora a situación é a de prórroga do plan anterior por un ano para este 2017, tendo todas as oficinas de rehabilitación a dúbida de se realmente haberá fondos para adxudicar e manter as oficinas e se sairá, e cando, un novo plan estatal.

Non imos falar aquí de toda a problemática de xestión destas oficinas, que é moita, senón da importancia que ten o feito de que, cando anos atrás se subvencionaba o 70 % dunha actuación, cun límite de aportación máxima de 11.000 euros, agora a subvención é da metade, con recursos unicamente do Estado.

Antigamente, polo tanto, a Xunta aportaba unha parte que agora non. Na práctica, o que está a acontecer é que os promotores —vou poñer un exemplo—, cando antes nunha intervención de 14.000 euros recuperarían 11.000 euros, agora para percibir eses 11.000 teñen que investir previamente uns 31.500 euros, o que é unha diferenza grande, porque afecta principalmente ás galegas e galegos con menos solvencia e máis dificultades para afrontar obras que moitas veces non son máis que de mellora das condicións de habitabilidade. Axudas que, por outro lado, se demoran preto dun ano en ser recibidas polo lento proceso de xestión entre as oficinas ou incluso o Ministerio de Fomento.

Con todo isto, o que tratamos de facer ver é que calquera intención de declaración de áreas de rehabilitación integral ou de conxunto histórico a nós parécenos ben. Pero, sen dúbida, isto ten que facerse acompañado de dotacións orzamentarias suficientes, así como dunha correcta xestión. Sabemos que nos orzamentos deste ano se prevén 3.750.000 euros, o que supón un incremento de 2 millóns. Pero dado que nos consta que 1,75 millóns do pasado ano non se reflectiron nas subvencións das actuacións, sería interesante que nos comentase, señora conselleira —no caso de sabelo—, de que modo o reflectiron e que gastos se cubriron.

Se fai a conta, 69 ARI —dentro de pouco 70— distribuídas por toda Galicia, con 3.750.000 euros de dotación, corresponde unha media de 54.500 euros por ARI. Se isto o traducimos en obxectivo por número de beneficiarios, coa axuda máxima por promotor de 11.000, estamos a falar dunha media de 5 actuacións por ARI. Algo que é difícil de explicar, e incluso de xustificar a mera existencia das oficinas das ARI, nas que se inviste unha media de 40.000 euros anuais só no su mantemento, algunhas incluso máis. É preciso, polo tanto, o incremento notable do orzamento para que sexan sostibles, posto que nós si consideramos que estas oficinas son necesarias, incrementando incluso a súa presenza no territorio.

Xa para rematar, así mesmo entendemos que debería poñerse a atención nos criterios de xestión destas oficinas. Son poucas as que levan a cabo os labores de sensibilización e difusión das boas prácticas na rehabilitación. Convértense en meras oficinas xestoras de axudas, deixando de lado un dos criterios principais...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** ...que rexe o Plan de vivenda estatal, como é o da transmisión de coñecemento.

Xa remato.

Reiteramos, polo tanto, a nosa petición de máis compromiso de dotación de orzamentos. E que se mollen, señora conselleira. Móllense. Permitan que Galiza volva ser esa terra fértil onde todo medra e prospera.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Pierres.

Grupo Parlamentario de En Marea, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Grazas, señor Castiñeiras, pero en realidade eu non son demoledor. O que é demoledor é comprobar diariamente para quen traballa o Partido Popular; iso si que é demoledor. Non veña aquí frivolar nun tema moi grave, nin veñan reduci-lo a casos illados, nin veñan reduci-lo a comportamentos individuais en función da ética de cada persoa. Non é así, ¡non é así! Iso afecta a todas as ordes das nosas vidas. Afecta gravemente a economía da xente e o benestar da xente.

Podería poñer miles de exemplos desta casta oligarquía que xa existía no franquismo, como o señor Villar Mir, e que cando chegou a democracia —que deixaron ben amarrada— tiveron que apostar por algún instrumento político para seguir facendo negocio a custa da Administración como xa facían antes no franquismo, e apostaron por vostedes. (*Aplausos.*) E non é ao revés, non é ao revés. Apostaron por vostedes, e detrás de todas as decisións en infraestruturas, en servizos públicos, en contratación, está iso, señor Castiñeira. Villar Mir e OHL, que goza del favor de los dioses nas administracións públicas, está detrás diso. ¿Vostedes de quen cobran e para quen traballan? ¡Esa é a clave! OHL e Villar Mir...

**O señor PRESIDENTE:** Nós do Parlamento... Perdoe...

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...Sacyr...

**O señor PRESIDENTE:** Non, perdoe, señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Señor presidente, si, perdoe.

**O señor PRESIDENTE:** Escóiteme vostede a min.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Si.

**O señor PRESIDENTE:** Hai determinadas afirmacións que ata aí non chego, e non llas vou consentir. Os deputados e as deputadas perciben as retribucións públicas do Parlamento...

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Si.

**O señor PRESIDENTE:** ...non doutro lado. Non, non, non vaia por aí.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Non, non.

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, non vaia por aí porque entón vouno ter que chamar á orde. (*O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.*)

Non me fale nin de sobres nin de... (*O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.*) Perdoe, non me fale disto. (*O señor Sánchez García pronuncia palabras que non se perciben.*)

A min non me... Perdoe, vouno ter que chamar á orde. Eu non vou consentir... Non, non, perdoe, non...

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...ou é que vostedes van dicir todo o que queiran aquí e nós non imos poder dicir cousas que son reais? Non, non llo permito a vostede.

**O señor PRESIDENTE:** Señor Sánchez, señor Sánchez, eu permítolle determinadas afirmacións e outras non. Polo tanto, reconduza o debate, que estamos falando de infraestruturas e de vivenda.



**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Recondúzoo, pero non estou disposto a mentir porque vostede mo diga.

**O señor PRESIDENTE:** Non se trata diso, non vou discutir con vostede. Cíngase á cuestión.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** E que, mentres, o señor Castiñeira poida falar de Venezuela, cando na Operación Lezo (*Aplausos.*) quen facía negocios con Venezuela era o señor Ignacio González.

**O señor PRESIDENTE:** Cíngase á cuestión, já cuestión!

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** E cando acabamos de saber que o ministro de Xustiza, ese que non chamou nunca á plataforma de vítimas do Alvia, lle mandaba mensaxes ao señor Ignacio González dicíndolle: Un fuerte abrazo. Ojalá se acaben pronto los líos. Luis sé fuerte, etc. (*Aplausos.*) Iso non ten importancia para vostedes.

**O señor PRESIDENTE:** Señor Sánchez, chámoo á cuestión. Chámoo á cuestión por primeira vez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Á cuestión, moi ben. ¡Pois vamos á cuestión!

Señora conselleira, se desoladora foi a primeira intervención, máis desoladora foi a segunda; e a do señor Castiñeira xa non digamos. Ou sexa, aquí a culpa é do Bipartito, das Mareas... O Bipartito, que estivo catro anos —vostedes levan trinta gobernando—, ¡catro anos!, as Mareas, que levan dous, e Venezuela, eses son os culpables de que non vaia ben a política de rehabilitación. ¡Eses son os culpables!

Mire, a ver se o intento porque eu teño moita moral, a ver se llo intento explicar. Cando eu falo de que as axudas non son suficientes, pónolle o exemplo que puxo o señor Castiñeira: a Lei de 1997 do solo. ¿Por que dicimos que é liberalizadora, señor Castiñeira, e que tivo un efecto demoledor que trouxo consecuencias despois no estoupido da burbulla inmobiliaria, onde moitos dos relacionados co Partido Popular se forraron e están en Brasil agora volvendo a crear burbullas? ¿Que foi? Pois mire, porque se definía que todo o solo era urbanizable salvo aquel expresamente protexido; salvo aquel expresamente protexido.

Naquel momento, en 1997, señor Castiñeira, había axudas para a rehabilitación de vivenda. Había axudas, basicamente as mesmas. Vostedes non inventaron nada. Basicamente as mesmas axudas á rehabilitación de vivenda. ¿Que pasou nos anos posteriores, por moita axuda á rehabilitación? Que, evidentemente, o negocio estaba na obra nova e na expansión urbanística. Polo tanto, por moitas axudas que poñan, se non cambian o modelo e poñen unha lei do solo que teña en conta e que priorice a rexeneración e a rehabilitación, non van cambiar transcendentalmente as cousas.

Iso é o que estamos dicindo cando apostamos por unha política integral e transversal. Vostedes aprobaron unha lei do solo que segue apostando pola recualificación moi fácil en solo urbanizable. Si, a definición de solo urbanizable —o artigo creo que é o 23, non sei se me equivoco— di simplemente: «Aqueles terreos que sexan necesarios para a actividade eco-

nómica ou para o incremento de poboación, etc.». Os criterios vagos o que permiten é que, evidentemente, os promotores económicos fagan máis negocio en recualificar solo rústico en solo urbanizable, e, polo tanto, ese vai seguir sendo o modelo, que coexiste co abandono dos centros dos cascos históricos, onde é máis caro e máis complicado actuar. Por iso tamén falamos das trabas burocráticas e do apoio técnico.

É moito máis fácil para a xente a obra nova, é moito máis barata para a xente a obra nova, que a rehabilitación neste país, e iso debeuse estudar na elaboración da Lei do solo, como nós propuxemos. É dicir: as cesións. Hai que calcular con rigor as cesións que ten que haber cando hai unha operación de rexeneración, porque hai que ver se iso incentiva ou desincentiva as operacións de rexeneración urbana. Estamos falando disto.

Nós vimos falar en serio disto. Falamos en serio, presentamos 138 alegacións, e vostedes teñen unha lei do solo obsoleta, ineficiente e ineficaz para os obxectivos que vostedes mesmos din querer defender, e teñen unha Lei da vivenda e do solo que non fala de desafiuzamentos, que non fala de dereito á vivenda e que non fala practicamente de rexeneración urbana. Lei do solo que nada ten que ver cos obxectivos que veu aquí dicir a conselleira.

Viñeron presumir do programa ReHaluga. ¿Canto está orzado, señora conselleira, do programa ReHaluga? ¿Pode dicilo aquí? Como non o vai dicir, dígollo eu: 200.000 euros; 200.000 euros para ese ambicioso plan. E pode ser que non sexa necesario orzar máis que 200.000 euros, porque o que significa é que vostedes están empezando, por primeiro ano —e xa veremos os resultados—, a facer políticas de fomento da rehabilitación para o alugamento. É a primeira vez que vostedes o fan.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Polo tanto, se cadra só é necesario orzar 200.000 euros, pero esa é a realidade. Se vostedes, dende o ano 2009, implementasen políticas de fomento da rehabilitación para o alugamento, seguramente serían necesarios moitos máis euros para que a xente puidese acceder a esas axudas. Mentres tanto...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** ...vostedes mesmos destinaron simplemente 200.000 euros.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Grupo Parlamentario Popular, señor Castiñeira.

**O señor CASTIÑEIRA BROZ:** Grazas, señor presidente.

Señorías.

Señor Sánchez, eu non sei se demoleedor é ou non, iso será cousa súa, pero, desde logo, aportar solucións aquí, ningunha. E mire, nosoutros aquí, os nosos compañeiros —eu non sei vostedes—, cobramos do Parlamento para o que fomos elixidos por todos os galegos para buscar solucións aos problemas dos galegos, moitos deles xerados por gobernos amparados por vostedes, como é o paro ou a situación económica. Fomos elixidos para iso. Polo tanto, esas acusacións gárdeas, non sei se para os seus ou para outros. (*Aplausos.*)

En política de vivenda, de leccións, pouquiñas. Revisen vostedes o seu modelo; ao mellor o seu modelo é o de Ramón Espinar, posiblemente. Compro a 10, vendo a 100, e con ese 10 % voume arreglando, ¿verdade? Iso é o que di... Ou o da señora Elvira García. O soldo de senadora non lle daba para un alquiler social. ¡Que lle imos facer! Ao mellor ese é o modelo de vostedes, ¡claro!, jese é o modelo de vostedes! O noso, desde logo, está aí, e os galegos e as galegas dixeron hai anos, no 2009, que non querían o Bipartito. Dixérono rotundamente. ¿Por que? Porque non lles gustaban as políticas —entre elas a de vivenda, e outras— que estaba a facer o Bipartito.

Si, señor Bará. Eu non falei, por certo, nin mencionei Venezuela. Mencionei A Habana, non confunda. Creo que A Habana de momento non está en Venezuela, aínda que anden cerca. Non a mencionei. Ao mellor é que non escoitou, porque veñen co seu discurso, que é demoler o PP. Dálles igual. O seu obxectivo é, canto peor, mellor. Ese é o obxectivo e como funcionan vostedes, e iso é o que buscan. Pero por aí non entramos, nin moito menos, porque formos elixidos para facer un labor, e ese labor ímolo defender por encima de todo. Por encima de todo, señor Sánchez.

E, señor Bará, efectivamente, vostede *Aló presidente* —quero dicir que era o Hotel Presidente onde foron—, ao mellor prefire iso a outras cousas. Vale, xa se viu. E ao mellor confundiu os 5.000 que di que don Manuel Fraga manexaba ou lle ían aos seus mitins en Bos Aires —pois si, porque era apreciado e querido— coas 5.000 mulleres que levou a Silleda o señor Anxo Quintana, ao mellor pagado polos galegos. (*Aplausos.*) Ou os autobuses que teledirixiu o señor Quintana. Ao mellor confundiu. (*Murmurios.*) As cifras son as mesmas, pero sonlle diferentes. Ao mellor confundiu con iso.

E miren, a Lei do solo de 1997... É que xa está ben de demagogia, ¡xa está ben de demagogia! E isto tanto para En Marea, para o señor Sánchez, como para o señor Bará.

Medidas liberalizadoras. Díxenlles antes: díganme un só plan xeral ou un só concello ao que lle afectara e se aplicara en Galicia. Desde o 1997, entrada en vigor da Lei do solo, onde, efectivamente, se podían desenvolver urbanizables, o solo rústico podía ser urbanizable, dígame un solo urbanizable que se tramitara en Galicia antes da Lei do solo do 2002 —a Lei 9/2002—, de Galicia, que loxicamente xa o evitaba. Dígame. Por certo, co voto en contra de todos vostedes, e si co voto a favor, e lei, do Goberno do Partido Popular. Díganme un só solo urbanizable, e incluso un planeamento, que estivera adaptado á Lei do solo de 1997 e non á outra.

Polo tanto, por moito que falen, non foi de aplicación en Galicia, non se aplicou en Galicia. Olvídense, porque a burbulla inmobiliaria, a afectación... O Concello de Barreiros tiña unha

delimitación do solo, o de Foz ten unha delimitación do solo ou unhas normas subsidiarias do 1985, ou outros concellos, e non lles afectou para nada a Lei de 1997, polo tanto non fagan demagogia. Aporten ideas, paréceme ben.`

E eu aí quero agradecer á señora Pierres. ¿Por que? Porque veu nun ton construtivo, e creo que así é como se debe de facer. Non, hai que recoñecer cando un fala, e ten razón vostede nun tema: hai que compartir responsabilidades na burocracia. Ten toda a razón, e hai que dicilo. Efectivamente, nalgúns casos Patrimonio é demasiado lento ou enrevesado para emitir os informes. E eu sacáballe os de Lugo porque nese caso foi eficiente Patrimonio. En menos dun mes tramitou ese informe, e o Concello tardou en remitir o expediente a Patrimonio oito meses. Iso é o que é imperdoable. Pero, loxicamente, non quere dicir que todos os concellos sexan así nin que en todos os casos Patrimonio sexa así de eficiente. Entón, aí hai que axilizar. Totalmente de acordo.

Pero quero recordar tamén que un dos temas, o tema da cédula de cualificación para a rehabilitación rural, tamén atrasa toda esa tramitación. Non se olviden —e aí hai que dicilo— de que quen implantou todo ese sistema foi o Bipartito. Había un sistema de rehabilitación rural áxil, que eu non digo que sexa mellor este ou outro con máis tramitación, máis control sobre as cédulas de cualificación ou tipo de obras que se fagan, pero, ¡coidado!, había unha licenza do concello e pasábase ás subvencións. E aí media Galicia do rural está rehabilitada. Non media, ¡bastante máis! Innumerables edificacións tradicionais se recuperaron con aquelas subvencións e axudas daqueles programas de rehabilitación rural dos anos 1990 e dos primeiros anos do 2000, ata o 2005, ata que chegou o Bipartito e se eliminou ese programa e cambiou totalmente.

Pero ben, do que estamos a falar é do futuro, e o futuro, desde logo, eu penso que vai por bo camiño. Vai por bo camiño cos programas que aquí se propoñen, coas propostas, co desenrolo das actuais e coas novas propostas como o plan ReHaluga. Si, o plan ReHaluga eu creo que é unha boa proposta; a Lei de rehabilitación é unha boa proposta; o investimento de case 40 millóns de euros para este exercicio que se desenvolva, que se execute, creo que é unha gran proposta; e, desde logo, nós imos traballar nesa liña e vai contar co noso apoio.

E, por suposto, si... —remato, señor presidente— ...os 70 ARI, e congratúlome de que un deles sexa o da Illa de Ons, que, por certo, foi aprobada a proposta neste Parlamento.

Moitas grazas, señora conselleira.

Grazas, señorías. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Castiñeira.

Peche da comparecencia, señora conselleira de Infraestruturas e Vivenda.

**A señora CONSELLEIRA DE INFRAESTRUTURAS E VIVENDA (Vázquez Mourelle):** Grazas, presidente.

Eu, na miña intervención, intentei explicar coa máxima claridade as razóns do Goberno galego para esta aposta pola rehabilitación. Eu estou aquí para falar de políticas públicas e medidas de interese para os galegos. O que lamento é que se utilice esta tribuna para falar de calquera outra cousa menos da materia que nos trouxo hoxe aquí, que é para falar de vivenda.

Vin aquí a falar da rehabilitación, da aposta pola rehabilitación do Goberno galego, que suporá unha dinamización da economía para un sector clave. Pero, sobre todo, o que consideramos é que a rehabilitación é unha canle efectiva de resposta a necesidades sociais en materia de vivenda para a xente, para os galegos e para as galegas. Nós temos marcada esa prioridade de facilitar o acceso a un fogar, e queremos que a rehabilitación sexa un instrumento para construír futuro, para recuperar o pasado, que é a pegada histórica arquitectónica, e cimentar o futuro de Galicia recuperando ese pasado.

Eses foron os motivos que nos inspiraron para apostar pola rehabilitación, o que levamos impulsando dende hai tempo. Ese apoio á rehabilitación tense incrementado substancialmente nos últimos anos con medidas específicas para núcleos rurais, para conxuntos históricos, para vivendas no Camiño de Santiago, axudas a rehabilitación e actuacións directas da Xunta de Galicia. E por iso no Plan RehaVita xa prestamos unha mención especial, unha especial atención, á rehabilitación. E os programas recollidos vólvoos repetir: áreas de rehabilitación integral, rehabilitación de vivendas no medio rural, nos conxuntos históricos, axudas a comunidades de propietarios e a vivendas de promoción pública, programas de rehabilitación de edificios de vivendas, subvencións para infravivendas no rural e actuacións directas da Xunta de Galicia. Eu creo que un barómetro para identificar a batería de medidas e tamén a boa acollida son as familias que beneficiamos, porque foron practicamente 3.600 familias as que se beneficiaron destas axudas e destas medidas, cun investimento, no ano 2016, de máis de 17 millóns de euros. Son resultados positivos que nos motivan, dende logo, a seguir traballando e a impulsar a estratexia de rehabilitación e a incluír estes programas tamén na estratexia de rehabilitación, que este ano prevé un investimento de practicamente 40 millóns de euros.

E no Goberno galego entendemos sempre a política de vivenda como algo dinámico, capaz de evolucionar ao ritmo das demandas e das necesidades dos galegos, con iniciativas ás que xa me teño referido nas anteriores intervencións, con medidas novas, medidas novidosas, como as melloras de eficiencia enerxética, as axudas para as antigas vivendas dos mestres, para rehabilitar esas vivendas dos mestres, ou o ReHaluga, señor Sánchez, unha medida pioneira, social. De momento, a única gran cidade que ten activo este programa é Ourense, por iso, por suposto, que chega o orzamento. Porque Santiago aínda non publicou a orde, Ferrol cambiou de opinión pero aínda non se incorporou e, dende logo, A Coruña segue dicindo que non, pese a que a Valedora do Pobo insta a que se adhira. Eu agardo que con esta nova iniciativa consigamos, pois, entre todos, facer un conxunto de vivendas sociais a partir dun conxunto de vivendas desocupadas. Tamén están os prestamos de particulares sen intereses e o fondo de cooperación para axudar aos concellos tamén a rehabilitar e con prestamos a intereses cero.

Falouse aquí de Pontevedra e de Allariz. Señor Bará, son ARI, son ARI. Eu creo que vostede o sabe ben. A Xunta ten realizado os investimentos nestes ARI. Polo tanto, en Allariz e Pontevedra a rehabilitación foi posible por un investimento da Xunta de Galicia de máis de 10

millóns de euros. Polo tanto, non soamente foi como consecuencia dos gobernos do BNG. Eu supoño que vostede saberá que son áreas de rehabilitación integral.

Agradézolle á señora Pierres, por suposto, a súa iniciativa construtiva da simplificación administrativa, e por iso, por suposto, entendo que aposta pola nova lei de rehabilitación. Porque, como dixen nas miñas intervencións, o que buscamos é a simplificación administrativa e a coordinación das administracións. O obxectivo é facilitar, facer o máximo posible para que a xente se anime a rehabilitar e non se desanime a rehabilitar, como está a pasar. Pretendemos, polo tanto, acompañar os cidadáns nestas apostas pola rehabilitación, que os concellos tamén aposten por humanizar e recuperar o patrimonio. E consideramos que é unha medida de futuro este paquete de medidas, esta batería de medidas importante. Neste ano 2017, esta estratexia de rehabilitación da Xunta de Galicia o que agardamos é que chegue a 6.300 familias; polo tanto, é o dobre do número de familias ao que chegamos o ano pasado, o pasado exercicio. E o investimento inducido que estimamos será de 58 millóns de euros.

Polo tanto, imos traballar para seguir dando mellor resposta e solucións ás necesidades de vivenda dos galegos e das galegas, con novos instrumentos, como dicía, como o observatorio de vivenda e a nova lei de rehabilitación, que é unha aposta de futuro por Galicia. É a primeira lei galega de rehabilitación, unha lei diría que social e tamén dinamizadora para mellorar a calidade de vida de todas as familias galegas, dos barrios singulares, e para fomentar a cultura da rehabilitación.

Crear identidade de Galicia eu creo que é unha tarefa colectiva, unha tarefa de todos. Temos a obriga todas as administracións públicas, os representantes públicos, os axentes implicados e a sociedade en xeral, de traballar conxuntamente como país polo futuro, polo patrimonio cultural que temos e, polo tanto, de recuperar o pasado para cimentar o futuro, de recuperar esa arquitectura que é a nosa arquitectura de Galicia. Polo tanto, eu agardo que entre todos poidamos mellorar Galicia apostando pola rehabilitación.

Pola miña parte, nada máis. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora conselleira.

### ***Declaración institucional sobre o cumprimento da sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea sobre o Sáhara Occidental***

**O señor PRESIDENTE:** Paso a ler agora unha declaración institucional por acordo de todos os grupos sobre o cumprimento da sentenza do Tribunal de Xustiza Europeo sobre o Sáhara Occidental.

Leo:

«O pasado 21 de decembro de 2016, o Tribunal de Xustiza Europeo emitiu sentenza no sentido de que o Sáhara Occidental non forma parte do Reino de Marrocos, o que significa que



ningún acordo comercial entre a Unión Europea e Marrocos é aplicable no Sáhara Occidental e que non se pode establecer ningunha actividade comercial nin exportar os recursos naturais do Sáhara Occidental sen o consentimento do pobo saharauí.

Esta sentenza é de obrigado cumprimento por parte das autoridades europeas e estatais, e é tamén un deber, ademais de respectala, dala a coñecer á cidadanía para a súa correcta aplicación. Así mesmo, segundo a Resolución 2285 do Consello de Seguridade da ONU, de abril de 2016, o logro dunha solución política e a mellora da cooperación entre os Estados do Magreb contribuirán á estabilidade e á seguridade da rexión.

Como xa se lembrou en anteriores ocasións, o 26 de febreiro de 1976 España puxo fin á súa presenza no territorio do Sáhara Occidental deixando inconcluso o proceso de descolonización que xa estaba en curso no marco da ONU e afirmando que o Estado español ten unha responsabilidade histórica, xurídica e moral co pobo saharauí.

Por todo isto, o Parlamento de Galicia:

1. Chama a que se respecte e cumpra a sentenza do Tribunal de Xustiza da Unión Europea do 12 de decembro de 2016, na que se establece que os acordos de asociación e liberalización entre Marrocos e a Unión Europea non son de aplicación ao territorio do Sáhara Occidental.
2. Expresa a súa preocupación sobre a explotación dos recursos naturais do Sáhara Occidental, incluíndo por parte de compañías europeas, en contradición co dereito internacional europeo, e insiste en lembrar a ilegalidade de calquera actividade comercial co Sáhara Occidental sen o consentimento do pobo saharauí.
3. Fai un chamamento ás compañías europeas, españolas e galegas para que actúen de conformidade co dereito internacional europeo, de xeito que cesen as actividades que poidan favorecer a perpetuación da ocupación marroquí do Sáhara Occidental e a explotación dos seus recursos naturais, e urxe a todas as autoridades a implantar a lexislación vixente con base na recente sentenza do Tribunal de Xustiza Europeo.
4. Súmase á corrente de solidariedade coa que a sociedade galega leva anos exixindo unha solución política xusta, duradeira e mutuamente aceptable a través dun referendo de autodeterminación que poña fin ao conflito do Sáhara Occidental.»

*(Apróbase por asentimento.)*

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Continuamos co pleno no punto terceiro da orde do día, que é o de mocións.

**Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co servizo de transporte sanitario terrestre**

**O señor PRESIDENTE:** A esta moción presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Julio Torrado Quintela, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción (10/MOC- 000026, doc. núm. 7774).*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir un novo parágrafo á parte resolutiva da moción, que quedará redactado co seguinte contido:*

*«Que o Goberno galego realice un informe anual cos datos rexistrados de número e motivos das chamadas recibidas, así como dos servizos feitos e dotación para cada un, co fin de optimizar as necesidades de recursos e adecualos á demanda.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción ten a palabra a señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Moi bo día a todos e a todas.

Volvemos falar hoxe e a debater sobre o transporte sanitario urxente. E quero encomezar dicindo con toda claridade que a situación do transporte sanitario non é nin máis nin menos que un síntoma máis da enfermidade que padece a sanidade pública en Galiza, unha sanidade pública galega enferma de recortes, enferma de falta de persoal, enferma de listas de espera, de copagos e de privatizacións. E esta situación non é por casualidade, non é conxuntural, nin é consecuencia, como nos quixeron facer crer, dunha situación de crise e de falta de recursos económicos. É o resultado, pois, dunha aposta ideolóxica da dereita ao servizo do poder económico. E ese obxectivo non era outro que converter a sanidade pública en negocio en todo o que dependa do Partido Popular, negocio para as empresas dos amigos ou xa directamente —como estamos a constatar— de militantes e cargos do Partido Popular.

No pasado pleno, na interpelación que deu lugar a esta moción que estamos a debater, ao conselleiro preguntámoslle unha serie de cuestións en nome dos traballadores e das traballadoras. E a día de hoxe, dúas semanas despois daquel pleno, pois a situación segue igual. A Xunta de Galiza segue sen recibir os traballadores e traballadoras. O conselleiro non foi quen nin de dirixirse a eles nin é quen, nin el nin ninguén do seu equipo, de atopar un oco na axenda para recibilos. A patronal segue sen sentarse a negociar cos traballadores e traballadoras e cos seus representantes esa situación, e o servizo segue deteriorándose.

Consideramos no BNG que é urxente e precisa unha rectificación da política que o Goberno de Galiza, o Goberno do Partido Popular, está a levar a cabo no transporte sanitario terrestre. Ao longo da interpelación do pasado pleno non puidemos observar ningunha vontade por parte do conselleiro nin ningunha vontade de tomar nota de cal era a situación. E, evidentemente, se non se toma nota da situación, non se van tomar medias para soluciónala.

Por iso, naquel pleno fixen un repaso de cal era esa situación, unha descrición desa situación, unha situación na que o Partido Popular foi deteriorando o servizo con todas as decisións que foi tomando, coa adxudicación dun concurso a unha empresa que viña precedida de escándalos e conflitos protagonizados noutras comunidades e noutras partes do Estado español, unha empresa participada na súa maioría por unha empresa de capital risco e que á fronte da mesma está situado ese alcalde do Partido Popular, membro destacado, de Castela e León. É unha situación na que hai sospeitas de trato de favor á empresa que resultou adxudicataria, polo cal o Xulgado Número 2 de Santiago pois ten aberta unha investigación. É unha situación na que hai constatacións de que antes de abrir os pregos había ambulancias xa preparadas nos concesionarios, ambulancias desta empresa que resultou adxudicataria; unha situación que cualificamos de baixa temeraria, porque a empresa á que se lle adxudicou esta licitación fixo unha oferta máis baixa que as outras que concursaban, incluso chegando a unha rebaixa do 12 %, unha rebaixa do 12 %, o cal está dando, como consecuencia, problemas evidentes con este servizo. Se se fai a oferta máis barata coa oferta técnica máis alta é imposible cadrar os números, é imposible, señor Núñez Centeno. Non me diga que si coa cabeza, porque é imposible dicir que se vai facer todo máis barato pagándolles aos traballadores e traballadoras o que lles corresponde e tendo o material, as ambulancias e todo, nas máximas condicións e coas máximas prestacións. É unha situación na que non hai control por parte das estruturas de organización de xestión integrada, que son ás que lles corresponde facer este control. Non se controla nin o número nin o horario das ambulancias que prestan servizo nos hospitais, non existen protocolos nin o rexistro de desinfección destas ambulancias. Estanse usando ambulancias de apoio dun xeito, dende logo, raiando a ilegalidade, sobre todo raiando a imprudencia. Hai empresas que teñen en cada zona o número de ambulancias de apoio e o servizo teno que prestar esta mesma empresa. Estámonos encontrando con que a empresa que ten adxudicado o transporte urxente ten ambulancias incluso doutras empresas, ambulancias coa dotación dunha soa persoa que vai na ambulancia, sen ninguén de apoio, sen ningún técnico, soamente o condutor. Estanse usando estas ambulancias non para casos excepcionais, non para casos puntuais de apoio, senón que se están enviando estas ambulancias a accidentes, a infartos, a auténticas situacións de emerxencia, de urxencia, con estas ambulancias que non son de servizo vital avanzado e cunha soa persoa.

Denunciamos a situación dos traballadores e traballadoras destas empresas adxudicatarias, que están a denunciar o incumprimento do convenio. Néganse a sentarse a negociar un convenio, hai conxelación salarial, hai malas condicións en moitas das bases. O convenio rematou a súa vixencia o 31 do 12 de 2015. Tería que estar xa máis que negociado outro convenio e non o está. E con todo isto é evidente que está empeorando a calidade asistencial, co uso destas ambulancias concertadas como de apoio. E tamén se denuncia que se está facendo norma que, en vez de contratar persoal nas mesmas condicións que o persoal que xa está, se estea usando o contrato en prácticas por parte das empresas. Temos traballadores en prácticas con menos dereitos e con menores salarios, e estase intentando consolidar esta situación de precarización laboral.

En resumo, estanse a producir toda unha cadea de incumprimentos que afectan o funcionamento do servizo de ambulancias. Os traballadores e as traballadoras saen prexudi-

cados, e, evidentemente, os doentes e a calidade asistencial. E estes incumprimentos danse por parte das empresas adxudicatarias, pero é evidente que a responsabilidade é do Sergas, do 061, que saben perfectamente cal é a situación e non están a facer absolutamente nada. Por iso o BNG presenta hoxe aquí unha moción derivada da interpelación do anterior pleno, e o que pedimos é a rectificación na política de primar os criterios económicos sobre a calidade asistencial, o que pedimos é explicacións de cal é a situación, informes de cal é a xestión que se está facendo, dos controis que se están facendo da prestación do servizo por parte das empresas. E é unha moción que o que pide é que se exerza o control que lle corresponde á Administración pública. Porque o que hai é unha evidencia de que non hai control sobre as concesións, e isto significa risco para a saúde e a vida dos doentes, significa risco para os traballadores e vulneración dos seus dereitos. O que pedimos, en resumo, nesta iniciativa é esa rectificación da política de primar os criterios económicos sobre a calidade asistencial, que se exerza ese labor de vixilancia e control sobre a prestación do servizo; que se exixa o cumprimento das condicións establecidas no concurso do servizo de transporte sanitario urxente; que se presente neste Parlamento galego, e neste período de sesións, un informe desglosado por cada EOXI, por cada estrutura de organización de xestión integrada, onde se recolla esa avaliación, ese control, ese seguimento que se está facendo da prestación do servizo; que se impida o uso de ambulancias de apoio non equipadas como transporte sanitario de emerxencias, que está sendo unha constante, e que se exixa ás empresas concesionarias a exclusividade dos recursos do Sergas que establece o prego —é público e notorio que, con parte do equipo, con parte dos vehículos que teñen que ser para uso exclusivo do contrato co Sergas, se están facendo servizos para mutuas, servizos para seguros, servizos para outros hospitais privados, cando está explicitamente recollido no prego que non pode ser así—; que se exixa a dotación do número de ambulancias establecido no prego, que teñen que estar esas ambulancias prestando servizo e sabemos que non é así, sabemos que hai ambulancias que aínda están no concesionario sen recoller cando se está pagando coma se estas estiveran en servizo; que se exixa a dotación do persoal suficiente, tanto en número como en cualificación, establecido nos pregos —é habitual que o persoal que vai nas ambulancias sexa persoal do Sergas cando no prego se establece que teñen que ter as empresas persoal cualificado para facer os servizos—...;

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** ...que se garantan os dereitos laborais dos traballadores e traballadoras que prestan os seus servizos; e, por último, que se abran os expedientes que haxa que abrir polo incumprimento que se está a producir.

Agardando o apoio favorable do resto dos grupos da Cámara, de momento nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Torrado.

**O señor TORRADO QUINTELA:** Grazas, señor presidente.

Bo día.

Nós imos, indubidablemente, apoiar a iniciativa que se está presentando. Consideramos que o que se está plantexando sobre o transporte sanitario é basicamente coherente e correcto coa posición que nós levamos defendendo publicamente dende hai tempo. Recolle a iniciativa o fundamento do que nós pensamos, e temos manifestado claramente a nosa posición.

Propoñemos, ademais, unha emenda para complementar, unha emenda que pide datos, pide información. Nós somos os ousados que pedimos datos habitualmente. Xa sei que ao Grupo Popular non lle gusta e sempre nos votan en contra cando pedimos datos e informes. Temos a estraña vontade de recorrer aos datos, á información, para intentar elaborar as nosas posicións. E pedimos —malditos de nós— datos e informes sobre as cousas, como engadimos nesta proposta, coa intención de ser quen de facer plantexamentos o máis optimizados posible e contribuír, en certa maneira, a mellorar o sistema de funcionamento, un sistema que agora mesmo é claramente ineficiente.

É ineficiente, primeiro, na súa xestión. Temos diversos déficits no que é a xestión técnica do transporte sanitario terrestre. ¿Por que? Primeiro porque temos persoal facendo enormes sobreesforzos, persoal en condicións laborais, ademais, difíciles, que non están sendo recibidos, que non están sendo atendidos. E é o persoal que ten que conducir ambulancias en situacións extremas, que ten que atender de maneira urxente, persoal que responde a necesidades vitais moi, moi, necesarias —valla a redundancia—, e que temos que ter polo menos nunhas condicións dignas de traballo.

Hai incumprimentos e ineficiencias nos propios plans de funcionamento. Incúmpranse os criterios de tempo que a propia Consellería marca. Intercámbianse pacientes en gasolinerías, ocorre neste país que se intercambian pacientes en gasolinerías. Utilízanse ambulancias de apoio para cubrir urxencias, cando as ambulancias de apoio non deberían ser utilizadas para cubrir urxencias e, sen embargo, se utilizan. Ninguén dá ningunha explicación sobre isto. Hai unha ausencia clara de recursos, non temos as ambulancias necesarias medicalizadas, as SVA. ¿Por que? Pois porque, sinxelamente, son caras. Entón hai alguén que decide que é moi caro ter unha ambulancia necesaria, aínda que salve vidas, porque teñen prezo. E, claro, á hora de xestionar son prioritarias outras cousas.

Polo tanto, nós consideramos que hai unha clara ineficiencia, pero, claro, sorpréndenos que sempre sexa unha cuestión de recursos fundamentalmente económicos, cando vemos despois cousas como a ineficiencia na propia concesión. Estamos a falar dun servizo que na súa concesión... —primeiramente son concesións moi baratas, e logo hai que ir poñendo, poñendo e poñendo, como nas obras das baixas temerarias, que logo hai que ir poñendo, poñendo e poñendo, e, ao final, como dicía a miña avoa, o barato sae caro—. Despois hai que ir poñendo cartos, poñendo cartos, e ao final un pregúntase se quen manda nas concesións é a Consellería que oferta un servizo ou a empresa que adquire a concesión. ¿Quen dirixe a política de concesións da Consellería de Sanidade? ¿Quen a dirixe? No caso da construción dos hospitais xa o sabemos: os construtores privados. E neste caso ¿quen a dirixe? Porque nós temos bastantes dúbidas, ou, o que é peor, poucas. Porque estamos ante un caso dunha concesión de 121,6 millóns de euros para unhas ambulancias que estaban rotuladas, equi-

padas e esperando antes de que se plantexara o concurso, rotuladas e equipadas antes do concurso —121,6 millóns de euros—. É certo, igual non hai tantas dúbidas sobre quen dirixe os procesos de contratación da Administración pública neste caso.

Pero, claro, cando existen estas ineficiencias, claro que compartimos estas mocións, e outras. E o que nos sorprende é que ninguén dea explicacións. Estamos falando de situacións moi graves. Volvo repetir: 121,6 millóns de euros. Dá a sensación de que hai alguén facendo oposicións para presidente do PP na Comunidade de Madrid, e vai por bo camiño, bos méritos. (*Aplausos.*)

Así que eu xa sei que vostedes nos van dicir que sempre estamos coa mesma cantilena, que isto é un desastre, que nós non podemos estar dicindo que está todo mal. Non está todo mal, pero as cousas que están mal —que lamentablemente son máis das que quixeramos— hai que dicilas. E a min gustaríame, se nos van contrarrestar —que está ben—, que o fagan explicándonos cousas coma estas: 121,6 millóns de euros para unhas ambulancias que estaban antes do contrato, antes de que se abiraran as condicións do contrato e da concesión, antes do concurso, almacegadas, esperando, rotuladas co logo do Sergas, equipadas... Ignacio González estaría orgulloso.

Nós podemos equivocarnos algunha vez, podemos incluso meter a pata. Pero nós nunca meteremos a man, señores. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Torrado.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Solla.

**A señora SOLLA FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Dende En Marea imos, obviamente, apoiar esta moción, que ademais vai en consonancia coas propostas que xa temos presentado en comisión. Non poucas veces debatemos neste Parlamento a situación do 061 e do transporte sanitario en xeral no noso país, froito de múltiples protestas, folgas e loitas dos traballadores e traballadoras por reclamar os seus dereitos. Esta vez, unha vez máis, están agora mesmo acompañando a esas plantillas do 112, que levan máis dunha semana de folga indefinida precisamente porque a Xunta de Galicia se nega a sentarse con elas e eles a negociar as condicións dun traslado que se fixo efectivo sen unha negociación cos representantes de traballadoras e traballadores.

No relativo ao concurso, xa trasladamos tamén a nosa posición no seu momento. Consideramos un feito gravísimo esa investigación por esa presunta prevaricación nese concurso iniciado en 2014, e adxudicado en 2015 por 121 millóns de euros. Entendemos que todos eses casos de corrupción que están saíndo o único que fan é evidenciar que a Administración non se está, dende logo, comportando dunha maneira transparente, en contra do que se traslada en moitas ocasións neta Cámara. E pedimos no seu momento luz e comparecencia sobre esta circunstancia, e, como habitualmente, o único que atopamos foi total silencio. Evidentemente, neste sentido apoiamos esta proposta que se fai hoxe.

Sobre as medidas que hai que tomar para implementar medidas de mellora e apoio a ese servizo de transporte sanitario, trouxémolas tamén noutra ocasión, e aquí banalizáronse as



circunstancias das ambulancias de apoio. Nós xa dixemos na Comisión de Sanidade que nos parecía moi grave que un recurso que, ao noso entender, non tiña que existir, pero que en teoría existía como unha circunstancia eventual de, precisamente —valla a redundancia—, ese apoio, se estivese a utilizar de maneira habitual. Non creo que os traballadores sanitarios e as traballadoras sanitarias, eses técnicos e técnicas, mintan sobre o seu traballo; entre outras cousas porque se atopan en situacións moi graves, como xa se nos ten trasladado, nas que, ás veces, teñen que escoller entre atender a persoa que vai atrás ou conducir a ambulancia. E si, dixéronos que se utilizan —de maneira, para nós, fraudulenta— en ocasións nas que hai un compromiso vital. Xa dixemos que se nos ten notificado algún falecemento. E, polo tanto, obviamente, igual que o solicitamos na Comisión de Sanidade, hoxe apoiamos tamén aquí que se retiren esas ambulancias de apoio. Nós consideramos que deben substituírse por recursos cen por cento do 061 e, obviamente, con dúas persoas técnicas no caso das ambulancias asistenciais.

Fixemos tamén proposta —e hoxe apoiámolo aquí—, tanto nos orzamentos como na propia Comisión, sobre o número de ambulancias que consideran precisamente as asociacións de técnicos, e tamén as centrais sindicais, que sería necesario implementar, tanto no que ten que ver coas ambulancias asistenciais como coas UVI móbiles no noso país para dar un correcto servizo.

A señora Prado fixo un relatorio aquí, e tamén o voceiro do Partido Socialista, sobre os problemas que temos recollido nos últimos anos e que se atopan de insuficiencia de recursos. Hai que lembrar que hai en torno a oito anos que se suprimiron parte dos servizos. Houbo reclamacións puntuais en moitos sitios. Eu recordo precisamente o debate que tivemos —xa o comentamos na Comisión— relativo a vilas como Baiona e outros centros que eran turísticos e que quedaban sen ese transporte sanitario. Na actualidade —polo que nos comentan precisamente eses técnicos e técnicas das ambulancias— teñen que estar desprazando as ambulancias doutros concellos para poder facer o transporte sanitario urgente, cunha precariedade absoluta na que en ocasións quedan sen medios de transporte para facer ese traslado. Polo tanto, é obvio que é necesario implementar máis recursos para proporcionar correctamente este servizo.

E consideramos tamén que todo o que sexa petición de información debe implementarse neste Parlamento, porque a realidade a día de hoxe é que seguimos solicitando informacións, tanto na Comisión 5ª como no propio Pleno e peticións ao abeiro do artigo 9, que non son satisfeitas.

En resumo, entendemos que este servizo debería ser cen por cento público, que a realidade é que teñen dereito eses traballadores e traballadoras a unhas condicións laborais axeitadas, e que imos apoiar neste sentido a proposición non de lei. Mañá falaremos do 112. E eu, evidentemente, agradezo que os traballadores e traballadoras do 061 apoiem tamén a eses compañeiros e compañeiras que están en folga de maneira moi digna xa hai máis dunha semana.

Máis nada, moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Solla.

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Núñez Centeno.

**O señor NÚÑEZ CENTENO:** Grazas, señor presidente.

O primeiro que quero facer constar é a dificultade de responder a unha moción de dez puntos bastante complexos nun tempo de cinco minutos. Pero, bueno, tentarei axustarme no posible e falar de todos os puntos que me dea tempo.

Estamos de acordo, señora Prado, con que o transporte sanitario urxente é un servizo vital. Pero dende o Grupo Parlamentario Popular pensamos que o Goberno da Xunta de Galicia así o considera. Desde logo, discrepamos co resto da súa intervención, tanto hoxe como na pasada interpelación, que foi a que motivou a presentación desta iniciativa.

A Fundación Pública Urxencias Sanitarias de Galicia convocou un concurso e adxudicou o servizo en distintos lotes e a distintas empresas, non a unha única empresa. E di vostede que se fixo en baixa temeraria cando sabe que este concepto está perfectamente definido nas bases de calquera concurso, nas que se toma como referencia o artigo 85 do Regulamento general de la Ley de contratos de las administraciones públicas.

No primeiro punto da súa moción pide ao Goberno galego que rectifique a súa política de primar os criterios económicos sobre a calidade asistencial dos concursos. E eu pído lle que lle faga esa recomendación ao Concello de Carballo, que ten na web a adxudicación das prazas do servizo de axuda no fogar e que puntúa con 55 puntos para a oferta económica e 10 puntos para recursos humanos, materiais e técnicos.

Pide tamén vostede noutro punto da moción que o Goberno galego garanta os dereitos laborais dos traballadores e traballadoras. E volvo ao mesmo prego, ao prego do SAF de Carballo, que di: «O Concello recoñece o dereito á negociación colectiva dos traballadores do servizo obxecto deste contrato, aínda que en ningún caso participará directamente na devandita negociación nin tomará parte ningunha na execución dos acordos que ambas partes alcancen». ¿Por que o Goberno galego si e o Goberno do BNG de Carballo non? Estas traballadoras de Carballo manifestaron a este voceiro ter problemas laborais serios cunha empresa que as contrata, e reuníronse co alcalde e co goberno sen acadar resultado de ningún tipo. Incluso no pleno de onte o alcalde manifestou que non era unha competencia del e que se cumpriran, e que poñan unha denuncia —que foi o que dixo o conselleiro— e que, unha vez que haxa resolución firme, efectivamente, iso si será válido para rescindir o concurso ou a adxudicación.

Ademais de anécdotas, no pasado pleno fixo acusacións moi graves amparándose na inmunidade parlamentaria en relación co concurso de adxudicación deste servizo. Eu supoño, señora Prado e señor Torrado, que todo o que din aquí que se fixo nese concurso o terán denunciado no xulgado. Desde logo, os once recursos diante do Tribunal Administrativo Central de Recursos Contractuais de Madrid foron resoltos a favor da Administración. E das tres demandas que se presentaron diante do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia hai sentenza dunha a favor da Administración galega.

Fala tamén na moción de vixilancia e control, e tamén se manifestou en sede parlamentaria que hai unha comisión de transporte da propia fundación, un grupo de traballo interno constituído por traballadores que representan as distintas áreas da fundación, e, ademais, que a propia fundación fai inspeccións periódicas de todos os vehículos. A valoración do cumprimento dos indicadores de calidade dos servizos recollidos no prego dixo o conselleiro aquí que alcanzou, facendo a media de todas as empresas, un 94 %.

Piden vostedes que se impida o uso da ambulancia de apoio como transporte sanitario de emerxencia. Tamén manifestou o conselleiro que iso representaba o 3,88 % do total de servizos prestados e que estas ambulancias se utilizan dende o ano 1988. Desde logo, a que se utiliza en Carballo —que é dunha empresa, efectivamente— ten ata un DESA, un desfibrilador, na propia ambulancia.

E falan da exclusividade dos recursos do 061 para o seu emprego polo Sergas. A min gustárame saber se iso quere dicir que, se un funcionario vai a urxencias cun infarto, como ten un seguro privado, non pode ir nunha ambulancia ao Sergas. Ou outra máis: falouse dos accidentes de tráfico, e os accidentes de tráfico están cubertos por empresas privadas, por seguros privados. ¿É legal ou non é legal que unha ambulancia do 061 traslade un enfermo deses e posteriormente lle pase a factura ao Sergas —que é como se fixo e como se fai sempre—? Desde logo, isto da sanidade universal tamén vai por cachos.

Con respecto ao número de recursos que se utilizan, explicou o conselleiro que hai 2 helicópteros medicalizados, 11 ambulancias de soporte vital avanzado e 106 de soporte vital básico, que é un número superior ao que figura nos pregos. Por certo, entre o 2005 e o 2009 —xa o falamos neste Parlamento— non se adquiriu nin se concertou nin unha soa ambulancia —nos anos aqueles da *Champions League*, da pasta, dos cartos e aquelas cousas que había—. E antes e despois si se contrataron. Probablemente nalgún momento determinado pois, efectivamente, nalgunha zona faga falta algunha máis. Pero durante eses anos, desde logo, non se fixo absolutamente nada.

Mire, señora Prado, eu falei tamén con traballadores deste servizo e manifestáronme que, dentro das posibilidades, efectivamente, de que se negocie un convenio —que é un dereito e que hai que facelo—, están mellor do que estaban antes, cobran máis do que cobraban antes, teñen mellor material que o que tiñan antes e teñen ambulancias novas que non tiñan antes.

E, desde logo, en canto á rotulación non vou dicir nada. Dixo vostede que non poñen «Sergas». Non poñen «Sergas», poñen «Consellería de Sanidade, Xunta de Galicia, 061, Urxencias Sanitarias». Creo que é ben fácil de distinguir da que é concertada, creo que é absolutamente fácil. Iso díxoo vostede no pleno. Efectivamente, non pon «Sergas», creo que non fai falta que o poña.

Mire, señoría, estamos diante do servizo sanitario mellor valorado pola cidadanía. Hai unha enquisa que di que o 98,9 % dos que o utilizaron volverían utilizar, danlle unha nota dun 9,1 sobre 10 puntos. E dende o Grupo Parlamentario Popular queremos felicitar o persoal da fundación e das distintas empresas polo seu traballo. Cremos que este traballo é o que fai que este servizo sexa copiado por moitísimas comunidades autónomas.

Non imos apoiar a súa moción.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Núñez Centeno.

Polo grupo autor da moción, a señora Prado.

**A señora PRADO CORES:** Bueno, persistan e persistan. Eu non sei a quen de vostedes lle vai tocar facer o papel de Esperanza Aguirre e de vir dicir despois: Bueno, é que non vixiei o suficiente. Non, sigan mirando para outro lado, ¡non pasa nada! Aquí vostedes sigan mirando para outro lado que non pasa nada. Imos ir un pouco por partes.

Primeiro, señor Centeno, ¿vai ser vostede o candidato do Partido Popular á alcaldía de Carballo? Dígoo porque, como vén facer aquí campaña municipal... Bueno, é por ir sabendo, eh!, por ir sabendo... (*Aplausos.*)

Mire, outra cuestión, di vostede o que dixo o conselleiro, repetiu o dato do conselleiro, que soamente se usan como ambulancias de apoio o 3,98 %. ¿Que lle parecería se lle tocara a vostede ou a un familiar seu, cando tivera un infarto ou un accidente, unha dese 3,98 %? ¿Que lle parecería que chegara alí unha ambulancia sen medios cun condutor para atender unha urxencia vital? Mala sorte, ¿non? Sería mala sorte que vostede fora un dese 3,98 %. O que pasa é que os señores deputados e deputadas do Partido Popular pensan que nunca lles vai pasar a vostedes, pensan que esta situación que describín aquí e que vostede non foi capaz de rebater —porque eu non dixen que todas as ambulancias estiveran sen rotular, senón que hai ambulancias sen rotular— nunca lles vai pasar a vostedes nin a ningún dos seus familiares, ¿non? Cren que, cando lles pase e teñan unha urxencia, vostedes sempre poderán chamar por outro teléfono ou outro recurso, que a vostedes non lles vai pasar nada destas cuestións, non lles vai pasar.

Pero temo que si, e temo que cando lles pase lembren que votaron non a que se vixié. Porque ¿que di a iniciativa do BNG? ¡Claro, claro!, cando lles pase dirán: ¡Pois tiñan razón! Tiñan razón, que resulta que non todos os recursos están en condicións; tiñan razón, que mandan ambulancias de apoio a atender emerxencias cando non podían facer iso.

Porque, mire, ¿sabe que pide a iniciativa do BNG? Fundamentalmente que se controle a empresa. E vostedes van votar que non a que se exerza o labor de vixilancia e control sobre a prestación do servizo. ¿Que dicimos? Que se exixa o cumprimento das condicións establecidas no concurso. ¡Van votar vostedes que non! Vale, perfecto. ¿Que pedimos? Que se presente no Parlamento un informe sobre a avaliación —que o establece o prego—. E vostedes van votar que non, que non se faga a avaliación e que non se traia a este Parlamento, que se impida o uso de ambulancias de apoio non equipadas para transporte sanitario de emerxencias. ¡Van votar que non! Cando votan que non, queren dicir que si, que lles parece moi ben que vaian ambulancias de apoio sen persoal e sen dotación a emerxencias. Pois van votar que si, paréceme moi ben. A que se exixa a dotación do número de ambulancias establecidas no prego van votar que non. ¡Perfecto, perfecto, señores e señoras do Partido Popular!

Eu insisto: agardo que, se se ven nunha destas situacións, vostedes lembren —igual que cando votaron que non a atender os enfermos da hepatitis C e outras cousas— que cando apertan o botón ten consecuencias.

O BNG presenta aquí toda esta batería de parte resolutiva pedindo que se rectifique, que se controle, que se vixie e que se expediente cando sexa necesario. Mirade qué cousas tan raras pide o BNG, que terían que facelo vostedes de oficio, que é denigrante que haxa que vir ao Parlamento pedir o que o Goberno debería facer de oficio.

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**A señora PRADO CORES:** Porque a situación coñécea a Consellería, coñécea o Sergas, coñécea o 061 e coñécena vostedes, señoras e señores deputados do Partido Popular. O que non queren é facer nada, co cal a responsabilidade é do Goberno e vostedes son cómplices e consentidores de que esa sexa a situación na que se está e de que, ademais, estea empeorando. Cómplices e consentidores desa situación. Vostedes dormen tranquilos pola noite. Agardo que si.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO CORES:** E agardo de verdade que se vexan na situación doutros doentes para que logo digan: ¡Ui!, a min tamén me pode tocar.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**A señora PRADO CORES:** A vostedes tamén lles pode tocar algún día.

Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** ¿Acepta a emenda?

**A señora PRADO CORES:** Perdón, acepto a emenda do Partido Socialista porque creo que incide no que pide o BNG. E agradezo tamén a En Marea que apoie a iniciativa. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo, sobre a inmatriculación no Rexistro da Propiedade de bens inmobles da Igrexa católica**

**O señor PRESIDENTE:** Presentáronse dúas emendas, unha do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario de En Marea.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Luis Bará Torres, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta moción.*

*Emenda de adición.*

*Proponse engadir dous novos puntos na parte resolutiva co seguinte texto:*

*<<5. Solicitar do Goberno do Estado a realización dun inventario público dos bens rexistrados pola Igrexa católica entre 1998 e 2015.*

*6. Demandar do Goberno do Estado que desenvolva as medidas legais encamiñadas a revisar, e, de ser o caso, anular as inmatriculacións realizadas pola Igrexa católica entre 1998 e 2015.>>)*

*(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada e voceira suplente Carmen Santos Queiruga, ao abeiro do disposto no artigo 151.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta moción.*

*Emenda de adición.*

*Débase engadir un punto co seguinte texto:*

*<<5. Instar ó goberno do Estado á realización das medidas oportunas para garantir que as propiedades da Igrexa católica paguen o Imposto sobre Bens Inmóveis (IBI).>>)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a moción ten a palabra a señora Vilán.

**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas, presidente.

Bo día. Boa tarde case xa.

É 25 de abril. Onte dicía o primeiro ministro portugués, socialista, que fortalecendo a confianza na democracia é como mellor podemos defender a democracia, como mellor lle damos vida. E dende o Grupo Parlamentario Socialista pensamos que esta moción que traemos hoxe, que camiña cara á aconfesionalidade do Estado, vai fortalecer —ou debería fortalecer— a confianza na democracia e a propia democracia en si, non só o fortalecemento. *(Aplausos.)*

Hai dúas semanas dicíamos nesta mesma tribuna que vostedes, deputados e deputadas do Partido Popular, deberían copiar dos liberais progresistas que fixeron a desamortización en España. Pero, por desgraza, no discurso que nos veu dar aquí, que nos veu contar, o vicepresidente Rueda parecía que vostedes son máis daqueles moderados que concertaban coa Igrexa católica no século XIX e paralizaron o proceso desamortizador para que o Estado sositivese o clero, considerase o catolicismo a relixión do Estado e recoñecese á Igrexa a posibilidade de adquirir todo tipo de bens.

Ese mesmo espírito —dicíamos moderado— foi o que inspirou a José María Aznar, sendo presidente do Goberno douscentos anos despois, para reformar o Regulamento hipotecario e non fortalecer, ao noso entender, a democracia.

Hai tres semanas poñíamos un exemplo vergoñento desta reforma do ano 1998, que foi a inmatriculación da mesquita de Córdoba por 30 euros a favor da Igrexa católica; mesquita de Córdoba que o Grupo Parlamentario Socialista entende que non pode ser inscrita a nome



de ninguén porque é Patrimonio da Humanidade; debe estar fóra do comercio dos homes, e moito menos a nome da Igrexa católica. E así llo dicía tamén o propio secretario do Concello de Córdoba ao Grupo Municipal do Partido Popular. Cando lle preguntaban, dicía que a doazón vergoñenta que fixera o rei Fernando III ao bispo Lope de Fitero, no século XIII, non era suficiente para a inscrición. Exactamente igual, oito séculos despois, inscribir a mesquita de Córdoba por 30 euros non é fortalecer a confianza na democracia.

Hoxe traemos unha moción que ten por obxecto recuperar eses bens inmatriculados a favor da Igrexa católica a partir daquel Real decreto do ano 1998, cando a reforma de José María Aznar, presidente do Partido Popular naquel momento e presidente do Goberno, posibilitou que se inmatriculasen a favor da Igrexa e que esta se apropiase de maneira indebida de moitos inmobles coma se fose un ave de rapiña. Esta actitude ten sido denunciada por todo tipo de plataformas, por representantes cidadáns, por mermar os dereitos e as propiedades sobre o dominio público.

¿Que pretendemos dende o Grupo Parlamentario Socialista con esta moción? Tres cousas básicas: en primeiro lugar, queremos saber os efectos que en Galicia tivo a aplicación deste real decreto —tema intrigante entre os gobernos do Partido Popular e a Igrexa católica—. O propio vicepresidente veu aquí, dixo que non tiña datos, porque non o sabía, porque eran datos que tiñan os rexistradores, que o Goberno non os tiña e que, polo tanto, non nos podía dar eses datos. Curiosamente, dous parlamentos, que non son sospeitosos de ser marxista-leninistas, o vasco e o navarro, si teñen eses datos e si os compartiron con aqueles concellos onde se inscribiron bens a nome da Igrexa católica, precisamente para que eses concellos, eses municipios, puidesen ir aos xulgados a través das accións legais oportunas e reclamar, se fose posible, dereitos mellores sobre eses bens.

Polo tanto, ese discurso de imposibilidade de conexión íntima entre a Igrexa católica e o Goberno do Partido Popular caeu estrepitosamente, e nós solicitamos aquí que se inste por parte do Goberno galego o Goberno do Estado a que reclame á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado un estudo cos bens que en Galicia se inmatricularon a favor da Igrexa católica a partir do Real decreto do ano 1998. Se se puido facer en Euskadi e en Navarra, entendemos que no Parlamento de Galicia tamén teremos esa posibilidade.

O segundo que pedimos é que o Goberno analice os títulos de propiedade que aportaron os rexistradores da propiedade. Parece ser —segundo noticias que nos pasan— que a Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado non deu ningún tipo de instrución aos rexistradores da propiedade para as inmatriculacións. E preguntámoslles se vostedes saben, se os rexistradores galegos recibiron ou non este tipo de instrucións. Se é así, gustaríanos que atendan a nosa petición.

E, finalmente, e en terceiro lugar, entendemos que é necesario poñer en marcha accións para impedir a consolidación, non só da propiedade, tamén de calquera outro tipo de dereito real a favor da Igrexa católica para poder recuperar eses bens que se inmatricularon de maneira indebida, bens de dominio público e aqueles que, aínda non catalogados como de dominio público, non poidan ser inmatriculados por ninguén. O que lles pedimos é que rematen cun privilexio a favor —outro máis— da Igrexa católica, se as inscricións que se fixeron non

tiñan un título que as xustificase ou ben se non se puideron facer porque os bens fosen de dominio público.

Creemos imprescindible que nos resarzamos dunha vez por todas dos perversos efectos da modificación da normativa hipotecaria que se fixo por Aznar no ano 1998 e que vostedes defenden. Xa é hora de que deamos pasos firmes á aconfesionalidade do Estado, porque esta inmatriculación a favor da Igrexa católica, estas variadas, múltiples e moitas inmatriculacións probablemente son un exemplo claro de que a aconfesionalidade non foi unha realidade e de que se tratou e se trata a Igrexa católica coma se fose unha institución pública, cando non o é, é unha institución de carácter privado. Aí está a asignación tributaria do 0,7 ontas.

Entendemos que esta moción que traemos hoxe aquí é de xustiza, e, como dicía ao principio, serve para fortalecer a democracia en si mesma —incluídos nesa transparencia e control os cepillos que hai nas igrexas para recoller as esmolas—, e todo porque naquel real decreto do ano 1998 se esqueceron de dous principios fundamentais: primeiro, que chegar ao Rexistro da Propiedade non crea dereitos —as inscricións non crean dereitos—; e, ademais, que hai certos bens de dominio público, hai certos bens Patrimonio da Humanidade —como dicía, a mesquita de Córdoba—, que teñen unha norma moito máis importante xerarquicamente que a lei divina, que é a Constitución do ano 1978. Esa é a nosa petición.

Solicitámoslle que reclamen á Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado un estudo coa relación dos bens inmatriculados en Galicia a favor da Igrexa católica a partir do ano 1998, a partir do Real decreto do 4 de setembro —non é difícil se en Navarra e en Euskadi, repito, se fixo—; que remitan en seis meses improrrogables unha copia a esta Cámara para que todos os grupos parlamentarios —que, á fin e ao cabo, representamos a todos os cidadáns de Galicia— poidamos facer acopio de cales foron eses bens; que soliciten ao Goberno do Estado unha prórroga de cinco anos do prazo previsto na Lei do patrimonio histórico español pola que se impida á Igrexa católica a venda ou cesión dos bens ata que non se resolvan estes asuntos; e ademais que se poñan en marcha todo tipo de accións para impedir que se consolide o dominio da Igrexa católica ou outro tipo de dereitos reais sobre eses bens que se inmatricularon cando non haxa un título habilitativo para iso, porque entendemos que este real decreto é infame.

Logo falarei sobre as emendas presentadas polo BNG e tamén polo Grupo de En Marea.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vilán.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Grazas, presidente.

Ao fío do debate sobre este tema, que me parece do máximo interese, quero manifestar a nosa preocupación polas discrepancias que se fixeron notar nos últimos días no Grupo Popular a respecto dunha cuestión que tiña que ver coa declaración ante os xulgados do

concelleiro de Cultura da Coruña, José Manuel Sande; a discrepancia, podemos dicir, entre a posición Puy e a posición Tellado. Aínda que nos quedou o corpo tranquilo, porque o señor Puy dixo publicamente «non somos unha panda de borregos», dixo que teñen discrepancias ou que poden ter diferenzas. Pero bueno, neste caso, eu creo que gañou a posición, por desgraza, oficial, a posición do señor Tellado. Desde logo, nós estamos máis de acordo co que dixo o señor Puy, no sentido de que se está facendo un abuso da vía penal para solventar cuestións que podían encontrar solución no ámbito civil, no ámbito do dereito ao honor e no contencioso-administrativo. Espero que vaian solventando as diferenzas e, en todo caso, que vaia primando a posición de pensar o que se di e de dicir o que se pensa.

Con respecto á cuestión que se trae hoxe aquí, pois, ben, supón volver poñer o foco —xa o fixemos no pleno de hai quince días— nos privilexios da Igrexa católica, e tamén —aínda que a vostedes non lles gusta que lles recordemos iso— na herdanza franquista; a herdanza franquista que isto supón, a herdanza do nacionalcatolicismo, desa Igrexa que apoiou e lexitimou entusiasticamente a cruzada, o xenocidio e a ditadura. Por certo, unha situación que se mantivo no tempo despois de 1977 e de 1999, cando se asinou un novo concordato co Vaticano, coa Santa Sede, por todos os gobernos que pasaron pola Moncloa ao longo destes corenta anos. Ese estado da cuestión, ese estado de excepción democrática, podemos dicir, veuse mantendo ao longo do tempo, ao longo destes corenta anos, con esa confusión permanente á que asistimos todos os días entre a Igrexa e o Estado. Acabamos de asistir agora nos medios públicos, nos medios de comunicación, ás procesións de Semana Santa; ese anacronismo das procesións onde o Exército, a Lexión, participa cantando «*Soy el novio de la muerte*». Iso non se pode cualificar máis que como un anacronismo que hai que erradicar porque vai en contra dos principios máis elementais dunha democracia: o trato de favor, a presenza privilexiada que ten a Igrexa en todos os ámbitos, fundamentalmente no ensino; saíu tamén recentemente a cuestión dos hospitais, as vantaxes e privilexios fiscais ao respecto, por exemplo, do IRPF, a exención fiscal, IBI, patrimonio, sociedades, ou o tema que nos ocupa hoxe, que é ese privilexio de poder rexistrar bens sen ter que demostrar a propiedade, simplemente cunha sinatura do representante do arcebispado, do bispado, e cunha absoluta opacidade, porque incluso a Igrexa católica ten prerrogativas e ten privilexios que non teñen as administracións públicas, porque non ten que someter á información pública estes rexistros.

Isto levou non só ao caso da mesquita de Córdoba, que pode ser así o máis rechamante, senón ao exercicio dun auténtico dereito de pernada co espolio, a apropiación —considérase— de máis de 5.000 propiedades —só no caso de Navarra se detectaron máis de 1.000—, e non estamos a falar só de bens dedicados ao culto, senón de todo tipo de bens.

É certo —como se dixo no anterior pleno— que houbo un cambio normativo no ano 2015, unha modificación da lexislación e do Regulamento hipotecario, pero esta cuestión non resolveu algunhas cuestións fundamentais: primeiro, a de saber exactamente os bens que están rexistrados, é dicir, a publicidade, e tamén a cuestión da retroactividade con respecto ás inscricións que se fixeron dunha maneira que nós só podemos considerar como inxusta e ilegal, porque incluso hai sentenzas do Tribunal Supremo que cuestionan a constitucionalidade deste tipo de medidas.

Polo tanto, parécenos oportuna esta iniciativa. Ademais, hai un acordo recente de hai unhas semanas do Parlamento do Estado que insta, precisamente a través dunha proposición non de lei, o Estado, o Goberno do Estado, á recuperación dos bens e tamén a que haxa unha relación destes bens. E nese sentido van tamén as engádegas do BNG para facer un inventario público dos bens rexistrados pola Igrexa católica desde o ano 1998 e tamén para que se adopten as medidas para recuperar eses bens inmatriculados pola Igrexa. Pensamos que este acordo axudaría a ir rematando cos privilexios, con ese estado de excepción democrático que privilexia a Igrexa católica, e a empezar tamén a superar a herdanza do franquismo, ese trato de favor do que disfruta a Igrexa católica.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Grupo Parlamentario de En Marea, señora Santos.

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** Grazas, presidente.

Boas a todos e todas.

Nós tamén, dende o Grupo de En Marea, imos apoiar esta iniciativa do PSdeG cunha engádegas que imos explicar ao final da miña intervención.

Entón, para comezar, quero dicir que a posición do noso grupo de como deben ser as relacións entre as confesións relixiosas e o Estado é ben clara a este respecto —xa o manifestamos noutra ocasión hai ben pouco— e defendemos como un dereito básico a liberdade de culto, pero consideramos que esta debe circunscribirse exclusivamente ao ámbito privado de cada persoa.

Queremos insistir moito nesta cuestión. Non pode nin debe ser unha opción que unha relixión determinada inflúa nas estruturas e poderes públicos do Estado. Por desgraza, vemos como esta separación é dubidosa, non só en Galicia, senón tamén ao longo de todo o Estado español, onde a relixión católica exerce sempre unha gran influencia nas nosas estruturas democráticas.

Sen irnos demasiado lonxe no tempo, concretamente a pasada Semana Santa, as bandeiras dos cuarteis ondearon a media asta para conmemorar o aniversario do pasamento de Cristo, algo que é absolutamente surrealista, na nosa opinión, para un Estado que se declara aconfesional. Igual a señora Cospedal non debeu entender ben este artigo da Constitución e por iso aprobou esta actuación.

Actos como o que lle acabo de citar demóstrannos que esa separación entre a Igrexa e o Estado aínda está moi lonxe de ser unha realidade. Unha cousa é a esfera privada e outra é a pública. Eu, por exemplo, podo estar a favor —xa o manifestei aquí tamén— de certas declaracións do papa Francisco, pero iso non quere dicir en absoluto que estea a favor —ou que esteamos a favor— de que a Igrexa trate de condicionar as estruturas propias do Estado. A posibilidade

de profesar unha ou outra relixión, ou ningunha —que tamén é outra opción—, non debe suplantar tampouco nunca outro dereito fundamental, porque hai persoas que optamos, como tamén é o meu caso, por non profesar ningunha relixión na actualidade, que é a liberdade tamén de actividade e de expresión. Por exemplo, recentemente aconteceu —xa se mencionou polo Grupo do BNG— un caso na Coruña onde o concelleiro de Cultura, José Manuel Sande, terá que declarar diante do xuíz por un cartaz do Entroido que reproduce o debuxo dunha persoa disfrazada de papa. Que a xustiza interveña en feitos coma este, cando vemos cada día casos e casos de corrupción nos medios de comunicación —hoxe tamén, outra vez festival da corrupción—, é algo absolutamente escandaloso e incomprensible. Si, é incomprensible e escandaloso, pero non é algo que digamos exclusivamente nós, dende o noso grupo —e é algo que precisamente xa se comentou—. O señor Puy, o seu voceiro, nunha das declaracións aos medios de comunicación desta pasada fin de semana, dixo unha cousa que ten toda a lóxica do mundo, e para nós, para o noso grupo, é de agradecer que alguén do Grupo Popular manteña a sensatez tamén nestas cuestións. Dixo que o proceso aberto contra o señor Sande o facía sentir incómodo porque provocaba na xustiza un despilfarro de esforzos e de recursos, mentres que outros asuntos máis relevantes dende o punto de vista económico e social sofren atrasos. Ao día seguinte, atopámonos con declaracións públicas tanto do señor Feijóo como do señor Tellado desautorizando as palabras do señor Puy. Entón, deberían de poñer de acordo os seus asesores porque, ao final, non sabemos realmente que é o que pensa o Grupo Popular a este respecto.

Volvendo ao tema dos privilexios da Igrexa católica, vemos como a través das administracións públicas en todo o Estado español as organizacións e institucións relacionadas coa Igrexa perciben un montante total de entre os 9.000 e os 11.000 millóns de euros anuais, o 1 % do PIB, onde, por exemplo, no ensino, esta contía pode chegar a preto dos 5.000 millóns de euros entre subvencións, centros concertados e pago a profesores que imparten relixión católica. Isto é algo inadmisíbel para asegurar a separación de Igrexa e Estado.

Entón, para ser máis específicos, estipúlase que aproximadamente en toda Galicia deixamos de percibir unha media de 3 millóns de euros anuais, porque os edificios da Igrexa non pagan o imposto de bens inmobles, unha cifra que repercutiría de forma moi positiva nos concellos galegos, afogados financeiramente pola desastrosa Lei Montoro, podendo estes, por exemplo, aumentar a partida para gasto social ou para impulsar políticas públicas de emprego municipal. A Igrexa ten privilexios como estes, que afectan, ademais, o conxunto da sociedade, e nós non podemos estar de acordo nesta cuestión.

Polo tanto, e xa para rematar, é por iso que imos defender esta moción do Partido Socialista de Galicia como un primeiro paso, xa que é necesario coñecer os bens inmatriculados en Galicia a favor da Igrexa católica; un primeiro paso necesario para que a Igrexa comece a pagar dunha vez por todas o IBI, porque estes son cartos que directamente se lle arrebatan á cidadanía e que necesariamente deben volver ser investidos neles.

É por iso que facemos a emenda de engádegas de instar o Goberno do Estado a que revise os acordos firmados coa Santa Sede para permitir que as propiedades da Igrexa católica paguen o imposto sobre bens inmobles.

Sen máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Santos.

Grupo Parlamentario Popular, señor Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Moitas grazas, señor presidente.

Permítame que empece respostando ao señor Bará porque, co ben que comezou vostede a súa exposición, ¡que lástima que ese criterio de distinción entre o que é penal e administrativo non o tivese tan claro cando había sete imputados do Goberno de Santiago! ¿verdade?, imputados por unha cuestión estritamente administrativa, aos que vostedes masacraron impunemente e que, grazas a Deus, acabaron nunha absolución completa de calquera responsabilidade. ¡Que mágoa que non o tivese tan claro! (*Aplausos.*) Como é unha mágoa que non teña claro que se pode discrepar, pero como se fai no Partido Popular. A última discrepancia de vostedes xa ve o que lles custou, quedaron practicamente en nada, e xa sabemos que non se poden permitir outra, se non queren desaparecer.

Pero vou entrar xa no tema do debate; debate interesante que nos trae a señora Vilán, no que pretende, iso si, introducir unhas certas variables un pouco alonxadas da realidade que amosan os feitos. Creo, señora Vilán, que iso non fortalece a democracia.

A señora Vilán pretendía hai dúas semanas e pretende hoxe tamén amosar a convivencia do Partido Popular coa curia eclesial, en contraposición á sempre combativa postura do PSOE en defensa do interese do pobo secular fronte á case sempre —e recalco o de «case sempre»— pérfida e voraz Igrexa católica. A señora Vilán culpa dunha suposta inscrición masiva de bens inmobles por parte da Igrexa unha modificación do Regulamento hipotecario realizada durante o Goberno do presidente Aznar; unha modificación, a do artigo 5, que dicía literalmente «que os bens inmobles de dominio público tamén poderán ser obxecto de inscrición conforme a súa lexislación especial». Nesa redacción a señora Vilán aprecia unha vontade do lexislador de favorecer a Igrexa católica, esquecendo mencionar, iso si, que tal modificación obedece a unha cuestión de inconstitucionalidade, como ademais se recolle explicitamente no real decreto, que di literalmente: «Suprímese por inconstitucional a prohibición da inscrición de templos destinados ao culto católico». En consecuencia, creo aclarado que onde a señora Vilán aprecia convivencia, non existe máis que a vontade de cumprir unha sentenza do Tribunal Constitucional.

Evidentemente, a señora Vilán sabe isto, pero necesita unha escusa para poder atizar o Partido Popular e, de paso, escorrer o vulto ocultando a dobre moral dos socialistas en relación con este tema, porque a realidade, señorías, é que o suposto privilexio da Igrexa ao que alude a señora Vilán é que lle permite inmatricular bens inmobles expedindo certificacións equiparables ás dalgúns funcionarios públicos. Está recollido no artigo 206 da Lei hipotecaria, que data do 8 de febreiro de 1946. E claro, a señora Vilán necesita unha muleta que lle permita ocultar... (*Murmurios.*) que ese suposto privilexio que hoxe denuncia estivo vixente durante os catorce anos da presidencia de don Felipe González, sen que se abordase en ningún momento nin a súa derogación nin a súa modificación. Aínda que tamén é certo que a muleta da señora Vilán queda un tanto escasa porque non explica por que aquela pérfida ma-



nobra do Goberno do señor Aznar no ano 1998 non foi corrixida durante os oito anos do superprogresista Goberno do señor Zapatero, que tampouco moveu un dedo para corrixir esta cuestión nin foi cominado a isto polos seus socios de entón.

Señora Vilán, entre os moitos abusos que se produciron, segundo vostede, está o da mesquita de Córdoba, que tanto a indigna, e que foi rexistrado o 2 de marzo do ano 2006, dous anos despois de que o señor Zapatero accedese á Presidencia do Goberno de España. ¿Non lle pareceu entón un bo momento para tomar esas medidas que hoxe lle exige ao Goberno do Partido Popular? Pois claro que non, porque, como dicía ao principio da miña intervención, a posición dos socialistas no que fai referencia ás relacións Estado-Igrexa varía en función do espazo institucional que ocupen. Se os socialistas gobernan, apelan á lealdade, ao respecto e á mutua confianza, como dicía dona Teresa de la Vega, chegando a alcanzar o Goberno do señor Zapatero coa Conferencia Episcopal un novo acordo sobre o modelo de financiamento, que agora, por certo, non dubida en criticar vostede mesma; acordo ao que chegaron vostedes. En troques, cando están na oposición, substitúen esta postura pola crítica feroz, o impulso da laicidade, cuestionan o Concordato da Santa Sede, exigen a eliminación da asignación tributaria que vostedes mesmos acordaron ou, como lle plantexan hoxe nunha emenda, exigen a eliminación da bonificación do IBI, que non se bonifica totalmente, só é para o que está previsto: elementos destinados a culto, sustento de clero e exercicio da caridade.

Por suposto, nada di nesta emenda sobre os outros beneficiarios desa mesma exención do IBI, a saber: inmobles do Estado, comunidades e entidades locais afectos á seguridade cidadá ou servizos educativos e penitenciarios afectos á defensa nacional, bens comunais, montes veciñais en man común, asociacións confesionais non católicas, as mesquitas musulmás, as sinagogas xudías, as igrexas evanxelistas, a Cruz Vermella, a representación diplomática, consular, os organismos oficiais estranxeiros, as liñas de ferrocarril, as estacións, os almacéns e calquera outro servizo indispensable para o servizo ferroviario, os centros educativos, os monumentos e xardíns históricos, as zonas arqueolóxicas, os conxuntos históricos, as superficies de repoboación forestal, sen esquecer, iso si, as fundacións e asociacións de utilidade pública, as ONG, as federacións deportivas, o Comité Olímpico Español, o Comité Paralímpico, as delegacións de fundacións estranxeiras, etcétera, etcétera, etcétera. Pero vostedes propoñen retirar este beneficio única e exclusivamente para a Igrexa católica. Por suposto, pola súa preocupación pola non-discriminación relixiosa e social, que non é máis que un disfrace para un profundo sectarismo froito do seu sentimento anticlerical, nada máis que iso. (*Aplausos.*)

Señoría, creo que a intervención do vicepresidente Rueda durante a interpelación foi moi clara: os privilexios de rexistro da Igrexa católica xa non existen porque desaparecieron grazas a unha reforma da modificación da Lei hipotecaria realizada polo Goberno do Partido Popular; modificación que se fixo de acordo con vostedes, que solicitaron a eliminación dunha *vacatio legis*...

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...para evitar inmatriculacións masivas, e así se acordou.

Os datos que pide non obran na Dirección Xeral de Rexistros e Notariado, senón nos rexistros da propiedade de cada circunscrición. E, ademais, a cuestión que nos trae non é de competencia autonómica.

En definitiva, señoría, eu espero que vostedes comecen a amosar un pouco de coherencia e manteñan na oposición posturas similares ás que tiñan no Goberno, posturas razoables e non disparates como aos que aludiu vostede mesma cando hai quince días, citando a Julio Caro Baroja, afirmaba que «a extinción total das ordes relixiosas é o paso máis xigantesco que temos dado...

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** ...na época presente e un verdadeiro acto de reforma e revolución». Para iso non conte vostede co Partido Popular.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Nós cremos que a tolerancia, o respecto ás liberdades civís e a colaboración con todas as confesións si constitúe unha reforma democrática digna de ser defendida, e aí nos vai atopar sempre que vostede queira alcanzar acordos.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pazos.

**O señor PAZOS COUÑAGO:** Nada máis e moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grupo autor da moción, señora Vilán.

**A señora VILÁN LORENZO:** Grazas, presidente.

Miña avoa tiña un refrán de cabeceira que dicía: «A palabras necias, oídos xordos». E, polo tanto, voume aplicar ese refrán e vou decidir respostar a quen eu considero que teño que respostar na miña intervención. *(Aplausos.) (Murmurios.)*

Hai nove anos o Parlamento navarro decidía... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)* Hai nove anos o Parlamento navarro... *(Pronúncianse palabras que non se perciben.)*

Presidente, eu non intervín, non molestei, gustaríame que se me deixe...

**O señor PRESIDENTE:** Silencio.

**A señora VILÁN LORENZO:** ...rematar a miña intervención sen son por baixo. Grazas.

Hai nove anos o Parlamento navarro, a petición do Grupo Parlamentario Socialista, conseguía pedir datos aos rexistros da propiedade, que, por certo, dependen da Dirección Xeral dos Rexistros e do Notariado, sobre aqueles bens que foran inscritos en Navarra a favor da Igrexa católica como consecuencia do Real decreto do ano 1998.

Á marxe diso, non nos sorprende en absoluto a posición dos parlamentarios do Partido Popular e das parlamentarias do Partido Popular, que entendemos van votar en contra, sobre todo porque este mesmo venres o presidente Feijóo veu a esta Cámara á conmemoración do Consello de Contas a dicir que a corrupción —relacionado coa Igrexa católica— viña de Adán e Eva e, polo tanto, do pecado orixinal. E quizais vostedes coa súa votación agora mesmo o que van pretender é que lles perdoen o pecado orixinal da corrupción que estes días nos asolaga a todos, a uns moito máis que a outros. *(Aplausos.)*

Queremos agradecer o ton do BNG e de En Marea coas súas emendas. Ímolas aceptar en parte e, se o presidente me permite, vou ler tal e como vai quedar o texto e logo pasámosllo aos servizos da Cámara para que o teñan.

O primeiro punto queda exactamente igual: «O Parlamento insta a Xunta a solicitar do Goberno do Estado que reclame o que reclama á dirección xeral, o estudo».

O segundo punto: «...que remita no prazo improrrogable de seis meses unha copia dese estudo á Cámara galega».

O terceiro punto é unha parte da emenda de adición do BNG: «solicitar do Goberno do Estado a realización dun inventario público dos bens rexistrados pola Igrexa católica en Galicia entre 1998 e 2015».

O cuarto punto sería o terceiro da moción do Grupo Parlamentario Socialista.

O quinto, unha transacción entre a emenda de adición do BNG e a nosa: «Poñer en marcha as accións e medidas legais tendentes a impedir... », e xa continuaría o texto socialista.

E o sexto punto, a emenda tal e como nola plantexa En Marea na súa emenda, ese texto.

E, pola nosa banda, nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Vilán.

Pois rematado o debate das mocións, procedemos á votacións das mesmas.

### ***Votación das mocións***

**O señor PRESIDENTE:** Comezamos votando a moción do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Monserrat Prado Cores. Xa dixo que aceptaba a emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Montserrat Prado Cores, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación co servizo de transporte sanitario terrestre.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este texto.*

**O señor PRESIDENTE:** E votamos agora a moción do Grupo Parlamentario Socialista, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Vilán.

Xa lles explicou aquí o texto que imos votar, coas transaccións oportunas.

Votamos.

*Votación do texto transaccionado da Moción do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> Patricia Vilán Lorenzo, sobre a inmatriculación no Rexistro da Propiedade de bens inmobles da Igrexa católica.*

*Efectuada a votación, deu o seguinte resultado: votos a favor, 32; votos en contra, 37.*

*O resultado da votación é negativo.*

*En consecuencia, queda rexeitado este texto.*

**O señor PRESIDENTE:** Suspendemos a sesión ata as dezaseis trinta, catro e media.

Grazas.

*Suspéndese a sesión ás dúas e trinta e catro minutos da tarde e retómase ás catro e trinta e un minutos da tarde.*

**O señor PRESIDENTE:** Imos reanudar a sesión.

Boa tarde.

Reanudamos a sesión co punto 4 da orde do día, proposicións non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Pedro Puy Fraga e sete deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego destinadas a apoiar os centros de FP e os CIFP como impulsores da innovación do sector empresarial galego**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non de lei presentáronse emendas por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, do Grupo Parlamentario Socialista e do Grupo Parlamentario de En Marea.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Olalla Rodil Fernández, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*

*Propónse substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:*

*«O Parlamento de Galiza insta o Goberno galego a apoiar os centros públicos de Formación profesional como un alicerce fundamental do ensino galego, a dotalos dos recursos humanos, materiais e económicos necesarios para garantir unha educación de calidade así como a despregar a oferta dos distintos niveis de FP (básica e superior) de acordo con criterios de proximidade territorial, achegando esta modalidade educativa a todas as comarcas do país. Así mesmo, insta a Xunta a adecuar a oferta de Formación profesional ás necesidades do tecido industrial dos sectores estratéxicos da economía galega».)*

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, Luis Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*A parte resolutiva da iniciativa débese substituír polo seguinte texto:*

*«O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a apoiar os centros de FP como verdadeiros impulsores da innovación no sector empresarial galego, e a aproveitar a implantación territorial dos centros nos que se imparten ciclos formativos como unha auténtica rede de innovación e relación co mundo produtivo.»)*

*(O G. P. de En Marea, por iniciativa da súa deputada Ánxeles Cuña Bóveda e a través do seu voceiro, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda de substitución a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*

*Débese substituír a parte resolutiva pola seguinte:*

*«O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a elaborar un novo deseño do mapa da FP en Galicia, partindo da realidade e características propias do noso sistema industrial e produtivo, de xeito que se adapte o desenvolvemento estratéxico e as necesidades reais de cada comarca.»)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Fernández Gil.

**O señor FERNÁNDEZ GIL:** Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías.

No ano 2000 o Consello Europeo de Lisboa sinalaba que a Unión Europea tiña fronte a si o reto de afrontar un enorme cambio froito da mundialización e dos imperativos que formu-

laba unha nova economía baseada no coñecemento. Estes cambios afectarían todos os ámbitos da vida das persoas e exixirían unha transformación radical da economía europea. Este paso a unha economía dixital baseada no coñecemento, froito de novos bens e servizos, tiña que ser un potente motor para o crecemento, a competitividade e o emprego. E, neste contexto, o fomento e desenrolo da formación profesional adopta un papel central na construción da sociedade do século XXI.

Vivimos nunha sociedade en constante cambio, e iso exíxenos estar preparados para afrontar esta realidade socioeconómica cambiante e dinámica. A formación profesional é nestes momentos unha das mellores ferramentas para avanzar cos cambios e adaptarse a eles, xa que permite á mocidade desenrolar unha actividade laboral, proporcionando as competencias profesionais necesarias e facilitando, ademais, a adaptación ás modificacións tecnolóxicas e organizativas que caracterizan o mercado de traballo.

É por todos coñecido que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria está a facer unha forte aposta por reforzar a cultura emprendedora no ensino, promovendo a innovación e a creatividade do alumnado e favorecendo tamén o contacto directo do alumnado co tecido produtivo e o entorno que os rodea; unha aposta que se traduciu, nunha época de crise económica e racionalización do gasto público, nun importante esforzo investidor nos centros de formación profesional para dotalos de medios e materiais que permitisen adaptar as ensinanzas de formación profesional ás demandas da sociedade do século XXI.

Este esforzo ten transformado o modelo da formación profesional en Galicia ata convertelo en referente a nivel estatal, xa que no sistema educativo galego a día de hoxe cursan estudos de formación profesional máis de 50.300 alumnos, o que supón duplicar o número de matriculados do ano 2008 e o que dá boa conta da alta demanda destes estudos, que se caracterizan sobre todo por unha formación innovadora e de calidade, polas oportunidades de emprego que son capaces de xerar e pola tecnificación dos sectores produtivos.

A formación profesional ten que ser un dos principais motores que contribúan a impulsar o desenvolvemento económico e a empregabilidade na nosa comunidade autónoma, xa que estas ensinanzas contan cun importante potencial como viveiro de emprendemento, investigación e innovación para o desenvolvemento dos nosos sectores produtivos.

Non podemos esquecer que nos últimos anos a oferta de titulacións de formación profesional gañou en prestixio e tamén axudou a satisfacer as expectativas de inserción laboral do alumnado. Como todos vostedes coñecen, segundo os datos máis recentes podemos afirmar que preto do 80 traballo; unha proba inequívoca de que as cousas están facéndose ben.

Neste sentido, nos últimos anos a formación profesional ten experimentado unha auténtica revolución silenciosa —malia que lles cause graza esta expresión— fundamentada en novos ciclos vinculados coa realidade social de cada zona, na aposta polos centros integrados de formación profesional, no desenvolvemento de viveiros de empresa e na ampliación da colaboración co mundo empresarial a través das prácticas formativas en centros de traballo e da formación profesional dual.



Cómpre salientar que a Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria está realizando nos últimos anos unha forte aposta pola formación profesional dual como modalidade fundamental para seguir avanzando no impulso xeral á formación profesional. Neste sentido, neste curso 2016-2017, arrincaron 22 ciclos de formación profesional dual en Galicia, 15 deles completamente novos, o que supuxo un incremento da oferta de prazas dun 101 %.

Pero cómpre seguir potenciando e afianzando este modelo no que o alumnado compatibiliza a formación na aula co centro de traballo, xa que a formación profesional dual é unha grande oportunidade para o sector empresarial, porque ofrece a posibilidade de formar de xeito especializado e desde o inicio o futuro traballador. Cómpre, polo tanto, revalorizar a formación profesional dándolle o sitio que merece no sistema educativo e na sociedade como modalidade de formación de futuro innovadora e amoldable aos cambios.

Atopámonos, polo tanto, fronte a un horizonte ambicioso no que o obxectivo fundamental pasa por artellar unha formación profesional que responda ás demandas dos nosos sectores produtivos, á sociedade tecnificada deste século e aumente ademais a cualificación e a empregabilidade do capital humano.

Neste horizonte, a liña de traballo ten que dirixirse cara a unha aposta decidida pola consecución dunha formación profesional que sexa útil para as persoas e para a sociedade galega; unha formación profesional que sirva para que as persoas poidan desenvolver coñecemento, creatividade e talento, porque isto, señorías, repercutirá no avance da sociedade galega.

Serán estes profesionais de prestixio os que conformen a nosa sociedade futura e os que poidan modernizar, tecnificar e achegar solucións aos novos retos que nos marque o futuro. Para acadar estes obxectivos cómpre seguir avanzando no deseño dunha oferta educativa adaptada á contorna, no achegamento e apoio á empresa, na potenciación da rede de centros integrados de formación profesional, na xeneralización da formación profesional dual, na orientación profesional, no fomento da calidade, na innovación e tamén, ¿como non?, no emprendemento.

Ao mesmo tempo, unha cuestión fulcral para a consecución deste obxectivo consiste na implicación da empresa dentro do proceso formativo. A formación profesional debe manter lazos moi estreitos coa empresa, apoiando, colaborando e favorecendo o emprendemento e o desenvolvemento de proxectos que posibiliten o avance das empresas cara a novos sectores estratéxicos, melloren os seus sistemas de produción e incorporen técnicas innovadoras.

Nesta relación bidireccional, os centros de formación profesional teñen que ser verdadeiros impulsores da innovación no sector empresarial galego, para o que, a xuízo deste grupo parlamentario, o Goberno galego ten que potenciar unha auténtica rede de innovación a través da implantación territorial dos centros integrados de formación profesional. Trátase de poñer en valor a relación entre centros educativos, innovación e empresas para deste xeito xerar contornos competitivos de alto valor estratéxico.

«Innovación», señorías, velaquí unha das palabras clave para comprender en que dirección debe camiñar a formación profesional do século XXI. Os continuos e rápidos avances

tecnolóxicos que se están dando na sociedade e no mercado laboral exixen unha formación profesional versátil, que se atope en constante evolución, que incorpore novas ideas e tendencias e que teña capacidade para adaptarse ás cambiantes necesidades do mundo produtivo. A innovación tecnolóxica na formación profesional ten que ser a panca que nos permita impulsar a transformación do coñecemento e da creatividade na mellora de procesos, produtos ou servizos que poidan supoñer un incremento da competitividade das nosas empresas. Ao mesmo tempo, facilitará unha formación de calidade na que galegos e galegas vexan mellorada a súa empregabilidade e as súas posibilidades de proxección e inserción profesional.

Neste contexto, a formación profesional debe ser o motor que impulse o reforzo dos vínculos entre educación e empresa, co fin de fomentar o emprendemento, o coñecemento e a innovación, xa que o emprendemento constitúe unha fonte de riqueza na súa contorna ao actuar como motor da innovación, da competitividade e do crecemento das economías.

Polo tanto, dende o Grupo Parlamentario Popular queremos someter á consideración deste Pleno un acordo a través do cal pedimos instar o Goberno galego a apoiar os centros de formación profesional como verdadeiros impulsores da innovación no sector empresarial galego e a aproveitar, ademais, a implantación territorial dos centros integrados de formación profesional como unha auténtica rede de innovación e relación co mundo produtivo.

Máis nada. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Fernández Gil.

Interveñen agora os grupos parlamentarios.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Rodil Fernández.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Boa tarde a todos.

O primeiro que pensabamos ao ver esta iniciativa, ou polo menos a min o primeiro que me suxeriu, foi unha pregunta: ¿e isto que é? ¿E isto que é? Porque apoiar os centros de formación profesional no noso país, como recolle a parte resolutiva da proposición — nós na nosa emenda engadimos o que entendemos que é unha palabra chave, que é apoiar os centros de formación profesional «públicos», e logo verémolo aquí noutra iniciativa que temos rexistrada nós para hoxe, á última hora desta sesión, e poderemos falar ben devagar respecto disto—, e, nomeadamente, os centros de formación profesional públicos, é unha obriga legal da Xunta de Galiza. Correspóndelle a quen ostente o goberno no noso país apoialos. Está ben que se queira axitar desde esta Cámara a acción do Executivo, de feito, desde o Bloque Nacionalista Galego, tamén cremos que non está a ser a política da Xunta de Galiza en materia de formación profesional a acaída e que debe ser, polo tanto, reconducida, pero non acabamos de entender exactamente con que propósito se presentaba esta iniciativa. Nese sentido, un pouco nesa liña, vai a nosa emenda. Despois, na segunda quenda de intervencións supoño que se posicionará respecto da mesma.

Nese sentido, coa emenda que nós formulamos por parte do noso grupo, dunha banda, o que lembramos é a obriga da Xunta de Galiza —xa digo— non só de apoiar así, en abstracto, os centros de formación profesional, senón de fornecer estes centros dos recursos necesarios tanto humanos, materiais como económicos para ofrecer o que nós entendemos que debe ser un servizo de calidade ao conxunto do estudantado que desexe cursar este tipo de formación máis técnica.

Por certo —e eu creo que hai que lembralo—, houbo moitas persoas, un número moi importante de estudantes, non só neste curso que está en marcha, senón mesmo no curso anterior, que se viron na imposibilidade de cursar a primeira opción que fora elixida pola falta de grupos suficientes nomeadamente naquelas ramas de formación profesional que contan cunha maior demanda. Entre tanto, atopámonos outros centros de formación profesional, outras ramas de formación profesional, que quedan anualmente con bastantes prazas sen cubrir.

A este respecto desde o Bloque Nacionalista Galego cremos que é preciso —xa o temos, ademais, defendido e debatido na propia Comisión de Educación—, que urxe, repensar o mapa da formación profesional no noso país para corrixir ese desaxuste co que nos atopamos na oferta, aumentándoa e aproximando esta modalidade formativa ás demandas do propio estudantado, nomeadamente daquelas estudantes que viven nas comarcas do rural do país e que actualmente se ven na obriga de desprazarse moitos quilómetros a outras cabeceiras de comarca ou incluso directamente a marchar a vivir ás cidades da súa contorna para poder cursar os seus estudos. E tamén temos afondado moito respecto das eivas coas que se atopan pola falta dun transporte colectivo merecente de tal nome no noso país.

Mais tamén cremos desde o Grupo Parlamentario do BNG que hai que aproximar a oferta ao tecido industrial e aos sectores estratéxicos da economía galega. Para desenvolvermos a Galiza do futuro —aí estamos de acordo— precisamos contar cunha formación profesional acaída, que teña o peso que lle corresponde dentro do sistema educativo deste país, pero jollo!; jollo!, porque na parte expositiva da propia iniciativa si que non podemos concordar na perspectiva ou na focaxe desde a que se formula a formación profesional por parte do Partido Popular. E é que non se pode confundir despregar a formación profesional inseríndoa na realidade económica, industrial e produtiva galega con pór os centros de formación profesional ao servizo dos intereses das empresas co obxectivo único de nutrilas de man de obra barata. Vostede falaba de que hai unha alta porcentaxe de inserción laboral por parte das estudantes que cursan formación profesional, pero a pregunta que nós formulamos é: ¿en que condicións?, ¿con que modalidade de contratación? e, sobre todo, ¿con canta duración teñen vixencia eses contratos?

Nós cremos que hai que fuxir de converter, desde algún punto de vista, a formación profesional nunha sorte diso —dicíao con anterioridade—, nunha especie de espazo co que nutrir as empresas —sobre todo as grandes empresas— de man de obra barata. E hai que intentar fuxir, desde o noso punto de vista, desas modalidades de formación profesional —como pode ser a formación profesional dual— que xa levan desenvolvéndose durante moitos anos noutros territorios e países da Unión Europea —como pode ser o caso de Alemaña— e que o que vemos é que non é que se estea a formar mellor o propio estudantado, senón que se está a dar unha maior facilidade ás propias empresas para contratar man de obra...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** ...nunhas condicións precarias.

Pola nosa banda, nada máis. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Rodil.

Por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

Señor Fernández Gil, se eu fora o conselleiro de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria daría orde de poñer as bandeiras a media asta sen que mediase orde ministerial polo medio, porque, a verdade, que o meu propio grupo parlamentario me inste a apoiar algo que levo defendendo durante semanas e meses, (*Aplausos.*) que estou apoiando desde hai cursos, resulta, cando menos, un pouco chamativo. Vaime entender que cualifique esta iniciativa como unha iniciativa de autoarranque, en referencia a aqueles sprays que arrancaban os motores diésel nos anos setenta, ou de autoestimulación, en todo caso, de carácter claramente endógeno. É dicir, se quere vostede aquí vir sacar peito da formación profesional da Comunidade Autónoma de Galicia dicindo que somos un referente a nivel estatal, eu tamén lle agradecería —como me indicou algún compañeiro do meu grupo parlamentario— que fixese unha referencia ao nivel salarial dos titulados de formación profesional que se insertan no mercado laboral grazas a este magnífico sistema, que non é malo, pero tampouco é para avisar o fogueteiro. Mire, as cousas como son. Polo tanto, imos poñer as cousas no seu sitio.

Di vostede que hai que impulsar. ¿Quen vai negar os acordos de Lisboa sobre educación, os acordos da Unión Europea, os obxectivos, non necesariamente compartidos por todos os grupos desta Cámara pero en todo caso consensuados da Europa 2020 —o 20-20, como lle gusta dicir a algúns—, en todo caso, eses obxectivos? ¡Claro que si!, e ímoslle apoiar a iniciativa. Agora, tamén lle digo unha cousa, debería vostede analizar —ou que o informen correctamente, cando menos, porque non todos temos por que saber de todo— o alcance desa rede de centros integrados de formación profesional e a súa relación coa formación profesional dual, porque, mire, non lle pasaron a información de forma correcta, porque vostedes teñen unha especie de ímpeto case único a nivel estatal de ampliar a rede de centros integrados de formación profesional coma se foran a salvación da formación profesional na comunidade autónoma. Somos a comunidade autónoma que máis centros integrados ten de todo o Estado, con diferenza con respecto ao nivel relativo que ocupamos. ¿E iso en que se traduce? En pouco en relación coas expectativas que se esperaban cumprir, e, polo tanto, o nivel de eficiencia desa rede é máis ben baixo.

En concreto, falou vostede —e fixo ben porque eu tamén o faría— con prudencia, sen exaltación, da rede de formación profesional dual deste curso, dicindo que se están a impartir

22 ciclos de formación profesional. Pero non falou vostede de que a maior parte desa formación profesional dual se refire a uns poucos módulos con moi poucas prazas. E, ademais, non falou vostede de que para ser quen de poñer a funcionar esa rede —que está implantada en 9 concellos de toda a comunidade autónoma exclusivamente, dos 22 centros integrados de formación profesional que hai— houbo que publicar tres ordes: unha, no mes de xuño; outra, no mes de agosto; e outra, no mes de setembro. Mire, se hai que publicar tres ordes para conseguir unha rede tan exígua de centros integrados que impartan formación profesional, mal imos. E se a iso lle engadimos que de todos os centros que ofertan formación profesional dual este curso —que son 14 na comunidade autónoma— resulta que só 8 son centros integrados e o resto —é dicir, 6— son institutos de educación secundaria ordinarios —*corrientes e molientes*, é dicir, sen ningún tipo de elitismo, nin ningún tipo de etiqueta, nin ningún tipo de consideración especial— e, polo tanto, o 43dinarios, non é para vir aquí e sacar peito coa rede de centros integrados de formación profesional, porque non están respondendo nin de lonxe ás expectativas.

De formación profesional pouco me ten que dicir vostede, e non só vostede, senón calquera outro dos membros da Cámara, porque eu dirixín un centro durante anos que impartía formación profesional e sei perfectamente o que é de primeira man. Sei que a capacidade de innovación dos centros de formación profesional está moitas veces relacionada coa capacidade de innovación do profesorado. Igual que no caso das matemáticas, da lingua castelá, do galego e da historia; é unha cuestión moitas veces de impulso persoal; evidentemente, que debe contar co apoio da Administración.

E, polo tanto, a nosa iniciativa vai no sentido construtivo que vimos repetindo permanentemente de modificar ese apoio que xa deba existir —non vaíamos aquí citar as leis de Newton, non vaíamos impulsar tanto un sistema que adquira unha velocidade infinita—. Pero, dito isto, polo tanto, imos supoñer que é unha iniciativa —insisto— de consumo endóxeno; imos poñer ese foco, ese impulso, en todos os centros que imparten formación profesional, con independencia de que sexan ou non integrados; e, polo tanto, imos apoiar a súa proposición non de lei, pero tamén agradeceríamos que aceptase a nosa emenda —insisto— feita con carácter absolutamente construtivo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Álvarez Martínez.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Cuña Bóveda.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** Boa tarde a todas e a todos.

Deixei o caravel, pero non me resisto a dicir que «en cada esquina, un amigo e en cada rostro, igualdade».

O tema ten que ver coa igualdade, o tema ten que ver tamén... É un tema moi profundo. A min pasoume un pouco o mesmo cando lin en medio folio tan pouca argumentación para un tema tan importante para o noso país.

Por diante, quero dicir que queremos que a nosa mocidade acceda a un traballo digno, estable, a un traballo realmente non precarizado, non remunerado, e que non se aproveite a situación da grande estafa que foi a crise para aproveitarse dos nosos mozos e mozas. Non abonda con dicir: promovemos a innovación, e investir en I+D+i un 0,8 %. ¿Non cren que cando menos isto é un paradoxo?

Na nosa comunidade as persoas con estudos secundarios superan moi pouco o 55 %, isto é un dato para a reflexión. Dicir que a formación e os itinerarios son como unha escaleira creo que é unha imaxe ben acaída. A economía é un proceso histórico, a realidade está enmarcada pola dependencia do pasado deste proceso histórico. Obviamente, como di o señor Álvarez, temos que facer unha perspectiva endóxena. Pero nós temos matices con respecto a isto. Eu non coñezo tan ben coma el a formación profesional pero si sei que atravesou moitas etapas diferentes. Sei, por exemplo, que no ano 2012 alumnos, por exemplo, dun ciclo superior de formación profesional de automoción ían ás empresas, estaban ben cualificados, e un 70 % acadaban emprego.

Ben, o éxito da formación profesional estriba no equilibrio. O equilibrio ten que sustentarse en patas, e esas patas son o ensino, son as empresas e a sociedade tamén; e, polo tanto, dentro da sociedade, o territorio é unha pata esencial.

Falar da formación profesional e pasar de puntas pola formación profesional básica non é de recibo porque a formación profesional básica é un auténtico pesadelo e é un primeiro banzo desa escaleira da que eu falaba. ¿Por que? Porque a formación profesional básica é un pesadelo para os profesores, un pesadelo para os centros. O que vai é incrementar as desigualdades, limitou a oferta; pasouse de 301 PCPI a 147 programas de formación básica.

A desviación de alumnos desmotivados, do que algunha xente dá en chamar remanente; é dicir, os alumnos que temos que meter nun saco roto... Pero iso si era interesante para maquillar as cifras do absentismo. E realmente conseguiron maquillalas e descendeu o nivel de alumnos que abandonaban os estudos medios. Pero isto é bastante falso porque a formación profesional non debe ser un saco onde colle todo.

E, entón, cando fala da revolución silenciosa, perdoe, pero a min xa non me fai ningunha graza, ningunha. Porque, primeiro, estamos no Día da Revolución —pacífica— dos Caraveis. ¿A que revolución silenciosa se refire? Gustaríame que o explicase. ¿É a revolución silenciosa do señor Aznar, da privatización e do aumento da débeda? Se é a esa, estamos de acordo, están facendo unha boa revolución silenciosa. Pero non é un chiste, é unha tomadura de pelo e é un insulto á intelixencia.

O modelo produtivo e de servizos alemán nada ten que ver co modelo produtivo e de servizos galego; este é un modelo que podía funcionar por transferencia. Alemaña é o país do mundo máis competitivo a nivel mundial practicamente. Alemaña ten un 5 % de paro ou menos. ¿Que porcentaxe de paro temos nós? ¿Que ten que ver isto coa súa gran política de externalización, de especulación, de financiamento? Aquí quen regula non son os sindicatos, non é a comunidade educativa, non son as empresas; aquí son as finanzas quen deseñan a economía, acorde cos seus intereses, para acadar beneficios. E a súa gran política baséase



na privatización —hai datos—. Para privatizar a formación profesional están designados este ano ao redor de 19.000 euros... Perdón, digo exactamente a cifra: 16.733.659 euros para concertos coa FP.

En Galicia...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** ...as empresas non teñen máis de sete traballadores.

O que queremos nós coa nosa iniciativa, coa nosa emenda de substitución, é que se teñan perspectivas de territorio reais, que se faga unha boa planificación territorial, que non se teña tanto en conta o sector privado, sen perspectivas colectivas e de territorio, que se busquen empresas idóneas e que se melloren as que non acaden o éxito. É dicir, que desas 22 que vostede sinalou...,

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** ...en Ourense e Lugo hai 3. Se isto é equilibrio territorial, que veña non sei quen e que nolo diga. Isto non é...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**A señora CUÑA BÓVEDA:** ...equilibrio.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Cuña.

Polo grupo parlamentario autor da proposición non de lei ten a palabra o señor Fernández Gil.

**O señor FERNÁNDEZ GIL:** Grazas, presidente.

Boa tarde de novo.

A verdade é que, bueno, comentábanme que quedaron abraiados un pouquiño ao ler a iniciativa, que non sabían moi ben de que ía. E a verdade é que acredito no que din por que faloron de todo menos do que realmente planteaba a iniciativa. Entón, miren, nós non imos caer na demonización que se quere facer, dende algúns grupos, do privado. Despois poderemos debater sobre concertos educativos; deixaremos os argumentos para ese momento.

Pero, en principio, o que si podo dicir é que, ante todo, o sistema educativo ten que basearse na calidade. E eu presupño que a mesma calidade se pode impartir a través dunha ensinanza xestionada a modo privado que dunha ensinanza pública. É dicir, eu comparto que a calidade

do ensino pode ser exactamente a mesma. Pero, bueno, son diferenzas de modelo que, xa digo, teremos ocasión de debater despois.

Hai unha cuestión que reiteraron en todas as súas intervencións, e é que falaban, precisamente, de que si recoñecen que o nivel de inserción laboral dos alumnos que cursan a formación profesional é un nivel de inserción laboral importante. Pero falan da precarización ou de contratos precarios relacionados coa inserción laboral da formación profesional. ¿Sabem cal é o traballo máis precario que existe? Aquel que non se ten é o traballo máis precario que existe... (*Murmurios.*) Si, si, é verdade. Sei que lles pode causar certa graza, pero é certo. Ao mellor, vostedes prefiren un modelo educativo —xa que criticaban a formación profesional básica— que expulse a xente do sistema educativo e que non poidan ter unha titulación que lles facilite un acceso ao mercado laboral. Quizais ese é o seu modelo de política educativa e, nese caso, teñen que vir a esta Cámara e dicirlle á sociedade galega: non, é que nós cremos nun modelo que pretende expulsar os mozos e mozas do sistema educativo e non darlles unha titulación que lles permita insertarse no mercado laboral. É unha posición. Nós non a compartimos, nós compartimos o contrario, o que se está a facer, un modelo que precisamente permite —e recoñeceuno vostede— acadar uns datos de abandono escolar temperán, os mellores da serie histórica. Pois a verdade é que eu creo que iso é algo digno de poñer en valor; independentemente de que vostedes poidan estar de acordo ou non, iso é algo digno de poñer en valor.

Miren, falaban tamén de que se, ao final, esta política educativa da formación profesional é unha política que está ao servizo da empresa, para crear traballadores ao servizo da empresa, que van ter contratos precarios... ¡Home!, eu creo que ese discurso de novela distópica está moi ben para tomar unhas cervexas ou algo, pero non para traer á Cámara. Nós entendemos que aquí hai que ser un pouquiño máis serios, un pouquiño máis rigorosos e pensar que cando estamos falando aquí e cando estamos traballando aquí, estamos, dalgún xeito, intentando influír e mellorar a vida dos cidadáns, a vida dos galegos e das galegas. E, polo tanto, hai que ter un pouquiño máis de mesura coa utilización de determinados argumentos.

E, polo demais, eu a verdade, respecto das emendas, voulle dicir que nós non imos aceptar as emendas porque entendemos que a nosa proposta é unha proposta clara e que pretende pedirlle a esta Cámara que fagan o que dende hai moito tempo se leva demandando, que é apoiar o impulso que precisa a formación profesional en Galicia. E, nese sentido, se vostedes non están de acordo, pois rexeiten a proposta, desde logo están no seu dereito, pero saiban que...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor FERNÁNDEZ GIL:** ...lle están a facer un fraco favor á sociedade galega.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Fernández Gil.

Pasamos á seguinte proposición non de lei.

**Proposición non de lei do G. P. En Marea, por iniciativa de D. Luis Villares Naveira e trece deputados/as máis, sobre a ampliación polo Goberno galego a nove meses da duración dos contratos do persoal de reforzo para a campaña do verán do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda do Grupo dos Socialistas de Galicia, por don José Antonio Quiroga Díaz.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado José Antonio Quiroga Díaz, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de adición.*

*Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir in fine o seguinte texto:*

*<<... . Incluir tamén na dita modificación a outros colectivos con labores de extinción e prevención en materia de incendios.>>*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Rodríguez Estévez.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Presidente.

Señores deputados, señoras deputadas, a semana pasada foi O Irixo, con 70 hectáreas; Carballeda de Avia, con 22 hectáreas; Vilariño de Conso, con 34 hectáreas; Lobios, con máis de 100 hectáreas; onte Cervantes, por segunda vez no que vai de ano, e Sober, con máis de 120 hectáreas cada un; Cualedro, con máis de 20 hectáreas; hoxe, dous lumes activos en Vilariño de Conso.

Dende o ano 2012 a relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural recolle unha serie de prazas cunha temporalidade nunha prestación de servizos de ata os tres meses; prazas adscritas ao Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais. As citadas prazas, de nova creación, foron recollidas no DOG número 130, do luns, 9 de xullo de 2012, onde se recolle que, segundo a Lei de prevención e defensa contra incendios forestais, lle atribúe ao órgano competente en materia forestal o deseño do operativo da extinción de incendios forestais a través do Plan de defensa contra os incendios, o Pladiga. A Xunta de Galiza argumentaba polo ano 2012 que a citada modificación da RPT de Medio Rural tiña por finalidade dimensionar a estrutura orgánica do persoal e adecuala ás necesidades do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios en época estival, que, de forma permanente e declarada como época de alto risco, daba así apoio nas tarefas de extinción de incendios forestais. Nesta modificación aprobouse a creación de 436 prazas, cunha prestación de servizos de ata tres meses para o persoal do Servizo Público de Defensa contra Incendios Forestais, de cara ao reforzo do alto risco de incendios, tal e como relata o DOG anteriormente exposto.

Por outra banda, no DOG 213, do 3 de novembro de 2008, publicouse o V Convenio colectivo único para o persoal da Xunta de Galiza, e dentro do cal establécense as condicións especiais

de traballo do persoal do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais da Xunta de Galiza. Como cita explicitamente este convenio no seu artigo 1: «Este convenio colectivo establece e regula as normas polas que se rexerán as relacións de carácter xurídico e laboral entre a Xunta de Galiza e o persoal que, suxeito á lexislación laboral, preste os seus servizos baixo a súa dependencia e a dos seus organismos autónomos». No seu artigo 2 cita: «Así mesmo, integrárase neste convenio o persoal laboral que, con posterioridade á publicación deste, pase a depender da Xunta de Galiza ou dos seus organismos autónomos».

Tal e como detallamos anteriormente, o V Convenio colectivo recolle o acordo de condicións especiais de traballo do persoal do Servizo Público de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais. No seu apartado 2, no punto 2.2, di: «O réxime laboral previsto no convenio do persoal laboral da Xunta de Galicia seralle de aplicación ao persoal laboral que realiza o seu traballo no propio servizo, agás nos aspectos especificamente desenvolto neste acordo, que terán unha aplicación prevalente.» No seu punto 3.2, no apartado 3, di: «O período de traballo do persoal fixo e discontinuo do mesmo...» —e recolle literalmente— «co fin de contribuír á mellora da estabilidade laboral do persoal do servizo, acórdase con efectos dende o ano 2008 a contratación por un período ininterrompido de nove meses do persoal fixo e discontinuo. A Consellería do Medio Rural, como consecuencia da mellora dos resultados da política de prevención, comprométese a estender os contratos do persoal fixo e discontinuo do servizo público ata nove meses, modificando a RPT actual. As tarefas deste colectivo serán prioritariamente de prevención nos meses en que haxa menos risco de incendios forestais e de vixilancia e extinción na tempada de alto risco.»

Polo tanto, a normativa pola que rexen as relacións xurídico-laborais entre a Xunta de Galicia e o persoal que presta os seus servizos baixo a súa dependencia, entre eles o persoal laboral do Servizo Público de Defensa contra Incendios Forestais, recolle unicamente o período de actividade laboral de 12 e de 9 meses.

Nos 436 contratos de traballo que os traballadores e traballadoras asinan coa Xunta de Galiza, coa Consellería do Medio Rural, na cláusula primeira vincula o traballador do servizo público; nas cláusulas terceira e cuarta, tamén existe vinculación do traballador co V Convenio colectivo; como tamén na cláusula adicional décimo terceira. A este respecto presentáronse demandas individuais diante dos xulgados de Primeira Instancia e do Social, ao ollar fraude de lei e ao infrinxir o que viña recollido no V Convenio colectivo, onde non se recolle ningún tipo de contrato laboral de tres meses, tal e como relatabamos anteriormente.

Trataríase, polo tanto, con esta medida, de ampliar os períodos de contratación dos traballadores e das traballadoras que prestan servizo durante os meses de xullo, agosto e setembro, e que ascenden ao número de 436 persoas, para un dispositivo que non conta cos medios suficientes para atender estas novas afrontas. Acabámolo de ver cos lumes citados anteriormente, e á vista está despois de observar o que está a acontecer estes días. Non está de máis matizar que se trata dun colectivo afincado, espallado pola xeografía do país, e que xa, á data de hoxe, está ubicado estratexicamente en canto a cobertura territorial se refire e coa plusvalía dun amplo coñecemento do territorio, logo, despois, de máis de vinte e cinco anos traballados.

Diante do argumento da falta de fondos para ampliar a contratación, podemos demostrar como a Xunta de Galicia tenta ampliar, á data de hoxe, as contratacións e o número de brigadas helitransportadas, aumentando o tempo só ás brigadas helitransportadas privadas, para ofrecer prevención, mentres manda ao persoal do servizo público fixo e discontinuo ao paro.

Con isto, non estamos a plantexar que os medios aéreos non sexan necesarios, é evidente que o seu emprego dunha forma axeitada é fundamental, pero mentres ás propias brigadas helitransportadas do dispositivo público se lles chega a retirar o helicóptero un mes antes da finalización do contrato da brigada, ás contratadas á empresa Inaer e aos traballadores de Natutechnia incrementáselles nos últimos anos a duración do tempo traballado, incluíndo como nova tarefa a prevención, algo que antes non estaba recollido. E, neste V Convenio colectivo, a prevención establecíase como obxectivo no medio prazo para o persoal do servizo público, así, ao aumentar progresivamente as actividades de prevención, melloraríase o tempo de permanencia e as condicións laborais do Servizo Público de Defensa contra Incendios Forestais.

Hoxe por hoxe, dende En Marea constatamos a redución no que en materia de prevención e extinción de incendios se refire neste ano 2017, e houbo un 100 % de redución para a adquisición de vehículos contra incendios forestais. Agora mesmo hai unha partida en 2017 de cero euros, 130.000 euros menos para a renovación, equipamento das EPI das bombeiras forestais e cero euros para a adquisición de vehículos todoterreo. Non sei se saben vostedes o estado no que se atopan os vehículos todoterreo das axentes e dos axentes forestais e medioambientais, con máis de 400.000 quilómetros feitos por estradas e pistas, sempre en mal estado, o que provoca que gran parte deles non pasen as súas correspondentes ITV. Están vostedes, señores do Partido Popular, a xogar moitas veces coa vida das heroínas e dos heroes que están a deixar a vida nos nosos montes para salvar o que vostedes non son capaces de facer.

En canto ás EPI, non é de agrado ver como nos recortan en material ignífugo a nós, aos bombeiros forestais e ás bombeiras forestais. O dispositivo de prevención e defensa contra incendios forestais reduciuse este ano a 4.800.000 euros, namentres que o dos medios aéreos aumentou, chegando agora mesmo aos 10 millóns de euros. Menos prevención e máis extinción, esa é a política que desde a Consellería do Medio Rural levan aplicando estes últimos anos, e se é en forma de helicópteros da empresa Inaer, mellor que mellor. Nos mellores anos do comportamento do lume, a composición do dispositivo de prevención e extinción contra os incendios forestais estaba conformada maioritariamente polo Servizo público de Defensa contra Incendios Forestais, o cal supoñía un 84 % do total. Coa introdución do novo modelo do Partido Popular, despois do ano 2009, o peso específico do Servizo Público de Defensa contra Incendios forestais mingou ata acadar o 38 % que temos hoxe.

Polo tanto, eu penso que xa aportamos argumentos técnicos. E facemos unha proposta clara no senso de trocar este modelo por outro baseado nun só dispositivo que consista só nun Servizo Público de Defensa e Prevención contra os Incendios Forestais de Galiza, onde se recupere o peso específico do binomio motobomba-brigada fronte ao excesivo uso de medios aéreos, que son necesarios pero que non son tan eficaces.

Dende o punto de vista económico, a contratación directa de persoal polo dispositivo público de prevención e defensa contra incendios forestais é máis económica que por calquera das outras empresas que veñen participando nas tarefas de extinción nos derradeiros anos, como pode ser a UME, a Operación Centinela, ou a propia Natutecnica. A precariedade laboral á que están sometidos os traballadores e as traballadoras contratados cos tempos e modalidades existentes nestes momentos aumenta co simple paso do tempo. É escandaloso que a propia Administración pública fomente estes contratos escravos e miserentos, non garantindo o básico para poder manter unhas condicións de vida digna ás nosas traballadoras.

Logo de catro anos dende a derradeira modificación da RPT da Consellería do Medio Rural, o persoal empregado recibe...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** ... —vou rematando— un salario inferior ao 75 % do salario mínimo interprofesional, feito que a Administración autonómica galega non debería permitir, máis aló das situacións sumamente excepcionais, caso que consideramos que non é o que nos ocupa agora.

Creemos que as condicións que dan lugar a esta modificación da RPT mudaron e non ten sentido manter máis tempo estes contratos precarios e a nosa xente na casa mentres o monte segue a arder.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Por todo o exposto —xa vou directo á PNL— o Grupo Parlamentar de En Marea formula a seguinte proposición non de lei para o seu debate en pleno:

«O Parlamento galego insta a Xunta de Galicia a que proceda á modificación da actual relación de postos de traballo da Consellería do Medio Rural, no senso de que a duración dos contratos do persoal de reforzo para a campaña do verán do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais se incremente sobre os tres meses actuais, sendo equiparados cos traballadores e traballadoras...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** ...—estou acabando de ler—...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Xa, cun minuto e pico por riba. Ten vostede despois outro turno, señor Rodríguez.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** ...persoal laboral fixo e discontinuo, ampliando a súa relación contractual a un total... (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, ten vostede despois outro turno.



Por parte do Grupo dos Socialistas de Galicia ten a palabra o señor Quiroga Díaz.

**O señor QUIROGA DÍAZ:** Señor presidente.

Señorías.

Señor Rodríguez Estévez, creo que imos ter que volver reincidir máis veces neste tema e ter máis moral que o Alcoyano, porque non sei se desta sairá o tema, a pesar da importancia, da premura e da transcendencia que tería unha medida deste calibre. Vaia por diante que imos apoiar a iniciativa. E logo, na emenda, estamos dispostos a transaccionar para que non quede equívoco ningún e as cousas sexan bastante claras.

E ímolo apoiar basicamente por dous motivos ou razóns: unhas de índole laboral e as outras de índole medioambiental. As laborais, bueno, porque fixo-descontinuo de tres meses é unha condición contractual que, a todas luces, non aporta estabilidade de ningún tipo nin beneficia a ninguén, e máis ben parece unha condición contractual do inframundo, doutra época xa pasada, que non se corresponde con este século XXI ou cunha longa traxectoria de loita por conseguir melloras laborais.

Se esa condición de precariedade laboral é propiciada pola Administración, independente das xustificacións de servizo que poña por riba da mesa, este non parece o mellor exemplo para trasladarlle á sociedade. Se a figura de fixo-descontinuo de tres meses está entendida a outros colectivos baixo a Administración, tal como ocorre, entón a excepción pasa a categoría, e consideramos que non é de recibo que a propia Administración potencie este modelo de relacións contractuais. Porque ¿que mensaxe se lle está trasladando á rúa, se lles está trasladando a outras iniciativas? Pois unha luz, un camiño, un vieiro que entendemos que non é precisamente o que hai que seguir ou o mellor a seguir.

A maiores do aspecto económico-laboral, hai outro aspecto relacionado con este mesmo que ten moita transcendencia, como é o factor da formación no traballo, o factor da experiencia, que entendemos que non se pode botar ao lixo.

Hoxe traen vostedes aquí ao hemiciclo esta proposta como un claro expoñente das situacións laborais que se deben —entendemos— superar e, en todo caso, entendemos que a Administración non debe prolongar nin amparar, pero que, como vostede sabe e todos sabemos, este é non é o único colectivo sometido a estas condicións draconianas, a estas condicións máis propias doutros séculos, senón que hai outros colectivos que están, ou outro colectivo mellor dito, que está nunha situación moi parella.

Por iso a nosa emenda, porque non hai maior triunfo para o sistema que dividir as forzas, individualizalas e ao final facer leiriñas, porque así non se suman esforzos e non se acadan ou son máis difíciles de conquistar os obxectivos. E nese senso vai a nosa emenda, que logo despois falaremos dela para concretala e para conquistar o máximo apoio posible.

O segundo dos factores é o medioambiental, ao cal vostede xa se referiu ao principio da súa intervención co tema dos lumes. Son case dúas mil hectáreas no que imos de ano, sorpren-

dentemente, inusitadamente, pero que ao mellor empeza a coller carta de natureza a prolongación ou a extensión, lamentablemente, dramaticamente, da tempada de incendios.

As 436 persoas que conforman este colectivo forman parte —como xa se dixo— do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais. E sendo os incendios un problema de país, un problema medioambiental, un problema social, un problema cultural e mesmo un problema de orzamento, ben se pode ou ben se podería facer un esforzo e buscarlle un encaixe que, por un lado, estabilice laboralmente estes colectivos de traballadores e, por outro lado, axude no combate contra ese gran problema, esa lacra que temos neste país que é o lume, ademais de ser un luxo pasar da experiencia e un desprezo deixar de lado o factor humano que representan estes colectivos, estes traballadores que levan tantos anos xa nos seus postos de traballo, aínda que sexa dun xeito discontinuo.

Se, ademais, temos en conta que esta é a legislatura do rural, co acordo unánime de incrementar a prevención como a mellor maneira de loitar contra o lume —e niso penso que está todo o mundo de acordo—, se consideramos que a limpeza e vixilancia do monte son fundamentais, que os tratamentos silvícolas son básicos, entón hai que apostar por amparar os profesionais...

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**O señor QUIROGA DÍAZ:** ...relacionados precisamente coa extinción e coa prevención, non cortarles o paso, non telos nunha situación de precariedade laboral —volvo repetir— máis propia doutro século ou doutras latitudes —dáme igual—.

Rematando. É importante empezar a considerar, ademais, que estamos nun novo ciclo, nun probable novo ciclo climático, que vai levar —ou xa está levando— que a tempada de lumes, a tempada alta dos lumes cada vez se vaia prolongando, se vaia ampliando, como puidemos comprobar este ano xa desde o Nadal. A esta nova situación haille que dar tamén novas respostas. E as novas respostas non hai que ir buscalas aos antípodas, témolas ao lado, témolas dentro da Administración, e ademais é un colectivo ou son uns colectivos altamente cualificados ou preparados.

Polo tanto, sería o normal...,

**O señor PRESIDENTE:** Remate, por favor.

**O señor QUIROGA DÍAZ:** ...se se quere rematar con este problema, acceder a esta iniciativa. Como xa se ten amosado, ademais, ten encaixe legal, ten un custo razoable e, polo tanto, a petición parécenos xusta e necesaria e nós ímola respaldar e logo despois falaremos dese pequeno matiz en canto á emenda de engádega que propoñemos.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Quiroga.

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Rivas.

**O señor RIVAS CRUZ:** Grazas, señor presidente.

Señorías, boas tardes.

A Lei 17/2015, do sistema de protección civil, no artigo 17, recolle que os servizos de extinción de incendios forestais terán a consideración de servizos públicos de intervención e asistencia en emerxencias de protección civil.

Tal e como recollen as unidades de competencia, non se trata de que muden as funcións do Servizo de Prevención e Defensa contra Incendios Forestais; simplemente, estas son ampliadas para actuar como primeiros intervenientes e realizar labores de apoio, a maiores de continuar coas xa realizadas a día de hoxe de prevención e extinción de incendios forestais.

Máis alá do que pon a lei, a Administración non ten o máis mínimo interese para utilizar os bombeiros forestais no dispositivo de emerxencias, cando sería unha ferramenta valiosísima en calquera outro contexto. Para mostra, o temporal de hai máis ou menos un mes, onde non foron chamados para ningún tipo de continxencia, estando os dispositivos de protección civil desbordados. Houbo claramente negligencia, ao non utilizar unha ferramenta que estaba aí, que tiñan aí.

Sería interesante saber cal é o motivo de que non se utilice o colectivo de bombeiros forestais para estas tarefas que a nova Lei de protección civil do Estado lle encomenda e xa hai outros territorios onde as desenvolven.

En canto á prevención, o único plan de xestión que hai é o Pladiga, un plan que se presenta cara ao verán, normalmente entre maio e xuño, e que se centra no plan de extinción. A prevención en si non está artellada a nivel galego; cada distrito improvisa.

É deber dunha administración velar e procurar o ben dos seus cidadáns; debe adecuarse á realidade para cumprir debidamente esa función. O cambio climático, ao que xa se aludiu aquí, está aí, sexa ou non estacional ou periódico; está aí. O Pladiga este ano chega tarde. A pesar de que a prensa non dixo case nada, os lumes estiveron connosco todo este período, longo período de seca.

Por último, desde o punto de vista da precariedade laboral, a situación destes 436 traballadores fixos discontinuos. Non temos límites na busca de palabras que disfracen as realidades crueis, pois a situación destes traballadores, xunto cos de Seaga, que debemos incluír no mesmo paquete de exixencias, é cruel e inhumana: agardar todo o ano por tres meses de traballo.

A maiores, desde o ano pasado, á parte de non ampliar o tempo de contrato, ás/aos traballadores deste servizo ampliáselles ás brigadas helitransportadas privadas, onde xa aparecen contratadas no período de prevención.

Apoiamos pois a iniciativa do Grupo de En Marea e pareceríanos xusta a inclusión da emenda do PSdeG, que alude veladamente aos traballadores de Seaga, que están aí na mesma marginalidade e coidamos que deben ir no mesmo paquete de medidas.

Xa sei que se estimula iso de «divide e vencerás», como xa aludiu o meu compañeiro do PSdeG, para manobrar cos colectivos. Pero tamén é certo que cada vez máis o Servizo de Incendios está necesitado dun único corpo de bombeiros forestais, entrenados, formados e preparados para todo tipo de labores de intervención e asistencia en emerxencias de protección civil. Dentro das novas tarefas que a lei encomenda aos bombeiros forestais, aparecen as novas unidades de competencia, entre elas as de asistir como primeiro interveniente nos casos de accidente ou situacións de emerxencia no medio rural, así como a de realizar labores de apoio en continxencias no medio natural e rural.

As condicións que deron lugar á modificación da RPT mudaron e xa non ten sentido manter estes contratos cunha temporalidade tan reducida por máis tempo. Por, un, estar fóra de convenio, quedando nunha situación de irregularidade laboral continuada. Dous, por estar avalado por máis de cincuenta sentenzas xudiciais en primeira instancia. Tres, por estar no dispositivo de protección civil coas novas unidades de competencia e novas responsabilidades. Catro, pola aparición dun novo tipo de lumes que exixen máis persoal e máis preparado. Cinco, porque estes acontecementos exixen cobertura horaria total todos os días do ano e non nun período específico. Seis, por e para un mellor aproveitamento dun recurso público e eminentemente rural como é o de bombeiros forestais, xa dotado de medios. Sete, porque é cuestión de vontade política, xa que economicamente é máis barato que o actual despilfarro en medios aéreos —UME, brigadas de empresas privadas, etc., etc.—. E oito, porque unha administración non pode someter a unhas condicións de precariedade laboral e estendelas no tempo, tal e como fai a día de hoxe con este colectivo de 436 traballadores máis os de Seaga.

Señores deputados, non sei En Marea nin o PSdeG, nós estamos dispostos a traer, cantas veces sexa necesario, ata que aprendan ou rendan, ou ata que se cansen de oírnos, pero isto é inxusto de lei, de forma, de ética e de todo. Teñen que darlle solución dunha puñeteira vez —con perdón—.

Grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rivas.

Grupo Parlamentario Popular, señor Balseiros.

**O señor BALSEIROS GUINARTE:** Grazas, señor presidente.

Señoras e señores deputados, moi boa tarde a todos.

Señorías, hai que dicir que esta proposición xa foi debatida no pasado pleno do 8 de febreiro do corrente ano, e hoxe, como daquela, imos intentar poñer un pouco de cordura e de rigor no correspondente debate.

Efectivamente, señorías, actualmente existen 436 postos de traballo creados pola Xunta de Galicia en 2012 para cubrir as necesidades do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais durante a campaña do verán. E a dita creación procede dunha situación ben coñecida por todos, pero que, unha vez máis, nos vemos obrigados a detallar aquí.

Ata o ano 2011, e para o reforzo deste servizo, a Xunta de Galicia viña contratando ao inicio de cada campaña de verán persoal laboral temporal eventual, baixo a modalidade de obra ou servizo determinado —por certo, señorías da oposición, exactamente igual que o que vostedes fixeron nos catro anos nos que gobernou o Bipartito en Galicia—.

Estas contratacións tiñan un carácter eventual e non garantían aos traballadores a súa contratación ano tras ano. Os traballadores contratados por obra ou servizo determinado presentaron reclamacións xudiciais que chegaron ao Tribunal Superior de Xustiza de Galicia, Tribunal que reconeceu que a modalidade contractual adecuada para as sucesivas campañas de verán era de fixo descontínuo, e iso por entender que se trataba dunha necesidade real, estrutural e cíclica.

No momento en que o Tribunal Superior de Xustiza reconeceu as pretensións dos traballadores, a Xunta de Galicia procedeu a realizar as actuacións encamiñadas a dar cabida ás pretensións dos traballadores. Por iso, no ano 2012 a Xunta de Galicia reforzou con carácter fixo e estrutural o dispositivo do Servizo de Prevención e Defensa contra os Incendios Forestais durante a época estival, e para o que procedeu, primeiro, á creación de 436 postos de traballo para a prestación fixa descontínua durante tres meses nas campañas de verán, e, segundo, á cobertura deses 436 postos por persoal laboral temporal baixo a modalidade de interinidade.

Con esta medida, señorías, 436 traballadores gañaron estabilidade laboral e a partir de 2012 tiveron a seguridade de traballar cada campaña e ademais por un tempo certo de tres meses concretos: xullo, agosto e setembro. Así, o persoal gañou, ademais da certeza das súas contratacións ano tras ano, a determinación dunha duración dos seus contratos, que pasou a ser sempre de tres meses.

E vostedes seguen mantendo a imposibilidade destes traballadores para facer substitucións de prazas non vacantes. Pois ben, creadas as 436 prazas, faise un chamamento que permite subscribir 436 contratos de traballo interinos de fixos descontínuos. Este persoal, vinculado por un contrato de traballo laboral interino como fixo descontínuo, non podía ser chamado para ocupar prazas vacantes puras de máis duración; a única forma que tiña de manter esa expectativa era renunciar ao seu contrato, o que implicaba unha penalización para acceder ás listas durante un ano.

Conscientes deste prexuízo, a Xunta de Galicia modificou o Decreto 37/2001, que regula as listas de contratación, e por iso, desde setembro do ano 2016, os traballadores da campaña de verán poden optar a cubrir postos vacantes ou non vacantes sen penalización ningunha.

Por todo o anterior, non podemos estar de acordo coa súa proposición non de lei para que as traballadoras e traballadores de tres meses poidan optar a cubrir vacantes e non vacantes, xa que a día de hoxe iso xa é posible: renunciando ao seu contrato, sen penalización, poden ocupar tanto as prazas vacantes como as que vostedes chaman non vacantes, e que son prazas desocupadas temporalmente, por ter un titular con dereito a reserva do seu posto de traballo.

Por último, aclarar que a modificación do decreto de listas é competencia da Dirección Xeral de Función Pública e non da Consellería do Medio Rural, sen prexuízo de que esta consellería

apoiar calquera medida que beneficie os traballadores deste servizo e que sexa favorable á prestación da prevención e extinción de incendios. Calquera modificación do decreto de listas é negociado pola Dirección Xeral da Función Pública coas organizacións sindicais, tal e como ocorreu coa modificación aprobada en setembro de 2016.

Pero, señorías, votar en contra desta iniciativa non significa que deixemos de impulsar as demandas lícitas destes traballadores; ao contrario, como queda acreditado nas actuacións que xa se levaron a cabo, antes relatadas, e como fixemos na reunión que mantivemos representando do Grupo Popular con eles o pasado día 17 de marzo e como faremos no futuro reuníndonos con eles, escoitando as súas problemáticas, as súas inquedanzas e as súas aspiracións. Pero farémolo dun xeito honesto, serio, rigoroso e responsables.

Só así será posible avanzar cara á consecución das demandas destes 436 traballadores, aos que desde este Grupo Popular lles queremos manifestar o noso respecto e agradecemento polo seu labor no exercicio das súas responsabilidades como profesionais na loita contra os incendios e poñernos á súa total disposición para o que, de forma veraz e legal, poidamos arranxar.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Balseiros.

Grupo autor da proposición non de lei, señor Rodríguez Estévez.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Señor Balseiros, eu creo que, se vostedes votan hoxe en contra desta proposición non de lei, vostedes están privando dunhas condicións laborais dignas a 436 traballadores e traballadoras, que hoxe están aquí con nós acompañándonos, no Servizo Público de Defensa contra Incendios Forestais, que traballan tres meses ao ano, e ese é un dato e está aí. Non sei vostede como vén con argumentos para rebater a situación precaria na que se atopan os nosos e as nosas traballadoras.

A día de hoxe, a superficie de incendios, a superficie, desde o 1 de xaneiro ata hoxe, que ardeu está en 2.384 hectáreas, todo isto sen contabilizar os lumes menores de 20 hectáreas, porque non aparecen na páxina do Medio Rural, polo que podemos estar falando de máis de tres mil hectáreas, e dende o primeiro día do ano ata hoxe máis de seiscientos incendios.

A política do Medio Rural do señor Feijóo, da que tanto presumiu aquí a primeiros de campaña, vese reducida neste cadro que vostedes nos pasaron nos orzamentos. Prevención de incendios, 171.000 euros menos; equipos de proceso de información de incendios, 200.000 euros menos; tratamentos silvícolas e mellora de masas forestais, 338.000 euros menos; infraestruturas forestais, 118.000 menos; restauración para a recuperación da masa forestal, 1 millón menos; estudos e programas de formación de traballo no monte, 126.000 menos. ¿Estas son as súas políticas que vostedes teñen este ano para o medio rural? Non sei.

O señor Feix..., Feijóo —case me escapa o do señor Beiras, desculpe— moito presumiu aquí, a primeiros da legislatura: esta era a campaña, a legislatura do medio rural. Esta non é a le-



xislatura do medio rural, é todo unha farsa e unha pantomima. E á vista está o afán privatizador que teñen vostedes, a xente do Partido Popular, no que a incendios forestais se refire. O negocio do lume para o Partido Popular existe e agora mesmo está vivindo momentos felices, porque o noso monte segue a arder e segue a arder e vostedes seguen a privatizar o servizo.

As empresas privadas que andan a repartir o pastel están hoxe máis de noraboa ca nunca. O pasado día 13 de abril, en plena Semana Santa, decretouse o alto risco dos incendios forestais de Galiza. Aínda que a Xunta conta cun servizo propio de defensa contra incendios forestais, o dispositivo non se encontra operativo ao faltar o cen por cento desas 436 persoas, que están na casa. Dende o pasado día 13 de abril asistimos a unha imparable escalada de hectáreas ardidadas en Galiza. Só entre o día 18 e onte arderon máis de 1.500 hectáreas. Á parte da perda ecolóxica e medioambiental, recordemos: danos materiais, como pasou hai pouco coa calcinación dunha motobomba no incendio de Mandiá, no concello de Ferrol.

¿Dispoñen de vehículos adecuados e emisoras os 498 bombeiros e bombeiras das parques comarcais, que o señor Rueda inclúe dentro do Servizo Público contra Incendios Forestais? ¿Por que non é necesaria a incorporación de 73 vixilantes fixos cesados en setembro? Eles poden detectar incendios cando estes son incipientes, garantindo un tempo de resposta moito máis rápido. ¿Onde está a promesa da conselleira que lles deu aos traballadores e traballadoras de Afrifoga de reunirse con eles despois das eleccións? E Galiza está ardendo hoxe a un ritmo de cen hectáreas diarias. Non é necesario que o centro de coordinación do distrito estea aberto as vinte e catro horas do día; agora mesmo non está a pasar.

En resumo, ¿non sería moito máis lóxico e máis operativo que o dispositivo contra incendios fose dunha vez público e deixasen vostedes de atomizalo? ¿Non sería moito máis lóxico e máis operativo que no dispositivo contra incendios a Xunta incorporara todo o persoal especializado do Servizo Público de Defensa e Prevención contra Incendios Forestais en época de alto risco? Estamos fartas e fartos de ver arder o noso país.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Outra política forestal desde En Marea pensamos que é posible e vostedes son cómplice das nefastas consecuencias que se producen nos incendios forestais, xa que non queren poñerlle remedio. O presidente da Xunta xa non vén cos seus zapatíños e coa súa manguera apagar, mentres que os nosos traballadores e as nosas traballadoras seguen na casa. Síntanse culpábeis cando vexan os nosos montes todos tinguidos de negro.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Sobre a emenda do PSOE.

**O señor RODRÍGUEZ ESTÉVEZ:** Sobre a emenda, aceptamos a emenda do Partido Socialista e a do Bloque Nacionalista Galego.

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Rodríguez Estévez.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D. Juan Manuel Díaz Villoslada e dous deputados/as máis, sobre a aprobación polo Goberno galego dun plan antifraude na contratación pública autonómica**

**O señor PRESIDENTE:** A esta proposición non de lei formulouse unha emenda do Grupo Parlamentario Popular.

*(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada Paula Prado del Río, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara presenta, ante a Mesa, a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír a parte resolutiva polo que se segue a continuación:*

*“O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego para que, afondando nas medidas xa aplicadas de mellora da contratación, aprobe un novo plan de medidas para a contratación pública no ámbito do sector público autonómico, que teña en conta a entrada en vigor das novas normas e directivas comunitarias que inciden na contratación, os posicionamentos e estudos da Comisión Europea en materia de competencia e prevención da corrupción e que inclúa medidas de actualización da formación dos empregados públicos nesta materia”.*)

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Si, boa tarde. Grazas, presidente.

Boa tarde, señorías. Boa tarde tamén aos asistentes na tribuna.

Con data 15 de febreiro deste ano houbo unha resposta da Xunta de Galicia, precisamente ademais a unha pregunta do propio Grupo Parlamentario Popular, a respecto do plan de mellora da contratación pública, do estado de execución dos obxectivos deste plan, que era un plan trazado para o bienio 2014-2016. Nesta resposta afírmase, por parte da Vicepresidencia e Consellería de Presidencia, que estaba practicamente desenvolvido e que durante 2017 terminaría de rematarse.

Este plan —moi rapidamente— facía referencia como obxectivos á optimización de recursos, a maximizar a concorrencia, a garantir a posibilidade de tramitación electrónica, a funcionar como un elemento activo para estímulo das pemes ou a introducir mecanismos de transparencia e boas prácticas.

O eixe 5 deste plan, precisamente, referente aos mecanismos de transparencia e de boas prácticas, non recolle, non obstante, naquel momento, ningunha medida concreta que se referira precisamente á loita contra a fraude e á corrupción nas licitacións.

Por iso, en materia de contratación pública cómpre avanzar con máis decisión na adopción de medidas técnicas e legais que, máis alá da necesaria transparencia e regulación de procesos e criterios, loiten e eviten sistemas de fraude na contratación pública.

Datos: a propia Comisión Nacional de Mercados e Competencia calcula que o sobrecusto causado polas malas prácticas anticompetencia ascende a un importe de 40.000 millóns de euros ao ano, un 4,5 % do PIB, porcentaxe que supera incluso, como temos visto nalgũa ocasión, a previsión de déficit que comprometera España con Bruxelas en 2015, que estaba no 4,2 %. Este dato significaría nada máis e nada menos que España podería ter resoltos os seus desequilibrios orzamentarios, que veñen sangrando as contas públicas e que tanta deterioración teñen causado precisamente nos servizos públicos de benestar, e sen falar da estimación de preto de 100.000 millóns de euros en materia de fraude fiscal. A Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia valora que a licitación pública supón o 15 % do PIB; máis datos que nalgũa outra ocasión tamén teremos ocasión de sinalar.

O propio Foro Económico Mundial sinala que a corrupción supón un 5 % do PIB global, supón un incremento no custo dos negocios dun 10 %. O propio Banco Mundial, tamén, estima o custo dos subornos do sector público, tanto nos países ricos como nos países pobres, nun volume de 1 billón de dólares ao ano. E a Comisión Europea, por dar máis datos, estima en 120.000 millóns de euros os que se perderon nos 27 Estados membros por corrupción, é dicir, o importe equivalente ao total do orzamento da Unión.

Sendo, polo tanto, unha absoluta prioridade a loita contra as manipulacións nas licitacións públicas —e non vou profundar neste momento precisamente nas noticias que están acontecendo, xa non digo estes anos nin estes meses, nin estas semanas, incluso estes días, senón minuto tras minuto por parte de moitos dos dirixentes, e teño que dicilo así porque é así, do Partido Popular—, como dicía, ante esta evidencia que inunda, asolaga os xulgados e medios de comunicación, a propia Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia vén de aprobar unha guía contra a fraude nas licitacións públicas, ofrecendo aos poderes adxudicadores toda unha serie de indicios que poidan evidenciar que estamos ante posibles casos de manipulación nas licitacións.

É dicir, analizar se existe un reducido número de licitacións, se estamos ante ofertas incoherentes dun mesmo licitador, se temos similitudes sospeitosas nas ofertas presentadas, sospeitas de boicot, ofertas non competitivas, patróns de comportamento sospeitosos entre empresas licitadoras, subcontratacións non xustificadas entre empresas licitadoras, ofertas presentadas polas mesmas persoas físicas ou UTE entre licitadores sen xustificación aparente, son todo un decálogo de medidas que pode axudar a evidenciar que estamos ante indicios de corrupción e de fraude na licitación pública.

E ante todo este panorama desolador de datos, evidentemente, como en moitas ocasións temos moitos dos parlamentarios xa sinalado nesta Cámara, tanto en pleno como en comisión, a segunda preocupación da cidadanía é precisamente a corrupción.

Pero é que esta preocupación da corrupción, co último barómetro do CIS, dispárase en 7,5 puntos máis respecto do barómetro anterior, situándose —como dicía— nesa segunda pre-

ocupación para o 73 % das persoas encuestadas. Non sabería dicir en que posición, ou non sabería dicir se o mercurio do barómetro CIS racharía completamente se hoxe precisamente se fixera unha nova enquisa á cidadanía. (*Aplausos.*)

Non pode ser que a segunda preocupación, despois do paro, sexa a corrupción, cando a cuarta preocupación somos —e vouno dicir en primeira persoa— a clase política e resulta que a sanidade pode ser o quinto problema e o ensino e a educación o sétimo problema. Hoxe o Instituto Nacional de Estatística dinos que o 23 % da poboación en España está en risco de pobreza, e nós, con estes números e con estas actuacións en materia de corrupción.

Pero é que os documentos dos que pode dispoñer a propia Administración autonómica para tratar de loitar dunha forma decidida contra as prácticas de corrupción son múltiples e variados. Os novos mecanismos, os novos pactos de integridade que se están poñendo en varias administracións públicas e que permiten, precisamente, que un axente externo estea vixilante aos traballos de adxudicación entre o poder adxudicador e os licitadores, son instrumentos de alta relevancia que creo que, sen moita demora, deberíamos incorporar á práctica licitadora do sector público autonómico; de feito, a propia Unión Europea está promovendo o uso destes mecanismos.

E, neste sentido, outro documento no que creo que se pode traballar perfectamente para incorporar sen moita demora sería as orientacións que a propia Comisión Europea, xa en xuño de 2014, deu aos Estados membros e autoridades de xestión para xestionar os fondos estruturais de investimento europeos. Establécese todo un mecanismo, todo un sistema de auto-avaliación e de avaliación do risco de fraude para tratar de detectar indicios que poidan facer que a propia Oficina Europea de Loita contra a Fraude actúe. A Comisión recomenda que as autoridades de xestión adopten un plantexamento proactivo, estruturado e específico —e de aí a natureza da nosa proposición non de lei— para xestionar os riscos destes fondos.

Nós o que vimos a soste é que todas estas metodoloxías de avaliación de riscos de fraude se poden incorporar ao conxunto e sistemática das licitacións públicas. Todas as autoridades dos programas din que a Comisión Europea debe comprometerse coa tolerancia cero na fraude, comezando coa adopción dunha actitude axeitada desde os postos de maior responsabilidade, que non é precisamente a situación que se nos está presentando con moitas das actuacións que estamos observando. Porque, señores do Partido Popular, señores do Grupo Popular, creo que a corrupción nunca xamais se salda coas urnas. Esta foi unha afirmación desgraciada que o actual ministro de Xustiza ofreceu á opinión pública a finais do ano pasado. Decía que a responsabilidade política pola corrupción se salda coas urnas. Creo que este é o camiño contrario, precisamente, a avanzar en termos xa non de transparencia, senón, basicamente, de calidade democrática.

Non quero rematar esta intervención, sobre todo no contexto de noticias en que estamos e sen querer entrar a personalizar de ningunha forma, sen deixar de reivindicar unhas xa velhas letras do profesor Solé Tura e do profesor Eliseo Aja, que xa no ano 1977 —van corenta anos— deron unha serie de leccións en materia de constitucionalismo, analizando o período constituínte entre 1808 e 1936, e que nos dicían: «A inmensa maior parte da nosa historia contemporánea tense desenvolvido baixo textos constitucionais claramente conservadores

ou baixo o signo da negación do constitucionalismo. O franquismo —diciábase en 1977— non aparece como unha ruptura innovadora da tradición política da oligarquía española, senón como un desenvolvemento desta cara ás súas últimas consecuencias. Por iso —diciánnos os profesores Solé Tura e Aja—, o actual período constituinte non conducirá a unha estabilidade democrática se non na medida en que implique un cambio profundo nas relacións das forzas sociais.>>

Parece que fora onte o sentido destas declaracións e realmente son de plena actualidade. Por iso nós nesta Cámara presentamos esta proposición, de forma que o Parlamento, esta Cámara inste o Goberno galego a aprobar un plan antifraude de forma específica na contratación pública do sector público autonómico.

Nada máis, moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Díaz Villoslada.

Polo Grupo Parlamentario Popular, señora Prado.

**A señora PRADO DEL RÍO:** Moitas grazas, señor presidente.

Señorías.

Presenta hoxe o Grupo Socialista unha iniciativa que, como acaba de expoñer o señor Díaz, pretende a aprobación dun plan antifraude na contratación pública no ámbito do sector público autonómico.

En primeiro lugar, señor Díaz, nós temos que negar a maior, o que se di na parte expositiva da proposición non de lei, porque non é certo que non se tivera feito nada en materia de loita contra a fraude nas licitacións durante estes últimos anos. O feito de que non haxa un plan concreto non quere dicir que non haxa medidas concretas neste sentido. Exemplos como o artigo 23 da Lei de racionalización, que fala de contratación transparente e que fomenta a competencia —da que vostede acaba de falar aquí—, un precepto que recolle dúas medidas concretas dirixidas á loita contra a fraude nas licitacións, que contemplan as dúas caras do problema: por unha banda, o funcionamento interno da Administración e, por outra, os acordos entre as empresas. Estas medidas son, por unha banda, non invitar empresas vinculadas nos procedementos negociados, para evitar que distorsionen o procedemento, e a denuncia ao Consello Galego da Competencia se se advirten prácticas deste tipo.

Aínda que parece que o artigo 23 non é nada, podería parecerlle que non é nada —vostedes votaron en contra desa lei— en realidade é bastante, porque, por un lado, obriga a Xunta a diversificar nas súas invitacións a empresas para menores e para negociados, o que implica unha medida obxectiva para garantir que nese tipo de licitacións non se limita pola Administración a concorrência de xeito fraudulento, e, por outro, porque empuxa a Administración a denunciar os posibles acordos entre empresas que poida detectar nas licitacións. Así, cóbrense os dous flancos do mesmo problema: o dos acordos de empresas e o da Administración, coa finalidade de protexer a competencia e evitar o seu falseamento.

E o mesmo Consello fixo, ademais, xornadas de formación para persoal da Xunta e remitiu cuestionarios e información ao persoal público, para dar a coñecer as posibilidades de actuación no caso de coñecer acordos entre empresas prohibidos pola normativa de competencia. Por tanto, iso tamén é fundamental, que o persoal público estea formado para poder aplicar a normativa.

E tamén podemos falar do código ético, onde a primeira das medidas de contratación do código ético é a publicación das declaracións na plataforma de contratos para garantir a igualdade de todos os licitadores e evitar o falseamento da competencia.

Por tanto, creo que medidas hai. Non se pode dicir que non se fixo nada.

E tamén a formación do persoal das administracións públicas. Tanto a Xunta, por exemplo unha xornada organizada pola Consellería de Facenda en febreiro deste ano, do 2017, como a EGAP, que tamén ten organizado periodicamente distintas xornadas en materia de prevención da corrupción, concretamente unhas fiscais, no curso que se organizou co Consello de Contas, como vostede ben sabe, que, aínda que non se referían exclusivamente á prevención da corrupción na contratación pública, si incluían esta materia nos seus contidos. E tamén no ámbito sanitario se teñen organizado xornadas.

Por tanto, hai medidas. ¿Que podemos falar dun novo plan? Pois si, hai razóns que xustifican este novo plan, é razoable, xa que o plan se acaba agora no 2017. Por unha banda, a entrada en vigor das leis 39/2015 e 40/2015, que inciden dende un punto de vista da administración electrónica en materia de contratación. Tamén, a eficacia directa das directivas de contratación pública unha vez transcorrida a data para a súa transposición, as directivas 23 e 24 do 2014. Tamén, a inminente aprobación da nova Lei de contratos do sector público, e tamén os distintos documentos que foron aprobados e elaborados pola Comisión Europea, pola Oficina estatal Antifraude, por Competencia, en materia de prevención da corrupción, como por exemplo a Guía para a detección de conflito de intereses nos procedementos de contratación pública, no marco das accións estruturais. E os que se van elaborar, as novas funcións en materia da prevención da corrupción do Consello de Contas de Galicia, e a recente aprobación do seu regulamento.

Señor Díaz, eu non vou entrar no «y tú más». Vostede acaba de facer aquí un paralelismo entre o incremento da pobreza e o da corrupción, e tendo en conta a onde foron a parar os cartos da formación das persoas desempregadas en Andalucía, tendo en conta a porcentaxe de paro que hai nesa comunidade autónoma, que é a comunidade autónoma cunha porcentaxe de paro máis alta de España, o 28 %, 900.000 parados (*Murmurios.*), pois tamén podía facer extensiva esa reflexión que vostede acaba de facer da pobreza e corrupción co desemprego e a corrupción.

Nós tamén estamos abochornados cos casos de corrupción, veñan de ex presidentes da Comunidade Autónoma de Andalucía, veñan de ex presidentes da Comunidade Autónoma de Madrid (*Aplausos.*), e por iso presentamos unha emenda á súa proposición que propón ir máis alá do que o Grupo Socialista pide. Nós queremos un novo plan de medidas para a contratación pública no sector público autonómico. Pero entendemos que tamén debe conter



medidas que están en marcha e que se revelaron efectivas, que teña en conta a nova normativa, tanto estatal como comunitaria, así como os posicionamentos da Comisión Europea en materia de competencia e prevención da corrupción e que inclúa medidas de actualización da formación dos empregados públicos nesta materia.

Estariamos ante un novo plan para a mellora da prevención da corrupción na contratación pública do sector público autonómico para os anos 2017-2020, e agardo que poidamos chegar a un acordo unánime nesta materia, porque son consciente de que isto nos preocupa a todos os grupos que formamos parte desta Cámara.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Prado.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, señor Bará.

**O señor BARÁ TORRES:** Boa tarde.

Xa pasaron algúns anos desde que Nicolas Sarkozy pronunciara aquela célebre frase: «Hai que refundar o capitalismo sobre bases éticas». Xa choveu un pouco desde aquela, e ao que asistimos foi a unha operación de lexitimación, de branqueo —podemos dicir— do propio sistema, unha operación lampedusiana. Tratábase de, aparentemente, cambialo todo para que todo seguise igual. Polo tanto, a creación dunha aparencia para disimular, para camuflar as políticas inxustas, substituíndo a realidade polas palabras. Claro, entón as palabras, substituíndo a realidade, creaban a aparencia de que realmente estabamos ante a transparencia, ante o bo goberno, ante a gobernanza, ante a participación.

E o mantra da transparencia, mediante leis, mediante normas, mediante decretos, mediante organismos, mediante consellos, pois parece que o invade todo, e parece que simplemente con crear máis organismos e máis normas que falan da transparencia pois xa temos unha democracia de máis calidade. Nós, desde logo, non compartimos esta análise do sistema.

Porque, ademais, resulta que proliferan por aí os organismos supostamente independentes para vixiar a transparencia, e xa sabemos tamén o que hai detrás deles. Por exemplo, un moi coñecido, que é Transparencia Internacional, que é un auténtico engano, unha fraude, porque ten como fonte de financiamento grandes *lobbys*, grandes empresas capitalistas, e tamén o mesmo Goberno dos Estados Unidos.

Polo tanto, jollo cos organismos independentes, ollo tamén con utilizar como argumento de autoridade os informes do Banco Mundial ou do Foro Económico Mundial e mesmo da Comisión Nacional sobre o Mercado e a Competencia!, que nos inspira tamén, a nós polo menos, certa desconfianza, como nos inspira a propia Transparencia Internacional, que tamén efectivamente ten un manual para a prevención da corrupción nos contratos públicos —debía de ser o manual que utilizaban no Canal de Isabel II, este de Transparencia Internacional—.

Pois ben, a Comisión Nacional dos Mercados e a Competencia a verdade é que non nos inspira ningunha confianza, porque foi a que permitiu precisamente que pasara o que pasou no ámbito bancario, que pase o que pasa no ámbito dos monopolios enerxéticos, e tamén no fondo é a que está compartindo esas imposicións da normativa europea e estatal, que realmente están levando a un monopolio na contratación pública, porque se trata de que cada vez, cunha suposta transparencia, cunha suposta publicidade, cunha suposta igualdade de acceso por todo o mundo, ao final os grandes contratos acaben sempre nunhas poucas mans, que son, curiosamente, as mans das empresas que tamén despois financian pola porta de atrás.

Polo tanto, nós si que pensamos que hai que ir a unha reforma profunda da contratación pública. Hai que rachar desde logo con este modelo, e facelo tendo en conta un novo marco legal que se faga en clave de país, e en clave tamén social, aínda que iso, desde logo, ten moitas limitacións nun modelo capitalista como o actual. Pois a nós non nos parece mal que desde logo se propoña un plan antifraude na contratación pública, pero tamén somos conscientes da limitación, dentro do marco legal actual, que ten este modelo.

A vostedes eu non lles quito o mérito de insistir. Tamén traen unha interpelación aquí sobre o tema da transparencia e do bo goberno. Son persistentes, son insistentes no Grupo Socialista. Nós temos —xa lle digo— certa incredulidade, certa desconfianza, sobre todo coa que está caendo, porque resulta que proliferan as leis, as normas, os consellos da transparencia e do bo goberno e vemos que está caendo a que está caendo. E hoxe mesmo asistimos tamén —xa sen incredulidade ningunha, a verdade é que xa non nos queda lugar para a incredulidade— á última noticia que implica o mesmísimo ministro de Xustiza, o señor Catalá, que lle mandou tamén un sms —como o famoso de Mariano «Luis, sé fuerte»—, ¡como non!, a Ignacio González: «Ignacio, ojalá se acaben pronto los líos».

Pois a realidade é que cada vez hai máis líos no Partido Popular, cada vez hai máis fraude no sistema, cada vez hai menos transparencia e menos ética, porque no fondo a ética é incompatible co capitalismo, e, por se había dúbidas, xa nolo deixou claro o señor Feijóo co seu recurso ao mito bíblico.

Nada máis e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Bará.

Eu teño aquí anotado o señor Sánchez agora para intervir. ¿Quen intervén? (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Pois non o comunicaron. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) ¿Vai falar vostede? Pois, entón, ten vostede a palabra. Ten dereito, pero non me comunicaron esa incidencia. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Teríano que facer vostedes —entendo eu—. Ten vostede a palabra, señora Santos, pero hai que comunicalo, ¡claro!

**A señora SANTOS QUEIRUGA:** Grazas, señorías.

Gustárame comezar léndolles un poema no marco do Día do Libro, que hai pouco del, que se titula *Economía*, e di así: «Señores políticos, impedir una guerra sale más barato que pagarla». Considero que é un poema moi acaído, obviamente, polo seu sentido literal, sobre todo, tendo

en conta os tempos belicistas nos que estamos inmersos, co perigoso auxe do populismo en gobernos como o de Estados Unidos ou o da veciña Francia. Si, populismo, porque, aínda que teimen en colocarnos a nós esa etiqueta, historicamente —e desgraciadamente constatado— o populismo coquetea moito máis coa extrema dereita que coa esquerda, con eses partidos ou líderes autoritarios e xenófobos como Trump ou Le Pen.

Pero, realmente, o que me interesa máis hoxe destes versos é poñer en evidencia como ter medidas efectivas contra a corrupción, xa sexan a través desta iniciativa ou a través dunha fiscalía anticorrupción específica para Galicia; proposta que xa debatemos aquí, a iniciativa do noso grupo, e que volveremos traer ao Pleno, xa que nos aforraría moitos cartos a todas e todos os cidadáns despois do roubo e o espolio ao público que se destapou nos últimos anos cun gran protagonista principal, o Partido Popular. E tamén porque haberá que gastar en administración de xustiza e penitenciaría, porque a este ritmo no Partido Popular non vai quedar incorrupto nin o último para pechar a porta. Cartos, por outra parte, que serviron para encher as súas contas, as contas A e as contas B en Génova; e algúns tamén as contas dos seus dirixentes máis destacados e amigos en lugares como Suíza e Andorra, mentres o país se desplomaba e precarizaba coa crise e coas secuelas actuais desta crise.

Dixo hoxe en rolda de prensa o señor Rueda, sobre o escándalo de Ferroatlántica —o señor Villar Mir e o xenro imputados—, que En Marea estaba sendo oportunista e pecando de falta de rigor. Pero é lóxico que calquera persoa minimamente intelixente pense que Ferroatlántica pode estar exercendo influencia sobre o PP para o seu propio beneficio empresarial —como dicía onte o noso voceiro Luis Villares— porque semella que existe unha relación directa entre o trato de favor a esta empresa e o financiamento do PP. Pero igual somos malpensadas e as aportacións que fixeron ao Partido Popular as empresas OHL, de Villar Mir, por 530.000 euros, ou Sacyr, por 480.000 euros, son froito do azar e non de pequenos incentivos para asegurar un suculento contrato público. Pero, claro, o PP centra a súa máxima preocupación como goberno de xestión serio e responsable nas redes sociais da oposición en vez de nas súas iniciativas, no referente á loita contra a corrupción ou aos temas sociais de calado.

E ao mesmo tempo que vostedes estaban ensimismados en asuntos tan importantes para Galicia, o seu gran líder, o señor Feijóo, presentaba libros en Madrid afirmando que a crise lle viñera moi ben a España e felicitando a Cristina Cifuentes por gobernar sen maioría —el non sabería facelo, díxoo claro—; e coa emoción do momento —como se está intentando situar como delfín do señor Rajoy— escápalle o das «zonas grises do financiamento dos partidos» que lle sacaron en portada eses malísimos do diario *El Mundo*.

E, dende aí, por riba de ser o partido imputado, comeza o festival: a sentenza da infanta, Urdangarín, Blesa, o presidente de Murcia, Rodrigo Rato, Ignacio González, Zaplana, a delegada do Goberno en Madrid, Anticorrupción, que se querela contra o despacho do señor Montoro, a chamada a declarar de Rajoy e Cifuentes pola Gürtel e a Púnica..., un tsunami que está levando por diante a Comunidade de Madrid, Génova e a Moncloa. Semella que hai unha guerra estraña nas súas filas, ou igual tamén somos malpensadas.

Como é un sen parar, tamén nos enteramos esta mañá de que a Fiscalía Anticorrupción dicía descoñecer pero non negaba os chivatazos que Ignacio González estivo recibindo sobre a in-

vestigación e a mensaxe de ánimo do ministro de Xustiza en 2016. E, ao mesmo tempo, un *twit* de Informativos de Televisión Española onte dicía textualmente: «*El juez apunta que Ignacio González colocó en Televisión Española un periodista para defender su imagen. Hemos pedido explicaciones*». O Goberno de Aznar, con todos os seus ex ministros imputados ou en consellos de administración, pero é o que teñen as tramas, que se tecen co tempo; e deses barros, estes lodos. Lembra unha ciénaga chea de ras croando entre a lama.

Agora queren desentenderse: casos illados, indeseables, mazás podres, a señora Aguirre dimite por terceira vez despois de —segundo ela— destapar a Gürtel... Igual a señora Prado nos sorprende calquera día dicindo que ela destapou a Pokémon. Vostedes queren representar un PP diferente, pero non é só que sexan o mesmo, senón que moitas sospeitamos que están tan implicadas ou máis que os seus xefes de Madrid, pero o tempo dirao. Mentres, sigan mirando e falando de Venezuela. Para nós teñen o mesmo *modus operandi*.

Máis exemplos: «*Indra investigada por financiar irregularmente o Partido Popular con 700.000 euros*». Casualidade, consegue despois, por parte da Xunta, contratos por 30 millóns de euros no último ano. «*Rogelio Martínez, man dereita do señor Feijóo en Ourense, vai ser por fin xulgado por malversación de fondos europeos*». En torno ao PP atopámonos con outro epicentro, coa ramificación da trama, tristemente; a trama da corrupción con denominación de orixe galega: Pablo Crespo, Louzán, Baltar, Conde Roa, Pokémon, Pikachu, Orquestra, Naseiro, Marcial Dorado... Supoño que lles soarán.

Por todo isto, imos apoiar esta iniciativa do PSdeG. Urxe que a xustiza actúe, por suposto, e que se establezan as medidas oportunas para impedir a fraude e o roubo, porque a corrupción destroza a democracia.

Quero rematar, por iso, como comecei, cun par de versos que lles adico como consello e que llelos adico de corazón, porque, aínda que pensen o contrario e malia a miña vehemencia e paixón, o meu non é o ring nin o boxeo; non concibo así o debate político, e moito menos o institucional, prefiro a literatura e os caraveis. Por iso di: «*Recordad que los ovnis, como ciertas amistades, no vienen a lo nuestro, sino a lo suyo*». (Aplausos.) (A señora Santos Queiruga coloca un caravel enriba da mesa da Presidencia do Parlamento.)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Santos.

Moitas grazas.

Eu teño orixes portuguesas. Vénme moi ben. Moitas grazas. Agradézollo moito. Eu son quizaís, da Cámara, ao que mellor lle vai este caravel. Grazas. (Aplausos.)

Grupo autor da proposición non de lei, señor Díaz Villoslada.

**O señor DÍAZ VILLOSLADA:** Grazas, presidente.

Señora Prado, eu creo que nunca, precisamente nestes días, o Partido Popular, en calquera lugar de España, pero o Partido Popular tamén en Galicia, debería ter ningún tipo de mati-

zación que facer á necesidade absoluta de acometer un plan en serio contra a corrupción, (*Aplausos.*) en materia de contratación e en materia de licitación pública. É certo que se teñen tomado medidas no período 2014-2016, pero en materia de xestión administrativa, de xestión da contratación pública. E unha cousa son as normas, as accións para mellorar os comportamentos e a xestión, e outra cuestión é, precisamente, profundar en comportamentos que o que están buscando é subverter as vías legais de acudir ás contratacións públicas. Porque, como dicía anteriormente, ao que estamos asistindo non é a unha corrupción nin sequera sistemática senón a un círculo perfecto de corrupción do sistema oligárquico deste país, que é moi distinto que o sistema de corrupción da delincuencia simple organizada. Non imos profundar nesa cuestión, pero creo que neste momento incluso resulta unha frivolidade tratar de emendar —como están facendo— esta proposición non de lei, que unicamente pide un plan anticorrupción en materia de contratación pública. Nada máis e nada menos, señora Prado. Porque non son exemplos precisamente de comportamentos que favorezan a concorrencia o que está ocorrendo, por exemplo, como ben sabe, coa licitación dos servizos de limpeza. Resulta que a Xunta de Galicia licita os servizos de limpeza por importe de 45 millóns de euros sen distribución en lotes, e resulta que todas as asociacións profesionais do sector, todas as pemes, están bramando contra esta licitación. Esta mañá observamos tamén que está pasando coa concesión do servizo de ambulancias do 061. Non pode ser que esteamos nesta situación e que tratemos de estar contemporizando.

Efectivamente —e pasadomañá verémolo na Comisión especial de relacións co Consello de Contas—, o Consello de Contas ten que ter, e vai ter, seguramente —porque confiamos así—, un papel proactivo en materia tamén de vixilancia da corrupción. Eu creo que todos os grupos da Cámara contribuiremos nese sentido, sen ningún tipo de dúbida. Porque o que non pode ser é que, ante a que está caendo, se nos invoque o pecado orixinal, como xa se ten dito en varias das intervencións por parte do presidente Feijóo. Porque nos dicía —creo recordar— que, como non ten explicación científica o tema da corrupción, pois había que ir a Adán e Eva. Pode ser que non teña unha explicación da física cuántica ou da física de partículas —que igual si, non o sei—, pero si que ten explicación desde o punto de vista das ciencias sociais, que é outra das ramas do coñecemento. A ciencia económica, a ciencia xurídica e a ciencia política si que son capaces de explicar o porqué da corrupción. E nese sentido por iso insistimos en non aceptar de ningunha forma esta emenda, porque é clarísimo o sentido que perseguimos coa redacción que lle demos.

Entendo o escepticismo do señor Bará cando fala destas cuestións. Eu tamén moitas veces son moi escéptico. A semántica ás veces pódenos introducir nun mar de confusións. Pero é certo que temos que acudir aos mecanismos de xestión pública que teñamos de man para poder tratar de atallar esta lacra.

Agradezo tamén o posicionamento do Grupo de En Marea para poder sacar adiante este Plan antifraude e anticorrupción en materia de licitación pública no sector público autonómico. E confío en que o Partido Popular así o vexa tamén.

Nada máis. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Díaz Villoslada.

**Proposición non de lei do G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa de D<sup>a</sup> María Luisa Pierres López e tres deputados/as máis, sobre a realización polo Goberno galego dun informe do estado de cumprimento da normativa autonómica en materia de igualdade establecida no artigo 67 do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, nos organismos autónomos, nas sociedades públicas, nas fundacións do sector público galego, nas entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Comunidade Autónoma e nos organismos con dotación diferenciada nos orzamentos xerais da Comunidade Autónoma**

**O señor PRESIDENTE:** Presentáronse dúas emendas: unha do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego e outra do Grupo Parlamentario Popular.

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego (BNG), por iniciativa da deputada Noa Presas Bergantiños, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei. Emenda de adición.*

*Proponse engadir un novo punto na parte resolutiva co seguinte texto:*

*<<2. O Parlamento galego acorda instar á Xunta de Galiza a elaborar un estudo cualitativo en colaboración cos grupos parlamentares do Parlamento de Galiza e participado por axentes sociais, sindicais e organizacións e colectivos feministas, sobre o impacto, grao de cumprimento e vixencia do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro para avaliar a necesidade da elaboración dunha nova lei ou da modificación dalgún dos seus apartados>>.)*

*(O G. P. Popular de Galicia, a través do seu portavoz e por iniciativa da deputada María Ángeles García Míguez, ao abeiro do disposto no artigo 161.2 e concordantes do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír a parte resolutiva polo que se segue a continuación:*

*<<O Parlamento de Galicia insta ao Goberno galego a que elabore o Plan para a igualdade entre mulleres e homes da Administración Xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico. Dito plan establecerá os obxectivos a acadar en materia de promoción da igualdade de trato e de oportunidades no emprego público, así como as estratexias ou medidas a adoptar para a súa consecución>>.)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Pierres.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Grazas, señor presidente.

Boa tarde a todas e a todos.

Hoxe presentamos aquí unha iniciativa que, pola parte que me toca, non é grata, e non o é porque volve poñer de manifesto que a desigualdade é un feito demostrado que precisa de plans específicos para impulsar e apoiar a súa erradicación. E tampouco é grata pola parte



que ten de sacar as cores á realidade que afecta a propia Administración e a xestión deste goberno. Encantárame, de verdade, hoxe poder vir aquí con outra iniciativa, unha que falase dos pasos dados e dos poucos que quedan por dar, pero non é así; tristemente non é así.

O dereito fundamental da igualdade de mulleres e de homes constitúe un valor fundamental para a democracia e é unha necesidade esencial nunha sociedade democrática e moderna que desexa acabar co sistema patriarcal, androcéntrico e sexista. O fin de que se cumpra plenamente este dereito non só ten que recoñecerse legalmente senón que se debe exercer de forma efectiva, implicando todos os aspectos da vida, os políticos, os económicos, os sociais e os culturais.

O Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, aprobaba o Texto refundido das disposicións legais da Comunidade Autónoma de Galicia en materia de igualdade, e no seu artigo 67 fala de que os plans de igualdade serán obrigatorios para a Administración autonómica, os seus organismos autónomos, as sociedades públicas, as fundacións do sector público autonómico, as entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Comunidade autónoma e os organismos con dotación diferenciada nos orzamentos da Comunidade Autónoma que, ao careceren de personalidade xurídica, non estean formalmente integrados na Administración da Comunidade Autónoma.

Esta condición da obrigatoriedade é a que impulsa esta iniciativa, e faino porque unha cousa é que algo apareza nun artigo dun decreto e outra moi diferente é que se poña en práctica. Velar por ese cumprimento é o que traemos hoxe aquí; coñecer cal é o verdadeiro estado da igualdade nos organismos públicos ou dependentes deles e que deberan ser espello e exemplo dos de carácter privado. É curioso que na propia web da Xunta aparezan como exemplo de boas prácticas os plans de igualdade de moitas empresas ou entidades de carácter privado, e tan só un, o da Universidade de Santiago de Compostela, con carácter público; plans, por certo, da antigüidade —todos eles— duns sete anos ou máis. Sen dúbida, bótase en falla a falta de información e transparencia da propia Secretaría Xeral de Igualdade a este respecto, chamando a atención da desidia desta consellería nun tema que debería ser o eixo do seu traballo diario.

O artigo 66 do mesmo decreto fala doutro concepto, do de transparencia. E di que, sen prexuízo dos sistemas de control interno e de avaliación externa sobre o cumprimento dos obxectivos establecidos no Plan de igualdade, se garantirá a transparencia na súa implantación mediante o acceso de traballadoras e traballadores das empresas e organismos públicos con competencias en materia de igualdade e en materia laboral ao contido dos obxectivos e ao seu grao de cumprimento. ¿Onde están eses plans dos organismos da Xunta? ¿Onde están os seus obxectivos? ¿Onde o seu grao de cumprimento?

Pero vexamos tamén cales son os obxectivos que persegue un plan de igualdade nas empresas. Os plans de igualdade contemplan a fixación de obxectivos, un código de boas prácticas e sistemas eficaces de control interno e avaliación externa sobre o cumprimento dos obxectivos, así como mecanismos de readaptación deses obxectivos en función dos resultados obtidos. É precisamente a falla de transparencia deses plans de igualdade que deberan estar en vigor a que non permite nin tomalos como modelos nin coñecer con detalle os obxectivos conseguidos para poder, en todo caso, readaptar os obxectivos.

¿Que control se está a facer? ¿Hai algún modo de coñecer eses datos? Entendemos que isto non pasa por pedir unha comparecencia aquí dunha directora xeral ou dun conselleiro; pasa pola elaboración do informe que hoxe estamos a demandar aquí, por que recolla o cumprimento do Decreto lexislativo 2/2015, do 12 de febreiro, no seu artigo 67, e que o faga coa máxima celeridade. Nós plantexámolo en dous meses. É tempo suficiente, dado que os plans teñen sempre o seu propio seguimento, ou deberan telo.

Hai que lembrar hoxe aquí que foi a Lei do traballo en igualdade das mulleres de Galicia, que entrou en vigor o 3 de febreiro de 2007, a que conqueu as primeiras medidas en prol da igualdade no traballo, con medidas de conciliación da vida laboral e familiar dos pais e nais, entre outras. Contemplouse por primeira vez a flexibilización dos horarios, os permisos por acollemento, os permisos por lactación... Dende entón, tense camiñado, pero, ¿canto? Insistimos na importancia que ten o exemplo da Administración nesta materia. A Lei de igualdade obriga só aquelas empresas de máis de 250 traballadores ou traballadoras a implantar plans de igualdade; ao resto, salvo que o dispoña o seu convenio, tan só se lles recomenda ou se lles premia, pero non se lles obriga.

Por iso é fundamental dar exemplo, cumprir cos prazos, cos obxectivos, incentivar así a iniciativa privada. Non se pode poñer a igualdade como eixo prioritario dun goberno e non actuar en consecuencia. O certo é que os plans de igualdade non teñen unha duración legal establecida, pero é necesario fixar un prazo para a execución das distintas medidas, poder avaliar o seu efecto, poder modificalas, conforme se vaia comprobando a súa eficacia ou detectando novas necesidades, outra razón máis para solicitar este informe. ¿Cales son os prazos que este goberno fixou nos seus plans? ¿Que avaliacións realizou? ¿Que conclusións? Os plans dos diferentes organismos, ¿cando foron implantados e que vixencia prevén? O certo é que lanzo estas preguntas ao aire, porque, francamente, falando con traballadores de organismos dependentes da Administración, a resposta é practicamente unánime: a maioría nin coñece nin sabe dos plans de igualdade que lles afectan. Algún apunta a un plan para toda a Xunta. Do que falan é do sétimo Plan estratéxico de Galicia para a igualdade de oportunidades entre mulleres e homes do 2017 ao 2020; un plan para toda Galicia, non para os traballadores da Xunta e organismos dependentes. Algo, polo tanto, está a fallar na súa implantación.

Lembren o que di o artigo 66 —repito— respecto da transparencia e da accesibilidade que deben ter os plans. Certo é que non se poden coñecer nin se pode acceder ao que non se ten, ou é que está agochado. Lembren que o decreto é moi claro: plans de igualdade obrigatorios en cada organismo autónomo, sociedades públicas, fundacións do sector público autonómico, entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Comunidade Autónoma e organismos con dotación diferenciada nos orzamentos da Comunidade Autónoma. Sei que o Goberno debe considerar que un plan xenérico e estratéxico do Goberno serve para cubrir todo o espectro laboral dependente da Xunta de Galicia. Do que me dá a impresión con todo isto é de que o que está a acontecer é que este goberno entendeu, unha vez máis, que a igualdade é un tema co que se pode exercer a política de recortes e que os plans de igualdade son para este goberno unha cuestión menor. Unha vez máis, moita lexislación, moitas intencións e moita venda de fume de medidas que quedan no caixón; e non o digo eu, dino os propios sindicatos. A propia UXT denunciou en repetidas ocasións a falla deses plans aos que obriga o decreto.

Aquí teño comigo estas denuncias que constatan o que estou a comentar: desidia deste goberno que, dende a aprobación do decreto, tivo xa un prazo de máis de dous anos para aprobalo. Polo tanto, nin plans en organismos autónomos, nin en sociedades públicas, nin en fundacións do sector público autonómico, nin en entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Comunidade Autónoma, nin en organismos con dotación diferenciada nos orzamentos da Comunidade Autónoma. Como dirían os franceses, *rien de rien*.

Son moitos os datos que seguen a ser alarmantes, e por iso nos preocupa enormemente que non se estean a cumprir obxectivos e medidas que contempla este decreto. En novas destes días, podemos ler titulares coma este: «O coidado de nenos e maiores forza a 30.600 mulleres galegas a deixar o mercado laboral». «As mulleres aínda asumen o rol de coidadoras de forma maioritaria, o 92 % fronte a un 8 % dos homes. As galegas cobran pola mesma tarefa 4.700 euros menos de media que os seus compañeiros». «Na Administración autonómica o 63 % dos postos directivos son para homes nun plantel cun 70 % de mulleres». «A Administración autonómica conta con máis empregadas pola alta presenza das mulleres nos campos da saúde e da educación, eidos de traballo altamente feminizados. Sen embargo, as mulleres seguen a ser as prexudicadas na presenza en postos directivos e altos cargos».

Se a día de hoxe somos máis licenciadas que licenciados, un 62 % fronte a un 38 %, ¿como se pode explicar que isto non se reflecta na consecución de postos directivos, de cargos de responsabilidade? ¿É un acto de xenerosidade masivo das mulleres ou máis ben se ven abocadas a frear as súas carreiras laborais movidas pola realidade das contratacións do mercado laboral, das penalizacións sociais, da falla de medidas de corresponsabilidade e conciliación? Son todas estas cuestións as que dan sentido aos plans de igualdade.

Por iso, remato xa pedindo o apoio de todos os grupos a esta proposición non de lei, que non pretende máis que obter o dato do grao de concreción e de execución dos plans de igualdade no ámbito dos organismos, sociedades públicas, fundacións do sector público autonómico, entidades de dereito público vinculadas ou dependentes da Comunidade Autónoma e organismos con dotación diferenciada nos orzamentos da Comunidade Autónoma. E a facelo, iso si, nun prazo de dous meses, algo que, sen dúbida, é factible, porque o informe —xa llo adianto— será ben curto, bastan tres palabras: faltan os plans.

Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Pierres.

Polo Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego ten a palabra a señora Presas Bergantiños.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Boa tarde a todos e a todas.

Desde o Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista imos votar favorablemente esta proposta, independente de que as compañeiras do Partido Socialista acepten ou non a emenda que presentamos e á que despois me referirei, para comezar porque partillamos unha preocupación e unha idea de fondo que recolle a iniciativa, coa que estamos de acordo, e que

concorda, ademais, co espírito doutras propostas que temos traído esta organización política a esta Cámara, que aborda —ou ten abordado algunha delas— o que coñecemos tamén como Lei de igualdade. E é a preocupación de que o papel non fiquen só niso, nun mero papel que non se aplica na práctica nas institucións, nin na Administración, nin noutras esferas da vida que nos rodea; esa preocupación por que aquilo que aprobamos nestes parlamentos non teña unha tradución naquelas cuestións que si poden depender de forma directa das institucións e dos organismos públicos, como é toda esta cuestión que referiu a compañeira respecto dos plans de igualdade. A nós preocúpanos o grao de cumprimento desta lei, pero especialmente por parte destes organismos públicos, porque, dunha banda, son os que máis responsabilidade teñen fronte aos que temos que ser máis exixentes e sobre os que se presupón tamén unha maior capacidade de actuación e de incidencia, de ser exemplo, precisamente, doutras institucións non públicas que poden ollar cara a eles.

Son precisamente, polo tanto —pensamos desde o Bloque Nacionalista Galego—, estes axentes os que deberan ser a vangarda das medidas en materia de igualdade, fronte a outras esferas como a empresa privada, nas que pode ser máis difícil ir penetrando. Neste sentido, si que quixera facer un apunte respecto dunha cuestión que entendemos que ten a ver cos plans de igualdade e que é importante ter en conta. Nós entendemos que son unha ferramenta necesaria, que son unha ferramenta útil, pero que, por existir, non garanten automaticamente a consecución dos obxectivos que relatan. Queremos poñer un par de exemplos. Existe un informe que fixo o equipo de investigación Antígona, da Universidade Autónoma de Barcelona, que é francamente interesante sobre o impacto dos plans de igualdade, neste caso nas empresas, pero que ten reflexións que nós entendemos que se poderían aplicar tamén a outro tipo de institucións. Por exemplo, como punto de partida técnico, como punto de partida teórico, macro, destes plans de igualdade, moitas veces non se ten como obxectivo nin finalidade conseguir unha igualdade efectiva, senón aplicar unha igualdade formal ou aplicar un mero cumprimento da lei orgánica, neste caso, a nivel estatal, da 3/2007. E non identifican cuestións estruturais sobre a desigualdade de fondo, senón que se refiren simplemente a cuestións como o clima laboral, a optimización dos recursos humanos e demais. Non en balde, un 45% postan por promover a igualdade, non prevén medidas necesarias para conseguir ese obxectivo. Parécenos importante recalcar que non por nomear a igualdade nos plans ou na lei, automaticamente se vai conseguir se non a dotamos duns plans que requiran unha avaliación, como se propón tamén na nosa emenda e que requiran tamén dunha dotación de recursos.

Por outra banda, este estudo tamén sinala o carácter rutinario ou meramente testemuñal de moitos plans, que están feitos porque hai que facelos, como un acto burocrático máis, un acto burocrático que, como vemos, a nosa Administración nin sequera se molesta en cumprir en moitos casos; e esa falta de vontade impide que sexan vistos tamén polos propios traballadores e traballadoras e pola propia patronal como algo útil e como algo que mereza unha demora.

Nós entendemos que estas cuestións hai que corrixilas e que a Administración deba ter un papel proactivo para contribuír no que lle corresponde a toda esta cuestión.

Nós pensamos que é importante saber que organismos cumpren e que organismos non, como dicía a propia voceira socialista; é obrigatorio por lei e, polo tanto, é necesario, pero si

que queríamos poñer o foco nunha cuestión máis profunda tamén. Estamos nun contexto no que non hai, arredor deste texto refundido que aglutina varias leis e varios decretos lexislativos, nin transparencia nin hai autoavaliación. A nós parécenos importante que, ademais de coñecer quen cumpre e quen non cumpre con estas disposicións normativas, sexamos quen de impulsar unha autoavaliación de que supón a día de hoxe este marco legal, que modificacións sería necesario acometer e que impacto ten para falar sobre se hai que actualizalo ou non, pois aínda que o refundido sexa de 2015, iso non engade ningunha cuestión nova, aglutina textos legais que algún deles xa teñen máis dunha década e pode haber cuestións que estean desfasadas; polo tanto, é hora de ir máis alá.

Pero, en todo caso, parécenos moi positiva a proposta que fai o Partido Socialista e votáremola favorablemente, independentemente de que se acepte esta emenda ou non.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora PRESAS BERGANTIÑOS:** Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Presas.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, a señora García Míguez.

**A señora GARCÍA MÍGUEZ:** Boa tarde, presidente.

Señorías, eu non podo coincidir co diagnóstico que se fai aquí sobre a situación da igualdade na Administración pública autonómica. Nestes últimos anos, a partir do ano 2013 exactamente, na elaboración dos orzamentos, participa unha subcomisión transversal encargada de analizar o impacto dos programas de gasto na igualdade de oportunidades entre homes e mulleres. E isto reflíctese a través dun informe completo de impacto de xénero dos orzamentos xerais. Tamén no ano 2013 se creou a primeira Comisión Interdepartamental da Igualdade da Xunta; todas as consellerías traballando en conxunto para coordinar políticas transversais de igualdade.

Foi esa comisión a encargada de idear o proxecto do Decreto polo que se regula a formación en igualdade e prevención contra a violencia de xénero do persoal ao servizo da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia, un texto que está a piques de aprobarse e co que seremos a primeira comunidade autónoma que regula a formación en igualdade de todo o seu persoal. Implantamos posibilidades de conciliación ata agora inéditas para o persoal da Administración: 9.000 persoas desfrutan do horario flexible e tamén da iniciativa do teletraballo. Na nova Lei de emprego público fomos a primeira comunidade que ampliou a duración dos permisos de parto, adopción ou acollemento a 18 semanas. Hai un mes exactamente, aprobamos o VII Plan estratéxico de igualdade de oportunidades para homes e mulleres 2017-2020. No primeiro capítulo deste ambicioso plan que se vai levar a cabo, fálase da integración do principio de igualdade nas políticas e accións do Goberno, con doce accións prioritarias que reflicten a consolidación, o reforzamento e o fortalecemento na integración á transversalidade nas políticas de igualdade de trato e de oportunidades.



A través deste plan, deste VII Plan de igualdade de oportunidades, reforzarase a inclusión do principio de igualdade na elaboración de plans sectoriais da Xunta e na súa avaliación, utilizarase a perspectiva de xénero que levan os orzamentos para detectar desigualdades e priorizar as actuacións públicas sobre elas, mellorarase a incorporación de criterios na contratación pública na liña da Guía de cláusulas sociais recentemente aprobada, pero tamén na actividade subvencional.

A través do mencionado decreto de formación, conquerirase un modelo formativo que combine a formación básica en igualdade sobre a base dun enfoque especializado. A través deste VII Plan estratéxico, incluíranse e reforzaranse os contidos relativos á igualdade e á prevención na loita contra a violencia de xénero nos temarios dos procesos de selección para o acceso ao emprego público. Reforzarase a coordinación e a colaboración coa Administración local para poder facer fronte ás posibles desigualdades en diferentes eidos.

A Xunta nin estivo nin estará de brazos cruzados dentro e fóra da Administración pública. Hoxe temos unha administración con máis posibilidades de conciliación e con máis perspectiva de xénero da que tiñamos no ano 2009. Non obstante, e facendo notar estes avances, o importante ao falar de igualdade é falar do que queda por conseguir, e vostedes fixan a súa atención nun tema que é certo que segue a ser unha materia pendente. A posta en marcha de plans de igualdade para as persoas que traballan na propia Administración pública si é unha tarefa pendente. Este grupo non ten problema en asumir a realidade. Aínda que avanzamos en igualdade, na función pública quedan cousas por facer e esta é unha delas, e é das máis importantes; de aí a nosa emenda.

Vostedes piden un informe para facer notar o que queda por facer. Nós, desde o Partido Popular, presentamos unha emenda de substitución indo un paso máis alá, asumindo esa eiva e facendo unha proposta para solucionala. Por iso solicitamos ao Goberno galego a elaboración dun plan para a igualdade entre homes e mulleres na Administración xeral da Comunidade Autónoma de Galicia e das entidades públicas instrumentais integrantes do sector público autonómico.

Tal e como defendemos dende o principio da lexislatura no eido da igualdade, o importante non son as culpas ou as medallas, o importante é avanzar. Hoxe intentei expoñer todo o que se avanzou nestes anos en moitos asuntos relacionados coa igualdade, pero do mesmo xeito que creo que é importante pór en valor eses avances, é aínda máis importante fixar os retos pendentes.

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Remate, por favor.

**A señora GARCÍA MÍGUEZ:** Si, xa remato.

Neste asunto concreto que vostedes traen á Cámara dámoslle a razón. Aceptamos que é certo que está pendente, e asumimos que é certo, que é necesario facelo, pero cremos que non é suficiente quedar con esa constatación que é o que buscan co seu texto. Por iso propoñemos unha emenda para que este reto pendente se aborde agora e se faga co apoio e co impulso de todos os grupos políticos.



Máis nada. Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora García Míguez.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Quinteiro Araújo.

**A señora QUINTEIRO ARAÚJO:** Grazas, presidente, e boa tarde.

A min, a verdade, resúltame bastante contraditorio o discurso do Partido Popular, aínda que xa estou bastante acostumada, nos meses que levo, a escoitalo. Porque, por unha parte, din que a oposición só fai relatos moi negativos, que a realidade é moito mellor do que está —aínda que hoxe, polo menos, asumiron que neste tema en concreto teñen un reto pendente—, pero despois falan da perspectiva de xénero nos seus orzamentos e a min isto, sinceramente, paréceme insultante e falso, e os datos, por sorte —non vou falar hoxe dos orzamentos porque xa tivemos este debate e porque quero centrarme na iniciativa do PSOE—, están á vista de todas e de todos. Por iso eu entendo que non é necesario estenderse moito máis.

Dende En Marea votaremos a favor desta iniciativa porque nós entendemos que é especialmente preocupante a situación na que nos atopamos na Administración autonómica, xa que esta deba dar exemplo nos avances para conquistar a igualdade, pero moitas veces vemos que isto queda en boas palabras, en boas intencións, tamén ás veces en boas medidas lexislativas e en bos plans. E nisto tamén quería falar do comentario que fixo a portavoz do Bloque Nacionalista Galego: todo o que escribamos non servirá de nada se iso non vai detrás dun compromiso real de todas e de todos, e, sobre todo, cun compromiso non verbal senón tamén orzamentario.

Por exemplo, sería lóxico que a Administración pública fora á vangarda na implementación destes plans de igualdade, e vemos hoxe como, moito tempo despois, seguen a existir deficiencias.

E para avaliar xustamente en que grao estamos fallando, debemos estudar pormenorizada-mente a situación, por iso entendemos que a iniciativa do Partido Socialista é axeitada. Dous meses de prazo a nós parécenos que é suficiente, que é razoable. Non nos satisfai a emenda do Partido Popular porque xustamente entendemos que non é ir máis alá, senón todo o contrario; é volver poñer algo que xa se anunciou noutras ocasións pero sen compromiso dunha data concreta, dun tempo específico, que é o que realmente necesitamos. Non necesitamos que se diga que queremos e que necesitamos plans de igualdade porque iso xa está dito en moitas ocasións. Necesitamos saber cando se van avaliar, saber que plans de igualdade están nestes momentos, e por iso queremos datas concretas.

Despois eu creo que é urxente que fagamos autocrítica e que faga o Goberno autocrítica, porque non entendemos nós que esteamos nunha situación moi favorable. Aludir a que estamos mellor que no ano 2009 non deba servir para frearnos, senón todo o contrario. Hai que mellorar a perspectiva de xénero, que está ausente en moitos programas orzamentarios, nas normativas e nos plans da Administración autonómica.

Como xa dicía, moitos destes avances si que están recollidos na lei, pero debemos pensar que, xustamente cando vemos que estes avances están recollidos na lei e non serven para avanzar na igualdade real, o que necesitaremos é buscar en que estamos fallando, avaliar todo o que poñemos e por que ao final non se traduce en melloras na igualdade de xénero.

Dende logo, pensamos que é fundamental —como dicía— que se cumpra este decreto, pero, por suposto, cremos que non é suficiente. Pensamos que debemos dar un paso máis, impulsar os plans de igualdade en todas as empresas, tamén na empresa privada, incluídas as pequenas e medianas empresas, e entendemos que estes plans non poden ser voluntarios.

Por iso neste sentido cremos que a emenda do Bloque Nacionalista Galego complementa ben a proposta inicial do Partido Socialista. Concordamos especialmente, e hai que salientar, a necesaria comunicación cos axentes sociais, organizacións e colectivos feministas, porque cremos que non se está a facer como se debera. Moitas veces os colectivos feministas van falar da avaliación da Lei de igualdade á Comisión de Igualdade, pero iso non serve absolutamente para nada, por desgraza, porque eles teñen moitas leccións que darnos e quizais desde o Goberno non se estea escoitando coa suficiente atención.

Eu creo que este tema segue sendo un tema secundario. Si que é certo que agora está moito máis na axenda política, fálase máis, pero —como se comentou— os plans ou son inexistentes, ou son insuficientes, ou son descoñecidos polos traballadores e polas traballadoras. O que necesitamos —como dicía— é pór en práctica políticas feministas en todos os espazos, e sería fundamental que a Administración pública dera exemplo.

Amosen a súa vontade real votando favorablemente, dous meses é tempo suficiente, porque o que necesitamos son recursos, máis vontade política e menos discursos bonitos. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Quinteiro.

Ten a palabra, por parte do grupo parlamentario autor da proposición non de lei, a señora Pierres López.

**A señora PIERRES LÓPEZ:** Grazas, señor presidente.

Dado que a exposición de motivos xa foi debidamente presentada tanto por min como polo resto das voceiras, voume posicionar directamente sobre as emendas presentadas.

Aceptamos engadir a emenda presentada polo Grupo Parlamentario do BNG, dado que entendemos que vén completar a nosa. A revisión e o estudo sobre o impacto e grao de cumprimento do Decreto legislativo 2/2015 parecen acaídos, dado que hoxe se demostra, entre outras cousas, a falla de moitos dos seus puntos, o que nos ten que levar a reflexionar sobre se son revisables conceptos como o de obrigatoriedade; saber se estes conceptos implican algo máis que o valor dunha palabra. Neste caso é ben claro, non hai consecuencias ao incumprimento.

A outra emenda que nos plantexa o Grupo do Partido Popular, como de substitución, parécenos pouco acaída na súa versión de substitución, porque non contempla tempos e pon de manifesto o que xa se sabe: que non existe un plan actualizado nin un seguimento.

A falla de iniciativa demostrada ata o de agora por parte do Goberno en dar cumprimento ao que o propio decreto obriga, lévanos a nós a incluír prazos para conseguir así un primeiro paso en pro da implantación dos plans de igualdade demandados. Polo tanto, señora García, eu convídoos a transformar a emenda de substitución por unha de engádegas e a incluír un prazo. O paso que dixo vostede vai máis alá, vémolos ben. Permítanos que lle indiquemos o ritmo do paso.

Posto que o que se persegue aquí é a posta en marcha dos plans, penso que o que nos ten que preocupar a todos é a súa demora de dous anos ata o momento na implantación, e lévanos a impor prazos que son xa de urxencia, entendo eu.

Pero como antes deses plans consideramos que si é preciso analizar o feito ata o momento, aínda que sexa nada —porque tamén as nadas reflicten realidades a analizar—, non podemos aceptar a súa emenda de substitución sen máis. Invítoos de todos modos, e insisto, a que nesta primeira instancia apoiem a elaboración deste informe previo, ademais —como vostedes propoñen— da elaboración do Plan de igualdade.

A voceira popular tamén fala da existencia dunha subcomisión que vela polo cumprimento da igualdade e da perspectiva de xénero en Galicia. Díxeno eu mesma. Non dubido de que existan pasos que se deran, isto é así. Se xa contan cos traballos feitos de avaliación desa subcomisión, entendo que tampouco deberan ter problema en trasladalos no informe que aquí se está a solicitar. Entón, nós estaremos neses termos encantados de apoiar a súa emenda.

Entendo que non deberan ter problema nesta conciliación que lles propoño, e teñan a ben engadir a súa proposta como outro punto novo, con esa fixación dun prazo do que podemos falar.

Réstame agradecer o apoio ao resto de grupos que xa amosaron o seu apoio a esta proposición non de lei.

Nada máis. Moitas grazas. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señora Pierres.

**Proposición non de lei do G. P. Popular de Galicia, por iniciativa de D. Martín Fernández Prado e nove deputados/as máis, sobre a demanda polo Goberno galego ao Goberno central do impulso da modernización da conexión ferroviaria entre A Coruña e Ferrol, así como dunha planificación estratéxica ao respecto**

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** A esta proposición non de lei presentouse unha emenda por parte do Grupo Parlamentario de En Marea, por iniciativa de D. Antón Sánchez; outra do Grupo Parlamentario dos Socialista de Galicia, por iniciativa de D. José Manuel Pérez Seco;

e outra do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D. José Luis Rivas Cruz.

*(O G. P. de En Marea, por iniciativa do seu deputado e portavoz suplente Antón Sánchez García e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*

*Débase substituír a parte resolutiva pola seguinte:*

*« O Parlamento galego insta á Xunta de Galicia a que esixa do Goberno do Estado:*

*1) A inmediata elaboración dun proxecto, para a implantación de servizo ferroviario de cercanías na liña A Coruña-Ferrol, que inclúa o cronograma de actuacións e os orzamentos necesarios para implementar os investimentos necesarios.*

*2) A transferencia a Galiza das competencias en materia ferroviaria.»)*

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado, José Manuel Pérez Seco, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei (doc. núm. 6339).*

*Emenda de adición.*

*Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un novo punto 3, que terá o seguinte contido:*

*3. Demandar do Goberno de España a utilización dos mecanismos orzamentarios e administrativos axeitados, para garantir que a finais do 2017 estea concluído o estudo de mellora da liña ferroviaria Ferrol-A Coruña, e iniciados os tramites para a súa execución.)*

*(O G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa do deputado Xosé Luis Rivas Cruz e ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de substitución.*

*Proponse substituír a parte resolutiva polo seguinte texto:*

*«O Parlamento de Galiza acorda como resolución instar a Xunta de Galiza a que se dirixa ao Congreso dos Deputados para reclamar, significativamente, a parlamentares eleitos por circunscricións galegas no Congreso demandar partida orzamentaria para este 2017 para a modernización da conexión A Coruña Ferrol e no caso de non incluírse votar en contra dos Orzamentos 2017.»)*

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Para formular a proposición non de lei ten a palabra o señor Martín Fernández Prado.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Moitas grazas, presidente.

Señorías, boas tardes.

Creo que é evidente que nos últimos anos o mapa ferroviario galego está a ser obxecto dun profundo proceso de renovación e de modernización de liñas e servizos que xa se ten traducido na prestación dun mellor servizo aos cidadáns, supoñendo unha importante mellora na mobilidade dos miles de galegos que cada día optan por este medio de transporte para realizar os seus desprazamentos cotiáns.

O exemplo —creo— máis significativo desta transformación ferroviaria atopámolo no eixo atlántico de alta velocidade, que está a funcionar con grande éxito e unha extraordinaria acollida por parte dos cidadáns e a ofrecer servizos competitivos e máis axustados ás necesidades dos usuarios.

O eixo atlántico de alta velocidade púxose en servizo en abril de 2015. Desde entón superáronse amplamente os cinco millóns de pasaxeiros e imos cara ao obxectivo dos 6 millóns de usuarios. Paralelamente, tamén se continúan a dar os pasos necesarios para desenvolver e finalizar a conexión de Galicia coa Meseta en alta velocidade, onde todo o traxecto desde Ourense a Madrid, agás o acceso á cidade, está xa en obras ou en servizo.

Neste sentido, o Proxecto de orzamentos xerais do Estado para 2017 recolle a consignación das partidas necesarias para avanzar na liña de alta velocidade entre Madrid e Galicia, de acordo cos prazos comprometidos para a chegada do AVE no terceiro trimestre do 2019.

Ante estes avances, parece tamén claro e razoable seguir impulsando e garantindo conexións ferroviarias de calidade noutros puntos da comunidade, como é o caso de Lugo, de Ferrol e da súa comarca.

Ao respecto da primeira, de Lugo, o Parlamento galego aprobou recentemente unha iniciativa deste grupo parlamentario para a mellora dos servizos ferroviarios entre Lugo e Ourense a través de Monforte, e vemos xa reflectidos eses compromisos no Proxecto de orzamentos xerais do Estado.

No caso do tren a Ferrol —xa falamos disto noutras ocasións—, creo que compartimos a necesidade clara de mellorar este servizo. Por iso, recentemente, na Comisión 2ª do pasado 15 de marzo se aprobou por unanimidade unha iniciativa do PSdeG-PSOE para a mellora da conexión ferroviaria directa entre A Coruña e Ferrol, a modernización dese trazado e a avaliación das frecuencias necesarias.

Nesta liña, o Grupo Parlamentario do Partido Popular trae hoxe ao Pleno nesta Cámara a proposición non de lei que xa tiña rexistrada anteriormente, relativa á modernización da conexión ferroviaria entre Coruña e Ferrol; unha mellora que non só permitirá conectar a cidade departamental dun xeito rápido e moderno co eixo atlántico, co AVE á Meseta e co resto das liñas de longa distancia, senón —o que tamén é igual de importante— que se converta nun importante elemento estruturador metropolitano, mellorando o transporte ferroviario da conexión da rexión urbana A Coruña-Ferrol e converténdose tamén nun transporte de cercanías eficiente e competitivo.

Co afán de darlle a maior viabilidade posible a este proxecto, o Grupo Popular considera aconsellable traballar na modernización desta conexión dun xeito que poida ser abordado en fases sucesivas, cuxa posta en funcionamento progresiva xa permita ir mellorando tempos de percorrido entre ambas as cidades.

Ademais, a proposición solicita do Ministerio de Fomento unha planificación estratéxica para avanzar neste obxectivo de modo firme e constante, establecendo fases sucesivas para o desenvolvemento das actuacións, de tal xeito que a súa progresiva posta en servizo permita ir acurtando os tempos de percorrido.

Por unha parte, solicita unha planificación total con definición clara do modelo de transporte, creo que na liña do que acordamos unanimemente para Lugo, evitando os erros dalgúns planificacións do pasado. Por outra parte, permite ir mellorando e sendo máis competitivo en obras parciais.

Polo tanto, creo que é obvio que dende o Grupo Parlamentario do Partido Popular queremos impulsar a modernización da liña entre A Coruña e Ferrol porque cremos, verdadeiramente, que os ferroláns merecen un tren á altura da nova era do transporte ferroviario que abrirá o AVE a Galicia e que xa empezan a desfrutar en parte os usuarios do eixo atlántico.

Isto é un compromiso do Grupo Popular coa cidadanía. Cómpre lembrar que a modernización da liña ferroviaria entre A Coruña e Ferrol para facer deste un servizo atractivo e competitivo xa aparecía recollida no programa electoral deste grupo que foi referendado pola maioría dos galegos.

Desde o Goberno galego xa se deron pasos para avanzar no cumprimento deste compromiso electoral, porque a modernización dos servizos ferroviarios a Ferrol formou parte da axenda do encontro que o presidente da Xunta mantivo co ministro de Fomento o pasado mes de xaneiro.

A Xunta de Galicia considera, polo tanto, fundamental traballar neste dobre sentido: actuar sobre a infraestrutura ferroviaria porque a mellora da liña permitirá acurtar os tempos do percorrido, e ofrecer aos cidadáns servizos competitivos; pero seguramente tamén hai capacidade de mellora a curto prazo na comercialización e nas frecuencias do servizo.

Ademais, cómpre lembrar que o Executivo galego, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, ten en marcha a contratación dun estudo para a mellora da mobilidade no corredor ferroviario A Coruña-Ferrol que conta cun orzamento de 21.77 euros. Está xa adxudicado e en execución, cun tempo estimado aproximado de seis meses, polo que as conclusións estarán no último trimestre deste ano.

O obxectivo deste traballo é dotarse dunha ferramenta de apoio para demandar mellora dos servizos ferroviarios ante o Ministerio de Fomento, feitos dende unha perspectiva galega. O estudo analizará os desprazamentos actuais dos cidadáns a través deste corredor A Coruña-Ferrol e a súa mellora, segundo determinadas actuacións que se poidan desenvolver; e ampliarase tamén para as mercadorías. Analizaranse máis concretamente estas infraestruturas



ferroviarias e o seu trazado, co fin de mellorar significativamente tanto os servizos de transporte de viaxeiros como de mercadorías sobre a liña actual.

En relación co transporte de viaxeiros, estudaranse as distintas variantes que permitan incrementar a velocidade de operación, de tal forma que con elas se poidan ir conseguindo tempos de viaxe significativamente máis baixos que os actuais e que poidan competir co transporte por estrada.

En canto ao transporte de mercadorías por ferrocarril, estudarase o incremento das cargas máximas que poida remolcar calquera locomotora que circula pola liña, co obxecto de favorecer a intermodalidade ferroportuaria e de mellorar a oferta de transportes de mercadorías na rexión urbana ártabra. Ademais, o estudo realizará unha comparativa do percorrido actual na liña de transporte público regular de viaxeiros coas estruturas propostas plantexadas.

Neste traballo tamén se analizarán as sinerxías existentes entre o transporte de ferrocarril e estradas e viceversa, para poder facilitar a intermodalidade e mellorar a mobilidade global do ámbito.

O dito, un estudo completo de melloras que permitirá definir mellor o modelo de transporte ferroviario e as demandas a trasladar ao Ministerio de Fomento.

Por último, gustaríame lembrar que o Proxecto de orzamentos xerais do Estado para o 2017 prevé xa partidas para mellora da liña entre A Coruña e Ferrol e para estudo informativo do *bypass* de Betanzos. Concretamente, para a variante de Betanzos propón un investimento de medio millón de euros no estudo informativo, e ademais o Adif consigna catro millóns de euros na mellora da liña a Ferrol, Ferrol-A Coruña, ata o 2019. Son 4,5 millóns de euros en tres anos que permiten ir mellorando a liña en infraestruturas e servizos, mentres se propón unha solución definitiva e global para o ferrocarril. Creo que é un bo camiño.

E volvo recordarlles —non é a primeira vez que o fago e creo que é importante recordalo— aos grupos políticos con representación nas Cortes Xerais que agora cómpre a responsabilidade por parte deses grupos para que poidan ser aprobados os orzamentos xerais do Estado canto antes, porque se non estariamos abocados a que non se poidan facer estes proxectos. Está claro que o máis importante é que os orzamentos se poidan executar, e para ser executados, evidentemente, teñen que ser previamente aprobados.

Polo tanto, para seguir apoiando esta demanda da cidadanía de Ferrolterra e de Galicia en xeral, e poñer o tren a Ferrol no mesmo grao de desenvolvemento no que están ou van estar desfrutando outros usuarios doutras liñas ferroviarias galegas, traemos hoxe ao Pleno esta proposición non de lei que cremos que reforza a xa aprobada en comisión, e para a que pido —igual que se fixo na outra— o apoio unánime dos grupos.

Máis nada e moitas grazas. (Aplausos.)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Fernández Prado.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego, o señor Rivas Cruz.

**O señor RIVAS CRUZ:** Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde.

O outro día era Ana Pontón, a nosa portavoz, quen retaba o señor Feijóo a facer o traxecto en tren, segura de que ela chegaría antes indo en bicicleta; refírome ao traxecto Ferrol-A Coruña. Ela é moi nova, e poño a man no lume a que chegaba antes, pero eu sería quen de facelo tamén, e non vou de farol.

Trátase dun tren que non cumpre (*Aplausos.*) cos estándares que se requiren nos tempos de hoxe, facendo perder oportunidades nesta comarca e convertendo á súa veciñanza en cidadáns de segunda.

De verdade, e non se ofendan, a PNL que presentan hoxe aquí parécenos unha ofensa ao sentido común e á seriedade e bo criterio desta Cámara: máis fases e máis PNL para lle dar alento ao Goberno do Estado para, paulatinamente, impulsar planificación estratéxica, progresiva posta en servizo, fases sucesivas, acurtar tempos de percorrido, ¡eu que sei!

Desde o BNG estamos sorprendidos de que non nos falen de que xa non hai máquinas de carbón e celebremos isto con foguetes. Aquelas que cando un abría a ventanilla enchían de lixo os ollos, eu vivino.

Cando estamos con isto do ferrocarril en Galicia, hai seculares demandas que non pedimos sexan comprendidas polos parlamentarios españois, pero si polos parlamentarios saídos de aquí, do noso país, que deberían defender alí, no Parlamento español, os intereses dos galegos e galegas que foron quen os votaron e quen os puxeron alí.

É isto o que nós propoñemos hoxe como emenda: usar as armas de presión que os votos nos dan aquí e alí. Están os orzamentos do Estado por aprobar. Facer valer os intereses galegos é prioritario, pero ademais é cortar de raíz esa tomadura de pelo secular co ferrocarril. ¿Cantos aprazamentos sufriu o tren de alta velocidade? ¿Como están os servizos de proximidade? ¿E do Feve que? Saben que o futuro sen fumes, sostible, pasa por un transporte público cómodo, fluído, rápido e á disposición da xente. ¿Cando imos entrar no futuro?

É cousa de servizo público, e niso nós non estamos pola febleza e a mansedume, estamos por pronunciar un ¡xa está ben! e trasladalo a Madrid. Si, ¡claro que o BNG non ten deputados en Madrid! Bótanos en falta, ¿non si?

Os orzamentos presentados polo Goberno Rajoy son unha xerra de auga fría para as expectativas de mellorar as infraestruturas ferroviarias de proximidade, tanto a liña Coruña-Ferrol como a liña do antigo Feve Ferrol-Ortega. Ferrol e a súa comarca son un exemplo de libro das consecuencias do recortazo dunha infraestrutura vital como a conexión coa Coruña e todo o norte.

Segundo vostede dixo, está todo feito: o estudo de mellora, reunións a varias bandas. ¿Daquela que queren con esta iniciativa? ¿Darlles ánimos para que non se boten atrás unha vez máis? Porque é que ese é o sino desta historia.

Polo tanto, de verdade, sen ganas de ofensa, pedímoslles que militen en Galicia. Polo tanto, o Parlamento de Galicia acorda como resolución instar a Xunta de Galicia a que se dirixa ao Congreso dos Deputados para reclamar significativamente, a parlamentarios electos por circunscricións galegas no Congreso, demandar unha partida orzamentaria para este 2017 para a modernización da conexión A Coruña-Ferrol. E no caso de non incluírse, votar en contra dos orzamentos 2017. Esta é a nosa proposta. ¿Parécelles ben? (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE (Calvo Pouso):** Moitas grazas, señor Rivas Cruz.

Ten a palabra, por parte do Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, o señor Pérez Seco.

**O señor PÉREZ SECO:** Moitas grazas, señor presidente.

Boa tarde, señorías.

O Grupo Parlamentario Popular tráenos hoxe a este pleno unha proposición non de lei que xa foi aprobada por unanimidade na Comisión 2ª, presentada polo Partido Socialista de Galicia. E tamén despois de que a Deputación da Coruña, apoiada por todos os grupos políticos alí representados, fixese unha declaración institucional de apoio á infraestrutura ferroviaria entre as comarcas da Coruña e Ferrol.

Permítanme algunhas reflexións de carácter xeral que de seguro —polo menos teoricamente— compartimos. Un dos obxectivos máis importantes da política da Unión Europea consiste en separar o crecemento económico dos países membros do aumento de volume de vehículos necesarios para cubrir as súas necesidades.

A realidade numérica contradí ano tras ano ese obxectivo. O parque de vehículos privados medra cada ano, co conseguinte impacto negativo para o ambiente. As tendencias actuais de mobilidade en España, en Galicia e tamén na Coruña seguen a amosar unha preferencia polo uso do vehículo particular fronte ao uso do transporte público. Ben é certo que o transporte por estrada e aéreo de largos percorridos tende a medrar, mais non compensa a caída do transporte de proximidade, sexa viario ou ferroviario.

Esta situación ten unha explicación sinxela e recoñecible: as liñas de ferrocarril existen, non teñen un mantemento axeitado nin son obxecto de renovación. Os feitos amosan con claridade que estas infraestruturas non están na axenda política dos gobernos do Partido Popular. Non están nin para facilitar a mobilidade nin para reducir a contaminación, e debemos lembrar que o transporte sostible de persoas e mercadorías por medio do ferrocarril produce uns custos sociais e ambientais menores que os actuais, e reduce o peso do vehículo privado como medio de transporte e do petróleo como fonte de enerxía.

Nós cremos que o transporte ferroviario, polos motivos expostos, debe ter un papel relevante como elemento vertebrador do desenvolvemento socioeconómico dun territorio. Para isto debe contar coas infraestruturas necesarias, as frecuencias necesarias e as paradas e horarios adaptados ao transporte de persoas e mercadorías do ámbito territorial. Debe ademais contar coa suficiente flexibilidade para adaptarse ás novas circunstancias provocadas por situacións.

Neste contexto, as comarcas de Ferrol e A Coruña, onde as infraestruturas si farían posible unha política de transporte sostible de persoas e mercadorías, están seriamente descoidadas. A vella liña de ferrocarril Ferrol-A Coruña resulta ser un exemplo da desidia política: estacións en mal estado, apeadeiros semiabandonados, redución de frecuencias, horarios non atractivos. En definitiva, a liña de ferrocarril A Coruña-Ferrol vén sufrindo recortes nos últimos anos, nos seus servizos de proximidade, que están a provocar a conseguinte e drástica diminución da pasaxe.

Nós cremos, como ten acontecido noutros lugares de Galicia, que tales recortes están orientados a xustificar a total eliminación da liña pola vía da perda de atractivo e competitividade.

E, xa para rematar, o Grupo Parlamentario Socialista presenta a seguinte emenda de adición. Na parte resolutiva da iniciativa débese engadir un punto 3, que terá o seguinte contido: «Demandar do Goberno de España a utilización dos mecanismos orzamentarios e administrativos axeitados para garantir que a finais do 2017 estea concluído o estudo da mellora da liña ferroviaria Ferrol-A Coruña e iniciados os trámites para a súa execución».

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Pérez Seco.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, o señor Sánchez.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Ben, isto é unha tomadura de pelo impresionante do Partido Popular, impresionante.

Estou buscando o papel dos investimentos na liña de Ferrol-A Coruña dos últimos cen anos. Xa o atopei, está aquí. Estes son os investimentos do tren Ferrol-A Coruña nos últimos cen anos (*Aplausos.*) e o gran traballo do Partido Popular. (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

Resulta... Si, si, *muy bien, muy bien*. Vostedes, os últimos días están *muy bien y muy acertados*. ¡Si, señores del Partido Popular! ¡Como para estar así de contentos! Ata os acusan de falar de pegar dous tiros aos xuíces e todo, isto xa vai *in crescendo*. Son vostedes un espectáculo andante. (*Murmurios.*)

A exposición de motivos —¡por favor, silencio!— (*Murmurios.*) é unha loanza á política ferroviaria desenvolta nestes anos... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*)

**O señor PRESIDENTE:** Silencio, por favor.

Amparo para todos, silencio. *(Risos.)*

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Eu entendo que esta iniciativa é un ridículo, pero contéñanse, contéñanse.

**O señor PRESIDENTE:** Ningunha iniciativa é ridícula.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** [...] ...que veñan vostedes aquí a pedir ao Goberno do Estado un deseño estratéxico do que ten que ser a liña de Ferrol cando o Goberno galego debería ter o seu deseño estratéxico para a liña Ferrol-A Coruña... É normal que se poñan nerviosos.

Miren, vostedes fan unha loanza, na exposición de motivos, da política ferroviaria nos últimos anos, de enorme modernización. Miren, neste país, despois de trinta anos de entrada masiva de fondos europeos para infraestruturas, temos dúas liñas que funcionan e o resto, abandonado. Pero estamos falando de abandonos de cen anos, ¡eh! Non é broma.

Falaba o compañeiro Mini de que coñecemos un cura destes que se rirían das caricaturas do entroido, do carnaval, contra o [...] señor Tellado. *(Por orde do señor presidente e ao abeiro do artigo 106.3 do Regulamento, queda retirada esa expresión do Diario de Sesións.)*

**O señor PRESIDENTE:** Esa expresión ímola retirar.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** O cura de Borrifáns...

**O señor PRESIDENTE:** Perdón, señor Sánchez, esa expresión queda retirada, e ten unha chamada á orde.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** Retiro esa expresión, retiro esa expresión. Desculpe, señor Tellado.

**O señor PRESIDENTE:** Non, non, pero coidado, imos terminar ben o pleno.

**O señor SÁNCHEZ GARCÍA:** O cura de Borrifáns contábame que botaban na vía do tren, nunha pequena pendente nesa parroquia, unto para que parara o tren e roubar carbón, que facía falta para quentar as casas.

Pois máis ou menos esa é a realidade da maior parte das vías do tren deste país. Ten todo abandonado. Hai unha obsesión co deseño radial e centralista do Estado español, consentido pola Xunta e polo Partido Popular. Está esquecida totalmente a vertebración interna deste país, a conexión con Portugal, a conexión de mercadorías e viaxeiros co norte, co Cantábrico, con Europa, coa nosa saída a Europea e non á Meseta, que ata chegar a Madrid non hai ningunha poboación que supere os 100.000 habitantes. Imos co tren metendo e enterrando miles de millóns na estepa castellana. Iso si, para Europa, non, que non nos fai falta nin para mercadorías nin para levar nada a Europa. Ese é o gran balance do Goberno galego. Poden estar satisfeitos.

E, despois da tomadura de pelo, ¿vostedes teñen as ideas claras ou é que nos están intentando tomar o pelo constantemente? O 17 de abril de 2012: «A Xunta prevé que o tren de proximidade chegue a Galicia antes da fin da lexislatura. O tren de proximidade achégase a Galicia. O Ministerio de Fomento ten previsto estudar esa posibilidade real de implantar este medio de transporte en Galicia nos vindeiros meses. No entanto, fontes do Partido Popular e da propia Xunta de Galicia en 2012, aclaran a *Praza* que a cousa desta vez vai en serio.»

O 12 de febreiro do 2017: «Galicia, a única comunidade litoral sen tren de proximidade; Ferrol-A Coruña e Vigo-Pontevedra, as únicas conurbacións desa dimensión sen tren de proximidade.»

¿Saben o que queren, señor Fernández Prado? Porque nós coñecemos que había un proxecto e un estudo informativo que estudou alternativas para a alta velocidade entre A Coruña e Ferrol co eixo atlántico, que o eixo atlántico acababa en Ferrol, ¿verdade? Nada falou nesta iniciativa diso. E tiñan outro para crear o servizo de proximidade. Tiñan dous: alta velocidade e proximidade. Crearon a xerencia de cercanías, ¿verdade que si? O señor Agustín Hernández anunciou a bombo e platillo a creación da xerencia de cercanías. E agora esta iniciativa, ¿que quere dicir? ¿Que é? ¿Un remexido? Porque, concretamente, ¿que queren? Porque no de Lugo-Ourense vostedes apropiáronse dun estudo feito pola sociedade civil, é certo, do eixo atlántico, dun ex-director de mobilidade da Xunta de Galicia, que dicía «imos facer unhas variantes, imos reducir o radio das curvas...». Aquí nada, que estuden un plan estratéxico para mellorar os tempos. ¿Hai algo? Porque non temos nin alta velocidade nin cercanías, é un remexido, é unha tomadura de pelo.

O que si que non sabemos —explíquenno algunha vez— é por que unha liña que une unha poboación de 500.000 habitantes, Ferrol-A Coruña, con todas as condicións, con moi pouco diñeiro para dar un servizo social de especial importancia, non se ten desenvolto nin vos tedes levantado a voz para que se desenvolvese.

E en canto aos orzamentos, deixen xa iso, que tamén é ridículo. ¿Temos que aprobar uns orzamentos no Estado para que se acometa o decisivo investimento de 4,5 millóns en tres anos para a liña Ferrol-A Coruña? ¿Estanos tomando o pelo, señor Fernández Prado? ¿4,5 millóns é o que necesitamos na liña Ferrol-A Coruña para que poida haber tempos, frecuencias e servizos competitivos? ¿Estannos tomando o pelo?

Moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Sánchez.

Polo grupo autor da proposición non de lei, o señor Fernández Prado.

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Boas tardes, e grazas de novo.

Señor Rivas, sinto recordarlle que a situación da vía era aínda bastante peor... (*Pronúncianse palabras que non se perciben.*) Si, si, cando gobernaba... (*Murmurios.*) Non, non, cando se aprobaban os orzamentos do PSOE, señores do PSOE, co voto favorable do BNG... (*Pronúncianse*



*palabras que non se perciben.*) Doe, doe escoitar isto. Pois agora toca escoitar. Eu escoitei educadamente. (*Murmurios.*)

**O señor PRESIDENTE:** ¡Silencio, por favor!

Deixen a quen está no uso da palabra.

Por favor, silencio

**O señor FERNÁNDEZ PRADO:** Xa sei que non lles gusta escoitar que, cando gobernaba o PSOE e vostedes sacaban peito do gran valor dos votos do BNG, os orzamentos non incluían nin os 4,5 millóns de euros, así que escoiten.

Pero, por certo, están eses millóns no orzamento de 2017, e antes teremos que definir ese modelo estratéxico que demandaba para poder executar as obras.

Señor Pérez Seco, esta proposta que traemos amplía e reforza a proposición que xa estaba aprobada. Entendemos que, como dicía, é necesario esa planificación que nos permita definir o modelo, señor Sánchez. Porque, evidentemente, é posible unha solución como a que se plantexa para Lugo-Ourense.

E tamén ese estudo, que xa está contratado —non cambie as verbas para intentar dicir o que non dixemos, está contratado o estudo—, vai falar desas obras necesarias para que este investimento, necesario para a necesaria mellora da vía, permita á vez ter tempos competitivos para as liñas de longa distancia e permita o transporte de cercanías combinando o uso desa infraestrutura, o mesmo que se propón noutros casos. Eses 4,5 millóns son necesarios nos orzamentos, porque, se non, se non se aproban os orzamentos, non estarán reflectidos.

E, claro, o que queremos evitar con este estudo e esta negociación é o que pasou nese estudo de alta velocidade: que se plantexou unha alta velocidade cun impacto e un rexeitamento social que non compensaba as melloras en tempos que pode establecer a mellora do servizo desta vía.

Remato xa, pero antes si que me gustaría facerlle un comentario.

Non tomamos o pelo aquí a ninguén. Ao ridículo creo que axudou bastante vostede, señor Sánchez, se houbo algún. Eu tomo este Parlamento bastante máis en serio ca vostede, que parece que cre que vén aquí ao *Club de la comedia*. E non é. Este é un tema serio, onde queremos vir a traballar e a mellorar. E o que lle pido é que teña o mesmo respecto, cando presento estas iniciativas, que creo que teño eu con vostede. En calquera caso, está vostede na súa posibilidade de presentar outra se o considera máis apropiado.

En canto ás emendas —e remato xa, señor presidente—, creo que é transaccionable a emenda do PSOE. Podemos falar do tema. Podía incorporar tamén parte da primeira de En Marea nesa transacción. A segunda, non; pedir a transferencia do sistema ferroviario non a imos aceptar. Respecto da do Bloque, xa están recollidos nos orzamentos do Estado de 2017 orzamentos para a mellora desta vía.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Prado.

**Proposición non de lei do G. P. do Bloque Nacionalista Galego, por iniciativa de D<sup>a</sup> Olaia Rodil Fernández e cinco deputados/as máis, sobre as actuacións que debe levar a cabo o Goberno galego en relación coa Orde do 14 de marzo de 2017 pola que se ditan as normas para a aplicación do réxime de concertos educativos con centros docentes privados para o curso académico 2017-2018 e seguintes**

**O señor PRESIDENTE:** Presentouse unha emenda do Grupo Parlamentario Socialista.

*(O G. P. dos Socialistas de Galicia, por iniciativa do seu deputado Luís Manuel Álvarez Martínez, a través do portavoz e ao abeiro do disposto no artigo 161.2 do Regulamento da Cámara, presenta ante a Mesa a seguinte emenda a esta proposición non de lei.*

*Emenda de modificación.*

*Os parágrafos segundo e terceiro da parte resolutiva da iniciativa débense substituír polo seguinte contido:*

*— Elaborar un estudio de necesidades no que se analicen todos os aspectos dunha progresiva redución dos concertos educativos, nomeadamente a necesidade de construción de novos centros, así como a situación laboral futura do profesorado que imparte docencia nos centros actualmente concertados.)*

**O señor PRESIDENTE:** Para formular a proposición non de lei ten a palabra a señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

A ver se conseguimos seguir así, mantendo a pulsión.

Hoxe traemos a esta Cámara unha iniciativa coa que pedimos a derogación da orde asinada o 14 de marzo pola Xunta de Galiza coa que o Partido Popular quere blindar o ensino privado-concertado no noso país, incluíndo aqueles centros que discriminan o alumnado por sexo.

A orde amplíaos, como saben vostedes, de catro a seis anos, amparándose nunha lei moribunda como é a LOMCE. Amplía de catro a seis anos eses concertos educativos e compromete até agosto de 2023 —¡nada máis e nada menos!— 1.550 millóns de euros do erario público, repito, 1.550 millóns dos orzamentos da Xunta de Galiza para seguir cebando a escola privada cos cartos das traballadoras e dos traballadores deste país. En total —hoxe tivemos a oportunidade de escoitar a conselleira de Vivenda— son máis cartos os que recibirán estes concertos, bastantes máis, que os que terá a Consellería de Vivenda para os próximos cinco anos. Ademais, fano por un tempo superior ao que dura o seu goberno, nada mellor que imitar ao señor Manuel Fraga. Non sei se lembran vostedes que el asinou alá polo ano 2005 unha orde bastante semellante a esta, coa que blindaba precisamente os concertos educativos até o ano

2009. Eu agardo, xa poñendo a venda por riba antes mesmo da ferida, que non teñan a desvergoña de subir aquí a acusar o meu grupo de absolutamente nada.

Agora o Partido Popular decide destinar cada ano, durante unha lexislatura e media, 258 millóns de euros, que sairán, como leva acontecendo durante estes anos, das partidas cada vez máis mermadas da escola pública. Desde que volveron vostedes á Xunta de Galiza, alá polo ano 2009 —vai daquilo oito anos xa—, a Consellería de Educación acumula un recorte de 2.000 millóns de euros. E neste tempo, mentres pechaban escolas públicas —en total, nos últimos cinco cursos, 59 escolas públicas—, aumentaron 243 unidades na concertada. Subíronlles os fondos o 69 % desde o ano 2009.

Ceban a privada sen complexos e sen medida, mesmo en cidades e vilas nas que sobran prazas na escola pública. A cuestión é tan escandalosa —e nós case diríamos que tan obscena— que dende hai anos están vostedes concertando os ciclos formativos de formación profesional cun número reducido de estudantado. Por exemplo, na escola El Piñeiral, de Arzúa —que está en mans do Opus Dei, como vostedes saberán—, cando hai un centro público nesa mesma localidade dedicado á formación profesional coa mesma rama —non o mesmo ciclo formativo pero si a mesma rama— que podería dar cabida a ese alumnado. Ou outro, por tomar simplemente dous exemplos, é a concesión dun novo concerto ao centro Casa do Neno, aquí na cidade de Compostela, na capital do país, centro tamén pertencente á Igrexa católica, cunha matrícula de apenas 13 estudantes, cando os centros públicos da súa zona escolar teñen prazas vacantes suficientes para podelos escolarizar.

Isto chámase un proceso de substitución dun modelo de ensino por outro —iso si, pagando a Xunta; nada novo, por outra banda—, o máis puro thatcherismo, se nos remontamos un pouquiño á historia máis recente da nosa contorna europea. Falabamos antes da revolución silenciosa. A señora Margaret Thatcher falaba da modernización conservadora no que tiña que ver co Reino Unido. En síntese, favorecer un maior e máis fácil acceso ao ensino privado a través destes concertos, que abaratan a matrícula e aumentan as unidades ao mesmo tempo que liberalizan a demanda, dando unha maior liberdade de escolla ás familias. Entre tanto, minguan o persoal docente na escola pública. Como vimos, remontándonos apenas uns poucos anos hai 1.500 docentes menos —recoñecido polo propio Ministerio de Educación— a través das amortizacións de prazas. Neoliberalismo sen etiquetas.

E nese plan —aproveitando agora que o Miño pasa por Lugo— vostedes deciden que é o mellor momento non só para manter os concertos senón para ampliar a súa vixencia e suprimir, dos criterios que rexen, a preferencia da educación en igualdade, de novo amparándose na moribunda LOMCE, que legalizou, como saben —vostedes sábeno mellor ca ninguén— o financiamento con cartos públicos da segregación, da separación das mulleres e dos homes, nos centros de ensino, o modelo de ensino franquista. Lembrarano algunhas das súas señorías que, por idade, cursaron durante eses anos da ditadura fascista os seus cursos académicos. Herdanza que mantivo viva no noso país a Igrexa católica a través da súa vertente máis ultra e máis reaccionaria, como é o Opus Dei, en até cinco centros aquí no noso país, amparándose na suposta liberdade de escolla das familias recoñecida pola Constitución de 1978, outra gran vitoria da transición española.

Aprobaron vostedes o pasado mes de marzo unha orde que atenta contra os principios máis básicos recollidos na Lei para a prevención e tratamento integral da violencia machista, pero tamén no seu Plan para a igualdade no ensino, ¡o seu! O seu Plan para a igualdade no ensino, do que tanto fachendean, pásano agora absolutamente —e desculpen a expresión— polo arco de triunfo, e sen escrúpulo ningún, porque o ensino concertado —tamén o sabemos todas as que estamos aquí— pagámolo todos pero só responde ás directrices da entidade que é titular do centro, que fai e desfai ao seu antollo, iso si, co diñeiro público.

Comprométense en cortapisas centos de miles de euros —volvo repetir: 1.550 millóns de euros— nos próximos seis anos a unha escola que non ten que garantir ningún criterio de igualdade no seu programa educativo para optar a fondos públicos e que mesmo pode separar as mulleres dos homes nas aulas —din vostedes— porque non supón isto ningunha discriminación. Decía Malcolm X: «Son falsos e hipócritas». Decía Malcolm X a respecto da segregación racial nos Estados Unidos. «Sudáfrica» —decía— «cando menos predica a segregación e practica a segregación. Os Estados Unidos» —e nós facémolo extensíbel á actitude que mantén o Partido Popular— «predica a integración, a coeducación, mais practica a segregación». Miren, ¿vostedes darían de comer ás súas fillas nunha mesa separada dos homes só polo simple feito de seren mulleres simplemente con que alguén aseguresse que lles dan a mesma comida? ¿Colle na cabeza de alguén neste Parlamento que se creen escolas para persoas negras ou para persoas ciganas? É un atentado contra a igualdade desde todos os puntos de vista posíbeis e atende única e exclusivamente a preceptos ideolóxicos e de fanatismo relixioso. Están vostedes financiando fanáticos con cartos de todos (*Aplausos.*) e despois din que queren aprobar, ¿como era?, un plan de igualdade para as persoas que traballan na Administración pública. Entendemos que non atinxirá ao profesorado que pagamos entre todos e que traballa nesas escolas concertadas que segregan o alumnado por sexo.

«A coeducación é un proceso de transformación social que apunta a unha convivencia entre os sexos afastada da opresión mutua e tendente a unha relación de xustiza e respecto.» Así predicán vostedes na introdución do seu Plan de igualdade, na primeira páxina, no terceiro parágrafo. Deben estar rachando coa risa no Montespino, que fai parte deses centros que no noso país practican e promoven o que denominan a «educación diferenciada». E poden visitar vostedes moreas de páxinas *web* nas que comercializan a súa propaganda e en cuxos panfletos afirman —e leo—: «*Las mujeres han logrado una igualdad, al menos formal, al precio de perder su feminidad. Y los hombres se avergüenzan de una masculinidad que hoy es despreciada por una sociedad que prefiere los modelos femeninos de conducta y comportamiento*». Eu estou esperando a que veñan aquí explicarnos o que se supón que é ser muller e ser feminina. O libro é *Alteridad sexual. La verdad intolerable*, pero poderíamos coller outros moitos, ducias, que comercializan este tipo de plataformas: *La masculinidad robada*, *Hombres y mujeres*, *Cerebro y educación* —este é o que máis éxito ten—, *La guerra contra los chicos*, ou *Los niños con los niños, las niñas con las niñas*. Apesta a sexismo e homofobia, e o peor de todo é que vostedes o saben.

Esta orde de concertos, señorías, mantén a Galiza atada ao pasado e a un modelo de sociedade que desde o Bloque Nacionalista Galego traballamos para que fiquese como o que é: un anacronismo que non ten cabida ningunha na sociedade actual. Por certo, lémbrolles que estamos en abril de 2017, por se alguén pensaba —como nos últimos días tamén vimos ren-

derlle honras militares ao general Sanjurjo, ou, entre outros, ao ex-ministro de Xustiza mentres lle cantaban o *Cara al sol* ao asasino de Salvador Puig Antich— que espertamos no ano 1947. (*Aplausos.*)

O noso país merece unha escola pública, unha escola de calidade, dotada de recursos humanos, materiais e económicos suficientes e non centros de ensino público de segunda. O orzamento público dun país debe servir para desenvolver de maneira xusta e equitativa o seu pobo. E a única maneira de garantir que isto aconteza é investindo na educación pública. E por iso o que hoxe defendemos é derrogar esta orde e substituíla por outra que priorice o investimento na pública suprimindo de maneira progresiva os concertos. ¿Queren ensino público? Estupendo, pero que o paguen.

É un camiño, ademais, que non traerá a Galiza o caos nin deixará —e xa vou rematando, presidente— as crianzas sen escola, malpocadas elas, ¿quen sabe?, vagando pola penuria dunha sorte de estepa siberiana. É un camiño que xa iniciaron en Portugal —precisamente hoxe, 25 de abril—. O país veciño xa pechou a billa hai tempo e comezou a suprimir os fondos públicos á escola concertada. Só nunha semana o Goberno portugués suprimiu o 60 % das subvencións que mantiñan estas escolas. Sexan valentes —para iso si contarán co noso apoio— e demostren con feitos que están do lado do ensino público e, o máis importante, dunha igualdade real e efectiva entre as mulleres e os homes, sen hipocrisías.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Polo Grupo Parlamentario Socialista, o señor Álvarez Martínez.

**O señor ÁLVAREZ MARTÍNEZ:** Grazas, señor presidente.

Señora Rodil, como sabe, o noso grupo presentou unha emenda á súa proposta, e non porque non esteamos de acordo co fondo do que se propón na súa iniciativa senón por unha cuestión de realismo pragmático, se me permite a expresión. En todo caso, antes de ir ao fondo deste asunto da emenda si que quero dicir que todo o que vostede dixo é certo, podo subscribir liña a liña, con todos os signos de ortografía —tiles incluídas—, o que vostede dixo. É un feito absolutamente lamentable, que xa se ten debatido máis veces neste Parlamento, a situación dos concertos con centros que segregan por sexo e incluso ese pseudocientifismo que existe e que intenta xustificar en criterios pedagóxicos que se poida segregar os alumnos por sexo e que ademais iso mellora o seu rendemento educativo, que xa é o colmo da desfachatez do descoñecemento do funcionamento do sistema educativo. Pero, bueno, eles cren na súa realidade e xa sabemos agora que tamén hai posverdades, verdades alternativas, e o feito é que eles viven contentos así. Pero o certo tamén é que esa realidade non debería estar en ningún caso subvencionada nin pagada con cargos públicos. Se eles o queren así, que o paguen.

Pero hai unha realidade adicional que vostede apenas describiu na súa intervención e que está presente nesta nova orde de concertos. E é que leva máis alá do estritamente legal o



cumprimento dos concertos educativos e a súa extensión no tempo. É certo que hai unha lei —a que vostede cualificou acertadamente de moribunda ou, cando menos, en estado de encefalograma plano— que establece que os concertos en educación primaria teñen que ser por seis cursos. E, por tanto, é obriga da Xunta de Galicia e de todas as outras administracións cumprir esa lei, iso é evidente. Pero levar o resto dos concertos educativos a seis anos en vez de a catro é unha opción. Enténdanme ben, non estou a dicir que sexa ilegal, xa que tamén se pode facer, pero é opcional. E, polo tanto, estanse a blindar durante seis anos centros e ensinanzas que, como vostede tamén indicou perfectamente, se están a manter no ensino concertado con ratios de alumnos que no ensino público estarían suprimidos. E iso é absolutamente inadmisíbel, iso non se pode consentir. Pero, claro, se ademais diso os blindamos durante seis anos, dámoslles vida a eses concertos durante esta lexislatura e a metade da seguinte. E como vostede moi ben apuntou —e estou totalmente de acordo— virá aquí alguén que dirá que o Goberno bipartito non fixo nada. ¡Claro que non! Estaban blindados os concertos firmados por un goberno en funcións en xullo do ano 2005 durante catro anos, e cando tocou renovalos xa evidentemente había un goberno do Partido Popular. Polo tanto, o Goberno bipartito tampouco puido facer nada. Pero bueno, aínda así levaremos parte da cota de corresponsabilidade, aínda que non puideramos facer nada nese sentido. Estamos acostumados a que na repartición de éxitos nunca formamos parte da cota, nunca temos rifas, e na repartición de responsabilidades nos erros temos os talonarios completos; é dicir, seguro que nos toca. (*Aplausos.*)

Pero en todo caso —e como lle dicía antes sobre a nosa emenda— estamos totalmente de acordo co que vostedes plantexan no punto número 1, polas razóns que vostedes expuxeron e mais polas que acabo de matizar en canto á duración deses concertos. Pero no punto número 2 e no punto número 3 introducimos un matiz que realmente consideramos importante e realista á vez; é dicir, que se realice un estudo de como se poden ir suprimindo progresivamente os concertos educativos. Pero para iso francamente tamén temos que ser realistas. Unha cousa é un desiderátum, é dicir, gustaríanos un escenario como o que vostedes propoñen. Pero a realidade é que temos que ser sensatos, e non podemos eliminar os centros progresivamente, en primeiro lugar, porque sería necesario construír dúcias, posiblemente centos, de novos centros educativos. E ademais hai un tema non menor, que é a situación laboral na que vai quedar o profesorado que está a impartir docencia neses centros concertados. Porque, evidentemente, son traballadores aos que habería que buscar unha solución, pero esa solución tampouco parece moi razoable que pase por unha asunción por parte da Administración —así, de boas a primeiras— dese profesorado, tendo en conta que o profesorado do ensino público tivo que pasar necesariamente por un proceso de oposición para consolidar o seu posto de traballo.

Polo tanto, hai que analizar en profundidade cando menos esas dúas vertentes: centros e profesorado. E a partir de aí é cando podemos analizar que escenarios se nos abren e como se pode colocar ou recolocar o alumnado que actualmente está cursando as súas ensinanzas neses centros educativos. Polo tanto —insisto—, no primeiro punto estamos de acordo; no segundo e no terceiro plantexamos esa emenda de modificación que vostedes coñecen e sobre a que espero que se pronuncie. Ou, se non, de aquí á xornada de votación —que será mañá— chegaremos a algún tipo de acordo.

Moitas grazas. (*Aplausos.*)



**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Álvarez Martínez.

Polo Grupo Parlamentario de En Marea, a señora Chao.

**A señora CHAO PÉREZ:** Boa tarde a todas e a todos.

Como non pode ser doutro xeito, o Grupo Parlamentario de En Marea vai apoiar esta proposición non de lei. Mágoa que esteamos ante unha especie de *déjà vu*, pois ou aquí pasa algo extraordinario ou cabe prever que esta proposición acabe decaendo co voto en contra do Partido Popular. Por suposto que non é a primeira vez que este asunto entra nesta Cámara.

Nós —como dicía— apoiarémola, pois coincide plenamente coa postura que tivemos ocasión de explicar nesta Cámara en ocasións previas. Mesmo no pleno anterior, cando lle preguntabamos ao conselleiro acerca desta orde e os motivos que levaran á mesma, contradixera abertamente toda canta declaración previa realizaran en materia de igualdade no ensino, o que deixa en papel mollado ese plan de actuacións en igualdade nos centros educativos do que tanto lles gusta gabarse. Son contradicións constantes, pois soben aquí e falan de fortalecer o ensino público en igualdade, pero aumentan o financiamento dos centros machistas que segregan o alumnado, eses que levan os nenos ao Bernabéu e as nenas a visitar comedores sociais e a aprender gancho.

Hai dúas semanas, cando falaba dun exemplo imaxinario que eu inventara de clases de bordar para as nenas e traballo físico para os nenos, o conselleiro ría, como tamén rían na bancada popular. Parecía que exaxeraba. Pero logo resulta que en apenas dous días a realidade superou a ficción, e resulta que, de exaxeración da realidade, nada. Os centros que vostedes financian deciden que as nenas teñen que aprender gancho e os nenos ir ao Bernabéu. Logo dinnos que isto nada ten que ver co machismo. ¿Como se nos ocorre?, se en realidade estamos ante auténticas innovacións pedagóxicas en materia de igualdade que nós aínda non coñecemos.

Pero non só aumentan o financiamento, senón que se encargan de blindar, como aquí se dixo, o negocio por riba dos prazos fixados na lei, que todo quede atado e ben atado, claro. Están blindando os concertos con estes centros educativos ata o curso 2022–2023, destinándolles cada ano nada máis e nada menos que case 260 millóns de euros que detraen do ensino público. ¡Como para arriscarse a perder ese negocio tan substancioso que supón a privatización do ensino! Non teñen máis que preguntarlle ao seu colega en Madrid, ao señor Granados, que embolsaba nada máis e nada menos que 900.000 euros por cada concerto. Así non é de estrañar que os concertos aumenten. ¡Como non van aumentar! Disque el non cobraba só do Parlamento.

Son zonas grises da lei, xa se sabe, pero que se escurecen enseguida, como se escurecen tamén os compromisos en materia de igualdade e coeducación por parte deste goberno. Papel mollado, tristemente liquidado nunha orde que dá por terra cos avances producidos nos últimos anos. Todo baixo a escusa dese suposto dereito constitucional —do que temos que escoitar falar tantas veces—, suposto por non dicir claramente falso. Poden repetilo ata a saciedade, pero os concertos educativos non son unha sorte de dereito constitucional nin

nada remotamente semellante, senón unha medida política establecida nun momento concreto para solucionar o que non debía ser máis que un problema loxístico conxuntural: a ausencia de prazas na escola pública, un problema que —sábeno ben— está practicamente resolto na actualidade e que, desde logo, na súa man está acabar de resolver. Polo tanto, non se trata de dereitos, trátase simplemente de ideoloxía.

E non imos ser nós as que digamos que a ideoloxía non ten cabida neste espazo. Todo o contrario, este é o lugar preferente para a ideoloxía. O que non pode ser é tratar de xustificar con base na legalidade o que é unha posición política concreta, que, como aquí se dixo, cheira a sexismo e cheira ao pasado. A nosa postura, en cambio, está clara e non temos vergoña en explicitala: apostamos por un ensino público, laico, gratuíto, inclusivo, universal e feminista. E para iso hai que reducir os concertos, comezando por eses centros que segregan o alumnado; cousa, que, por certo, están facendo en Portugal, a onde queremos mirar hoxe.

Por todo isto —como dicía—, imos apoiar a proposición non de lei do BNG. E só nos queda pedir ao conselleiro, como xa fixemos o outro día, un exercicio, cando menos, de coherencia: xa que non a van apoiar e teimarán no erro, insistimos, retiren o Plan de igualdade. Polo menos transparentarían dunha vez a súa verdadeira posición respecto da posición pública en igualdade: non está dentro da súa axenda.

E xa o sabemos, as aulas son só o primeiro chanzo, pois na escola é onde estamos poñendo en xogo a sociedade do futuro, a sociedade que queremos. Nós non imos resignarnos a que as mulleres do mañá volvan aprender os seus labores. Querémolo todo, queremos tamén en cada rostro igualdade, unha escola que florezca, mulleres e homes libres, iguais, que volvan encher as rúas de caraveis. Por iso seguiremos defendendo a necesidade de mudar a escola para mudar o mundo.

Máis nada. *(Aplausos.)*

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Chao.

O caravel, quedoulle aí o caravel. Perdoe, señora Chao, quedoulle aí o caravel. Moi importante isto. *(A señora Chao Pérez recolle da tribuna un caravel que pousou durante a súa intervención.)*

Polo Grupo Parlamentario Popular, o señor Fernández Gil.

**O señor FERNÁNDEZ GIL:** Grazas, presidente.

Boa tarde de novo, señorías.

A verdade é que parece que aquí o Grupo Popular temos que escoitar sempre isto, como que nós estamos absolutamente en contra da igualdade, que estamos en contra dos dereitos das mulleres, que estamos en contra de moitísimas cousas. Pero, bueno, miren, xa estamos acostumbrados a escoitalo. E a verdade é que non por repetilo moitas veces iso vai ser certo, dende logo. Vostedes o que teñen que pensar é que nesta bancada hai moitas mulleres. Eu teño unha filla. ¿Vostedes cren que, por exemplo, eu podo estar en contra dos dereitos da

miña filla? (*Murmurios.*) Pois miren, ese mínimo de sensatez, ese mínimo de sensatez, é o que vostedes teñen intentar aplicar aos demais cando falan coa absoluta liberdade coa que queren falar aquí neste Parlamento. (*Aplausos.*)

Miren, non lles vou dar o gusto de falar do Bipartito, non lles vou dar o gusto de falar do Bipartito porque a verdade, señora Rodil, señor Álvarez, o que fixo ou deixou de facer o Bipartito cos concertos educativos vostedes sábeno perfectamente. Polo tanto, eu non lles vou falar nada máis dese tema.

Miren, en primeiro lugar, cómpre sinalar que o Real decreto 2377/1985, do 18 de decembro, polo que se aproba o Regulamento de normas básicas sobre concertos educativos segue a ser o marco de referencia ao que se deben someter os centros privados. Repito: 1985. E dígolles máis. Vostedes converten en problema de máximo nivel algo que en democracia debería entenderse ao amparo da lóxica da convivencia e da igualdade. Así, interesadamente ignoran —ou incluso chegan a afirmar, como acaba de facer a señora Chao— a cobertura constitucional do ensino concertado. Ignoran o artigo 27 da Constitución española, nomeadamente o seu primeiro punto, no que se recoñece a liberdade de ensinanza. Quizais sexa necesario facer un repaso deste concepto, un concepto de liberdade que parece que vostedes ou non teñen moi claro ou, no caso de ter claro, parece que non teñen interese en respectar.

Cando falamos de liberdade de ensinanza temos que ter presente que son tres os suxeitos sobre os que recae este dereito: dunha banda, as persoas físicas ou xurídicas con pretensións de ser titulares dun centro docente —para eles a liberdade de ensinanza consiste na liberdade de creación de centros—; doutra banda, as nais, pais e alumnado, para os que a liberdade de ensinanza consiste na elección de tipo ou modelo de educación; e, doutra banda, o profesorado, para quen a liberdade de ensinanza consiste na liberdade de cátedra e na participación e xestión do centro. Como vostedes intuirán, a liberdade de ensinanza é a suma, o conxunto, de todas estas liberdades; unhas liberdades que, como tales, son liberdade de elección e que, polo tanto, supoñen un elemento previo necesario, que non é outro que o feito de que, para poder elixir, deben existir cousas diferentes entre as que seleccionar. E corresponde precisamente aos poderes públicos garantir o pleno exercicio desa liberdade. Polo tanto, os centros concertados son centros privados sostidos con fondos públicos que garanten o exercicio da liberdade de ensinanza, unha liberdade que afunde as súas raíces na Constitución e se apoia, ademais, en numerosa xurisprudencia.

A Consellería de Cultura, Educación e Ordenación Universitaria axustou a redacción da Orde do 14 de marzo de 2017, pola que se ditan as normas para a aplicación do réxime de concertos educativos con centros docentes privados para este curso e seguintes, ao previsto na normativa vixente. Vostedes critican a ampliación da duración dos concertos, pero saben perfectamente que esta ampliación, como consecuencia da modificación introducida pola LOMCE, ten como finalidade, no caso de Galicia, que os concertos educativos teñan a mesma duración en todas as ensinanzas que se concertan en Galicia. E saben tamén que, como xa é habitual, os concertos aprobados son revisados todos os anos para axustalos á realidade dos centros e das necesidades educativas da súa zona de influencia en cada curso. Ademais, cómpre sinalar tamén que Galicia non é a única comunidade autónoma que establece a vixencia dos concertos en seis anos. Tamén o fixeron así Asturias, Baleares, Canarias, Castela e León, A Rioxa e o País Vasco.

No caso de Galicia, o ensino concertado dá resposta a máis do 25 % das necesidades de prazas de escolarización en Galicia e consome un 11 % dos recursos da Consellería; uns recursos que na súa meirande parte, case no 90 %, están destinados a aboar as retribucións do persoal docente en réxime de pago delegado e do persoal complementario nas unidades de educación especial.

Coido que acabamos de relatarlles argumentos máis que suficientes para xustificar o voto en contra á súa iniciativa. Pero creo que cómpre facer fincapé nunha cuestión fulcral e que nos diferencia aos grupos parlamentarios desta Cámara en torno a este debate. E esa diferenza é a defensa da liberdade de ensinanza. Este grupo parlamentario sempre defendeu, defende e defenderá a liberdade de ensinanza, tal e como a definín anteriormente, e, polo tanto, nunca poderemos apoiar iniciativas que pretendan coartar esta nin outras liberdades.

Máis nada e moitas grazas. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señor Fernández Gil.

Polo grupo autor da proposición non de lei, a señora Rodil.

**A señora RODIL FERNÁNDEZ:** Grazas, presidente.

Mire, señor Fernández Gil, eu sei perfectamente que vostede non discriminaría a súa filla. O que non entendo é por que o seu grupo e o seu partido político teiman e queren que paguemos entre todos esa discriminación, iso é o que eu non son capaz de entender, e que fagan que os cartos que pagamos e tributamos as traballadoras e os traballadores deste país e que recaen nos orzamentos da Xunta de Galiza vaian para financiar cinco centros de ensino concertado neste país que separan as mulleres dos homes nas aulas. Iso é o que nós non acabamos de entender, alén do debate de fondo a respecto de se estamos de acordo ou non co ensino privado concertado neste país.

Nós non queremos levar ao plano persoal nunca, nunca, os debates, porque son cuestións colectivas, son debates que temos que dar desde o plano ideolóxico. Pero cando unha persoa se sente interpelada persoalmente eu creo que tamén di moito de se se está ou non seguro co que se está a defender.

Eu creo que, ademais, vostede na súa intervención confunde a liberdade de elección con que todos teñamos que pagar esa liberdade para elixir un centro de ensino. Eu díxeno na miña intervención. ¿Queren ensino privado? Estupendo, estupendo, pero o ensino privado pagarao cadaquén. Non temos que financiarlo entre todos, e moito menos cando se destinan cantidades obscenas, cantidades inxentes, de diñeiro público para despois non ter ningún tipo de control sobre eses centros de ensino. E no pouco control que se tiña cando se fixaban criterios de preferencia para acceder a eses concertos suprimíase o que desde o noso punto de vista é un dereito fundamental, un dereito fundamental da metade da poboación do noso país, como é a igualdade entre mulleres e homes. Porque non é só que se supriman eses criterios para os centros que discriminan as mulleres e os homes nas aulas, é que se suprime como criterio de preferencia para o conxunto dos concertos que existen a día de hoxe no noso país.

E por ir afondando un pouco nas intervencións tamén do resto das forzas políticas, nós agradecemos o apoio de En Marea. A respecto da emenda do PSOE como substitución, non a imos aceptar, porque modifica por completo o sentido da nosa iniciativa. Nós o que estamos poñendo enriba da mesa é un debate moi claro, que é o apoio ao ensino público. No apoio ao mantemento dos concertos, desde o noso punto de vista hai que iniciar xa ese proceso de supresión dos concertos coa privada concertada. Eu creo que por dúas cuestións fundamentalmente, e non me estendo máis. A primeira é a defensa do ensino público, e o que non podemos é ser testemuñas impasíbeis de como se transfire diñeiro público directamente dos orzamentos da Xunta, en concreto da Consellería de Educación, para seguir financiando o ensino privado, que si, que terá dereito e que recoñecerá a Constitución española esa liberdade de escollo dos centros educativos, pero que en ningún caso debe ser á conta dos fondos dos propios traballadores e traballadoras deste país. Nós apostamos nese sentido por un ensino público, por un ensino de calidade, galego, por suposto, laico, por suposto, e sobre todo non patriarcal. E aí fío —e xa remato— coa segunda parte. É un dereito fundamental e unha cuestión tan básica a que trañamos hoxe aquí como o feito de que as mulleres e os homes temos dereito por igualdade a ocupar os mesmos espazos, e eses cinco centros de ensino vetan as mulleres ou os homes, indistintamente, simplemente pola razón do seu sexo. Eu só quero apelar ás súas señorías para cando preman o botón a respecto dunha cuestión: ese foi o principio fundamental —o dereito a ocuparmos por igual o espazo, todos os espazos— que nos permitiu ás mulleres sermos escolarizadas, que nos permitiu ás mulleres accedermos á universidade sen nos travestir por homes, como facía Concepción Arenal, e, o máis importante, comezar a rachar cos estereotipos e os roles de xénero que aínda perviven e sobre os que aínda se educa ás nosas crianzas nestes cinco centros de ensino.

Lamentamos moito que sigan insistindo e que vostede o único que fixese fose dar lectura ao comunicado de prensa que sacou a súa organización política o día despois de asinar a orde.

Máis nada. (*Aplausos.*)

**O señor PRESIDENTE:** Grazas, señora Rodil.

Suspendemos a sesión ata mañá ás dez da mañá.

Boa tarde.

*Suspéndese a sesión ás sete e corenta e cinco minutos da tarde.*



PARLAMENTO  
DE GALICIA

DIARIO DE SESIÓNS DO  
**PARLAMENTO DE GALICIA**

---

Edición e subscricións:  
Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia.  
Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.  
Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25